




CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
Memoria 2010



XUNTA DE GALICIA





1ª Edición 2011

Elaboración e edición

Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar

Coordinación

Vicesecretaría Xeral, Sección de Publicacións e Estatística

Revisión

Pepa Dabán Royo

Maquetación


Antonio Lameiro Ces

Dep. legal

C 2397-2007



	9	Presentación
CÁPITULO 1	10	Contorno e recursos
	11	1.1 Contorno
	20	1.2 Recursos
	38	1.3 Normativa
	39	1.4 Publicacións
	44	1.5 Igualdade laboral
CÁPITULO 2	48	Familia e Benestar
	49	2.1 Familia
	69	2.2 Menores
	88	2.3 Inclusión social e cooperación coas corporacións locais
	107	2.4 Autorización e inspección de servizos sociais
CÁPITULO 3	110	Relacións laborais
	111	3.1 Área de traballo
	135	3.2 Área de cooperativas e economía social
	154	3.3 Área de seguridade e saúde laboral
CÁPITULO 4	178	Promoción do emprego
	179	4.1 Programas de cooperación
	183	4.2 Programas mixtos de formación e emprego
	186	4.3 Medidas de apoio á contratación, a emprendedores e ao traballo autónomo



CÁPITULO 5	194	Formación e colocación
	195	5.1 Formación para o emprego
	204	5.2 Colocación: o Servizo Público de Emprego
	218	5.3 Cualificacións profesionais
CÁPITULO 6	230	Dependencia e autonomía persoal
	231	6.1 Dependencia
	241	6.2 Equipamentos e servizos para persoas maiores e persoas con discapacidade
	247	6.3 Programas, axudas e subvencións
	260	6.4 Liñas de colaboración
	267	6.5 Actividades formativas e informativas
CÁPITULO 7	272	Xuventude e voluntariado
	274	7.1 Programas e actuacións no ámbito da xuventude
	294	7.2 Voluntariado e participación



PRESENTACIÓN

Como todos os anos, desde a Consellería de Traballo e Benestar presentamos a memoria institucional deste departamento, correspondente ao 2010. Un documento que ten como finalidade difundir e dar a coñecer as principais iniciativas emprendidas polos distintos centros directivos que conforman esta Consellería, que me honro en dirixir.

É o noso desexo compartir con todas as persoas interesadas, de forma transparente, a nosa xestión. Unha xestión marcada, durante o ano 2010, polas políticas de austeridade, imprescindibles para facer fronte con responsabilidade á situación económica. Para elo, orientamos todas as nosas accións e esforzos a dar resposta ás necesidades de Galicia, no ámbito do emprego e dos servizos sociais, desde a eficacia e a eficiencia. A máxima ‘facer máis con menos’ marcou toda a nosa actuación desde o inicio.

Esta edición, en formato electrónico, vén acompañada de marcadores e vínculos a outras páxinas, que facilitan a súa manexabilidade e permiten diversificar a información cara a outras áreas relacionadas coas temáticas que aquí analizamos.

Como en anos anteriores a publicación estrutúrase en 7 capítulos, cada un deles referido a unha grande área temática. No primeiro dáse información de carácter xeral: información demográfica e socioeconómica, recursos humanos, recursos económicos, normativa, publicacións, etc. Nos restantes, analízanse polo miúdo as actuacións máis salientables da Consellería no ámbito laboral e do benestar.

Agardo que este documento, resultado do esforzo e dedicación de moitas persoas que colaboraron na súa elaboración, polo que lles transmito o meu agradecemento, sexa de utilidade e interese para todos e todas as lectoras que se acheguen a el.

Beatriz Mato

Conselleira de Traballo e Benestar


1.1 CONTORNO

1.1.1 Información demográfica

Segundo o *Padrón municipal de habitantes e estatística de poboación 2010* do Instituto Nacional de Estadística, o número de persoas empadroadas en Galicia é de 2.796.089, coa seguinte distribución provincial: A Coruña, 1.146.458 habitantes; Lugo, 353.504; Ourense, 335.219; e Pontevedra, 962.472. As cidades con máis poboación son Vigo, A Coruña, Ourense, Santiago de Compostela, Lugo, Pontevedra e Ferrol.

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	551.318	595.140	1.146.458
Lugo	171.983	181.521	353.504
Ourense	161.346	173.873	335.219
Pontevedra	465.900	496.572	962.472
Galicia	1.350.547	1.447.106	2.797.653
España	23.226.185	23.794.846	47.021.031

Fonte: "Revisión do Padrón municipal de habitantes 2010" do INE



O Padrón municipal é o rexistro administrativo onde constan os veciños do municipio. A súa formación, mantemento, revisión e custodia corresponde aos respectivos concellos e da súa actualización obtense a revisión do Padrón municipal con referencia ao 1 de xaneiro de cada ano

Cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro de 2010		
España	47.021.031	100%
Andalucía	8.370.975	17,80%
Aragón	1.347.095	2,86%
Principado de Asturias	1.084.341	2,31%
Illas Baleares	1.106.049	2,35%
Canarias	2.118.519	4,51%
Cantabria	592.250	1,26%
Castela e León	2.559.515	5,44%
Castela - A Mancha	2.098.373	4,46%
Cataluña	7.512.381	15,98%
Comunidade Valenciana	5.111.706	10,87%
Extremadura	1.107.220	2,35%
Galicia	2.797.653	5,95%
Comunidade de Madrid	6.458.684	13,74%
Rexión de Murcia	1.461.979	3,11%
Comunidade Foral de Navarra	636.924	1,35%
País Vasco	2.178.339	4,63%
A Ríoxa	322.415	0,69%
Ceuta	80.579	0,17%
Melilla	76.034	0,16%


Evolución da poboación

A poboación de Galicia aumentou un 2,37% en 2010 con respecto ao Padrón de 2001 e a participación no total nacional diminuíu en 0,7 puntos (5,95% en 2010). Ademais, nas provincias de Lugo e Ourense producíronse perdas de poboación do 2,92% e o 2,73% respectivamente con respecto ao padrón de 2001.

A evolución da poboación de Galicia dende 2001 é a seguinte:

Ano	Homes	Mulleres	TOTAL
2001	1.314.078	1.418.848	2.732.926
2002	1.316.721	1.420.649	2.737.370
2003	1.324.385	1.426.709	2.751.094
2004	1.324.987	1.425.998	2.750.985
2005	1.330.703	1.431.495	2.762.198
2006	1.333.797	1.433.727	2.767.524
2007	1.337.159	1.435.374	2.772.533
2008	1.344.268	1.439.901	2.784.169
2009	1.349.603	1.446.489	2.796.089
2010	1.350.547	1.447.106	2.797.653

Fonte: Revisión do Padrón municipal de habitantes 2010 do INE




A poboación por grupos de idade

En Galicia a distribución por tramos de idade da poboación residente é a seguinte:

	Total	0-15	16-64	> 64
A Coruña	1.146.458	141.219	761.588	243.651
Lugo	353.504	35.639	219.601	98.264
Ourense	335.219	34.220	204.564	96.435
Pontevedra	962.472	132.054	649.060	181.358
Galicia	2.797.653	343.132	1.834.813	619.708
España	47.021.031	7.371.820	31.718.047	7.931.164

Fonte: Revisión do Padrón municipal de habitantes 2010 do INE




Envellecemento da poboación

Galicia é, sen dúbida, unha comunidade moi envellecida, que presenta unha proporción de maiores de 65 anos de máis do 22% (a española, sendo das máis vellas do mundo, sitúase no 16,87%). As provincias de Lugo e Ourense presentan unha situación preocupante, con taxas do 27,80% e 28,77% respectivamente. Estas porcentaxes foron en aumento ao longo dos anos, así, desde 2001 a evolución en Galicia e en España é a seguinte:

Ano	España	Porcentaxe	Galicia	Porcentaxe
2001	7.037.553	17,12%	568.780	20,81%
2002	7.169.435	17,14%	579.658	21,18%
2003	7.276.620	17,03%	585.458	21,30%
2004	7.301.009	16,90%	586.458	21,32%
2005	7.332.267	16,62%	587.137	21,26%
2006	7.484.392	16,74%	594.496	21,48%
2007	7.531.826	16,66%	598.283	21,58%
2008	7.632.925	16,54%	602.862	21,65%
2009	7.782.904	16,65%	611.821	21,88%
2010	7.931.164	16,87%	619.708	22,15%

Fonte: Revisión do Padrón municipal de habitantes 2010 do INE




Dispersión da poboación

Entre as peculiaridades que caracterizan a nosa comunidade autónoma destaca a desigualdade na densidade de poboación, que é de 94'60 habitantes/km² de media. Esta concéntrase principalmente na costa e, especialmente, ao longo do eixo A Coruña-Santiago-Vigo.

Outra das peculiaridades que caracterizan a nosa comunidade autónoma é o elevado número de entidades singulares de poboación situadas no seu territorio un total de 30.098. Consecuencia directa desta atomización é a baixa densidade de poboación por núcleo poboacional, que na comunidade autónoma galega supón unha media de 93 habitantes, o total nacional é de 764 habitantes.

A esta dispersión únese unha orografía que dificulta o acceso e as comunicacións e que, polo tanto, incide na ordenación, planificación e desenvolvemento das políticas sociais dun xeito moi importante.



Poboación estranxeira

Segundo o *Padrón municipal de habitantes e estatística de poboación 2010* do Instituto Nacional de Estatística, o número de persoas estranxeiras empadroadas en Galicia é de 109.670 (un 231,75% de incremento con respecto aos 33.058 empadroados en 2001 e un 2,84% con respecto aos 106.637 empadroados en 2009) o que representa unha porcentaxe do 3,92%, a segunda máis baixa do Estado.

Poboación estranxeira a 1 de xaneiro de 2010		
España	5.747.734	12,22%
Andalucía	704.056	8,41%
Aragón	173.086	12,85%
Principado de Asturias	49.286	4,55%
Illas Baleares	242.256	21,90%
Canarias	307.379	14,51%
Cantabria	39.201	6,62%
Castela e León	169.498	6,62%
Castela - A Mancha	229.554	10,94%
Cataluña	1.198.538	15,95%
Comunidade Valenciana	893.759	17,48%
Extremadura	39.356	3,55%
Galicia	109.670	3,92%
A Coruña	38.989	3,40%
Lugo	14.176	4,01%
Ourense	16.711	4,99%
Pontevedra	39.794	4,13%
Comunidade de Madrid	1.079.944	16,72%
Rexión de Murcia	241.865	16,54%
Comunidade Foral de Navarra	71.369	11,21%
País Vasco	139.369	6,40%
A Ríoxa	46.680	14,48%
Ceuta	3.995	4,96%
Melilla	8.873	11,67%

Fonte: *Revisión do Padrón municipal de habitantes 2010* do INE

1.1.2 Información socioeconómica

Os datos correspondentes á poboación activa, ocupada, parada e inactiva en Galicia e España, expresados en miles de persoas, son os seguintes:

	Total	Activos	Ocupados	Parados
A Coruña	980,7	554,8	474,3	80,5
Lugo	303,2	158,3	141,9	16,4
Ourense	287,2	138,9	115,3	23,6
Pontevedra	811,0	444,6	361,7	83,0
Galicia	2.382,1	1.296,6	1.093,1	203,5
España	38.512,4	23.104,8	18.408,2	4.696,6

Fonte: *EPA 4º trimestre 2010* do INE

Termos empregados:

Activos = ocupados + parados

Ocupados: persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia traballaron a cambio dunha retribución, ou tendo traballado estiveron ausentes temporalmente del por enfermidade, vacacións, etc.

Parados: persoas de 16 ou máis anos que na semana de referencia non tiñan traballo, estaban dispoñibles para traballar e buscaban activamente un emprego.

Enquisa de poboación activa (EPA)

A enquisa de poboación activa (EPA) é unha investigación continua e de periodicidade trimestral dirixida ás familias, realizada polo INE dende 1964. A súa finalidade principal é obter datos da forza de traballo e das súas diversas categorías (ocupados, parados), así como da poboación allea ao mercado laboral (inactivos). A mostra inicial é de 65.000 familias ao trimestre, quedando reducida na práctica a aproximadamente 60.000 familias entrevistadas de xeito efectivo que equivalen a unhas 180.000 persoas.

A metodoloxía da enquisa modificouse no primeiro trimestre de 2005 por varias causas: a necesidade de adecuarse á nova realidade demográfica e laboral do noso país, debida especialmente ao aumento do número de estranxeiros residentes; a incorporación da nova normativa europea seguindo as normas da Oficina Estatística da Unión Europea (EUROSTAT); e por último, a introdución de melloras no método de recollida.

A base poboacional utilizada a partir do primeiro trimestre de 2005 (base poboacional censo 2001) é a mesma coa que se calculou a serie 1996-2004 (revisada o 30 de marzo de 2005), existindo, polo tanto, continuidade na serie.

Variación interanual

Poboación de 16 anos e máis segundo a súa relación coa actividade laboral e sexo. EPA 4º trimestre 2010 con respecto á EPA 4º trimestre 2009 (miles de persoas).

	Total	Activos	Ocupados	Parados
Ambos os dous sexos				
2009	2.386,0	1.307,3	1.138,9	168,4
2010	2.382,1	1.296,6	1.093,1	203,5

Homes				
2009	1.139,8	708,2	624,1	84,1
2010	1.137,6	699,3	593,0	106,3

Mulleres				
2009	1.246,2	599,0	514,7	84,3
2010	1.244,5	597,3	500,1	97,2

Fonte: *EPA 4º trimestre 2010* do INE

Actividade


A poboación activa en Galicia sitúase en decembro de 2010 en 1.296,6 miles de persoas, o que representa unha taxa xeral de actividade do 54,43%.

A evolución ascendente asóciase ao crecemento experimentado por ambos os dous sexos e, especialmente, ao colectivo de mulleres activas, cun incremento do 23,13% dende 2001.

Ano	Homes	Mulleres	TOTAL
2001	670,3	485,1	1.155,4
2002	687,7	506,4	1.194,2
2003	697,2	539,5	1.236,7
2004	710,6	554,1	1.264,7
2005	695,9	555,8	1.251,7
2006	703,4	569,6	1.273,0
2007	723,8	568,9	1.292,6
2008	722,4	601,7	1.324,1
2009	708,2	599	1.307,3
2010	699,3	597,3	1.296,6

En miles de persoas

Evolución da poboación activa Galicia 2001-2010




Poboación ocupada en Galicia

A poboación ocupada en Galicia sitúase en decembro de 2009 en 1.138,9 miles de persoas, o que representa unha taxa xeral de emprego (porcentaxe de ocupados respecto á poboación total do 45,89% (52,13% homes e do 40,18% en mulleres), cun incremento de mulleres ocupadas de máis do 20% dende 2001.

Evolución da poboación ocupada:

Ano	Homes	Mulleres	TOTAL
2001	619,2	414	1.033,20
2002	632,3	418,7	1.051,00
2003	635,9	433,9	1.069,70
2004	646,2	459,5	1.105,70
2005	650,8	486,7	1.137,40
2006	665,3	505,2	1.170,50
2007	683,1	513	1.196,10
2008	659,1	535,9	1.195,10
2009	624,1	514,7	1.138,90
2010	593	500,1	1.093,10

En miles de persoas




Poboación ocupada por sectores económicos

En canto á poboación ocupada por sectores, a distribución nacional, galega e por provincias reflíctese nos seguintes cadros, nos que se pode observar a importancia do sector agrícola e pesqueiro en Galicia, que supera en 2 puntos os datos globais de España.

	Agricultura	Industria	Construcción	Servicios	Total
A Coruña	27,6	65,2	44,4	337,1	474,3
Lugo	28,2	14,7	15,8	83,2	141,9
Ourense	9,1	17,5	12,8	76	115,3
Pontevedra	22,2	70,1	28,6	240,8	361,7
Galicia	87,2	167,4	101,5	737	1.093,10
España	804,5	2.622,80	1.572,50	13.408,30	18.408,20

Fonte: EPA 4º trimestre 2010 do INE

Poboación ocupada por sectores económicos Galicia-España



Poboación parada en Galicia

A poboación parada en Galicia, segundo a Enquisa de poboación activa do 4º trimestre de 2010 do INE, é de 203,5 miles de persoas, o que representa unha taxa do 15,69%.


A evolución da poboación parada por sexos a 31 de decembro de 2010 é a seguinte:

Ano	Homes	Mulleres	TOTAL
2001	51,1	71,1	122,2
2002	55,4	87,8	143,2
2003	61,3	105,6	166,9
2004	64,4	94,6	159,0
2005	45,2	69,1	114,3
2006	38,1	64,3	102,5
2007	40,6	55,9	96,5
2008	62,3	65,7	129,0
2009	84,1	84,3	168,4
2010	106,3	97,2	203,5

Fonte: EPA 4º trimestre 2010 do INE

Evolución da poboación parada Galicia 2001-2010

A distribución da poboación parada a 31 de decembro de



2010 en miles de persoas é a seguinte:

	Homes	Mulleres	TOTAL
A Coruña	41,1	39,4	80,5
Lugo	7,5	8,9	16,4
Ourense	12,0	11,6	23,6
Pontevedra	45,7	37,3	83,0
Galicia	106,3	97,2	203,5
España	2.545,2	2.151,4	4.696,6

Fonte: EPA 4º trimestre 2010 do INE


Poboación parada por idade

A poboación parada por idade, a distribución por tramos de idade en miles de persoas en Galicia e España é a seguinte:

	Galicia	España
De 16 a 19 anos	6,7	217,6
De 20 a 24 anos	26,4	623,0
De 25 a 54 anos	152,5	3.476,2
De 55 e máis anos	17,9	379,8
Total	203,5	4.696,6

Fonte: EPA 4º trimestre 2010 do INE

Porcentaxes da poboación parada por tramos de idade





Taxas de paro

En Galicia hai 168,4 mil parados, o que reresenta unha taxa de paro de 15,7 cunha taxa do 15,2 para os homes e 16,3 para mulleres. As taxas de paro por provincias son as seguintes:

	Homes	Mulleres	TOTAL
A Coruña	14,00	15,10	14,50
Lugo	8,70	12,30	10,40
Ourense	15,70	18,60	17,00
Pontevedra	18,80	18,50	18,70
Galicia	15,20	16,30	15,70
España	19,95	20,79	20,33

Fonte: EPA 4º trimestre 2010 do INE




Taxas de paro por idade

A distribución das taxas de paro por tramos de idade en Galicia e España é a seguinte:

	Galicia	España
De 16 a 19 anos	50,77	63,83
De 20 a 24 anos	33,78	38,38
De 25 a 54 anos	14,84	18,9
De 55 e máis anos	10,06	13,82
Total	15,69	20,33

Fonte: EPA 4º trimestre 2010 do INE



Seguridade Social

Que é o Sistema da Seguridade Social?

O Sistema da Seguridade Social é un conxunto de réximes a través dos cales o Estado garante ás persoas comprendidas no seu campo de aplicación, por realizar unha actividade profesional, ou por cumprir os requisitos esixidos na modalidade non contributiva, así como aos familiares ou asimilados que tivesen ao seu cargo, a protección adecuada nas continxencias e situacións que a lei define.

Poboación afiliada por comunidades autónomas. Decembro 2010

España	17.478.095	100,00%
Andalucía	2.866.536	16,40%
Aragón	533.165	3,05%
Principado de Asturias	376.535	2,15%
Illas Baleares	360.933	2,07%
Canarias	688.805	3,94%
Cantabria	210.219	1,20%
Castela e León	908.831	5,20%
Castela - A Mancha	695.276	3,98%
Cataluña	3.086.563	17,66%
Comunidade Valenciana	1.696.563	9,71%
Extremadura	382.733	2,19%
Galicia	987.713	5,65%
Comunidade de Madrid	2.809.013	16,07%
Rexión de Murcia	518.603	2,97%
Comunidade Foral de Navarra	263.148	1,51%
País Vasco	927.731	5,31%
A Rioxa	124.037	0,71%
Ceuta	21.376	0,12%
Melilla	20.315	0,12%

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

O Sistema de Seguridade Social está composto polo réxime xeral e réximes especiais


Réximes especiais:

- Réxime especial agrario
- Réxime especial de traballadores autónomos
- Réxime especial de empregados do fogar
- Réxime especial de minaría do carbón
- Réxime especial de traballadores do mar.

En Galicia, o número de traballadores afiliados á Seguridade Social, segundo réximes, a 31 de decembro de 2010, expresados en miles de persoas foi a seguinte:

	Galicia	España
R. xeral	718.866	13.161.364
R. especial de autónomos	220.433	3.100.479
R. especial agrario	4.551	858.237
R. especial do mar	23.572	60.097
R. minaría do carbón	10	6.248
R. especial empregados fogar	20.281	291.670
Total	987.713	17.478.095

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración



1.2 RECURSOS

1.2.1 Estrutura orgánica


A Consellería de Traballo e Benestar é o departamento da Administración autonómica ao cal, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e da súa Presidencia, lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución, propoñer e executar as directrices xerais do goberno nos ámbitos laborais e do benestar. Engloban, xa que logo, as competencias en materia de políticas activas de emprego, política laboral, relacións laborais e saúde laboral, cooperativas e outras entidades de economía social, formación e colocación, así como as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención aos discapacitados e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e as políticas de xuventude e voluntariado, na forma establecida no decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar (DOG nº 123, do 25.06.2009).

Centros directivos

A consellería, para o cumprimento das súas funcións, conta cos seguintes centros directivos:

O/a conselleiro/a


O/a conselleiro/a é a autoridade superior da consellería e, con tal carácter, desempeña e exerce as atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.



Ver estrutura orgánica no DOG

A Secretaría Xeral

A Secretaría Xeral, órgano superior da Consellería de Traballo e Benestar, exercerá as competencias e funcións establecidas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, polo que se regulan as funcións das secretarías xerais técnicas nas consellerías da Xunta de Galicia, así como as que lle atribúa a normativa en vigor e as que lle sexan encomendadas por delegación da persoa titular da consellería.



A Secretaría Xeral de Familia e Benestar

Á Secretaría Xeral de Familia e Benestar, órgano superior da Consellería de Traballo e Benestar, correspóndenlle as seguintes funcións:

- a. Exercer a coordinación xeral do conxunto das políticas da Consellería de Traballo e Benestar en materia de benestar e a coordinación do seu exercicio coa Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.
- b. A xestión das políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e na Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia; e as competencias de mediación familiar derivadas da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.
- c. A protección e tutela dos menores en situación de risco ou desamparo, a protección e apoio aos menores en conflito social e a execución das medidas ditas polos xulgados de menores nos termos establecidos na lexislación específica.
- d. O deseño, coordinación, avaliación e, se é o caso, a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de benestar social, inclusión social e servizos comunitarios.
- e. A xestión e coordinación do funcionamento do Consello Galego de Servizos Sociais.
- f. As medidas de planificación, ordenación, coordinación, catalogación, seguimento e avaliación dos servizos sociais de actuación comunitaria.

- g. A planificación, coordinación, seguimento e control da execución dos programas de inclusión social, a formulación das propostas, no seu ámbito competencial, para a elaboración do Plan Galego de Equipamentos e Servizos Sociais.
- h. A realización de funcións de estudo das necesidades e problemáticas sociais e a coordinación, o control e a xestión das prestacións sociais e económicas.
- i. As funcións relativas ao rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais, o réxime de autorizacións, control e inspección dos centros, servizos e programas sociais e a súa coordinación cos demais centros directivos e cos departamentos territoriais e o réxime sancionador en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, sen prexuízo das funcións encomendadas ao departamento da Xunta de Galicia competente en materia de avaliación e reforma administrativa.
- j. A elaboración do estudo do anteproxecto do orzamento correspondente ao seu centro directivo, así como a súa xestión, seguimento e avaliación e a elaboración de estatísticas nas materias da súa competencia.



► **A Dirección Xeral de Relacións Laborais**

Correspóndelle á Dirección Xeral de Relacións Laborais a dirección, coordinación, control e execución das competencias da comunidade autónoma en materia laboral, seguranza e saúde laboral, responsabilidade social empresarial, cooperativas e entidades de economía social, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros departamentos da Xunta de Galicia.

Así mesmo, correspóndelle á persoa titular da dirección xeral, no ámbito das competencias da dirección xeral, o coñecemento e a resolución dos recursos de alzada interpostos contra as resolucións ditadas polos órganos territoriais no seu respectivo ámbito.



► **A Dirección Xeral de Promoción do Emprego**

Correspóndelle á Dirección Xeral de Promoción do Emprego o desenvolvemento das funcións atribuídas á consellería en materia de fomento do emprego e das que lle atribúan as normas de desenvolvemento en Galicia do Estatuto do traballo autónomo, así como no eido da colaboración coas administracións e institucións públicas e con entidades sen ánimo de lucro. Así mesmo, levará a cabo a programación, o seguimento, o control e, se é o caso, a xestión das escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego.

Respecto dos centros, tanto propios como dependentes doutras entidades, sen prexuízo das competencias atribuídas á Secretaría Xeral, corresponderalle coordinar a súa xestión, supervisar o seu funcionamento e prestarlles a asistencia técnica necesaria para o correcto desenvolvemento das súas actividades. Correspóndelle tamén a elaboración do estudo do anteproxecto do orzamento correspondente ao seu centro directivo, así como a súa xestión, seguimento e avaliación.




► **A Dirección Xeral de Formación e Colocación**

Corresponderalle a esta dirección xeral o desenvolvemento das funcións atribuídas á consellería en materia de formación para o emprego, cualificacións profesionais e intermediación no mercado de traballo, colocación e orientación laboral, así como a estatística, a análise e a prospectiva do mercado de traballo. Así mesmo, exercerá as funcións de execución relativas ao cumprimento das obrigas de empresarios/as e traballadores/as e, se é o caso, a potestade sancionadora nas materias relativas ao emprego e desemprego.

Tamén desenvolverá as competencias que lle correspondan a esta consellería en materia de expedición de certificados de profesionalidade ou da acreditación parcial acumulable correspondente. Así mesmo, desenvolverá e aplicará as competencias da consellería para a execución do procedemento establecido para a avaliación e acreditación das competencias da poboación activa de Galicia.

Correspóndelle a elaboración do estudo do anteproxecto

do orzamento correspondente ao seu centro directivo, así como a súa xestión, seguimento e avaliación.




► **A Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal**

Á Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal, órgano superior da Consellería de Traballo e Benestar, correspóndenlle as seguintes funcións:

- a. A elaboración de propostas para a formulación da política da Consellería de Traballo e Benestar en materia de atención ás persoas maiores, ás persoas discapacitadas e ás declaradas dependentes e a súa atención en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, en coordinación coa Secretaría Xeral de Familia e Benestar.

- b. Formular as propostas no seu ámbito competencial para a elaboración do catálogo de servizos e medidas de planificación.
- c. A creación e xestión dos equipamentos, programas e servizos que asuma a Administración autonómica no sistema para a autonomía persoal e atención á dependencia.
- d. A coordinación do funcionamento do Consello Galego das Persoas Maiores e do Consello Galego de Persoas con Discapacidade.
- e. A autorización e xestión do procedemento de inclusión de entidades no programa de cheque asistencial; así como calquera outra función relativa ás materias da súa competencia ou que lle sexa atribuída pola normativa vixente no eido dos servizos sociais e no sistema da dependencia, en coordinación coa Secretaría Xeral de Familia e Benestar.
- f. A elaboración do estudo do anteproxecto do orzamento correspondente ao seu centro directivo, así como a súa xestión, seguimento e avaliación e a elaboración de estatísticas nas materias da súa competencia.

- g. O establecemento das liñas de colaboración para a formación e especialización dos profesionais da área de atención a persoas maiores e persoas en situación de dependencia. As delegacións provinciais.




► **A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado**

Á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, órgano superior da Consellería de Traballo e Benestar, correspóndenlle as seguintes funcións:

- a. A xestión en coordinación coa Secretaría Xeral de Familia e Benestar das actuacións en materia de xuventude, así como das políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, así como o fomento da participación da xuventude na vida social. Coordinar e supervisar o funcionamento dos centros, tanto propios como dependentes doutras entidades, e prestarlle a asistencia técnica necesaria para o correcto desenvolvemento da

súa actividade sen prexuízo da que lle corresponda a outros órganos do departamento. Así mesmo, corresponderalle o fomento das relacións e da cooperación con outras comunidades autónomas e intercambios co estranxeiro en materia de xuventude e dos programas de turismo para a mocidade.


- b. A xestión e funcionamento do Observatorio Galego da Xuventude.
- c. O seguimento na xestión da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, a súa promoción e desenvolvemento en coordinación con centros de información do Estado español e das comunidades autónomas; a coordinación das funcións informativas e de documentación do conxunto dos servizos da rede e a coordinación dos servizos prestados nas casas de xuventude propias.
- d. A xestión en coordinación coa Secretaría Xeral de Familia e Benestar das actuacións en materia de voluntariado, a elaboración e o seguimento do Plan Galego de Fomento e Promoción da Acción Voluntaria, a xestión do sistema de rexistro autonómico das entidades de acción voluntaria e todas aquelas segundo o disposto na Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia.



► **Servizos Periféricos. Departamentos Territoriais da Consellería**

Para o exercicio das súas competencias, a Consellería de Traballo e Benestar organízase nos departamentos territoriais da Coruña, Lugo, Ourense e Vigo, que desenvolverán as súas funcións no ámbito territorial da provincia correspondente, sen prexuízo das funcións de coordinación do exercicio das competencias que asume cada delegación no seu correspondente ámbito territorial de acordo co disposto no artigo 2 do Decreto 245/2009, do 30 de abril.

A fronte de cada departamento territorial existirá un/unha xefe/a territorial do/da que dependerán todos os servizos, unidades ou centros da consellería que radiquen no ámbito territorial da súa competencia. As persoas titulares das xefaturas territoriais dependerán funcionalmente do/da conselleiro/a, sen prexuízo das directrices que, na orde funcional, poidan emanar do/a secretario/a xeral e dos/as directores/as xerais da consellería.



► **O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Lboaral**

Correspóndelle ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral creado pola Lei 14/2007, do 30 de outubro (DOG nº221, do 15.11.2007), a xestión e a coordinación das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da comunidade autónoma para a mellora das condicións de traballo, co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo, sen prexuízo das competencias da Dirección Xeral de Relación Laborais neste ámbito e das competencias atribuídas a outros departamentos da Xunta de Galicia.




► **O Consello Galego de Relacións Laborais**

O Consello Galego de Relacións Laborais foi creado pola Lei 7/1988, do 12 de xullo, como un órgano de diálogo institucional entre os axentes sociais galegos, así como un órgano consultivo e asesor da Xunta de Galicia en materias relativas á súa política laboral.

A nova Lei 5/2008, do 23 de maio (DOG nº 112, do 11.06.2008) dota o Consello de personalidade xurídica e patrimonio de seu, con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins.

A regulación do organismo complétase coa Resolución do 23 de outubro de 2008 (DOG nº 221, do 13.11.2008), pola que o Consello fai público o seu regulamento interno de organización e funcionamento.





► **Outros órganos**

Así mesmo, quedan adscritos a esta consellería os órganos colexiados en que así o determine a súa normativa reguladora.

1.2.2 Recursos humanos

Para a xestión das competencias en 2010, a consellería conta con 5.061 postos; 1.145 na área de traballo (22,62%) e 3.916 na área de benestar (77,38%). A distribución por área territorial é a seguinte:



	Total	Área de traballo	Área de benestar
A Coruña	1.645	313	1.332
Lugo	806	159	647
Ourense	646	163	483
Pontevedra	1.436	279	1.157
Servizos centrais	528	231	297
Total	5.061	1.145	3.916



Distribución por áreas de actuación

En canto a distribución por áreas de actuación pódese subliñar que máis do 68% da relación de postos de traballo está destinado nos centros dos que é titular a Consellería de Traballo e Benestar:



	Total	Administración	Centros propios
A Coruña	1.645	365	1.280
Lugo	806	195	611
Ourense	646	193	453
Pontevedra	1.436	321	1.115
Servizos centrais	528	528	-
Total	5.061	1.602	3.459



Outro persoal



Ademais dos 5.061 postos de traballo, a Consellería de Traballo e Benestar contou en 2010 con 826 persoas non incluídas nas RPT (laborais temporais, indefinidos, interinidades e eventuais) coa seguinte distribución:

	Total	Área de traballo	Área de benestar
A Coruña	357	52	305
Lugo	154	19	135
Ourense	77	16	61
Pontevedra	156	43	113
Servizos centrais	82	32	50
Total	826	162	664



A distribución por áreas de actuación: dos 826 contratados, preto do 70% do persoal está destinado nos centros dos que é titular a Consellería de Traballo e Benestar.


	Total	Administración	Centros propios
A Coruña	357	72	285
Lugo	154	34	120
Ourense	77	25	52
Pontevedra	156	38	118
Servizos centrais	82	82	0
Total	826	251	575



1.2.3 Recursos económicos



O orzamento da consellería ascendeu no ano 2010 a 377.629.390 euros. A distribución por capítulos do orzamento de 2009 é a seguinte:

Capítulo I	Gastos de persoal	182.875.636
Capítulo II	Gastos correntes bens e servizos	183.906.408
Capítulo III	Gastos financeiros	5.700
Capítulo IV	Transferencias correntes	575.820.940
Capítulo V	Fondo de continxencia	16.667
Capítulo VI	Investimentos reais	33.329.267
Capítulo VII	Transferencias de capital	12.114.440
Capítulo VIII	Activos financeiros	300.000
Total		988.369.058



A distribución por áreas é a seguinte: 385.743.245 eu-ros corresponden á área de traballo e 602.625.813 á de benestar.


	Área de traballo	Área de benestar
Capítulo I	44.788.673	138.086.963
Capítulo II	15.809.042	168.097.366
Capítulo III	0	5.700
Capítulo V	310.119.735	265.701.205
Capítulo IV		16.667
Capítulo VI	10.665.236	22.664.031
Capítulo VII	4.060.559	8.053.881
Capítulo VIII	300.000	0
Total	385.743.245	602.625.813



Distribución por servizos

A distribución por servizos do orzamento da consellería é a seguinte:

Secretaría Xeral	86.254.735
Secretaría Xeral de Familia e Benestar	191.546.688
Dirección Xeral de Relacións Laborais	28.613.838
Dirección Xeral de Promoción do Emprego	189.467.740
Dirección Xeral de Formación e Colocación	130.791.268
Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal	339.857.719
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado	21.837.070
Total	988.369.058




1.2 RECURSOS

Contratación *

Os contratos iniciados no ámbito desta consellería no ano 2010, a través de procedementos de contratación administrativa son os seguintes:

	Nº	Importe de licitación	Importe de adjudicación
Aberto	27	8.677.926,90	6.993.618,29
Negociado	25	1.902.170,76	1.790.008,58
Total	52	10.580.097,66	8.783.626,87




A porcentaxe por procedemento de tramitación é dun 20,38% para o negociado e 79,62% para o aberto. A porcentaxe do importe de adjudicación sobre o licitado é do 83,02%.

A distribución dos contratos iniciados por tipoloxía é a seguinte:

	Nº	Importe de licitación	Importe de adjudicación
Obras			
Aberto	4	2.502.529	1.917.247
Negociado	4	514.734	464.802
Subtotal	8	3.017.263	2.382.049

(*) Agás contratos menores

	Nº	Importe de licitación	Importe de adjudicación
Servizo			
Aberto	15	4.896.593	4.056.725
Negociado	16	1.164.116	1.141.877
Subtotal	31	6.060.710	5.198.602
Subministración			
Aberto	8	1.278.804	1.019.647
Negociado	5	223.321	183.329
Subtotal	13	1.502.125	1.202.976



1.2.4 Rede de centros

Ademais dos recursos humanos e económicos, a Concellería de Traballo e Benestar dispón dunha rede de centros coas seguintes tipoloxías.

No eido laboral dispón de 52 oficinas de emprego, 9 centros de formación e 4 centros provinciais de seguridade e saúde laboral.

Oficinas de emprego

Son dependencias do Servizo Público de Emprego de Galicia nas que se xestiona a intermediación laboral na comunidade autónoma e nas que os demandantes de emprego obterán os servizos de: inscrición e rexistro como demandantes de emprego; oferta de colocación axeitada; información sobre medidas de fomento do emprego, formación profesional ocupacional, prestacións e subsidios por desemprego e da renda activa de inserción e orientación profesional.

Centros de formación ocupacional

Grandes instalacións, situadas xeralmente en importantes núcleos urbanos, nas que se imparten cursos de formación profesional ocupacional.

Unidades de acción formativa


Pequenos centros localizados en comarcas nas que, polo seu volume de poboación, non resultaba rendible a construción de centros propiamente ditos, pero nas que no momento da súa construción existían determinadas necesidades formativas.

Centros provinciais de seguridade e saúde laboral

Son os órganos técnicos na materia que proporcionan ás empresas e traballadores, servizos especializados nas disciplinas preventivas.

A distribución por concellos das oficinas de emprego,

centos de formación e centros provinciais de seguridade e saúde laboral é a seguinte:



En canto aos centros no eido do benestar, a Consellería de Traballo e Benestar, dispón dunha rede de 45 centros sociais, 41 centros para maiores, 4 centros para persoas con discapacidade, 14 centros de menores, 28 centros para a infancia, 2 residencias de tempo libre e 23 centros para a xuventude. A descrición das distintas tipoloxías é a seguinte:

Centros sociais

Terán a consideración de centros de servizos sociais todos aqueles equipamentos regulamentariamente tipificados nos que se desenvolvan dun modo estable e continuado servizos, programas e actividades de servizos sociais nas distintas áreas sociais

► Centros de atención ás persoas maiores

Son centros de atención ás persoas maiores todos aqueles equipamentos, establecementos ou instalacións nos que se preste, dun xeito estable e continuado, atención directa a un mínimo de 6 persoas con idade igual ou superior a 65 anos, ou, excepcionalmente, maiores de 60 que pola súa situación persoal ou social precisen destes centros.

- Centros para persoas con discapacidade

Os centros de atención a persoas con minusvalidez son establecementos destinados a proporcionar atención integral e que serven de soporte para o desenvolvemento de programas específicos e para a atención e rehabilitación social, así como de vivenda permanente, cando así fora necesario, a persoas con minusvalidez física, psíquica ou sensorial que, pola gravidade da súa discapacidade e pola súa problemática socio-familiar ou económica, atopen graves dificultades para conseguir unha integración laboral ou social.

Centros de atención á infancia

Son centros de atención á infancia aqueles equipamen-

tos que, calquera que sexa a súa denominación, organizan o coidado dos nenos/as no seo dun grupo co fin de contribuír ao seu benestar e ao seu proceso evolutivo, facilitando a conciliación da vida laboral e familiar das familias mediante a súa garda e custodia.


► Centros de menores

Os centros de menores clasifícanse nas seguintes tipoloxías: casas de primeira acollida, casas de familia, minirresidencias, residencias, centros con fogares, centros de reeducación, centros de atención específica, vivendas tuteladas, vivendas de transición á vida autónoma, centros con obradoiros formativos e centros de atención de día.


► **Centros para a xuventude**

Os centros para a xuventude clasifícanse nas seguintes tipoloxías: casas da xuventude, centro coordinador de información e documentación xuvenil e oficinas locais de xuventude, residencias e albergues e campamentos.


A distribución por concellos dos centros para persoas maiores, persoas con discapacidade e os centros sociais é a seguinte:



A distribución por concellos dos centros para menores, escolas infantís e residencias de tempo libre é a seguinte:



A distribución por concellos dos centros de atención á xuventude é a seguinte:



1.3 NORMATIVA

A Consellería de Traballo e Benestar Social e os seus órganos adscritos publicaron durante 2010 un total de 844 disposicións no Diario Oficial de Galicia, A distribución segundo as seccións establecidas no DOG e por rango da disposición é a seguinte:

Sección I. Disposicións xerais	
Decreto	1
Orde	6
Resolución	1
Total disposicións xerais	
8	
Sección II. Autoridades e persoal	
Orde	1
Total autoridades e persoal	
1	
Sección III. Outras disposicións	
Decreto	2
Orde	115
Resolución	86
Corrección de erros	16
Total outras disposicións	
219	
Sección IV. Oposicións e concursos	
Orde	1
Total oposicións e concursos	
1	
Sección VI. Anuncios	
Resolución	261
Edicto	96
Anuncio	14
Cédula	229
Corrección de erros	7
Total anuncios	
607	

Total disposicións	
Decreto	3
Orde	131
Resolución	348
Edicto	96
Anuncio	14
Cédula	229
Corrección de erros	23
Total disposicións	
844	

No seguinte acceso pode consultar as normas de maior interese no eido laboral e do benestar publicadas no Diario Oficial de Galicia ao longo do ano 2010 e distribuídas por categorías temáticas e data de aparición.



Acceso a recompilación normativa 2010

1.4 PUBLICACIÓNS E ESTATÍSTICAS

1.4 PUBLICACIÓNS E ESTATÍSTICAS

A Sección de Publicacións e Estatística depende orgánica e funcionalmente da Vicesecretaría Xeral e ten ao seu cargo as seguintes funcións:

- Elaboración de publicacións
- Coordinación e tramitación de expedientes de publicacións e de todo tipo de documentos -impresos ou electrónicos- que se presentan, para a súa aprobación, ante a Comisión Permanente de Publicacións
- Asesoramento técnico en calquera dos procesos de edición aos departamentos da consellería que así o requiran.
- Coordinación entre o Instituto Galego de Estatística (IGE) e os departamentos desta consellería con responsabilidade na elaboración de operacións estatísticas.

Así mesmo, e de conformidade coa Orde do 19 de outubro de 2010 (DOG nº 213, do 05.11.2010) a sección figura como Órgano Estatístico Sectorial' da Consellería de Traballo e Benestar.

Estatística

O Decreto 433/2009, do 11 de decembro polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2010 (DOG nº 242 do 14.12.2009) inclúe a relación de operacións e actividades estatísticas clasificadas por departamentos.

1 Os órganos estatísticos sectoriais defínense como as unidades das consellerías encargadas de elaborar as estatísticas que se lles encomenden no Plan Galego de Estatística e nos seus programas. Entre outras funcións está a de difundir as estatísticas propias da consellería e a colaboración co Instituto Galego de Estatística (IGE) na elaboración do anteproxecto do Plan Galego de Estatística e dos proxectos dos seus programas anuais.

Segundo este decreto, nesta consellería aparecen programadas 22 operacións estatísticas (OE)² e 4 actividades estatísticas (AE)³

Destas 22 OE, 18 aparecen en curso⁴, 2 en curso sen proxecto e dous en reestruturación⁵,

Por departamentos a distribución é a seguinte:

- Secretaría Xeral de Familia e Benestar:
 - 25301 Estatística sobre beneficiarios da Risga e das axudas de emerxencia social
 - 25201 Estatística de protección de menores (SXFB)
 - 25202 Estatística de familias numerosas
 - 25102 Explotación do rexistro de fundacións
 - 25103 Explotación do rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais
- Dirección Xeral de Relacións Laborais:
 - 24102 Sinistralidade laboral
 - 24201 Conciliacións individuais e colectivas
 - 24202 Eleccións sindicais
 - 24301 Folgas e peches patronais
 - 24302 Infraccións e sancións na orde social
 - 24303 Regulación de emprego
 - 24401 Apertura de centros de traballo
 - 24402 Centros especiais de emprego

2 Nas operacións estatísticas, a Administración Pública galega participa cando menos nunha fase da súa elaboración, a maiores da de difusión e requírese a redacción dun proxecto técnico.

3 Nas actividades estatísticas, a Comunidade Autónoma de Galicia non participa na súa elaboración. Só se difunden datos de fontes externas.

4 As operacións en curso defínense como aquelas operacións que contan cun proxecto presentado no Consello Galego de Estatística e teñen difundido resultados seguindo a metodoloxía establecida.

5 Cando unha operación en curso pasa a reestruturación débense xustificar documentalmente os cambios que motivan esa modificación.

- 24404 Empresas de traballo temporal
- 38301 Cooperativas
- 38302 Sociedades laborais
- AE 227 Negociación colectiva
- AE 406 Anuario de estatísticas sociolaborais

► Dirección Xeral de Promoción do Emprego:

- 23401 Estatística de escolas, casas de oficio e obradoiros de emprego

► Dirección Xeral de Formación e Colocación:

- 24403 Datos sobre ocupacións máis contratadas
- 24406 Explotación do rexistro de contratos laborais
- 24408 Informe do paro rexistrado
- 23402 Formación profesional ocupacional
- AE 405 Tendencias do emprego
- AE 218 Indicadores do mercado laboral

► Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal:

- 25101 Explotación do censo de persoas con discapacidade

Os datos referidos ao seguimento do Programa estatístico anual 2010 nesta consellería é o seguinte:

Execución por tipoloxía	Número	% Execución	Proxectos Técnicos	Cumprimento do calendario
OE novas	2	0 %	En estudo	2
			Rematados	0
OE en curso	20	94,75 %	En estudo	12
			Rematados	6
Total OE	22	75,80 %	En estudo	14
			Rematados	6
Total AE	4	100 %	Non procede	Non procede
Total OE e AE	26	80,60 %		

Publicacións



Acceso ás publicacións da consellería

Acceso a Memoria 2009

En 2010, a Vicesecretaría Xeral, a través da Sección de Publicacións, presentou para a aprobación da Comisión Permanente de Publicacións e a súa posterior edición un total de 119 documentos que por tipoloxía de publicación se distribúen da seguinte forma:

Libros: 26; folletos: 9; Publicacións periódicas⁶: 49 (números correspondentes aos 20 títulos editados); CD-Rom: 2; Carteis: 17; Dípticos: 5; Polípticos: 2; Trípticos: 7; Varios: 2.

⁶Os 49 números aprobados pola Comisión Permanente de Publicacións ao longo de 2010 correspóndense con 20 títulos, 3 dos cales editáanse en CD-Rom.

Producción por tipo de publicación: Ano 2010	
Libros	26
Folletos	9
Publicacións periódicas	49
CD-Rom	5
Carteis	17
Dípticos	5
Polípticos	2
Trípticos	7
Varios	2
Total *	122


* A diferenza entre este total e os 119 documentos presentados á Comisión Permanente de Publicacións explícase porque 3 dos títulos de publicacións periódicas editáanse en CD-Rom.

A edición impresa representa un 44,54% do total -con 53 documentos- fronte á edición electrónica⁷ -con 39 documentos- que representa un 32,77%. Dentro deste grupo de publicacións electrónicas hai que distinguir entre as publicacións en CD-Rom que representan o 4,20% e as publicadas na internet cun 28,57%. Hai que sinalar un terceiro grupo de documentos -27- que representan o 22,69% e que se refiren a publicacións editadas en forma impresa e en rede.

Do total de documentos presentados (119), só 5 levan ISBN e están comercializados polas distribuidoras da Xunta de Galicia. De todos eles e por tratarse de prezos de carácter público, tramitouse a correspondente orde de prezos para a súa posterior publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG).

⁷ O termo Edición electrónica enténdese en sentido amplo xa que inclúe tanto as publicacións editadas en CD-Rom, DVD, etc., como as publicadas na internet

1.4 PUBLICACIÓNS E ESTATÍSTICAS



En canto á tiraxe inclúese tanto o material impreso como os CD-Rom. O número total de exemplares editados ascende a 503.215 e difiere segundo o tipo de documento que se imprima pero podemos establecer a seguinte táboa:


Tiraxe	nº de documentos
Ata 500 exemplares	22
Entre 500 e 1000 exemplares	25
> 1000 e 2000 exemplares	12
> de 2000 e 3000 exemplares	9
> 3.000 exemplares	17
Total	85

O total de exemplares editados ascende a 503.215 e o custo total investido en publicacións ascende a 505.640,11 euros

A lingua de publicación maioritaria é o galego, que supón un 95,80% do publicado. O castelán, con 5 documentos representa o 4,20%.

A distribución de documentos editados polos distintos departamentos da consellería son os seguintes:

Departamento	nº	Tiraxe	Custo en euros
Vicesecretaría Xeral	15	0	0
Dirección Xeral de Formación e Colocación	32	27.700	57.858,27
Dirección Xeral de Promoción do Emprego	2	2.550	17.490,70
Dirección Xeral de Relacións Laborais	3	4.000	14.622,00
Instituto de Seguridade e Saúde Laboeral (ISSGA)	9	10.500	67.516,14
Secretaría Xeral de Familia e Benestar	1	5.000	5.460,00
Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal	11	20.050	30.716,58
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado	43	413.175	306.476,86
Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	3	20.240	5.499,56
Total	119	503.215	505.640,11




Da análise comparativa de datos entre 2009 e 2010 conclúese o seguinte:

- ▶ Dáse unha diminución no número de documentos editados. Pásase de 135 documentos editados en 2009 a 119 en 2010, o que supón un descenso dun 11,85%.
- ▶ Por tipo de edición (electrónica, impresa) obsérvase un descenso na edición impresa que pasa de representar un 74% en 2009 a un 32,77% en 2010, o que supón unha diminución do 41,23%. Polo contrario obsérvase un aumento dun 18,6% na edición electrónica que pasa de representar un 25,93% en 2009 a un 44,53% en 2010. A edición impresa e en rede tamén aumenta (o 8,61%) pasando dun 14,08 en 2009 a un 22,69% en 2010
- ▶ En canto á venalidade das publicacións a porcentaxe

mantense entre os dous anos analizados

- ▶ No cómputo total tamén diminúen o número de exemplares editados (233.681 exemplares menos). En 2009 tiráronse 736.896 e en 2010, 503.215, polo tanto obsérvase unha diferenza do 31,71%.
- ▶ En canto aos investimentos, o descenso é significativo. Pásase de gastar 661.183,07€ en 2009 a 505.640,11€ en 2010 o que supón unha diminución nos investimentos dun 30,76%; é dicir 155.542,96€ menos.

Análise comparativa 2009-2010



1.5 IGUALDADE LABORAL

A Lei 2/2007 de 28 de marzo de traballo en igualdade das mulleres de Galicia (DOG nº 72, do 13.04.2007), recolle no capítulo II a Unidade Administrativa de Igualdade do departamento da Administración autonómica. Neste capítulo, ademais, establece que estará adscrita á Secretaría xeral e coordinada e vinculada funcionalmente ao departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade. Estará dotada de persoal funcionario ou laboral con experiencia e formación acreditada en materia de igualdade entre mulleres e homes. O artigo 8 recolle as competencias atribuídas a este servizo.

Ao longo de 2010 as actuacións máis salientables no campo da igualdade laboral foron as seguintes:

1.5.1 Marca Galega de Excelencia en Igualdade

Trátase dun distintivo a través do cal, a Xunta de Galicia recoñece a aquelas empresas que destaquen na aplicación das políticas sustentadas no impulso do principio de igualdade.

Pilotaxe práctica do desenvolvemento da metodoloxía da Marca Galega de Excelencia en Igualdade. Validación do procedemento e posta en marcha.

Tramitación de expedientes Marca Galega de Excelencia en Igualdade (Decreto 33/2009 do 21 de xaneiro polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego, DOG nº 35 do 19.02.200).

- En 2010 tramitáronse 7 expedientes das 7 solicitudes presentadas.

1.5.2 Medidas municipais de conciliación

Validación, seguimento e control de medidas municipais de conciliación a través de:

- Publicación do Decreto 182/2008 do 31 de xullo, polo que se establece a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación e se determinan os requisitos para a súa validación e funcionamento, nos tempos establecidos na Lei 2/2007, do 28 de marzo, de traballo en igualdade das mulleres de Galicia. (DOG nº 167, do 29.08.2008).

- En 2010 validáronse 38 solicitudes das 40 presentadas polos concellos.

A obtención da validación dunha medida municipal de conciliación de promoción autonómica permitirá que a entidade de que dependa, poida participar nas convocatorias de axudas que se establezan para o efecto, ben que o dereito á súa obtención quedará condicionado ás bases das ditas convocatorias e á súa normativa aplicable.

- Anotación de oficio no catálogo público de medidas municipais de conciliación de promoción autonómica da totalidade das solicitudes validadas.

1.5.3 Subvencións a entidades locais

Elaboración, tramitación, publicación e resolución da Orde do 21 de maio de 2010 de subvencións destinadas ás entidades locais para a implantación e desenvolvemento de bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo na cidade e/ou outras medidas municipais de conciliación (DOG nº 111 do 14.06.2010).

Medidas:

- Bancos de tempo:** sistema articulado de intercambio para subministrar servizos e/ou coñecementos entre mulleres e homes dun contorno dado, cuxa medida é a hora de tempo.
- Plans de programación do tempo na cidade:** son

plans elaborados polos concellos, que pretenden coordinar os horarios da cidade coas esixencias persoais, familiares e laborais da cidadanía.

- Implantación de calquera outra medida sempre que os seus obxectivos respondan ao fomento da responsabilidade entre mulleres e homes a través da conciliación dos seus tempos persoais, laborais e familiares.

Tipoloxía da prestación:

Axudas económicas finalistas ás corporacións locais.

- En 2010 concedéronse un total de 36 axudas por un importe total de 287.176,72 euros. A distribución provincial e por tipoloxía da medida é a seguinte:


A Coruña	Total
Bancos de tempo	34.607,85
Plans de programación do tempo na cidade	18.350,00
Outras medidas de conciliación	155.503,84
Total A Coruña	208.461,69

Lugo	Total
Bancos de tempo	2.350,00
Plans de programación do tempo na cidade	750,00
Outras medidas de conciliación	2.900,00
Total Lugo	6.000,00

Ourense	Total
Bancos de tempo	20.590,00
Plans de programación do tempo na cidade	900,00
Outras medidas de conciliación	
Total Ourense	21.490,00

Pontevedra	Total
Bancos de tempo	18.088,18
Plans de programación do tempo na cidade	10.573,73
Outras medidas de conciliación	22.563,12
Total Pontevedra	51.225,03

Total	Total
Bancos de tempo	75.636,03
Plans de programación do tempo na cidade	30.573,73
Outras medidas de conciliación	180.966,96
Total	287.176,72



1.5.4 Plans de igualdade e convenios colectivos

- Elaboración da relación de organismos autónomos e entidades públicas empresariais obrigados a elaborar un plan de igualdade.
- Actuacións encamiñadas á elaboración dun catálogo de empresas de máis de 250 traballadores. En cumprimento do artigo 45.2 da Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (BOE nº 71 do 23.03.2007 e BOE en galego nº 9 do 29.03.2007), solicitouse a remisión do Plan de Igualdade ás empresas de Galicia cun número de traballadores superior a 250. Foron remitidas un total de 134 cartas co correspondente material de apoio. Na actualidade estase en fase de recepción.
- Revisión de convenios colectivos desde a perspectiva de xénero. En 2010 recibíronse 147 convenios e ata o 31.12.2010 informáronse 90.
- Elaboración da metodoloxía para a acreditación da implantación dos plans de igualdade.

- Informes á Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na negociación colectiva.

1.5.5 Profesións con subrepresentación feminina

- Elaboración dunha relación de profesións con subrepresentación feminina en Galicia en colaboración co Observatorio ocupacional.
Publicación da Orde do 25 de novembro de 2010 pola que se establece a relación das profesións con subrepresentación feminina no ámbito da Comunidade autónoma (DOG nº 234, do 4.12.2010). Esta Orde, publícase en cumprimento da Lei 2/2007 do 28 de marzo do traballo en igualdade das mulleres de Galicia (DOG nº 72 do 13.04.2007) e da disposición adicional primeira do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego (DOG nº 35 do 19.02.2009). Serve de referente á hora de establecer axudas e programas que potencien unha maior presenza da muller en sectores masculinizados impulsando a igualdade de oportunidades e de trato.

1.5.6 Accións divulgativas, formativas e de participación en materia de igualdade laboral

Dentro do contorno laboral, a divulgación e comprensión práctica do principio de igualdade de oportunidades e de trato entre as mulleres e os homes, o da corresponsabilidade entre os sexos, así como a necesidade de conciliar a vida laboral, familiar e persoal, foi unha das liñas de traballo centrais da Unidade Administrativa de Igualdade. Deste xeito, asesorouse a particulares, concellos, empresas e asociacións sobre a referida materia en distintos aspectos a nivel individual ou colectivo, elaborando actividades, programas, etc.

- Participouse coa presentación de relatorios específicos en distintas accións formativas:
- Elaboración en colaboración coa Dirección xeral de Formación e Colocación dun CD-Rom para a formación obrigatoria en materia de igualdade e corresponsabilidade entre mulleres e homes, que se imparte nos cursos de formación continua. Trátase dun documento que, de xeito dinámico e comprensible se introduce na temática da igualdade de xénero a través de escenas da vida cotiá, contidos teórico-prácticos e xogos dinámicos.
- Participación no grupo de traballo “Igualdade de xénero e transversalidade” para a elaboración do Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade, 2010-2013.
- Participación na comisión formada para a elaboración do I Plan de Igualdade da Administración da Xunta de Galicia.
- Apoio técnico en materia de xénero aos órganos da Área de traballo da Consellería de Traballo e Benestar.
- Desenvolvemento e avaliación de accións formativas para capacitar o persoal dos servizos públicos de emprego na perspectiva de xénero na inserción laboral.
- Favorecer o uso non sexista da linguaxe escrita, visual e verbal nos departamentos da Área de traballo

1.5.7 Políticas de igualdade e riscos laborais

- Constitución e participación na Comisión para a Integración da Igualdade nas Políticas Autonómicas de Prevención de Riscos laborais dirixidas a empresas, persoas traballadoras, sindicatos e confederación de empresarios. Os obxectivos da comisión son a protección da seguridade e saúde no traballo respectando o principio de igualdade de trato entre mulleres e ho-

mes para evitar que os estereotipos sociais produzan desigualdades polas diferenzas físicas. Resolución do 14 de outubro de 2010 do Instituto Galego de Seguridade e Saúde laboral . (ISSGA) (DOG nº 210, do 2.11.2010).

2.1 FAMILIA

2.1 Familia

Marco legal e competencial

O marco legal no que a Consellería de Traballo e Benestar está a desenvolver as políticas de actuacións en materia de protección e apoio á familia vén establecido pola normativa estatal e comunitaria seguinte:

- ▶ Constitución española,
- ▶ Lei 39/1999, do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras (BOE nº 266, do 6.11.1999)
- ▶ Directivas do Consello Europeo, concretamente, a Directiva 96/34/CE do 3.06.1996

Tamén pola normativa autonómica, fundamentalmente:

- ▶ Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais (DOG nº 245 do 18.12.2008)
- ▶ Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e a adolescencia (DOG nº 118 do 20.06.1997)
- ▶ Decreto 172/1998, do 5 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 3/1997 (DOG nº 116, do 18.06.1998)

- ▶ Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia (DOG nº 45, do 6.03.2000, modificación no DOG nº 222, do 4.11.2003 e corrección de erros no DOG nº 235, do 3.12.2003)

- ▶ Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar (DOG nº 117, do 18.06.2001 e corrección de erros no DOG nº 223, do 19.11.2001)

- ▶ Decreto 335/2009, do 11 de xuño, de estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar (DOG nº 123, do 25.06.2009), atribúe á Secretaría Xeral de Familia e Benestar a xestión das políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia de acordo co antedito marco legal.

A familia, a súa evolución, novas expectativas e demandas

O artigo 39.1 da Constitución española, no que se refire á familia entendida como unidade básica da estrutura social, establece que o deber dos poderes públicos é asegurar a súa protección social, económica e xurídica.

As transformacións que nos últimos anos se veñen desenvolvendo en todos os ámbitos da sociedade están inci-

dindo dunha forma moi directa no concepto tradicional de familia e veñen dar paso a novas formas máis variadas de familia, tanto na súa composición como nas funcións dos membros que a compoñen.

Por tanto o apoio á familia e aos núcleos de convivencia debe responder necesariamente á complexidade da nosa sociedade, e debe dar solución ás diferentes situacións que impiden ou dificultan tanto a formación e constituición de novas familias ou grupos estables de convivencia, como o desenvolvemento integral das xa constituídas.

Así, debe darse o apoio necesario para paliar as dificultades notorias de conciliación da vida persoal, laboral e familiar, e procurar o sostemento da estabilidade da familia minimizando os danos derivados dos procesos de desestruturación familiar, e en particular no que afecte aos dereitos dos fillos e fillas e os membros máis vulnerables da familia.

Liñas programáticas e actuacións do ano 2010

Neste proceso de mellorar progresivamente a calidade de vida das familias galegas a Consellería de Traballo e Benestar, a través da Secretaría Familia e Benestar, establece unhas liñas de actuación de carácter preventivo, asistencial e integrador que teñen como obxectivos:

- ▶ Apoiar e mellorar a oferta de servizos de calidade que axuden a conciliar a vida laboral, persoal e familiar.
- ▶ Promover a corresponsabilidade entre os distintos membros que compoñen a familia.
- ▶ Facilitar a adaptación da institución familiar aos cambios que se están producindo na súa configuración e nas súas funcións.
- ▶ Axudar con medidas de apoio á infancia.
- ▶ Impulsar as políticas de conciliación nas empresas.

- ▶ Fomentar as medidas para o acceso á vivenda, ao emprego, e as derivadas do abandono do mundo rural.
- ▶ Fomentar os recursos que garantan a posibilidade de ter os fillos e fillas que se desexen.
- ▶ Impulsar e coordinar a participación activa e a colaboración de todos os axentes sociais, públicos e privados na elaboración e seguimento do Plan Integral de Apoio á Familia.

A Secretaría xeral de Familia e Benestar, tendo como marco de actuación as liñas programáticas e como obxectivo fundamental mellorar a vida das familias galegas, desenvolveu unha serie de programas: de apoio económico, formalizados a través das ordes de subvencións; outros cun contido informativo de asesoramento ou de carácter educativo, como o programa de preescolar na casa; e outros programas cun carácter meramente administrativo e que outorgan dereitos ás familias, como é a expedición do título de familia numerosa e a tarxeta de carné familiar.

2.1.1 Rede galega de escolas infantís 0-3

Hoxe en día moitas das familias non teñen capacidade para cubrir as necesidades da infancia. Dese xeito os poderes públicos potencian e crean servizos de atención fóra do fogar, que ademais de compartir coas familias o coidado dos nenos e nenas durante un tempo, garanten un desenvolvemento harmónico e integral da poboación infantil.

A Consellería de Traballo e Benestar ten en marcha unha política de atención á infancia que persegue os seguintes obxectivos:

- ▶ Incremento e racionalización da oferta de prazas e servizos de atención á primeira infancia dirixidos ao sector de poboación de 0-3 anos mediante o impulso do plan de extensión da rede de escolas.

- ▶ Potenciar a coordinación entre a Administración autonómica, a Administración local e as institucións de iniciativa social de cara a unha racionalización e optimización dos recursos existentes.

No ano 2010, a Secretaria Xeral investiu 927.000 euros para a construción e equipamento de novos recursos mediante a tramitación de 5 convenios en cooperación con concellos.

2.1.1.1 Escolas infantís 0-3 de titularidade propia

Dentro dos recursos propios da Administración, os centros dedicados á primeira infancia de titularidade da Consellería de Traballo e Benestar viñeron prestando apoio familiar e educativo a este sector da poboación, completando os seus labores co servizo de comedor.

Coa intención de arbitrar medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, continúa a oferta de servizos durante o mes de agosto, permanecendo aberto un centro en cada un dos núcleos de maior poboación de cada provincia:

- ▶ Lugo: Escola Infantil Paradaí
- ▶ Ourense: Escola Infantil Virxe de Covadonga
- ▶ Pontevedra: Escola Infantil Campolongo
- ▶ Vigo: Escola Infantil Relfas
- ▶ Santiago de Compostela: Escola Infantil Santa Susana

Escolas infantís 0-3 para fillas/os de traballadoras/es da Xunta de Galicia

A Consellería de Traballo e Benestar pon a disposición das/os fillas/os de traballadoras/es da Xunta a Escola Infantil 0-3 do Complexo Administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, a Escola Infantil 0-3 do Edificio Administrativo da Xunta en Pontevedra e reserva un número de prazas na Escola Infantil 0-3 de Vite.


Normativa:

- ▶ Decreto 70/2002, do 28 de febreiro, polo que se aproba o réxime de prezos dos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. (DOG nº 52, do 13.03.2002).
- ▶ Orde do 5 de marzo de 2010 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para o curso 2010/2011 (DOG nº 48, do 11.03.2010).
- ▶ Orde do 28 de abril de 2010 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas para fillas/os do persoal dos servizos centrais da Xunta de Galicia, na escola infantil 0-3 de Vite de Santiago de Compostela, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, e do persoal do complexo administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, na escola infantil 0-3 do complexo administrativo da Xunta de Galicia en Vigo (DOG nº 85, do 6.05.2010).
- ▶ Resolución da Secretaria Xeral de Familia e Benestar pola que se regula a adxudicación de prazas na escola infantil do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra para fillas e fillos do persoal do citado edificio para o curso 2010/2011.

Nenas/os atendidos nas escolas infantís no 2010:

		nº prazas
A Coruña	As Mariñas	59
	Catabois	78
	Ventorrillo	105
	Elviña	104
	Santa María de Oza	59
	Vite	114
	Santa Susana	77
	Virxe de Chamorro	50
Total A Coruña		646

Lugo	Nosa Señora do Campo	102
	Nosa Señora do Sagrado Corazón	92
	Paradaí	108
	Nosa Señora da Purificación	49
	Celeiro	40
Total Lugo		391
Ourense	Farixa	80
	Virxe de Covadonga	66
	Antela	111
Total Ourense		257
Pontevedra	Campolongo	101
	Bouzas	89
	Caeiro	65
	Relfas	69
	Marisma de Santa Mariña	93
	O Toxo	103
	Rosalía de Castro	103
	Marín	58
	E. I. do Complexo Administrativo da Xunta en Vigo	25
	E. I. do Edificio Administrativo da Xunta en Pontevedra	35
Total Pontevedra		741
Total Galicia		2.035



2.1.1.2 Centros dependentes de corporacións locais

A Consellería de Traballo e Benestar, coa colaboración da Administración central, levou a cabo unha intensa política incentivadora ante os concellos para a creación e xestión de diversos tipos de recursos infantís: por unha banda, dar axudas aos concellos para a creación de novos centros (escolas infantís 0-3 e puntos de atención á

infancia - PAI); e por outra, subvencionar o mantemento dos centros de atención á primeira infancia dependentes das corporacións locais que xa están en funcionamento.

Con isto preténdese que os concellos, desde as súas competencias, contén con recursos axeitados para dar unha resposta progresiva ás necesidades de atención á infancia no seu ámbito territorial, ao mesmo tempo que se procura equiparar os niveis de atención no ámbito rural e urbano.

Normativa:

- Orde do 12 de maio de 2010 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión das axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais, e se procede á súa convocatoria (DOG nº 97 do 25.05.2010).

Centros e servizos subvencionados dependentes de corporacións locais 2010

Escola Infantil 0-3		
	nº de centros	Contía das axudas
A Coruña	35	1.140.196,11
Lugo	14	318.996,89
Ourense	3	115.259,21
Pontevedra	19	687.831,18
Total	71	2.262.283,39

Puntos de atención á Infancia (PAI)		
	nº de centros	Contía das axudas
A Coruña	6	60.882,47
Lugo	11	112.968,45
Ourense	9	90.299,64
Pontevedra	2	20.743,05
Total	28	284.893,61

2.1.1.3 Centros dependentes de entidades de iniciativa social

Como contribución e axuda á iniciativa social, a Consellería de Traballo e Benestar concedeu en 2010 axudas para o mantemento de escolas infantís 0-3 dependentes de asociacións e entidades de carácter social.

Normativa:

- Orde do 22 de febreiro de 2010 pola que se regulan as axudas para mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social (DOG nº 57, do 25 de marzo de 2010).

Escolas infantís 0-3 de institucións de iniciativa social subvencionados pola Consellería de Traballo e Benestar

	nº de centros	Contía das axudas
A Coruña	23	1.109.797,04
Lugo	2	70.812,00
Ourense	2	47.283,53
Pontevedra	27	2.114.131,43
Total	54	3.342.024,00

2.1.1.4 Centros dependentes doutras administracións

Escola infantil 0-3 Grumete en Ferrol, dependente do Ministerio de Defensa.

Como medida dirixida a lograr a conciliación da vida laboral e familiar, facilitando a integración da muller nas Forzas Armadas, asinouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Ministerio de Defensa para contribuír ao mantemento da escola infantil 0-3 dependente do Ministerio de Defensa en Ferrol. A través desta Secretaría materializouse nunha axuda por importe de 42.000 euros. Dispoñendo este centro dun total de 81 prazas.

2.1.1.5 Escolas infantís do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

A Galiña Azul. Rede de Escolas Infantís de Galicia

A Rede de Escolas Infantis de Galicia A Galiña Azul é un servizo de atención á infancia con idades comprendidas entre os 3 meses e os 3 anos, educativo asistencial, que busca adaptarse ao concepto de familia do século XXI e permitir a conciliación da vida laboral e persoal da cidadanía galega ao tempo que facilita a súa inserción no mercado laboral.

A Rede de Escolas Infantís de Galicia é un proxecto de calidade que potencia a educación en valores como a tolerancia e o respecto, superando o concepto de garda e custodia, consciente da necesidade de transmitir valores e habilidades sociais que tradicionalmente se inculcaban no ámbito familiar.

A rede A Galiña Azul integra todos os centros infantís 0 a 3 da comunidade autónoma. Esta imaxe tomada dun conto do mesmo título do escritor Carlos Casares reflicte á perfección a filosofía educativa que se quere transmitir, isto é, a educación en valores como a solidariedade, o criterio, a imaxinación, o compromiso e a forza do colectivo por riba dos intereses individuais que fai destas escolas un elemento unificador e non segregador.


Ao longo do ano entraron en funcionamento 19 centros: 14 de nova creación e 5 de transmisión municipal:

		Prazas
Quiroga	Transmisión municipal	20
Ferrol	Nova creación	41
Marín	Nova creación	41
Vilagarcía-Carril	Nova creación	82
Silleda	Nova creación	82
Cotobade	Nova creación	74
Foz	Nova creación	61

Ares	Nova creación	56
Ames	Nova creación	102
Cangas-O Hío	Nova creación	74
Barro	Nova creación	61
Chantada	Transmisión municipal	41
Vigo-Valadares	Nova creación	102
A Coruña-Monte Alto	Nova creación	82
Total		919


O Consorcio pechou o ano 2010 xestionando 4.986 prazas en 96 escolas infantís espalladas por todo o territorio. (ver mapa páxina seguinte)

	nº de centros	prazas
A Coruña	28	1.787
Lugo	10	416
Ourense	21	817
Pontevedra	37	1.966
Total	96	4.986



Ver rede de escolas infantís de Galicia

Distribución municipal da rede de escolas infantis de Galicia “A Galiña Azul”.



Recursos humanos

As escolas da rede contan, ademais de cos seus propios recursos humanos (persoal educativo e de servizos), con recursos do propio contorno sociocultural na que están situadas (asociacións, concellos,...) e cos recursos humanos dos servizos centrais do Consorcio, fundamentais para garantir o bo funcionamento e xestión da rede. Os recursos dos diversos departamentos (de persoal, de contratación, de contabilidade, prensa, rexistro,...) e da propia Área de Escolas Infantís están estruturados do seguinte xeito:

	nº
Mestres/as	222
Educadores/as	583
Persoal de apoio	28
Persoal de servizos xerais (PSX)	123
Total	956

Recursos materiais

En 2010 puxéronse a disposición dos membros da comunidade educativa diversas ferramentas e recursos informativos - formativos:

- Acceso a recursos bibliográficos na rede de artigos de revistas educativas especializadas na educación, en concreto da educación infantil.
- Recursos do contorno-comunidade: asociacións, bibliotecas, centros socioculturais, escolas de música, interpretación, centros da terceira idade...
- Recursos didácticos de creación propia mediante materiais de refugallo e/ou elementos naturais.
- Documentos colaborativos desenvolvidos a partir da análise, valoración e posta en común entre o conxunto de profesionais (o período de adaptación, O Nadal, informes para as familias...).

- Portal educativo escolasinfantis.net, que ademais de permitir a consulta de diversos recursos (audiovisuais, audio, artigos temáticos) tamén contén o blog como ferramenta de comunicación para toda a comunidade educativa no e como medio de intercambio de opinións, experiencias e achegas.

Formación permanente das e dos profesionais

Outra das grandes liñas de acción, que coincide cun dos piares básicos do proxecto, é a formación permanente dos profesionais que traballan na rede de escolas infantís, na procura da cualificación, competencia e actualización profesional que, sen dúbida, repercute directamente na calidade do servizo que se desenvolve no día a día coas crianzas.

Neste marco da formación continua, estableceuse un plan de formación para todo o persoal do que cómpre resaltar: formación na prevención de riscos laborais; xornadas de formación inicial do novo persoal das escolas infantís (120 asistentes); formación en centros (26 cursos deseñados polo persoal das escolas); formación, apoio e asesoramento en centros (10 horas formativas por cuadrimestre traballado) e 44 cursos presenciais, a maioría de 20 horas, nos que se abordaron diferentes áreas curriculares, aspectos organizativos e de xestión, liderazgo e traballo en equipo, planificación e avaliación educativa, utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, manipulación de alimentos e primeiros auxilios.

Asemade é necesario resaltar a organización, no mes de decembro, do “I Encontro de profesionais da educación infantil 0-3: respostando ás necesidades da infancia e das familias”, unha xornada que contou coa presenza de expertos do ámbito da educación infantil 0-3 a nivel internacional.

Este encontro serviu como foro para compartir experiencias e reflexionar sobre o traballo a desenvolver nun

sector que está a xurdir como resposta ás necesidades da sociedade actual, e no que a oferta pública debe ser complementada necesariamente pola privada.

Con ese obxectivo, os máis de 800 asistentes á xornada eran traballadores tanto de escolas infantís da Rede A Galiña Azul, como de centros municipais, de iniciativa social ou privados.

A temática xirou en torno aos aspectos cotiás, a organización dos espazos e ambientes, o traballo con familias e as propostas pedagóxicas para cada grupo de idade, tendo como eixe central a posta en valor das potencialidades e o benestar das nenas e nenos, así como do traballo das/os profesionais deste ciclo.

A avaliación por parte das/os profesionais, das/os relatoras/es e da organización do plan de formación foi moi positiva, sendo unha ferramenta fundamental para a actualización de coñecementos e as boas prácticas, de cara a unha mellora da calidade e da profesionalización deste tramo educativo de 0 a 3 anos.

Espazo das familias

O Consorcio, dentro do marco de colaboración coa Fundación Preescolar na Casa, desenvolve nas escolas infantís o proxecto denominado “Espazo das familias”, un espazo temporal e físico onde os pais e nais poden xuntarse con outras persoas adultas e nenas/os nun ambiente distendido e reflexionar sobre a educación das/os fillas/os ao tempo que gozan da súa crianza.

En 2010 o espazo das familias funcionou nun total de 26 escolas. A valoración desta proposta tanto por parte das/os profesionais coma das familias, é moi positiva, dado que potencia e promove a participación activa por parte dos pais e nais na vida da escola e supón unha oportunidade para que os equipos educativos cooperen con outros profesionais con experiencia no traballo coas familias. Axuda tamén a afianzar vínculos cos progenitores e

a compartir momentos conxuntos cos seus fillos e fillas, permitindo, deste xeito, unha aprendizaxe mutua de todos os axentes implicados, colaborando e cooperando na construción dun proxecto compartido e de calidade na escola infantil.

2.1.2 Programas e servizos

2.1.2.1 Programa do Cheque Infantil

Como medida de apoio ás familias e instrumento conciliador da vida familiar e laboral publícase a Orde do 9 de xuño, pola que se regulan as axudas económicas para atención da primeira infancia a través do cheque infantil en escolas infantís de 0-3 non sostidas con fondos públicos e se procede a súa convocatoria (DOG nº 111, do 14.06.2010)

Esta medida vai dirixida a aquelas persoas con nenas/os de 0-3 anos a cargo solicitantes de prazas en escolas infantís 0-3 sostidas con fondos públicos e que non resultasen adxudicatarias/os por falta de prazas dispoñibles e tamén a aquelas persoas residentes en localidades onde non existan centros sostidos con fondos públicos.

Mediante o cheque infantil trátase de prover dunha praza de educación infantil a/o beneficiaria/o, contribuíndo á cobertura dos gastos de asistencia e de servizo de comedor.

Os departamentos territoriais son os encargados da adxudicación das prazas segundo un baremo establecido previamente.

A axuda materialízase en cheques nominais emitidos a favor das/dos beneficiarias/os que deben entregar ao centro prestador como pagamento, máis no seu caso, a parte que deba achegar a/o beneficiaria/o.

Poderán ser centros partícipes, todos os que, estando autorizados, desexen incluírse no programa.

Custo das axudas* e prazas ofertadas		
Concepto	Importe euros/mes	Prazas ofertadas 2010-2011**
Asistencia	130	837
Asistencia e comedor	215	1.455
Horario de tarde	90	1.806

*A cantidade que debe pagar a/o beneficiaria/o, de ser o caso, establécese en función da renda da unidade familiar, tomando como referencia o IPREM, de xeito que en ningún caso pagará máis de 143 euros.

** As prazas ofertadas ascenden a 4.098 e as prazas concedidas a 1.010. O número de centros participantes é de 132.

2.1.2.2 Os Puntos de atención á infancia (PAI)

Os Puntos de atención á infancia (PAI), son aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, encadrados nos servizos sociais especializados dos concellos que teñen como finalidade prestar unha atención de apoio aos pais e nais, titores ou gardadores dos nenos e nenas de 0-3 anos cando concorran situacións ou circunstancias que lle impidan o seu coidado. Ademais atenderán aqueles casos que respondan a necesidades puntuais.

O obxecto destes centros é a prestación asistencial e educativa en concellos que pola súa baixa poboación infantil ou outras circunstancias socioeconómicas, precisen prazas para a atención do colectivo de nenos e nenas de 0-3 anos.

Están concibidos como un instrumento de desenvolvemento rural, especialmente pensado para concellos con menos de 5.000 habitantes.

Este programa comezou a súa andadura no ano 2000 en colaboración cos concellos e a través da sinatura de convenios con aquelas corporacións locais interesadas en implantar posteriormente o servizo de proximidade creado no 2001. Ata o ano 2006 asináronse convenios cos concellos para a prestación do servizo.

O Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan

os centros de menores e os centros de atención á infancia (DOG nº 156, do 16.08.2005), regula por primeira vez os puntos de atención á infancia e durante o 2007 e o 2008, convocáronse ordes de axudas para o mantemento e mellora na calidade dos puntos de atención á infancia dependentes das corporacións locais.

No ano 2010, a Consellería de Traballo e Benestar deu continuidade á convocatoria de subvencións a través da publicación da Orde do 12 de maio de 2010, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión das axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais, e se procederá á súa convocatoria (DOG nº 97, do 25 de maio). Ao abeiro desta orde concedéronse axudas a 28 concellos, por un importe total de 284.893,61 euros. (ver distribución provincial na páxina 60)

2.1.2.3 Programa preescolar na casa

Trátase dun programa que pretende contribuír á formación das familias para o desenvolvemento harmónico da infancia. Comezou a súa andaina no ano 1977 e no 2003 asumiu o Programa educar en familia, financiado pola antiga Consellería de Familia desde o ano 1995.

Para levar a cabo este programa asinouse un convenio de colaboración por unha contía de 500.000 euros coa Fundación Preescolar na Casa. Vai dirixido ás familias galegas con nenos e nenas de 0 a 6 anos, sendo un dos principios básicos que fundamentan o programa, o emprego da lingua galega.

Os servizos que oferta este programa destínanse ás familias, aos nenos e nenas e á comunidade. O diálogo, a análise, a reflexión, a participación, a experimentación e a aprendizaxe, a formación continuada, o debate, e a revitalización da actividade comunitaria son as liñas

básicas de actuación deste programa.

Estas accións acádanse a través de distintos medios como reunións das familias cun orientador, o servizo de orientación educativo vía internet ou telefónica, programas de radio e televisión, préstamo de libros ou ludobiblioteca itinerante.

No ano 2010 organizáronse 691 espazos das familias en 262 concellos de Galicia nas que participaron 3.831 adultos e 3.906 menores

2.1.2.4 Portal educativo www.escolasinfantis.net



Este portal é unha plataforma de interacción da comunidade escolar que se caracteriza polo seu carácter orientador en educación infantil 0-3 anos, polo seu fácil manexo e pola súa rápida aprendizaxe.

Dentro do portal podemos atopar distintos tipos de persoas usuarias, con perfíles diferentes que lle dan acceso a unhas ou outras funcións: persoa convidada, proxenitora/proxenitor, profesional da educación infantil, administración de centro, especialista ou administración xeral.

O portal converteuse nun punto de encontro a nivel galego sobre a educación infantil, como así o demostran as súas estatísticas. Tras comezar a súa andaina no ano 2007 coa participación de 4 das escolas infantís da Xunta de Galicia, o servizo foise ampliando de xeito paulatino ás distintas escolas da rede e tamén á rede de escolas infantís A Galiña Azul.

Durante o período xaneiro-décembro 2010 rexistráronse 194.962 visitas, cunha media de máis de 800 por día laborable. O promedio de tempo no sitio por parte das

persoas visitantes mantense en torno aos 5 minutos, en correspondencia coa orientación orixinal de ofrecer a información máis relevante de xeito directo e inmediato. Durante este período servíronse un total de 51.406.176 páxinas, cunha media de aproximadamente 8 páxinas diferentes consultadas en cada visita. A porcentaxe de persoas usuarias consolidadas establécese nun 73,34% fronte a un 26,56% de novos visitantes. En relación á distribución xeográfica das citadas visitas a meirande parte proceden do territorio galego e, en concreto, das grandes cidades.

A finais de 2010 o sistema conta con 1.601 persoas rexistradas, das que 872 están subscritas ao envío diario de notificacións e aviso de novas.

Durante o ano 2010 deu soporte a case 100 centros distintos. O servizo de maior éxito do portal e o máis demandado polas escolas é o sistema de blogs, que engloba bitácoras persoais de familias, educadores/as e incluso é posible acceder, por petición expresa, aos blogues das ANPAs da escola infantil de Vite e da escola infantil de A Laracha.. A finais de 2010 o sistema contaba cun total de 293 blogues dos cales 108 eran blogs de centro e 185 eran blogues persoais. Ao rematar este período o servidor dos blogues almacenaba máis de 40 GB de información, cun ritmo de creación de novos datos que superaba 1 GB ao mes.

2.1.2.5 Familias numerosas

AA normativa vixente en materia de familias numerosas vén recollida na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas (BOE nº 277, do 19.11.2003) e o Real decreto 1621/2005, do 30 de decembro, polo que se aproba o regulamento da dita lei (BOE nº 15, do 18.01.2006).

Entre os seus preceptos cabe salientar a clasificación das familias numerosas en dúas categorías: xeral (fami-

lias con menos de 5 fillos) e especial (familias con 5 ou máis fillos.

Esta clasificación matízase coa introdución dalgúns criterios cualitativos: a condición de minusvalidez dos fillos, a renda familiar per cápita e o feito dos partos, adopcións ou acollementos múltiples.

Posteriormente a Lei 40/2007, de 4 de decembro,de medidas en materia de seguridade social na disposición adicional décimoterceira amplía o concepto de familia numerosa ao pai ou nai con dous fillos/as cando falecera o outro proxenitor

A expedición do título de familia numerosa dá dereito a beneficios de diversa índole entre os que se poden destacar as rebaixas nas matrículas universitarias, descontos de Renfe, autobuses e Air Europa, compra de vivenda habitual, etc.

O número de títulos tramitados no 2010 ascende a 5.763; repartidos por provincia e categorías tal e como se reflicte na táboa que se xunta.

	Categoría Xeral	Categoría Especial	Totais
A Coruña	2.243	270	2.513
Lugo	486	26	512
Ourense	461	56	517
Pontevedra	2.018	203	2.221
Total	5.208	555	5.763

O número de títulos de familia numerosa en vigor a 31 de decembro de 2010 era de 19.783.

	Categoría Xeral	Categoría Especial	Totais
A Coruña	7.618	563	8.181
Lugo	1.850	104	1.904
Ourense	1.605	163	1.768
Pontevedra	7434	496	7.930
Total	18.507	1.326	19.783

Carné familiar

Dentro da política do Goberno en apoio á familia, a Xunta de Galicia, puxo en marcha, durante o ano 2001, un novo programa de apoio ás familias numerosas denominado “carné familiar”.

Funciona desde o 2001 e concíbese como unha medida de apoio social baseada na colaboración entre a Administración autonómica e a iniciativa privada que ten como obxectivo facilitar o acceso das familias numerosas a distintos bens e servizos mediante descontos ou outro tipo de vantaxe e que amplía e complementa os beneficios que actualmente outorga o título oficial de familia numerosa.

O carné familiar é unha tarxeta non financeira, persoal e intransferible ao dispor dos membros das familias numerosas que soliciten a expedición do carné familiar.

Dende a súa creación o número de entidades adheridas foi aumentando ano tras ano. Na actualidade son 1.943 entidades as que colaboran e que benefician a unhas 52.674 persoas.

O número de tarxetas por provincias en vigor ata 31/12/2010 son as seguintes:

	Nº tarxetas
A Coruña	23.259
Lugo	4.282
Ourense	5.471
Pontevedra	19.662
Total	52.674

O teléfono de información para este programa (981.957.027) recolle todas as dúbidas en temas relacionados co carné familiar ou co título de familia numerosa.

Ver www.familiasgalegas.org

Portal www.familiasgalegas.org



Este portal web concibiuse para crear unha canle de comunicación e información coas familias en xeral, como espazo de traballo para a rede de profesionais da educación familiar e de soporte para futuros traballos en relación aos equipos de orientación e mediación familiar.

Baixo a ligazón www.familiasgalegas.org, desenvolveuse unha páxina web pública que oferta información e servizos de especial interese para as familias.

O portal estrutúrase en varios menús entre os que destaca o de Trámites. A través del, vía correo electrónico, pódese efectuar a renovación do Carné familiar.

2.1.2.6 Prestación económica de pagamento único por fillo/a menor de 3 anos

A Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e da adolescencia (DOG nº 118, do 20.06.1997) establece no seu artigo 3.2 como primeiro principio reitor da actuación dos poderes públicos de Galicia o impulso dunha política integral de apoio á familia que teña en conta as súas necesidades básicas e as dos seus membros regulando, segundo o artigo 11.3, aquelas prestacións económicas ou técnicas, que teñan por obxecto incidir favorablemente nas situacións de carencia familiar.

A Xunta de Galicia co fin de paliar, na medida do posible, os gastos dos primeiros anos de crianza dun fillo/a estableceu hai algúns anos deducións da cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas

polo nacemento de fillos/as. Sen embargo non todas as persoas teñen obriga de efectuar a dita declaración e son precisamente as de menor capacidade económica. A través destas axudas directas a Xunta de Galicia pretende equiparar a este colectivo de persoas, con aqueles que gozan da correspondente dedución fiscal.

A disposición adicional sexta da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010 (DOG nº 250, do 30.12.2010), establece que aquelas persoas que, na data de entrada en vigor desta lei, tivesen fillos/as menores de 3 anos terán dereito a percibir unha prestación de 360 euros por cada un cando, por razón dos ingresos obtidos durante o ano 2009, nin elas nin ningún dos membros da súa unidade familiar estivesen obrigados a presentar declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente a ese período nin a presentasen de xeito voluntario aínda sen estar obrigados a iso.

En desenvolvemento desta disposición publicouse a Orde do 30 de decembro de 2010, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da prestación económica de pagamento único por fillo/a menor de 3 anos para o ano 2011 (DOG nº 31, do 15.02.2011).

En 2010, ao abeiro desta orde, concedéronse 30.159 axudas por un importe de 11.000.000 de euros o que supuxo o 81,86% do total das axudas recibidas. A distribución é a seguinte:

Prestación económica de pagamento único por fillo/a menor de 3 anos	
Solicitudes recibidas	36.840
Solicitudes tramitadas	36.840
Axudas concedidas	30.159
Axudas denegadas	5.429

Nota: non se contabilizan as solicitudes arquivadas por desestimento

2.1.2.7 Gabinetes de orientación familiar (GOF)

O artigo 12 da Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e a adolescencia (DOG nº 118 do 20.06.1997), sinala as actuacións, tanto preventivas como asistenciais, que debe impulsar a Administración galega. O desenvolvemento deste eido de intervención vén definido na Sección primeira do Capítulo I do Título I do Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia (DOG nº 45, do 6.03.2000) e a súa modificación efectuada polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro (DOG nº 222, do 14.11.2003) (Corrección de erros: DOG nº 235, do 3.12.2003). Segundo o artigo 9º desta norma, os Gabinetes de orientación familiar constitúense como un recurso especializado no apoio e promoción da calidade de vida das familias, así como de atención a situacións problemáticas ou de riscos que poidan estar asociadas a procesos de desintegración familiar. Desde este punto de vista, os diferentes momentos da transición e crise que se atopan ao longo do ciclo evolutivo familiar poden dar lugar a múltiples situacións de risco que desemboquen, entre outras consecuencias, nun deterioro da convivencia e nunha ruptura da unidade familiar co conseguinte sufrimento para os seus integrantes, de xeito especial para os fillos.

Polo tanto, os gabinetes de orientación (GOF) constitúense para a atención de conflitos familiares, como un recurso público, de carácter multidisciplinar, coa finalidade de servir como un instrumento eficaz na protección da familia de acordo coas competencias atribuídas á Secretaría Xeral de Familia e Benestar.

Este programa pretende axudar as familias que así o requiran a solucionar tales situacións de crise ou conflito, eliminando ou, cando menos, atenuando as consecuencias que estas levan aparelladas, previndo e evitando especialmente a implicación das/dos fillas/os nos conflitos dos seus pais.

Por outra banda, este servizo actúa como un recurso en estreito contacto cos equipos de atención ao menor, colaborando con eles na atención ás familias de menores susceptibles de ser sometidos a medidas de protección.

Estes gabinetes, dependentes dos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, están integrados por especialistas en traballo social, dereito e psicoloxía. Entre os seus obxectivos destácanse:

- ▶ Informar e asesorar tecnicamente ás familias sobre as problemáticas sociais, psicolóxicas e xurídicas nas que se puidesen atopar.
- ▶ Proporcionar ás familias o acceso a recursos axeitados para o desenvolvemento de canles normalizados de convivencia.
- ▶ Dotar as familias das habilidades necesarias para enfrontar as súas necesidades.
- ▶ Evitar a instrumentalización das/os fillas/os, ante as diferentes situacións de conflitividade.
- ▶ Fomentar o mantemento da cooperación parental como protectora da imaxe que as/os fillas/os teñen dos seus proxenitores.
- ▶ Informar, asesorar e prestar asistencia psicolóxica ás mulleres, particularmente a aquelas que se atopen inmersas en procesos de conflitividade familiar.

Os servizos concretos que os Gabinetes de orientación familiar poñen a disposición dos usuarios, son os seguintes:

1. Asesoramento sobre aqueles servizos de interese social e comunitario, públicos ou privados, que posibiliten a integración das persoas en redes de apoio social e asesoramento xurídico legal en casos de separación matrimonial, divorcio ou incumprimento de acordos e convenios reguladores.

2. Mediación familiar dirixida a promover procesos de negociación entre os membros da parella co obxecto de acadar acordos nos procesos de separación e divorcio e intervencións dirixidas a resolver conflitos entre outros membros da familia (pais/nais, fillas/os, avoas/ós, etc).
3. Apoio e orientación psicosocial en casos de conflitividade ou crise familiar, conxugal ou interxeracional. Prevención e intervención ante crises específicas dos procesos de educación e crianza das/os fillas/os. Apoio e orientación ás familias en procesos de reestruturación por entrada ou saída dalgún membro no sistema familiar.

Para o seguimento do programa, os gabinetes remiten, a través dos departamentos territoriais e dentro dos 15 primeiros días do mes seguinte ao que corresponda, a folla de seguimento mensual aos servizos centrais para levar un seguimento e confeccionar os datos anuais de funcionamento dos GOF.

▶ GOF/ Seguimento anual 2010:

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
Demandas					
Recibidas	178	95	177	189	639
Reorientadas	0	1	0	0	1
Atendidas	178	95	177	189	639
Tipoloxía demandas atendidas					
Conflitos ruptura-convivencia	44	19	101	59	223
Crises conxugais	46	22	26	30	124
Crises paterno-filiais	52	23	31	64	170
Crises familia extensa	13	6	2	6	27
Mixtas	19	6	3	11	39
Outras	5	15	14	19	53
Total demandas atendidas	179	91	177	189	636
Demandantes de atención					
Mulleres	89	52	70	95	306
Homes	30	14	46	48	138
Parellas	39	9	26	21	95
Grupos familiares	20	6	40	10	76
Total demandas atendidas	178	81	182	174	615

2.1.2.8 Programa de puntos de encontro

No ano 2000 a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, en colaboración co Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, puxo en marcha un programa de orientación e mediación familiar no que se incluíu o programa de puntos de encontro, que viña funcionando como experiencia piloto, con moi bos resultados, na cidade de Vigo, desde 1999.

Os puntos de encontro familiar de Galicia están regulados polo Decreto 9/2009, do 15 de xaneiro (DOG nº 17, do 26.01.09) (Corrección de erros DOG nº 33, do 17.02.2009)

Un punto de encontro familiar é un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crise, e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

A execución deste programa artículase a través da subscrición de convenios de colaboración con entidades de iniciativa social ás que se lles encomenda a xestión dos puntos de encontro garantindo a utilización pública deste servizo. Estas asociacións actúan baixo a coordinación da Secretaria Xeral de Familia e Benestar e na máis estreita colaboración co Poder Xudicial e o Ministerio Público. Os puntos de encontro que integran a rede galega están situados nos sete principais concellos de Galicia: A Coruña: Centro Fonseca, Lugo: Asociación de Mulleres Separadas e Divorciadas, Ourense: Punto Cero, Pontevedra e Vigo: Aloumiño, Santiago de Compostela: Encontro, Ferrol: A Carón

Os puntos de encontro teñen un carácter multidisciplinar e están integrados por expertos en intervención psicofamiliar, dereito de familia e mediación familiar. Ademais poderán contar coa colaboración de persoal voluntario naquelas tarefas que os profesionais dos puntos de encontro estimen axeitadas.

Os puntos de encontro familiar constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente que ten por obxecto favorecer as relacións entre as/os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se ve interrompido ou resulta difícil ou conflitivo o seu cumprimento.

Intervencións que se levan a cabo:

- ▶ Intercambio das/dos menores. Consiste na entrega e recollida da ou do menor no punto de encontro familiar.
- ▶ Visitas tuteladas. Son as que se desenvolven de forma controlada baixo a tutela dunha persoa profesional que orienta os proxenitores e as fillas e fillos, e supervisa o desenvolvemento do tempo que comparten.
- ▶ Intercambio das/dos menores con posibilidade de permanencia no punto de encontro familiar. Está pensado para aqueles supostos nos que o proxenitor/a con dereito a visita careza de vivenda na localidade ou esta non reúna as condicións axeitadas.

Para o mantemento da Rede de puntos de encontro destináronse no ano 2010 un total de 520.000 euros, que se distribuíron como segue:

PEF:	Importe en euros
“Fonseca” - A Coruña	100.367
“Asociación de Mulleres Separadas e Divorciadas - Lugo	56.495
“A Carón” - Ferrol	60.276
“Punto Cero” - Ourense	70.086
“Encontro” - Santiago de Compostela	67.084
“Aloumiño” - Vigo e Pontevedra	165.692
Total	520.000

Para o seguimento do programa, os puntos de encontro remitirán unha folia de seguimento mensual aos servizos centrais para levar un seguimento e confeccionar os datos anuais de funcionamento dos Puntos de Encontro.

▶ Resumo do seguimento anual 2010:

	A Coruña	Lugo	Ferrol	Ourense	Santiago	Vigo	Pontevedra	TOTAL
Expedientes								
Recibidos	49	35	59	34	35	92	55	359
Retomados	20	1	4	5	3	8	3	44
Total expedientes novos	69	36	63	39	38	100	58	403

Procedencia								
Servizos sociais (menores)	12	5	8	9	3	36	10	83
Xulgados	57	15	55	28	35	64	50	304
Total	69	20	63	37	38	100	60	387

Usuarios/as								
Menores	89	22	78	44	57	159	74	523
Adultos	149	43	163	84	132	277	146	994
Homes	80	23	86	46	74	153	78	540
Mulleres	69	20	77	38	58	124	68	454
Total	238	65	241	128	189	436	220	2.511

Nota: Os datos refírense aos casos atendidos durante o ano 2010, incluídos os que veñen de anos anteriores.

2.1.2.9 Programa de apoio a familias monoparentais

O obxecto deste programa é a prestación de apoio ás familias formadas por un único proxenitor con fillos e fillas menores ao seu cargo, mediante o establecemento de programas específicos que teñen como finalidade: potenciar a autonomía das familias monoparentais, axudar á crianza dos nenos e nenas e favorecer a súa socialización, favorecer a incorporación da persoa responsable da familia ao mundo laboral, posibilitarlle a asistencia a actividades de formación laboral ou formación continua e posibilitar o autoemprego, promover a inserción e permanencia laboral das mulleres soas con responsabilidades familiares e favorecer a súa promoción profesional,

facilitar que estes proxenitores sós poidan participar en igualdade de oportunidades e dispoñan de tempo para realizar actividades sociais ou culturais e previr situacións de risco social.

O programa vense desenvolvendo desde o ano 2000. Iniciouse coa sinatura de convenios con 5 entidades e foi evolucionando ata que no ano 2005 e seguintes instrumentouse mediante una orde de convocatoria anual de axudas destinada a corporacións locais e entidades sen ánimo de lucro.

No ano 2010 volveuse ao sistema da sinatura de convenios con 3 entidades sen ánimo de lucro. Estas entidades foron a Asociación de Familias e Mulleres do Medio

Rural de Galicia, a Asociación de Mulleres Separadas e Divorciadas de Lugo e a entidade Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela.

Orzamento e beneficiarios:

Con estes convenios beneficiáronse un total de 215 familias, o que supuxo un investimento total de 157.000 euros desagregados do seguinte xeito:

- 70.000 euros á entidade Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela
- 50.000 euros á Asociación de Mulleres Separadas e Divorciadas de Lugo
- 37.000 euros a Asociación de Mulleres o Medio Rural de Galicia.

2.1.2.10 Programa de mediación familiar

A mediación familiar na nosa comunidade autónoma está regulada mediante a Lei 4/2001, do 31 de maio (DOG nº 117, do 18.06.2001) (Corrección de erros; DOG nº 223 do 19.11.2001). Posteriormente, mediante o Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro (DOG nº 34, do 18.02.2003) (Corrección de erros; DOG nº 44 do 4.03.2003), regúlase a figura da/do mediadora/r familiar e créase e regúlase o Rexistro de Mediadoras/es Familiares de Galicia, no que preceptivamente deberán estar inscritas/os as/os mediadoras/es, tal como prescribe o artigo 18 da Lei reguladora da mediación.

O Rexistro de Mediadoras/es Familiares de Galicia e a mediación familiar están xestionados pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar e constitúe o instrumento básico de control, organización e publicidade das persoas mediadoras inscritas.

A Orde do 3 de xuño de 2008, pola que se fixan as tarifas da mediación familiar en Galicia (DOG nº 116, do 17.06.2008), elabórase coa finalidade de actualizar as tarifas de mediación. O artigo 18 do Decreto 159/2003

(DOG nº 34, do 18.02.2003) (Corrección de erros; DOG nº 44 do 4.03.2003), recoñece o dereito á mediación gratuíta aos usuarios que reúnan ou poidan reunir a condición de beneficiarios do dereito de asistencia xurídica gratuíta de conformidade cos criterios establecidos na Lei 1/1996, de 10 xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta (BOE nº 11, do 12.11.1996).

A partir do ano 2007 publícase anualmente unha orde de subvencións para a cobertura do custo de procesos de mediación familiar que se celebren dentro do marco do programa Mediagal.

No ano 2010 publicouse a Orde do 14 de xuño de 2010 pola que se regulan as subvencións para a cobertura do custo de procesos de mediación familiar en Galicia (DOG nº 126, do 05.07.2010), para todas as persoas residentes na comunidade autónoma.

Mediación familiar e mediación familiar gratuíta

A mediación familiar é un procedemento de resolución de conflitos, extraxudicial e voluntario, que mediante a intervención dunha persoa profesional especializada e inscrita no Rexistro de Persoas Mediadoras de Galicia, trata de axudar ás parellas, que teñen ou tiveron unha relación, a resolver de mutuo acordo as consecuencias da separación, nulidade, divorcio ou ruptura da súa relación, e ofrecerlles unha solución pactada para a súa problemática.

No ano 2007 créase o programa Mediagal, de “mediación familiar galega”, coa finalidade de impulsar un maior coñecemento e aproveitamento social deste recurso e achegalo a toda a cidadanía, establecendo unha liña de subvencións de cobertura de custo de procesos de mediación.

Entre os principais obxectivos do programa están os de:

- Axudar á parella a resolver a súa situación de conflito

familiar (divorcio, separación, nulidade, ...) reducindo o risco de que os/as menores se utilicen como moeda de cambio na negociación.

- Conseguir unha solución pactada aos conflitos que poidan xurdir en supostos de ruptura matrimonial ou de parella.
- Proporcionar un ambiente pacificador e un espazo neutral para que as negociacións se produzan sen enfrontamentos, para que a parella decida activamente sobre o seu futuro.
- Conseguir acordos duradeiros, xa que os pactos negociados e aceptados libremente perduran sobre os impostos, evitando as consecuencias negativas que se derivan dunha ruptura conflitiva (custo económico, custo emocional, maior duración do conflito, repercusión nos nenos e nenas menores, etc).

Desde a entrada en vigor do Decreto 159/2003, inscribíronse no Rexistro de Mediadoras/es Familiares de Galicia 321 mediadores/as e só se produciron 6 solicitudes de baixa de xeito que as inscricións vixentes actualmente son de 315.

No ano 2010 inscribíronse 23 mediadoras/es e a súa distribución por provincias é a que segue:

	Mediadores/as	Baixas
A Coruña	138	4
Lugo	26	0
Ourense	43	1
Pontevedra	115	1
Total	321	6

Entre os anos 2003 e 2010 realizáronse en total 61 mediacións, das que 46 foron a través do programa Mediagal e 15 polo procedemento 426B.

O número de solicitudes de mediación no ano 2010 foi de 17: 14 polo programa Mediagal e 3 polo procedemento

426B.

En canto ás mediacións realizadas no ano 2010: 10 fixéronse polo programa Mediagal e remataron con acordo, e 1 polo procedemento 426B e tamén rematou con acordo.

O programa de mediación familiar é un recurso moi interesante e ben valorado polas/os profesionais, mais é pouco coñecido polos posibles usuarios ou usuarias, polo que se debe incidir na súa difusión, aínda que desde o ano 2007 en que se pon en funcionamento o programa Mediagal de “mediación familiar galega”, incrementáronse as solicitudes.

Trátase de presentar este novo recurso como un sistema de resolución pactada dos conflitos derivados da ruptura de parella, e que ten como obxectivo evitar os graves danos emocionais que se derivan dun conflitivo proceso de separación.

A mediación familiar intraxudicial

No mes de marzo de 2009, púxose en marcha un programa de mediación intraxudicial de forma experimental en Santiago de Compostela, no Xulgado de Primeira Instancia e de Familia nº 6. Para a súa implantación asinouse un convenio de colaboración co Ministerio Fiscal, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio de Avogados de Santiago.

No ano 2010 asinouse un novo convenio coas mesmas entidades para o desenvolvemento do dito programa de mediación intraxudicial.

A finais do ano 2010, trasladouse a experiencia de Santiago de Compostela a Ourense para o que se asinou o correspondente convenio de colaboración co Ministerio Fiscal, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio de Avogados de Ourense para poñer en funcionamento o dito programa.

A mediación familiar é un sistema de resolución de con-

flitos, un proceso no que a parella acepta a intervención neutral e cualificada dunha terceira persoa (o/a mediador/a familiar) que tratará de que atopen por eles mesmos un acordo duradeiro e mutuamente aceptado.

A mediación intraxudicial é aquela que se leva a cabo cando o proceso xudicial xa está iniciado, podería ser unha metodoloxía axeitada e válida para resolver unha porcentaxe significativa de procesos xudiciais:

Os seus beneficios e as súas vantaxes son:

É un proceso gratuíto e, en todo caso, diminúe o custo económico e emocional da ruptura. De tres a oito sesións, de hora e media de duración, pódese alcanzar un acordo duradeiro e mutuamente aceptado que só necesita ser ratificado xudicialmente. Isto evita trámites procesuais e posibles incidentes xudiciais, co conseguinte custo económico e emocional.

É mais flexible e creativo que o ríxido proceso xudicial, admitindo todo tipo de alternativas e respectando o interese superior dos menores e os principios de orde pública e deontoloxía profesional.

Evita a xudicalización innecesaria dos conflitos e, sobre todo, caer nunha dinámica de crecente confrontación entre os proxenitores, polo enquistamento de posicións. Tamén, se reduce o risco de que os/as menores se utilicen como moeda de cambio na negociación.

As características mais importantes do programa experimental de mediación intraxudicial son:

- A brevidade do proceso de mediación intraxudicial que reduce a dolorosa carga emocional, asociada a todo proceso de ruptura.
- A cobertura por parte dun equipo de mediadores profesionais, provenientes do mundo do dereito e da psicoloxía, de recoñecida experiencia e capacidade que desenvolverá o proceso, atendendo aos principios de

neutralidade, obxectividade, imparcialidade e confidencialidade.

- Esta mediación realízase simultaneamente ao proceso xudicial, aproveitando os tempos mortos do citado proceso sen chegar a suspendelo, agás que ambas partes o soliciten pola proximidade dun acordo.

Datos estatísticos do programa en Santiago de Compostela no ano 2010	
Asuntos derivados a mediación	71
Sesións informativas iniciais xa realizadas	61
Mediacións aceptadas (iniciadas sesións de mediación)	44
Mediacións non aceptadas	17
Sesións de mediación en trámite	1
Sesións finalizadas por acordo total ou parcial na mediación	25

2.1.3 Residencias de tempo libre

A consellería de Traballo e Benestar, a través da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, conta con dúas residencias de tempo libre, unha de interior situada no municipio do Carballiño (Ourense), cunha capacidade para 140 persoas (susceptible de ampliación segundo a distribución dos residentes), e outra de costa, situada en Panxón no municipio de Nigrán (Pontevedra), cunha capacidade máxima de 260 persoas.

Estas dúas residencias, nas que se ofrece un servizo completo que inclúe aloxamento e manutención, destínanse a diferentes usos segundo o período do ano do que se trate: Turismo familiar no período estival coa publicación da Orde do 19 de xaneiro pola que se regula o procedemento de adxudicación de estadías (DOG Nº 50, do 15.03.2010) ou ben para o desenvolvemento de programas de ocio da Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal (Programa de turismo social) e da Secretaría Xeral de Emigración (Programas de “Vén a Galicia, ben con Galí-

cia” e “Volver á Terra”).

Ademais as instalacións están dispoñibles para institucións, asociacións, organizacións sindicais e entidades que así o soliciten mediante escrito remitido á Secretaría Xeral de Familia e Benestar.

Os servizos que ofrecen aos usuarios inclúen inseparablemente o aloxamento, mantenza e limpeza dos cuartos, todos eles con aseo completo.

	Residencia de Panxón	Residencia do Carballiño
Turismo familiar	1.260	1.123
Programas propios da Secretaría Xeral de Familia e Benestar	3.306	2.526
Total participantes	4.566	3.649

2.1.4 Actividades de formación

En 2010, débese destacar a introdución das novas tecnoloxías na impartición das actividades de formación, dous dos cursos (en concreto os dous últimos relacionados) desenvolvéronse na modalidade mixta, cunha parte presencial e outra en teleformación. Desta maneira, a formación chega a mais alumnos e permítese a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Nos tres cursos realizados, que a continuación se relacionan, participaron 120 alumnos:

- A xestión de conflitos no ámbito dos servizos sociais.
- Infancia e adolescencia: hábitos alimenticios saudables e normativa sanitaria.
- Mediación familiar.

2.2 Menores

Marco legal e competencial

O marco legal no que a Consellería de Traballo e Benestar desenvolve as súas políticas e actuacións en materia de protección á infancia vén establecido pola normativa seguinte:

a) Internacional

- Convención sobre os Dereitos do Neno adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, e ratificada por Instrumento do 30 de novembro de 1990 (BOE nº 313, do 31 de decembro de 1990).
- Convenio relativo á protección do neno e a cooperación en materia de adopción internacional. A Haia, 29 de maio de 1993. Ratificado por Instrumento de 30 de xuño de 1995 (BOE nº 182, do 1 de agosto de 1995).

b) Estatal

- Constitución española
- Código Civil do 29 de xullo de 1889 (Arts. do 109 ao 111, do 160 ao 180, 201, 215, 216, do 222 ao 233, 239, 242 e do 259 ata o 285).
- Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor (BOE nº 15, do 17.01.1996).
- Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social (Arts. 35 e 36). (BOE nº 10, do 12.01.2000). Modificada por Lei Orgánica 2/2009, do 11 de decembro (BOE nº 299, do 12.12.2009)
- Real Decreto 2393/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social

(Arts. 92, 93 e 94) (BOE nº 6, do 07.01.2005).

- Lei 54/2007, de 28 de decembro, de adopción internacional (BOE nº 312, do 29.12.2007).

c) Autonómica

- Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia (DOG nº 118, do 20 de xuño de 1997). Modificada no seu artigo 33.1.a) por Lei 9/2003, do 23 de decembro, de medidas tributarias e administrativas (DOG nº 251, do 29.12.2003).
- Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia (DOG nº 124, do 29.06.2006).
- Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia (DOG nº 45, do 06.03.2000). Modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro (DOG nº 222, do 14.11.2003) e polo Decreto 184/2008, do 24 de xullo, polo que se crea o Observatorio Galego da Infancia (DOG nº 169 do 02.09.2008).
- Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia (DOG nº 156, do 16.08.2005).
- Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais (DOG nº 147, do 31.07.2007).
- Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar (DOG núm. 123, 25 de xullo de 2009). Modificado polo Decreto 9/2011, do 20 de xaneiro (DOG nº 24, do 04.02.2011).

Programas e actuacións

2.2.1 Atención a menores en situación de desprotección social

2.2.1.1 Atención de menores en centros de protección

Este programa ten por finalidade prestar atención nunha institución a aqueles menores que, por distintas circunstancias sociofamiliares, necesitan ser separados temporalmente do seu núcleo familiar e para os que non é viable a utilización doutro recurso.

Os centros de protección de menores son aqueles que ofrecen aloxamento, asistencia integral e unha dotación de servizos e programas especialmente orientados a conseguir a normalización, e integración sociofamiliar dos menores acollidos.

Para o desenvolvemento deste programa a Secretaría Xeral de Traballo e Benestar conta con 8 centros de titularidade propia e 69 centros colaboradores dependentes de entidades de iniciativa social.

Á súa vez, a atención que se presta nestes centros pode ser en réxime de internado ou de atención diúrna.

O acollemento en réxime de internado é un recurso que se utiliza nos casos en que, por diversas circunstancias socio-familiares, os menores necesitan ser separados temporalmente do seu núcleo familiar e non é apropiado ou non hai un contexto familiar alternativo, ou ben cando os pais ou titores solicitan á Administración que asuma a garda dos seus fillos, mantendo en todo momento o obxectivo de retorno ao seu fogar.

O acollemento en réxime diúrno constitúe un recurso alternativo ao acollemento residencial e consiste en prestar atención aos menores no marco dunha institución durante o día. Deste xeito evítase o desarraigamento, facilitando a permanencia dos menores no seu contorno familiar.


Atención en centros propios

nº de centros e prazas de menores en 2010:

		Nº prazas de internado	Nº prazas de atención de día
A Coruña	Virxe do Carme	32	10
	San Xosé de Calasanz	30	10
	Soutomaior	18	0
Total A Coruña		80	20
Lugo	Santo Anxo	32	0
	Ollos Grandes	18	10
Total Lugo		50	10
Ourense	A Carballeira	40	20
	Montealegre	24	0
Total Ourense		64	20
Pontevedra	O Seixo	15	8
Total Pontevedra		15	8
Total Galicia		209	58

nº de menores atendidos en centros propios en 2010:

	Prazas de internado	Prazas de atención de día
A Coruña	133	9
Lugo	87	11
Ourense	119	23
Pontevedra	21	11
Total	360	54



Orzamento: 12.917.135 euros.

Atención en centros colaboradores


nº de centros e prazas de menores en 2010:

	Nº centros	Nº prazas de internado	Nº prazas de atención de día
Casas de familia	6	48	10
Mini-residencias	3	30	7
Residencias	0	0	0
Centros con fogares	5	137	48
Vivendas tuteladas	2	16	0
Vivendas asistidas	0	0	0
Atención de día	1	0	10
Total A Coruña	17	231	75
Casas de familia	3	24	0
Mini-residencias	4	48	19
Residencias	1	11	0
Centros con fogares	0	0	0
Vivendas tuteladas	1	8	0
Vivendas asistidas	0	0	0
Atención de día	3	0	43
Total Lugo	12	91	62
Casas de familia	4	32	2
Mini-residencias	2	25	4
Residencias	0	0	0
Centros con fogares	0	0	0
Vivendas tuteladas	1	8	0
Vivendas asistidas	1	4	0
Atención de día	3	0	30
Total Ourense	11	69	36
Casas de familia	16	125	18
Mini-residencias	2	23	8
Residencias	0	0	0
Centros con fogares	3	135	56
Vivendas tuteladas	1	14	0
Vivendas asistidas	2	4	0
Atención de día	6	0	101
Total Pontevedra	30	301	183
Total	70	692	356

► nº de menores atendidos en centros colaboradores en 2010:

	En réxime de internado	En réxime de atención de día
A Coruña	266	71
Lugo	110	54
Ourense	113	53
Pontevedra	372	196
Total	861	374

► Orzamento: 15.159.915 euros



Atención a menores con características especiais

Para a atención de menores con características que requiran unha atención en centros especializados, a Secretaría Xeral de Familia e Benestar colabora con outras institucións mediante a realización de contratos individualizados.

► nº de menores atendidos en centros especiais en 2010:

	Nº menores	Orzamento
A Coruña	8	99.628,90
Lugo	0	0
Ourense	0	0
Pontevedra	4	58.116,0
Total	12	157.744,90

► Orzamento: 157.744,90 euros.

2.2.1.2 Acollemento familiar

O acollemento familiar pode definirse como aquel recurso de protección temporal e revogable, orientado ao coidado de menores que se atopan privados, aínda que sexa circunstancialmente, dunha axeitada atención e que consiste en confiar o coidado dun/dunha neno/a ou adolescente a unha persoa ou familia que reúna as condicións persoais, educativas e materiais necesarias para proporcionarlle unha vida familiar.

O seu obxectivo xeral é garantir o dereito do neno/a a vivir nunha familia, por ser o medio óptimo para o seu desenvolvemento.

Os acollementos poden facerse na familia extensa do menor (isto é, cando existen vínculos de parentesco entre a familia acolledora e o/a neno/a ou adolescente: avós, tíos, irmáns...) ou ben en familias alleas (cando non existe parentesco), para o que se desenvolve un programa específico de captación, selección e apoio a estas familias. Sempre que sexa posible, e que as circunstancias propias do caso non o desaconsellen, considérase prioritario que o acollemento se faga na familia extensa, para favorecer a permanencia do/a menor no seu propio ambiente.

Ademais, os acollementos poden ser remunerados ou non, en función das circunstancias socioeconómicas e persoais de menor e acolledores e do tipo de acollemento.

► Información do programa:
<http://www.acollementofamiliar.org>



Ver
www.acollementofamiliar.org

► Orzamento total: 3.632.887,47 euros

	Familia extensa	Familia allea	Total
A Coruña	1.196.549	230.837	1.427.387
Lugo	104.832	28.840	133.672
Ourense	341.064	94.674	435.738
Pontevedra	1.234.004	133.241	1.367.246
Total	2.876.450	487.592	3.364.042

► Beneficiarios (menores e familias) do programa de acollemento familiar:

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		TOTAL	
Familia extensa	Familias	Menores	Familias	Menores	Familias	Menores	Familias	Menores	Familias	Menores
Acollementos remunerados	315	427	34	42	102	128	347	447	798	1.044
Acollementos non remunerados	105	142	6	6	28	29	103	133	242	310
Total Familia extensa	420	569	40	48	130	157	450	580	1.020	1.354
Familia allea	Familias	Menores	Familias	Menores	Familias	Menores	Familias	Menores	Familias	Menores
Acollementos remunerados	66	94	11	14	37	47	40	64	154	219
Acollementos non remunerados	2	5	1	1	1	1	2	2	6	9
Total Familia allea	68	99	12	15	38	48	35	66	160	228
Acollementos remunerados	381	521	45	56	139	175	387	511	952	1.263
Acollementos non remunerados	107	147	7	7	29	30	105	135	248	319
Total	488	668	52	63	168	205	492	646	1.200	1.582

Programa de familias acolledoras

O obxectivo xeral deste programa é proporcionar unha atención temporal a aqueles menores en situación de risco, desamparo ou desprotección social, nun ambiente familiar normalizado, alleo á súa familia de orixe, por non existir esta ou non ser idónea para o seu coidado. Para iso, trátase de seleccionar, formar e apoiar durante o proceso a persoas e familias dispostas a acoller temporalmente a un menor non pertencente á súa familia.

Como obxectivos específicos (no contexto persoal e familiar) establécense:

- Acadar o axeitado desenvolvemento do menor nos ámbitos hixiénico-sanitario, educativo, persoal e social.
- Proporcionar ao menor un ambiente normalizado axeitado para a súa idade e momento evolutivo.
- Promover o cambio da situación da súa familia de orixe, co obxecto de que o menor poida volver con ela, no seu caso, o máis axiña posible.
- Lograr que a familia acolledora preste unha adecuada atención ao menor.

- Potenciar a relación da familia de orixe e a de acolli- da para favorecer a futura reintegración familiar do neno, nena ou adolescente.

► Orzamento total: 350.149 euros

Deste orzamento, a Secretaría Xeral de Familia e Benestar achegou 247.000 euros, e a Cruz Vermella de Galicia, que colabora na súa execución, outros 103.149 euros.

► Beneficiarios programa de familias acolledoras:

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
Familias que pertencen ao programa a 31/12/2010	89	34	61	74	258
Familias acollendo a 31/12/2010	46	9	26	33	114
Menores acollidos a 31/12/2010	66	11	32	42	151
Novos menores acollidos durante o ano	27	4	20	35	86
Menores que finalizaron o acollemento durante o ano	33	4	16	24	77
Familias que acolleron durante o ano	68	12	38	42	160
Menores acollidos durante o ano	99	15	48	66	228

2.2.1.3 Adopción de menores

A finalidade deste programa é proporcionar aos menores en situación legal de seren adoptados, unha familia que satisfaga as súas necesidades afectivas, socioeducativas e de desenvolvemento persoal, facendo prevalecer o interese do menor sobre calquera outros.

As familias adoptantes son, previamente, valoradas polos equipos técnicos de adopción co fin de seleccionar a mellor familia para o/a menor.

► Portal de Adopcións - <http://adopcions.xunta.es>



[Ver Portal de Adopcións](#)

O Portal de Adopcións, posto en funcionamento o 24 de novembro de 2010, pretende ser unha ferramenta útil para todos aqueles que estean pensando, teñan decidido ou xa realizaran unha adopción nacional ou internacio- nal.

O seu obxectivo é ofrecer información actualizada, prác- tica e interactiva aos solicitantes, tanto do proceso como dos requisitos e documentación para a adopción nacional como internacional, ademais de información útil respec- to á adopción (como estatísticas, enlaces, documentos ou a guía interactiva para coñecer onde adoptar).

Ademais abre a porta para que, directamente desde o portal, os usuarios poidan formular todas aquelas con- sultas que desexen e inscribirse aos sesións informativas e cursos de formación.

Adopción nacional

A adopción constitúe o acto xurídico mediante o que se establece unha relación de filiación entre os adoptantes e o/a menor, extinguíndose así os vínculos deste/a coa súa familia de orixe, e integrándose plenamente no seu novo núcleo familiar cunha equiparación plena de derei- tos coa familia biolóxica.

Na nosa Comunidade autónoma os menores susceptibles de seren adoptados son tutelados pola Xunta de Galicia, quen se encarga de propoñer a adopción ao xuíz


En 2010 presentáronse un total de 223 novas solicitudes de adopción nacional e producíronse 59 autos de adop- ción, 19 deles de recen nacidos cuxos pais consentiron en entregalos/as en adopción.

► Datos estatísticos de adopción nacional:

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
Solicitudes abertas	102	30	28	79	239
Solicitudes idóneas. Lista de espera	466	246	164	460	1.336
Resolucións de acollemento preadoptivo	11	3	11	33	58
Propostas de adopción realizadas	14	4	1	22	41
Autos de adopción producidos	11	7	6	32	56

► Evolución:

	Solicitudes de adopción nacional presentadas	Autos de adopción nacional producidos
2005	205	77
2006	221	33
2007	206	76
2008	180	58
2009	239	56
2010	223	59



Adopción internacional

A adopción internacional concíbese como un recurso de protección para aqueles menores que non se poden integrar no seo da súa familia e do seu propio país. Ten lugar cando se produce un traslado dun menor con fins adoptivos dende o seu estado de orixe, onde reside, cara a outro Estado no que residen os país adoptivos. Na adopción dun menor de orixe estranxeira intervéñ, ademais da lexislación española, a do país de orixe do neno ou nena.

Entidades colaboradoras de mediación en adopción internacional (ECAI)

O convenio da Haia de 1993, relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional, ratificado por España o 11 de xullo de 1995, prevé a posibilidade de que as funcións atribuídas á autoridade central (que na nosa comunidade autónoma lle corresponden á Consellería de Traballo e Benestar, a través da Secretaría Xeral de Familia e Benestar), poidan ser exercidas por organismos acreditados.

Estes organismos, entidades colaboradoras de adopción internacional (ECAI) deben ser habilitadas pola comunidade autónoma e polo país no que pretendan desenvolver a súa actividade.

No ano 2010, as seguintes entidades desenvolveron este traballo en Galicia:

- ACI - Asociación para el Cuidado de la Infancia**
r/ San Andrés nº 56 - 6º C - 15003 A CORUÑA
Tel. 881 893 227 - galicia@aciadopcion.org - www.aciadopcion.org
Países habilitados: China, Filipinas, Vietnam
- Adecop/ Galicia**
r/ Emilia Pardo Bazán, Nº 22 A, 2º esquerda - 15005 A CORUÑA
Tel. 981 122 122 - galicia@adecop.org - www.adecop.org

r/ García Barbón, 30-4º Oficina 4ª - 36201 Vigo
PONTEVEDRA
Tel. 986 224 916 - galicia@adecop.org - www.adecop.org
Países habilitados: Colombia, Perú, Panamá, Vietnam

- Addis-Galicia - Asociación pro Dereitos da Infancia**
r/ Gran Vía, 146 entrechán - 36211 Vigo PONTEVEDRA
Tel. 886 116 226 - ecai@addisgalicia.org - www.addisgalicia.org
Países habilitados: Etiopía, Burundi, Burkina Fasso
- Balbalika**
r/ Doctor Cadaval, 21 - Planta 2ª - Oficina nº 10 - 36202 Vigo
PONTEVEDRA
Tel. 986 220 602 - galicia@ecaibalbalika.com - www.ecaibalbalika.com
Países habilitados: Etiopía
- Balms-Fundación para la Infancia.**
r/ Reconquista, 9 entrechán - 36201 Vigo PONTEVEDRA
Tel. 986 443 143 - fundacion@fundacionbalms.org - www.fundacionbalms.org
Países habilitados: Colombia


- Interadop/Galicia**
r/ Reiseñor, 10 entrechán - Oficina 2 - 36205 Vigo
PONTEVEDRA
Tel. 986 265 672 - interadopgalicia99@hotmail.com - http://interadop.adopcion.org
Países habilitados: China, Vietnam.
- Piao**
Emilia Pardo Bazán, Nº 22 A, 2º dereita - 15005 A CORUÑA
Tel. 981 122 122 - galicia@piao.org - http://piaoecai.com
r/ García Barbón, 30-4º Oficina 4ª - 36201 Vigo
PONTEVEDRA
Tel. 986 224 916 - galicia@piao.org - http://piaoecai.com
Países habilitados: China, Etiopía

Preasignación de menores comunicadas en adopción internacional, por países - 2010:

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
Brasil	1			1	2
Bulgaria	1				1
China	14	1	4	9	28
Colombia	12	4	2	8	26
Costa de Marfil	1				1
Etiopía	47	10	3	39	99
Filipinas	5	4	1	5	15
Hungría	9				9
Kazakhstán	2		2	3	7
Nepal				1	1
Perú	1				1
Polonia	2				2
Rusia	3	2		4	9
Ucráina		1		8	9
Vietnam	37	6	6	30	79
Total	135	28	18	108	289

Evolución:

	Solicitudes de adopción internacional presentadas	Preasignación de menores en adopción internacional
2005	658	109
2006	614	332
2007	509	231
2008	344	175
2009	361	221
2010	364	289



2.2.1.4 Programa Mentor

O proxecto Mentor é un recurso mediante o que se trata de proporcionar información, formación e acompañamento á inserción dos menores tutelados ou en garda pola Administración autonómica co fin de que poidan conseguir unha inserción laboral e social plenamente independente.

Poden ser beneficiarios do programa todos os maiores de 16 anos e menores de 21 que estean ou teñan estado baixo a tutela ou garda da Administración autonómica, acollidos en centros residenciais ou noutros dispositivos asistenciais no ámbito de menores.

No ano 2010, a poboación sobre a que incidiu o programa estivo formada por un total de 422 menores, coa seguinte distribución provincial:

	Total
A Coruña	130
Lugo	78
Ourense	87
Pontevedra	127
Total	422

Os obxectivos principais do programa son os de:

- Facilitar aos mozos o acceso a cursos de formación ocupacional de acordo coas súas habilidades.
- Asesoralos e acompañalos na súa inserción laboral.
- Preparalos, a través do acollemento en vivendas tuteladas, para o desenvolvemento dunha vida cotiá plenamente autónoma.

No 2010, acadaron a inserción laboral, mediante a sinatura de contratos de traballo, 70 mozos e mozas, coa seguinte distribución:

	Total
A Coruña	13

Lugo	14
Ourense	28
Pontevedra	15
Total	70

Orzamento:1.422.970,37 euros.

Fondos propios	
Xunta de Galicia	371.245,03
Fondos cofinanciados	
Fondo Social Europeo (80%)	841.380,27
Xunta de Galicia (20%)	210.345,07
Total	1.422.970,37

2.2.1.5 Programa de integración familiar (PIF)

Este programa, mediante unha intervención educativa, terapéutica e asistencial nos seus núcleos familiares de referencia, ten un dobre obxectivo:

- Acadar a integración familiar de menores que foron separados das súas familias por atoparse en situación de desprotección.
- Evitar a separación familiar e o previsible internamento dos menores que ofrecen evidentes indicadores de risco de desprotección.

Familias e menores atendidos

Nenos atendidos:

	Reunificación familiar	Preservación familiar	Total nenos atendidos
A Coruña	37	31	68
Lugo	36	38	74
Ourense	34	33	67
Pontevedra	41	23	64
Total	148	125	273

Familias atendidas:

	Reunificación familiar	Preservación familiar	Total familias atendidas
A Coruña	23	17	40
Lugo	22	20	42
Ourense	21	14	33
Pontevedra	27	10	37
Total	93	61	152

Orzamento: 419.045,03 euros

Deste orzamento, a Secretaría Xeral de Familia e Benestar achegou 204.638,15 euros, o Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade 72.321,85 euros e a Fundación Meniños 142.085,03 euros.

2.2.1.6 Programa de atención a familias con problemas cos seus fillos


O “Programa de atención a familias con problemas cos seus fillos” é desenvolvido en colaboración coa Asociación de Terapia Familiar e Mediación de Galicia, a través de profesionais titulados en Terapia Familiar pola Federación Española de Asociacións de Terapia Familiar.

Os beneficiarios do programa son menores e familias usuarias dos servizos sociais especializados da Xunta de Galicia, que teñen fillos en situación de risco ou conflito social, en situación de tutela ou garda ou que teñen que cumprir unha medida xudicial. Os obxectivos do programa son fomentar os recursos da familia no afrontamento e resolución de problemas, dotalos de estratexias educativas para o establecemento de normas e límites no seu seo, mellorar as súas habilidades de comunicación e a conduta asertiva e consolidar os lazos emocionais e efectivos entre eles.

As principais problemáticas que atende son as dificultades na convivencia familiar, agresividade cara aos seus membros e deterioro das relacións paterno-filiais, desbordamento e desestruturación parental, dificultades na aula e no centro escolar, absentismo escolar, dificultades para o cumprimento e acatamento de normas, predelin-cuencia (furtos, gamberrismo, etc.), consumo e abuso de drogas, conduta agresiva e violencia, delincuencia e problemas coa lei e outras que poidan xurdir unha vez detectados indicios de violencia no fogar.

Programa de Atención a Familias con problemas cos seus fillos

	Total casos atendidos		Novos casos 2010	
	familias	menores	familias	menores
A Coruña	34	34	21	21
Lugo	14	15	7	7
Ourense	38	39	18	19
Pontevedra	128	148	76	87
Total	214	236	122	134



Orzamento: 81.000,00 euros

2.2.1.7 Programa socio educativo “na rúa”

Está destinado a nenos/as, preferentemente adolescen- tes de 14 a 18 anos, e as súas familias.

Ten como obxectivo xeral favorecer procesos de inser- ción social de menores e familias, a través dunha inter- vención socioeducativa e preventiva. Abarca diferentes contextos: persoal e grupal, familiar, escolar, prelaboral e sociocomunitario. Préstanse servizos de atención indivi- dualizada e grupal: obradoiros socioeducativos, oferta de actividades de lecer, mediación escolar, reforzo educati- vo, mediación familiar e intervención comunitaria.

Este programa desenvólvese nos concellos de Vigo e A Coruña dende xullo de 2009. Dispón de 15 prazas en cada concello.

- Orzamento: 229.800 euros.

- Beneficiarios

En 2010 beneficiáronse deste programa 32 menores e 18 familias.

2.2.1.8 Programa de intervención ambulatoria con adolescentes que teñan aberto expediente de protección e en conflito social

Este programa ten por obxecto a asistencia individualiza- da e especializada nos eidos psicolóxico e socioeducati- vo dos menores que presentan perfís caracterizados por condutas disociais, comisión de delitos, consumo de dro- gas, fracaso, expulsión e/ou violencia escolar, pertenza a pandillas disociais, trastornos psicopatolóxicos, etc. O programa desenvólvese na cidade de Vigo.

- Orzamento 108.150 euros.

- Beneficiarios

O número de menores atendidos no ano 2010 foi de 67, dos cales 20 xa iniciaran tratamento o ano anterior. Destes menores 32 seguen en tratamento e 35 finalizaron no programa. Así mesmo, cómpre destacar que un 33% tiñan previamente aberto ou abríuselles posteriormente expediente no Xulgado de Menores.

2.2.1.9 Teléfono da infancia

O teléfono da infancia constitúese como unha liña gratuí- ta que ademais de proporcionar unha atención inmediata a situacións urxentes e problemáticas, pode facilitar aos menores unha vía de apoio, escoita ou de simple coñece- mento das súas inquietudes e necesidades. Os usuarios do servizo son os menores que precisen axuda e orienta- ción, así como as súas familias.

Ademais o teléfono da infancia está dirixido a todas as persoas que coñezan casos de malos tratos á infancia ou que demanden información sobre os recursos e asesora- mento en temas referentes aos dereitos da infancia.

- Total das chamadas por provincias:

	Total	%
A Coruña	790	46%
Lugo	156	9%
Ourense	118	7%
Pontevedra	518	30%
Resto España	10	1%
Outras/sen clasificar	127	7%
Total	1.719	100%

- Tipoloxía das chamadas:

	Total	%
Internamento	95	5,5%
Comunicación/sospeita de Maltrato	170	9,9%
Problema de conduta	95	5,5%

Asesoramento	347	20,2%
Dificultades na estrutura ou dinámica familiar	152	8,8%
Dificultade na relación cos pais	76	4,4%
Problemas escolares	44	2,6%
Adiccións	5	0,3%
Embarazo	3	0,2%
Problemas xudiciais	97	5,6%
Información	480	27,9%
Outros	121	7,0%
Coordinación	34	2,0%
Total	1.719	100%

- Procedencia da chamada segundo o interlocutor:

	Total	%
Menor	170	10%
Pai/ nai ou titor	724	42%
Outro familiar	160	9%
Veciño/coñecido	121	7%
Profesional	298	17%
Anónimo	176	10%
Outros	70	4%
Total	1.719	100%

- Tipoloxía das comunicacións/sospei- tas dalgunha situación de maltrato:

	Total	%
Maltrato físico	29	17%
Maltrato emocional	9	5%
Abandono físico e/ou negligencia	96	56%
Abuso sexual	3	2%
Situación risco social	25	15%
Abandono	1	1%
Explotación laboral	1	1%
Corrupción de menores	0	0%
Maltrato prenatal	0	0%
Síndrome de Munchausen	0	0%
Outras	6	4%
Total	170	100%

- Orzamento.

O orzamento deste programa vai incluído no

orzamento de Telefono Social que ademais da liña telefónica da infancia, inclúe: maiores, discapacitados e dependencia.

O orzamento total do ano 2010 foi de 178.905,84 euros

2.2.1.10 Axudas de prevención e apoio a familias en si- tuacións carenciais graves para a preservación dos menores no seu medio

Estas axudas teñen por finalidade proporcionar apoio económico e profesional ás familias para garantir a aten- ción adecuada aos seus fillos e favorecer a permanencia destes no seu medio, evitando os riscos de desestrutu- ración familiar. Así mesmo facilitar á unidade familiar a adquisición de habilidades de atención, coidado e educa- ción dos menores e mellorar a capacidade de autoorgani- zación do núcleo familiar.

No ano 2010, introdúcense unha serie de novidades con relación ao ano anterior; sinálanse como as mais relevan- tes as seguintes:

- Inclúense os menores de tres anos: en anteriores convocatorias, os menores entre 0 e 3 anos non da- ban dereito ás axudas
- Inclúense, como membros da unidade familiar, os acolleedores, calquera que sexa o parentesco (no 2009, só se incluía aos avós). Se o acollemento é re- tribuído, esta retribución tense en conta como ingre- sos da unidade familiar.
- Esíxese que ningún dos membros da unidade familiar sexa beneficiario da Renda de Integración Social de Galicia
- A obtención destas axudas é incompatible coa asis-

tencia dos menores para os que se solicita a axuda a un centro de atención de día, do sistema de protección de menores da Xunta de Galicia.

- Establécense criterios comúns de reparto para todas as provincias

Beneficiarios e orzamento:

Axudas concedidas para prevención e apoio ás familias

	nº de menores	nº de familias	Contía total
A Coruña	754	303	419.890,00
Lugo	259	116	204.000,00
Ourense	187	56	216.000,00
Pontevedra	324	124	359.127,00
Total	1.524	599	1.199.017,00

O número de solicitudes presentadas en toda a comunidade autónoma foi de 1.836. Destas foron concedidas 599 o que supón un total do 32,62% do total das presentadas.

2.2.1.11 Bolsas para a realización de prácticas nos centros de atención a menores dependentes da Consellería de Traballo e Benestar

Mediante este programa concédense bolsas para a realización de prácticas nos centros de internado de menores dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, destinadas a persoas menores de 25 anos, que estean cursando ou teñan rematados estudos de formación profesional de grao superior en animación sociocultural, animación de actividades físicas e deportivas e integración social, ou estudos universitarios ou de doutoramento de psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, mestre de educación primaria ou educación física, traballo social e educación social, e que non estean realizando actividades profesionais remuneradas por conta propia ou allea, nin reciban bolsas similares ás deste programa.

A concesión da bolsa comporta para o beneficiario o aloxamento e mantenza gratuítos no centro durante todo o tempo de realización das prácticas; ademais, comprende unha partida para os custos de matrícula e adquisición de libros, e o pagamento dunha contía mensual de 120 euros durante nove meses en concepto de bolsa.

Estas prácticas, logo das que se recibe un diploma acreditativo, supoñen ademais a posibilidade de poder solicitar ás universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, no caso de ser alumnos destas, 2 créditos de libre elección curricular.

Bolsas para a realización de prácticas en centros de menores

	nº de prazas convocadas	Bolsas concedidas	Renuncias
A Coruña	8	8	1
Lugo	1	1	-
Ourense	4	3	0
Pontevedra	0	-	-
Total	13	12	1

Orzamento:

O importe total das axudas establecidas na Orde do 2010 foi de 18.330 euros, correspondendo 8.970 euros ao exercicio corrente (ano 2010) e 9.360 euros ao exercicio para futuros (ano 2011).

2.2.2 Atención a menores en situación de conflito social

Son múltiples e variadas as causas ou circunstancias que poden levar a un menor a delinquir, tal como se recolle no Ditame do Comité Económico e Social Europeo sobre La prevención de la delincuencia juvenil, los modos de tratamiento de la delincuencia juvenil y el papel de la justicia del menor en la Unión Europea, subliñando as seguintes como as máis aceptadas e que se refiren especialmente a factores socioeconómicos e socioambientais: desestruturación das familias, marxinação socioeconómica, absentismo e fracaso escolar, desemprego, consumo de drogas, violencia, trastornos de personalidade, falta de valores sociais e cívicos, etc.

As causas mencionadas fan pensar na necesidade de combinar distintas estratexias de intervención (preventivas, educativas, xudiciais...) para paliar o comportamento violento e facer fronte á delincuencia xuvenil.

2.2.2.1 Normativa básica

- Lei orgánica 5/2000 do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (BOE nº 11, do 13.01.2000), modificada pola Lei orgánica 8/2006 de 4 de decembro (BOE nº 290, do 5.12.2006).
- Real decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (BOE nº 209, do 30.08.2004).

Suxeitos sobre os que se aplica a normativa

A lei aplicárase para exixir a responsabilidade das persoas maiores de catorce anos e menores de dezoito pola comisión de feitos tipificados como delitos ou faltas no Código penal ou as lei penais especiais.


2.2.2.2 Programas de execución de medidas xudiciais

A Secretaría Xeral de Familia e Benestar, a través do Servizo de Atención a Menores en Situación de Conflito Social, leva a cabo as actuacións necesarias para a execución das medidas previstas na Lei orgánica 5/2000, así como na normativa vixente relacionada, a través do Programa de execución de medidas xudiciais de internamento e do Programa de execución de medidas xudiciais en medio aberto..

Esta capacidade de actuación vén dada en virtude do artigo 45 da mencionada lei no que se establece que corresponde ás comunidades autónomas a execución das medidas adoptadas polos xuíces de menores nas súas sentencias firmes, podendo establecer estas, os convenios ou acordos de colaboración necesarios con entidades, ben sexan públicas, da Administración do Estado, local ou doutras comunidades autónomas, ou privadas sen ánimo de lucro, baixo a súa supervisión, sen que isto supoña, en ningún caso, a cesión da responsabilidade derivada da dita execución.

Datos xerais sobre a execución das medidas ano 2010

	De internamento	En medio aberto	Total
A Coruña	148	464	612
Lugo	35	115	150
Ourense	47	127	174
Pontevedra	103	404	507
Total	333	1.110	1.443



► Evolución da execución das medidas xudiciais

	De internamento	En medio aberto	Total
2005	267	707	974
2006	289	698	987
2007	291	864	1.115
2008	269	919	1.188
2009	311	893	1.204
2010	333	1.110	1.443

Datos xerais sobre menores afectados

As medidas xudiciais que estiveron en execución durante o ano 2010 afectaron a un total de 946 menores maiores de catorce anos.


► Menores segundo sexo:

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	339	48	387
Lugo	94	7	101
Ourense	94	18	112
Pontevedra	293	53	346
Total	820	126	946

► Idade dos menores no momento da comisión dos feitos delituosos:

14 anos	15 anos	16 anos	17 anos
145	232	353	325

Nota: a suma total das idades non coincide co número total de menores que estiveron executando medidas xudiciais porque houbo menores que cometeron varios feitos delituosos no mesmo ano pero con idades diferentes



► Evolución do número de menores que executaron medidas xudiciais

2005	2006	2007	2008	2009	2010
608	648	772	822	818	946

Delitos e faltas

Os delitos e faltas máis frecuentes cometidos polos menores que executaron medidas xudiciais durante o ano 2010 foron:

► Delitos:


Roubo con violencia e intimidación nas persoas, roubo con forza nas cousas, malos tratos no ámbito familiar, lesións, contra a seguridade do tráfico, roubo e furto de uso de vehículos a motor, furto e danos.

► Faltas:

Lesións, furto, danos, ameazas e maltrato.

► Orzamento programas de execución de medidas xudiciais 2010

	importe en euros
Programa de execución de medidas xudiciais en medio aberto	1.556.007,26
Programa de execución de medidas xudicais de internamento	7.959.217,53
Total	9.515.224,79



► Programa de execución de medidas xudiciais de internamento

Ten por obxecto a execución das medidas de internamento impostas polos xuíces de menores e recollidas no artigo 7 da Lei orgánica 5/2000 (BOE nº 11, do 13.01.2000) en centros que, cumprindo a normativa, dispoñan dun ambiente axeitado para que o menor poida reorientar o seu comportamento antisocial. As ditas medidas son: internamento terapéutico (en réxime pechado, semiaberto e aberto), internamento pechado, internamento semiaberto, internamento aberto e permanencia de fin de semana en centro.

Coa excepción da permanencia de fin de semana en centro, o resto das medidas poden ser impostas tanto de xeito cautelar como en sentenzas firmes.

► Medidas de internamento por tipo de medida de xestión

	Total
I. Terapéutico cautelar (pechado, semiaberto e aberto)	15
I. Pechado cautelar	9
I. Semiaberto cautelar	34
I. Aberto cautelar	2
I. Terapéutico (pechado, semiaberto e aberto)	30
I. Pechado	25
I. Semiaberto	149
I. Aberto	22
Permanencia fin semana en centro	47
Total	333

► Menores afectados por medidas de internamento e provincia de xestión

A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
89	26	35	66	216

Nota: O cómputo total de menores con medidas de internamento e medio aberto non coincide co número total de menores que executaron medidas (818), xa que hai menores que executaron medidas dos dous tipos (de internamento e de medio aberto)

► Recursos para a execución das medidas de internamento

Centros de Internamento	Prazas	Menores atendidos
C. Reed. Específico Concepción Arenal		
Rexime: Pechado, semiaberto e aberto Provincia: A Coruña	32	74
C. Educativo Monteledo		
Rexime: Pechado, semiaberto e aberto Provincia: Ourense	30	79
C. Educativo de Atención Específica Montefiz		
Rexime: Terapéutico Provincia: Ourense	22	55
C. Educativo Avelino Montero		
Rexime: Aberto e semiaberto Provincia: Pontevedra	22	28
Total	106	-

Nota: A suma dos menores non é coincidente co número total de menores que executaron medidas de internamento porque algúns deles estiveron en varios centros

► Outras actuacións no ano 2010

- Incremento de prazas de internamento no Centro de Reeducación Concepción Arenal. A 1 de xaneiro de 2010 o centro contaba con 28 prazas pola entrada en vigor dunha addenda asinada no mes de decembro de 2009, o centro pasaba así de ter 25 prazas a 28. En xullo do ano 2010, e ante a necesidade de prazas de internamento debido a constante sobreocupación, asínase outra addenda aumentando ata 32 o número de prazas.
- Incremento de 5 prazas no Centro de Atención Específica Montefiz (Ourense). Pasou de 17 prazas a 22 no mes de outubro do ano 2010.

► Orzamento internamento 2010:

7.959.217,53 euros.

Medidas de medio aberto en execución durante o ano 2010

Ten por obxecto a execución de aquelas medidas xudiciais descritas no artigo 7 da Lei orgánica 5/2000 (BOE nº 11, do 13.01.2000) que non supoñen privación de liberdade. A intervención educativa desenvólvese na propia comunidade adoptando, esta última, un papel normativo e de integración social dos menores.

Á Secretaría Xeral de Familia e Benestar correspóndelle executar as seguintes medidas de medio aberto:

- Tratamento ambulatorio: consiste na asistencia ao centro asignado coa periodicidade requirida polos facultativos seguindo as pautas fixadas para o axeitado tratamento da anomalía ou alteración psíquica, adicción ao consumo de bebidas alcohólicas, drogas tóxicas ou substancias psicotrópicas ou alteracións da percepción que padezan.
- Asistencia a un centro de día: as persoas sometidas a esta medida residirán no seu domicilio habitual e acudirán a un centro plenamente integrado na comunidade, para realizar actividades de apoio, educativas, formativas, laborais ou de ocio.
- Permanencia de fin de semana no domicilio: as persoas sometidas a esta medida permanecerán no seu domicilio ata un máximo de 36 horas, entre a tarde ou noite do venres e a noite do domingo, a excepción do tempo que deban dedicar ás tarefas socioeducativas asignadas polo xuíz.
- Liberdade vixiada: implica o seguimento da actividade da persoa sometida a ela e da súa asistencia á escola, ao centro de formación profesional ou lugar de traballo, segundo os casos, procurando axudala a superar os factores que determinaron a infracción cometida. Esta medida obriga, de ser o caso, a seguir as pautas socioeducativas sinaladas pola entidade públi-

ca ou polo profesional encargado do seu seguimento, de acordo co programa elaborado e aprobado polo xuíz de Menores. A persoa sometida a esta medida tamén queda obrigada a manter co dito profesional as entrevistas establecidas no programa e a cumprir, no seu caso, as regras de conduta impostas polo xuíz.

- Convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo: a persoa a que se lle impón esta medida debe convivir, durante o período de tempo establecido polo xuíz, con outra persoa, cunha familia distinta da súa, ou cun grupo educativo, axeitadamente seleccionado para orientala no seu proceso de socialización.
- Prestacións en beneficio da comunidade: esta medida non se poderá impoñer sen o consentimento da persoa sometida a ela. Consiste na realización de actividades non retribuídas que se lle indiquen de interese social, en beneficio de persoas en situación de precariedade. Buscarase relacionar a natureza do ben xurídico lesionado polos feitos cometidos polo menor.
- Realización de tarefas socioeducativas: a persoa sometida a esta medida deberá realizar sen internamento nin liberdade vixiada, actividades específicas de contido educativo encamiñadas a facilitarlle o desenvolvemento da súa competencia social.

Medidas en medio aberto por tipo de medida de xestión

	Total
Tratamento ambulatorio	21
Asistencia a centro de día	36
Permanencia fin semana en domicilio	89
Liberdade Vixiada	
L.V. Cautelar	17
L.V. 2º período	106
L.V.	416
Convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo	
Convivencia... cautelar	16
Convivencia...	23

Prestacións en beneficio da comunidade	144
Tarefas socioeducativas	242
Total	1.110

Menores afectados por medidas de medio aberto e provincia de xestión

A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
347	94	92	319	852

Nota: O cómputo total de menores con medidas de internamento e medio aberto non coincide co número total de menores que executaron medidas (818), xa que hai menores que executaron medidas dos dous tipos (de internamento e de medio aberto)

Recursos para a execución das medidas de medio aberto

- Equipos de xestión de medidas xudiciais dos Departamentos Territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

Nota: O equipo de xestión de medidas xudiciais do Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar en Vigo (Pontevedra) conta con dous educadores para a execución das medidas xudiciais de medio aberto

- Centros de atención de día/equipos de medio aberto:

Localidade	Entidade	Prazas
CIEMMA (Centro de Intervención e Execución de Medidas Xudiciais en Medio Aberto)		
A Coruña	Fundación Camiña Social	10
Centro de atención de día Dignidade-Oleiro		
Lugo	Dignidade	12
Centro de atención de día Arela López Mora		
Vigo	Arela	12
Centro de atención de día Arela Echegaray		
Pontevedra	Arela	12
Centro de atención de día Aclad-Alborada		
Vigo	Aclad-Alborada	20
Centro de atención de día Andén 95		
Ourense	Trama	10

Nota: O persoal dos centros de día tamén colabora na execución das outras medidas xudiciais de medio aberto.

- Entidades públicas e privadas que colaboran na execución da medida xudicial de prestacións en beneficio da comunidade:

Cruz vermella
Entidade Igrexa Evanxélica Exército de Salvación
Aspnais
Fundación San Rosendo
Cogami
Asociación Integro

- Concellos colaboradores para a execución da medida xudicial de P.B.C. (Protocolo xeral entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Federación Galega de Municipios e Provincias asinado o 9 de xuño de 2006): en total **70 concellos**.

Orzamento medio aberto 2010:

1.556.007,26 euros

2.3 Inclusión social e cooperación coas corporacións locais

2.3.1 Cooperación coas corporacións locais: servizos sociais comunitarios

Os servizos sociais comunitarios, de carácter local, forman unha rede integrada a través dos centros de servizos sociais e as unidades de traballo e educación social, de maneira que constitúen o punto de acceso habitual ao Sistema Galego de Servizos Sociais de proximidade, nos que se presta atención básica e desenvolven programas de servizos sociais acordes coas necesidades da poboación cara á prevención, o tratamento social e a reinserción.

O Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais de Corporacións Locais articula unha cooperación económica e técnica na que se integran as corporacións locais, prestadoras directas dos distintos programas, garantindo unha rede pública de apoio social que supón a porta de entrada a este sistema a través dos concellos, de acceso fácil e efectivo a todas as persoas, familias e colectivos, especialmente aos que se atopan en situacións de necesidade.

Entre as finalidades máis salientables dadas polos servizos sociais comunitarios están:

A elaboración de estudos e dun diagnóstico social da comunidade e análise das súas necesidades e demandas.

A elaboración dun plan de intervención comunitario acorde coas necesidades detectadas ou anticipadas no diagnóstico social.

A identificación de grupos de poboación vulnerables e a detección precoz de situacións de risco para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social.

A atención das situacións individuais e familiares, a in-

formación en relación coas demandas presentadas, o diagnóstico e a valoración técnica previa e a consecuente intervención no caso.

A participación na xestión das prestacións económicas e o seguimento dos correspondentes proxectos personalizados de intervención nos termos establecidos na memoria específica en materia de inclusión social.

A xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable.

A información, a orientación e o asesoramento a toda a poboación, facilitando o seu acceso aos recursos sociais.

O fomento da participación activa da cidadanía mediante estratexias socioeducativas que impulsen a solidariedade e a cooperación social organizada.

2.3.1.1 Financiamento e coordinación dos servizos sociais comunitarios

O Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais é un instrumento fundamental de financiamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, enfocado a garantir prestacións básicas aos cidadáns en situacións de necesidade. Non obstante, para o financiamento da prestación do servizo de axuda no fogar en favor de persoas en situación de dependencia a través dos servizos sociais comunitarios, tamén se achegan parte dos fondos destinados á atención de persoas en situación de dependencia, a maiores dos fondos do plan concertado.

Orzamento


A Consellería de Traballo e Benestar, en colaboración co Ministerio de Sanidade e Política Social e os concellos, investiu nesta área de actuación en 2010 a cantidade de 51.208.863 euros o que supón un incremento do 4,11 % respecto aos

49.189.165 euros investidos en 2009 e do 242% respecto os 14.961.330 euros investidos no ano 2001.

Este orzamento permite a expansión da atención á totalidade dos concellos da comunidade autónoma, o que supón a cobertura do 100% da poboación galega, cunha ratio por habitante de 17,59 euros, coa seguinte distribución provincial:

	Padrón 2010	Total subvención	Ratio
A Coruña	1.146.458	19.582.814,72	17,08
Lugo	353.504	10.985.467,71	31,08
Ourense	335.219	9.007.804,05	26,87
Pontevedra	962.472	11.632.776,67	12,09
Total	2.797.653	51.208.863,15	18,30



Ratio por habitante



Tipo de subvención:

A distribución por tipo de subvención das contías concedidas durante 2010 foi a seguinte:


	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
Persoal	4.967.161,20	2.318.593,24	2.386.919,93	3.405.439,34	13.078.113,71
Mantemento	57.031,28	59.451,58	51.187,93	28.796,53	196.467,32
Axuda no fogar	13.106.598,43	8.074.556,96	6.109.673,77	7.134.756,11	34.425.585,27
Xestión programas	565.780,00	173.077,68	324.819,08	421.467,28	1.485.144,04
Investimentos	886.243,81	359.788,25	135.203,34	642.317,41	2.023.552,81
Total	19.582.814,72	10.985.467,71	9.007.804,05	11.632.776,67	51.208.863,15



► Evolución

A evolución do Plan Concertado desde 2001 foi o seguinte:

	Total
2001	14.961.330
2002	15.562.676
2003	16.281.922
2004	18.364.409
2005	20.050.183
2006	37.322.842
2007	40.841.108
2008	45.015.185
2009	49.186.165
2010	51.208.863



2.3.1.2 Axuda no fogar

É un servizo público que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, especialmente naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou en casos de desintegración familiar facilitando a permanencia no seu propio contorno.

► Contido do servizo

No servizo de axuda no fogar, de conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso, poderán prestarse os seguintes tipos de atencións de carácter básico:

- Atencións de carácter persoal na realización de actividades básicas da vida diaria no propio domicilio.
- Acompañamento persoal para a realización de actividades ou trámites urxentes ou sanitarios
- Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda: servizos de lavandería ou alimentación a domicilio.

Así mesmo, poderán prestarse servizos de carácter complementario como: de desenvolvemento de hábitos saudables, servizo de podoloxía, fisioterapia ou teleasistencia, etc.

Con carácter excepcional poderán incluírse determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria.

En todo caso as atencións prestadas teñen un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa ou persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilita e promove a súa autonomía.

► Destinatarios principais

- As persoas en situación de dependencia valorada, no marco do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.
- A familia, nos casos de enfermidade, hospitalización e outras causas de impedimento temporal dalgún dos membros esenciais para o normal funcionamento da vida familiar.
- Persoas maiores, buscando estímulos que lle permitan vivir autonomamente no seu domicilio.
- As persoas discapacitadas ou enfermas, sen total autonomía coa realización de tarefas persoais e


domésticas ou de atención e vixilancia continua.

- A infancia, nas situacións de conflito psico-familiar grave ou de vixilancia e atención necesarias cando os membros da familia non poidan garantilas.
- Os drogodependentes suxeitos a tratamentos domiciliarios de desintoxicación.

► Orzamento e beneficiarios

O importe total destinado ao financiamento durante exercicio 2010 ascendeu a 34.425.585,27 euros, supoñendo un incremento do 18,18% (5.295.318 euros) con respecto ao exercicio 2009. A distribución provincial do financiamento do programa en 2010 foi a seguinte:

	Axuda no fogar
A Coruña	13.106.598,43
Lugo	8.074.556,96
Ourense	6.109.673,77
Pontevedra	7.134.756,11
Total	34.425.585,27




No ano 2009 rexistrouse un incremento de 1.665 usuarios no programa de axuda no fogar, pasando de 17.275 usuarios a 31 de decembro de 2008 a 18.940 a 31 de decembro de 2009, o que supón un incremento porcentual do 9,64%. Do total de 18.940 usuarios a 31 de decembro, 5.489 usuarios tiveron acceso a este

recurso ao ter tramitado o correspondente expediente de dependencia. Desde 1999 os usuarios deste programa pasaron de 7.515 a 18.940, o que supón un incremento porcentual do 152%.

A evolución da atención no fogar desde 2001 foi a seguinte:

	Total
2001	8.387
2002	9.135
2003	9.270
2004	12.227
2005	12.304
2006	13.801
2007	15.460
2008	17.275
2009	17.275
2010	20.000



2.3.1.3 Equipamento dos servizos sociais comunitarios

O gasto en investimento para estes equipamentos dos centros de atención primaria, en 2010, ascendeu a

2.023.552,81 euros. Con cargo a este concepto fináncian-se equipamentos propios de servizos sociais comunitarios, tanto de carácter básico, como específico, así como outros investimentos en instalacións de titularidade municipal relacionados cos servizos sociais:

Centros sociais

Son centros de carácter polivalente dotados dos recursos materiais, humanos e financeiros a través dos que se desenvolven os programas básicos de actuación.

Centros ocupacionais

Son centros nos que se proporciona unha ocupación terapéutica para o axuste persoal, unha habilitación profesional para a integración laboral e unhas actividades convivenciais para a integración social.

Centros de acollida

Centro residencial dirixido a proporcionar aloxamento alternativo con carácter urxente e de forma temporal a persoas con graves conflitos convivenciais ou que por razóns excepcionais carezan de medio familiar axeitado véndose desprazadas do seu contorno habitual.

Albergues

Son centros dirixidos a procurar aloxamento temporal a indixentes, a transeúntes sen medios económicos, e a outras persoas que por determinadas circunstancias poidan atoparse en situacións de marxinación.

Centros de día e/ou residenciais para a atención de persoas maiores en situación de dependencia ou de persoas con discapacidade.

- Eliminación de barreiras arquitectónicas en instalacións de titularidade municipal

2.3.1.4 Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais (SIUSS)

O Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais (SIUSS) é a adaptación da ficha social (soporte documental técnico dos profesionais de traballo social) aos tempos da informática e das comunicacións. Enténdese, xa que logo, como a aplicación informática da ficha social pola que se coñece o perfil dos usuarios e permite a planificación e avaliación do sistema.

O SIUSS, constitúe un instrumento de axuda para acreditar a tarefa do persoal técnico dos servizos sociais comunitarios, sistematiza a información, valoracións, demandas e recursos e aporta unha información fiable e contrastada.

As melloras na aplicación chegan a través dos profesionais dos servizos, de tal forma que na versión 4.0 editada en 2009 e que se instalou no primeiro semestre de 2010, se amplían os seus módulos e se engaden o de violencia de xénero e o de maltrato infantil. Tamén existen melloras no troncal de aplicación e no módulo de axuda no fogar.

No 2010 estaban a funcionar co SIUSS 387 unidades de traballo social (UTS) en 265 centros de servizos sociais (CSS) dos 315 concellos de Galicia , coa seguinte distribución provincial.

	UTS
A Coruña	138
Lugo	74
Ourense	89
Pontevedra	86
Total	387

2.3.1.5 Manual de traballo, información e asesoramento de servizos sociais (MATIASS)

Este manual pretende ser un instrumento axeitado á realidade social diaria e que se pode utilizar a nivel de infor-

mación, asesoramento, apoio do tecido social, etc.

O contrato entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social de Galicia, obriga a esta entidade á actualización dos contidos desta ferramenta informática destinada aos servizos sociais comunitarios.

En decembro de 2010 todos os servizos sociais comunitarios dos concellos de Galicia teñen acceso ao MATIASS.

Durante o ano 2006 abriuse o acceso ao MATIASS ás entidades prestadoras de servizos sociais, rexistradas como tales no rexistro de entidades da Consellería de Traballo e Benestar, acadando no ano 2010 un total de 454 entidades con chave de acceso ao Manual de traballo información e asesoramento de servizos sociais.

Obxectivos do Manual

- Servir como instrumento de traballo para os profesionais dos servizos sociais de atención primaria.
- Ser unha ferramenta axeitada a toda as funcións propias dos servizos sociais, non só a nivel de xestión de prestacións.
- Promover a coordinación dos diferentes traballadores/as dos servizos sociais de atención primaria entre eles e con outros profesionais ou organismos.
- Prover instrumentos de utilidade aos técnicos que traballan nos servizos sociais de atención primaria para a promoción do tecido social (asociacionismo, iniciativa social...).
- Ofertar aos técnicos unha guía de recursos e prestacións relacionadas cos servizos sociais, actualizada e manexable.
- Prestar información sobre prestacións e recursos sociais, soportes documentais de traballo social, pautas e metodoloxía de traballo social, así como enderezos

de interese, enlaces coa internet, convocatorias de axudas nas diferentes áreas de actuación, exemplos prácticos, formación e normativa europea, estatal, autonómica e local.

2.3.1.6 O Plan de formación continua

O programa de formación dos profesionais técnicos dos servizos sociais comunitarios é deseñado e desenvolvido dende o Servizo de Cooperación coas Corporacións Locais. As accións formativas propostas aos profesionais inclúen: cursos presenciais de servizos sociais xerais, de técnicas, de atención a colectivos específicos, así como cursos sobre o SIUSS. Ademais inclúe outras accións formativas a distancia.

En 2010, impartíronse 9 accións formativas destinadas aos profesionais dos servizos sociais comunitarios, das cales 8 foron presenciais e 1 a distancia e con un total de 267 profesionais formados.

Cursos:

- Os servizos sociais comunitarios. Ciclo do proxecto. A coordinación dos servizos sociais comunitarios e os servizos sociais especializados en planificación e avaliación.
- Supervisión de casos nos servizos sociais comunitarios.
- O traballo en equipo e a dirección de equipos de traballo.

Cursos SIUSS (5): Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais SIUSS.

Cursos a distancia: Mediación familiar nos servizos sociais comunitarios.

2.3.2 Prestacións

2.3.2.1 Subvencións a entidades de iniciativa social

Axudas económicas a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais.


Normativa

Orde do 11 de marzo de 2010, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas na área de servizos sociais comunitarios e se procede a súa convocatoria (DOG nº 57, do 25.03.2010 e Resolución de publicación das subvencións concedidas no DOG nº 202, do 20.10.2010).

Orzamento e entidades beneficiarias

O número das actuacións (investimento, mantemento e promoción de actividades e programas) das diversas entidades ás que se lle concedeu axuda acadaron en 2010 un total de 166. O importe total das subvencións concedidas segundo o ámbito territorial das entidades beneficiarias e segundo a finalidade para a que se concederon foi a seguinte:

	Investimento	Mantemento	Promoción de actividades	Total
A Coruña	100.000	392.535	70.465	563.000
Lugo	30.000	82.017	117.983	230.000
Ourense	40.000	173.200	26.800	240.000
Pontevedra	100.000	362.000	0	462.000
Supraprovincial	120.000	274.260	170.150	564.410
Total	390.000	1.284.012	385.398	2.059.410



2.3.2.2 Renda de integración social de Galicia

A Renda de integración social de Galicia é unha prestación social destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles e acadar a súa autonomía e integración normalizada mediante un proxecto personalizado de inserción.

Normativa

- Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social (DOG nº 191, do 3.10.1991), modificada pola Lei 1/1999, do 5 de febreiro (DOG nº 36, do 22.02.1999)(Corrección de erros: DOG nº 70, do 14.04.1999), e pola Lei 16/2004, do 29 de decembro (DOG nº 254, do 31.12.2004).
- Decreto 374/1991, do 24 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 9/1991 do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social no relativo á renda de integración social de Galicia (DOG nº 214, do 5.11.1991) (Corrección de erros: DOG nº 245, do 19.12.1991)

Tipoloxía


A renda de integración social de Galicia, contempla dous tipos de medidas:

- ▶ Prestación económica.
- ▶ Proxecto de inserción, constituído por un conxunto de accións tendentes á mellora da integración persoal, familiar, social e, se é o caso, laboral do beneficiario.

Beneficiarios

Desde o inicio desta prestación en 1992 o número de persoas beneficiarias variou considerablemente pasando dos 554 iniciais a 4.988 a finais do ano 2010.

Evolución das persoas beneficiarias desde 2001	
2001	4.315
2002	4.310
2003	4.499
2004	4.173
2005	4.145
2006	4.225
2007	4.176
2008	4.350
2009	4.796
2010	4.988



Distribución das persoas beneficiarias en 2010 por provincias

	Beneficiarios	Porcentaxe
A Coruña	1.528	30,63%
Lugo	468	9,38%
Ourense	779	15,62%
Pontevedra	2.213	44,37%
Total	4.988	100,00%

Orzamento

O orzamento destinado ao pagamento desta prestación en 2010 foi de **22.555.013** euros. O subsidio básico da Renda de Integración Social de Galicia en 2010 foi de 399,38 euros, cun complemento familiar de 63,90; 53,25 e 42,60 euros polo primeiro, segundo e terceiro e máis membros adicionais respectivamente, ata o tope do 125% do IPREM, fixado en 532,50 euros en 2010.

Evolución das contías da renda de integración social de Galicia (RISGA) no período 2005-2010

	Nº convivintes				
	1	2	3	4	5
2005	305,37	352,35	389,93	418,12	446,31
2006	335,37	388,07	431,19	464,73	498,27
2007	374,40	434,30	484,22	524,16	564,10
2008	387,68	449,71	501,40	542,75	584,10
2009	395,43	458,70	511,42	553,60	595,78
2010	399,38	463,28	516,53	559,13	601,73

Perfil das persoas beneficiarias

O perfil típico da persoa beneficiaria de RISGA corresponde a unha muller menor de 44 anos de idade, solteira ou separada, que vive coa familia propia nuclear e que reside na súa meirande parte no medio urbano.

2.3.2.3 Axudas de emerxencia social

As axudas para situacións de emerxencia social consti-túen unha prestación económica de carácter extraordi-nario e de pagamento único, destinada a paliar situacións de emerxencia de persoas con fogares independentes afectados por un estado de necesidade.

Normativa

- Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social (DOG nº 191, do 3.10.1991), modificada pola Lei 1/1999, do 5 de febreiro (DOG nº 36 do 22.02.1999)(Corrección de erros: DOG nº 70 do 14.04.1999), e pola Lei 16/2004, do 29 de decembro (DOG nº 254, do 31.12.2004).
- Decreto 375/1991, do 24 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 9/1991 do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, no re-lativo ás axudas para situacións de emerxencia social (DOG nº 215, do 6.11.1991 e corrección de erros no DOG nº 245, do 19.11.1991).

Tipoloxía

As axudas para situacións de emerxencia social están destinadas a:


- Gastos imprescindibles para o uso da vivenda ha-bitual
- Gastos imprescindibles para o mantemento da habitabilidade da vivenda
- Gastos destinados a dotar a vivenda de equipa-mento mobiliario básico
- Gastos destinados a combater, con carácter ur-xente, necesidades primarias
- Gastos derivados do traslado de vivenda

Orzamento e nº de beneficiarios

En 2010, a Consellería de Traballo e Benestar destinou a esta prestación a cantidade total de 3.000.145 euros, da que se beneficiaron un total de 3.041 persoas.

Evolución das persoas beneficiarias e orzamentos desde 2001

	Beneficiarios	Orzamento
2001	1.413	1.416.181
2002	1.559	1.659.898
2003	1.834	1.760.929
2004	1.747	1.573.274
2005	1.915	2.164.549
2006	2.123	2.520.472
2007	2.074	2.576.244
2008	2.172	2.776.197
2009	2.410	2.992.582
2010	3.041	3.000.145



Distribución das persoas beneficiarias en 2010 por provincias

	Beneficiarios	Porcentaxe
A Coruña	693	22,79%
Lugo	364	11,97%
Ourense	413	13,58%
Pontevedra	1.571	51,66%
Total	3.041	100,00%

2.3.2.4 Pensións non contributivas

Son pensións que se configuran como dereitos subxectivos a favor daquelas persoas maiores de 65 anos ou menores cun grao de discapacidade maior ou igual aos 65% que non poden acceder a unha pensión contributiva do sistema da Seguridade Social, por non ter cotizado nunca ou non facelo o tempo necesario, e que carezan de recursos económicos suficientes para a súa subsistencia.

O seu obxectivo é estender a todos os cidadáns o réxime público da Seguridade Social, garantíndolles non só unha renda económica, senón tamén a asistencia médico-farmacéutica e os servizos sociais.

Normativa

- Lei 26/1990, do 20 de decembro, pola que se establecen na Seguridade Social prestacións non contributivas (BOE nº 306, do 22.12.1990).
- Real decreto 357/1991, do 15 de marzo, polo que se desenvolve, en materia de pensións non contributivas, a Lei 26/1990, do 20 de decembro (BOE nº 69, do 21.03.1991).
- Real decreto Lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (BOE nº 154, do 29.06.1994).
- Real decreto 2007/2009, do 23 de decembro, polo que se establecen normas para o recoñecemento do complemento ás persoas titulares de pensión de xubilación e invalidez da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva que residan nunha vivenda alugada (BOE núm. 313 do 29.12.2009) e artigo 42 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do estado para 2010.

- Decreto 180/2010, do 21 de outubro, polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario, a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas perceptoras do fondo de asistencia social e de persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos (DOG núm. 211 do 03.11.2010).

Tipoloxía

As pensións non contributivas contemplan os seguintes tipos de medidas:

- ▶ Pensión de xubilación na súa modalidade non contributiva, para persoas maiores de 65 anos.
- ▶ Pensión de invalidez na súa modalidade non contributiva, para persoas de idade comprendida entre os 18 e os 65 anos cun grao de minusvalidez determinado.
- ▶ Complemento por residencia en vivenda alugada ás persoas titulares destas pensións.


Beneficiarios

No período comprendido entre decembro de 1992 e decembro de 2010, o número de persoas beneficiarias das pensións non contributivas incrementouse en 35.242 persoas, acadando un total de 46.479 pensionistas.

A súa distribución provincial segundo o tipo de pensión é o seguinte:

	Invalidez	Xubilación	Total
A Coruña	6.711	12.036	18.747
Lugo	1.894	3.610	5.504
Ourense	2.534	4.146	6.680
Pontevedra	6.414	9.134	15.548
Total	17.553	28.926	46.479

Distribución provincial das pensións non contributivas e porcentaxes:



Orzamento

O orzamento destinado en Galicia ao pagamento destas pensións pasou de 32.755.033 euros en 1992 a **224.993.289** euros en 2010.

O importe máximo das pensións non contributivas en 2010, tanto na modalidade de xubilación como de invalidez, foi de 339,70 euros.

Na pensión de invalidez se o grao de discapacidade é superior ao 75% e, ademais, se cumpren os requisitos establecidos nun baremo específico, a pensión incrementábase co complemento de necesidade de terceira persoa que representa un importe do 50% máis, ascendendo esta contía en 2010 a 169,85 euros.


No ano 2010 estableceuse unha axuda social de carácter extraordinaria consistente un pagamento único de 206 euros, da que se beneficiaron un total de 47.305 pensionistas.

Tamén en 2010 percibiron en Galicia o complemento por aluguer, que consiste nun pagamento de 525 euros, un total de 1.377 persoas titulares de pensións non contributivas, acadando un importe total de 722.925 euros.

En canto á evolución do número das persoas beneficiarias é de salientar que a ata o ano 2003 tiña unha tenden-

cia á alza e a partir dese ano produciuse unha paulatina diminución que se mantén no ano 2010. A causa desta diminución sería basicamente o acceso ao sistema de pensións contributivas da Seguridade Social.

Evolución das persoas beneficiarias desde 1992	
2001	53.725
2002	54.281
2003	54.490
2004	54.182
2005	53.253
2006	52.319
2007	50.990
2008	49.990
2009	47.905
2010	46.479



2.3.3 II Plan Galego de Inclusión Social

O II Plan Galego de Inclusión Social (2007-2013) constitúe unha iniciativa integral promovida pola Consellería de Traballo e Benestar co obxectivo de promover a inclusión social e facilitar o acceso e a reincorporación ao traballo daquelas persoas que se atopan nunha situación aguda de exclusión social e/ou paro estrutural.

O plan está financiado polo Fondo Social Europeo e outros recursos externos que operan parcialmente procurando, en todo caso, un desenvolvemento transversal e interrelacionado da poboación afectada por este plan.

Un dos retos fundamentais do plan é ofertar oportunidades reais para que estas persoas adquiran as habilidades necesarias para conseguir un emprego, non só cómo vía principal para saír da pobreza e da exclusión, senón como medio de evitala.

O plan reforza e complementa as medidas de carácter prestacional. Os seus obxectivos xerais van encamiñados a mellorar a cobertura territorial, as dotacións materiais e a coordinación a través da participación. Así mesmo o plan trata de integrar e complementar a estratexia da inclusión social e de atención á dependencia, especialmente nas áreas territorialmente deprimidas e a incidir na mellora da inclusión social de colectivos e grupos cronicamente vulnerables: comunidade xitana, persoas sen fogar, etc., fomentar a participación das organizacións de solidariedade e iniciativa social (ONG) no desenvolvemento das actuacións e dar un novo impulso á integración e coherencia das políticas activas de inclusión.

O plan recolle liñas de acción específicas, impulsadas polo propio plan e o departamento responsable dos sistema de servizos sociais de Galicia e ademais con liñas de acción dos diferentes departamentos do Goberno da Xunta de Galicia. Conta cun orzamento propio, financiado polo Fondo Social Europeo e en 2010 desenvolvéronse as seguintes liñas de actuación:

► Creación e mantemento da Rede de equipos de inclusión sociolaboral

► Apoio e potenciación ás entidades de iniciativa social e fomento da participación dos axentes sociais


► Programas dirixidos a colectivos específicos:

- Plan Galego de Convivencia Intercultural, Inclusión e Desenvolvemento da Comunidade Xitana
- Programas de atención a persoas “sen teito” e/ou situacións de extrema precariedade económica
- Programa de atención a persoas con discapacidade

► Orzamento

O orzamento xestionado polo Servizo de Inclusión Social da Secretaría Xeral de Familia e Benestar en 2010 para o desenvolvemento destes programas, foi o seguinte:

Programas:	euros
Creación e mantemento da rede de equipos	3.884.000
Apoio ás entidades de iniciativa social e fomento da participación dos axentes sociais (Orde anual de subvencións)	757.000
Total Programas para colectivos con especiais dificultades de inserción	1.329.000
Total	5.970.000



2.3.3.1 Creación e mantemento da Rede de equipos de inclusión sociolaboral

Distribuídos por todo o territorio galego, estes dispositivos están radicados nas cidades da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, no Consorcio das Mariñas, amais dos dezanove equipos que atenderon comarcalmente o resto do territorio e que dependen do Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar (un, situado no Módulo xove do Centro penitenciario de Teixeiro). Xunto cos anteriores o plan conta cun equipo coordinador dos equipos dependentes do Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar, que ten como finalidade coordinar as distintas accións desenvolvidas e facer o seguimento e valoración destas.

Estes profesionais traballan de xeito coordinado coa rede de Servizos Sociais Comunitarios Básicos e as Unidades Tramitadoras da RISGA (UTA) e atenden as persoas orientando, acompañando e procurándolles os recursos necesarios para rematar con éxito os seus procesos individuais de integración social e laboral.


► Orzamento

Programas:	euros
Rede de equipos urbanos	1.134.000
Rede de equipos comarcais (Consorcio)	2.750.000
Total	3.884.000

► Beneficiarios

Durante o ano 2010, incorporáronse un total de 4.262 persoas ao plan, a través da intervención dos equipos de inclusión das sete grandes cidades, do Consorcio das Mariñas (o 44.75% do total son persoas incorporadas por estes equipos) e dos equipos de intervención comarcal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que incorporan o 52.25% de persoas.

Equipo	Homes	Mulleres	Total
Concello da Coruña	217	238	455
Concello de Ferrol	26	89	115
Concello de Santiago	51	61	112
Consorcio As Mariñas	142	185	327
Concello de Lugo	59	82	141
Concello de Ourense	127	152	279
Concello de Pontevedra	63	78	141
Concello de Vigo	149	188	337
Total equipos urbanos	834	1.073	1.907
Arzúa	32	45	77
As Pontes	50	86	136
Carballo	78	90	168
Ames	24	38	62
Noia	37	44	81
Módulo Xove Teixeiro	169	0	169
Mondoñedo	44	64	108
Monforte	22	44	66
Baralla	13	31	44
Begonte	19	26	45
Xinzo de Limia	29	48	77
O Carballiño	75	70	145
Celanova	50	50	100
A Rúa	40	88	128
Gondomar	92	159	251
Marín	81	115	196
O Porriño	97	114	211
Vilagarcía de Arousa	87	116	203
Lalín	43	45	88
Total equipos comarcais	1.082	1.273	2.355
Total	1.916	2.346	4.262



O número total de persoas coas que traballaron nos equipos ao longo de 2010 (número de persoas incorporadas neste ano máis número de persoas incorporadas en anos anteriores pero que en 2010 continúan no dispositivo), foi de 11.759. En concreto, os equipos urbanos traballaron cun total de 4.079 persoas e os equipos comarcais cun total de 6.515 persoas. O 58.35% destas persoas son mulleres.

Atendendo as causas que provocan a exclusión social que afectan ás persoas usuarias do plan, destaca que o 37.54% das persoas incorporadas teñen como causa principal a escaseza de recursos. A segunda causa de exclusión social máis numerosa é a Inmigración (17.90%), onde o 58.06% son mulleres. Séguenlle en importancia o factor de exclusión “Paro de longa duración” (10.86%). Nos equipos urbanos a porcentaxe de persoas que teñen como factor principal de exclusión social a escaseza de recursos supón o 41.21% fronte o 34,56% dos equipos comarcais. A porcentaxe de persoas con factor principal de exclusión social “Inmigración” tamén é maior nas zonas urbanas.

Por sexos, nos equipos urbanos destaca a maior porcentaxe de mulleres na categoría “Emprego precario” e “Escaseza de recursos”. En cambio nos equipos comarcais as maiores diferenzas atópanse nas categoría de “Exclusión Territorial” e “Emprego precario”. A porcentaxe de homes, en calquera ámbito xeográfico, é superior sempre para as categorías “Adicións” e “Sen Teito”.

Equipo	Homes	Mulleres	Total
Discapacidade	134	115	249
Inmigrantes/Refuxiados	320	443	763
Paro máis dun ano	201	262	463
Paro menos dun ano	60	66	126
Emprego precario	15	57	72
Escaseza de recursos	630	970	1.600
Minorías étnicas	131	116	247
Adicións	90	30	120

Emigrantes retornados	34	30	64
Reclusos	172	1	173
Exreclusos	25	3	28
Sen teito	10	4	14
Prostitución	0	15	15
Violencia de xénero	0	77	77
Exclusión territorial	14	33	47
Outros	80	124	204
Total	1.916	2.346	4.262

O número total de perceptores directos da Renda de Integración Social de Galicia, incorporados este ano ao Plan Galego de Inclusión Social é dun total de 954, supoñen o 22.3% do total de incorporados. O 62.47% do total de perceptores directos da RISGA incorporados ao plan, son mulleres. O número de persoas perceptoras da RISGA incorporadas reduciuse con respecto ao ano pasado, posto que moitos dos perceptores da renda foron incorporados ao plan de inclusión en anos anteriores.

O equipo de inclusión sociolaboral que desenvolve o seu traballo no Módulo Xove de Teixeira, traballou en 2010 cun total de 169 homes do dito módulo. Realizaron, principalmente, actuacións de información, orientación, asesoramento e formación.

Contratacións laborais

Unha baixa do plan de inclusión por inserción laboral contabilízase cando o contrato laboral ou a suma dos contratos laborais, alcanzan ou superan os 12 meses, nun período de 18 meses. As insercións laborais poden ser acadadas por persoas incorporadas en 2010 ou en anos anteriores.

En 2010, 1.218 persoas acadaron un contrato laboral. O 70.85% foron mulleres e o 29.14% homes. O 52.38% das persoas que acadaron unha inserción, foron persoas incorporadas polos equipos comarcais, o 47.62% restantes foron incorporadas polos equipos urbanos. O número de

mulleres incorporadas polos equipos urbanos que acadaron unha inserción laboral, supoñen o 79.31% do total de persoas con inserción laboral de estes equipos, en cambio nos equipos comarcais esta porcentaxe é do 63.16%. 20 das insercións laborais foron por autoemprego. Na zona urbana, o 37.59% dos contratos laborais foron acadados por participantes incorporados polo Equipo do Concello de Ferrol, o 18.97% polo equipo do Concello de Santiago de Compostela e o 15.69% polo equipo do Concello da Coruña. Nos equipos comarcais, o 13,64% dos contratos laborais foron acadados por participantes incorporados polo equipo de Gondomar, o 11,29% polo equipo do Carballiño e o 9.72% polo equipo de Marín.

Equipo	Homes	Mulleres	Total
Concello da Coruña	36	55	91
Concello de Ferrol	2	216	218
Concello de Santiago	38	72	110
Consorcio As Mariñas	0	62	62
Concello de Lugo	6	5	11
Concello de Ourense	1	4	5
Concello de Pontevedra	4	12	16
Concello de Vigo	33	34	67
Total equipos urbanos	120	460	580
Arzúa	8	6	14
As Pontes	15	39	54
Carballo	25	32	57
Ames	7	14	21
Noia	6	20	26
Módulo Xove Teixeira	3	0	3
Mondoñedo	8	12	20
Monforte	5	13	18
Baralla	3	8	11
Begonte	4	5	9
Xinzo de Limia	13	13	26
O Carballiño	38	34	72
Celanova	11	30	41
A Rúa	2	20	22
Gondomar	24	63	87
Marín	22	40	62
O Porriño	9	17	26
Vilagarcía de Arousa	25	28	53
Lalín	7	9	16

Total equipos comarcais	235	403	638
Total	355	863	1.218

2.3.3.2 Apoio e potenciación ás entidades de iniciativa social e fomento da participación dos axentes sociais

Nesta liña publicouse a Orde do 22 de febreiro de 2010 (DOG nº 51 de 16/03/2010) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social, subvencionándose un total de 64 entidades.

O 40.29% dos programas desenvolvéronse na provincia da Coruña, o 25.37% na provincia de Pontevedra, o 23.88% na provincia de Ourense e o 10.44% na provincia de Lugo.

En concreto subvencionáronse 69 proxectos. Destacamos os 20 programas dirixidos de maneira específica a traballar co colectivo de persoas con discapacidade, 3 proxectos dirixidos a persoas inmigrantes en situación de exclusión social, 1 proxecto dirixido a persoas sen teito, 2 proxectos dirixidos a persoas de etnia xitana e 4 programas integrais de base comunitaria en zonas rurais que favorezan a inclusión social e laboral da mocidade, mulleres e colectivos con dificultades de inserción, 2 programas integrais de base comunitaria en barrios urbanos que desenvolvan accións preventivas, de intervención, seguimento e titoría para mozos en situación ou risco de exclusión social. O resto de proxectos subvencionados desenvolveron actuacións con persoas en situación ou risco de exclusión social, de forma xeral.

O número total de participantes nas accións foi de 2.795. O 61,14% mulleres e o 38,86% homes.

2.3.3.3 Programas dirixidos a colectivos específicos

Plan Galego de Convivencia Intercultural, Inclusión e Desenvolvemento da Comunidade Xitana

- Plan de Desenvolvemento Xitano Actuacións desde os servizos sociais comunitarios municipais. En colaboración co Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e as corporacións locais.

O obxectivo do dito plan é o de mellorar a calidade de vida e dotar dun certo grao de benestar os xitanos e xitanas, favorecer a súa participación na vida pública e social, propiciar unha maior convivencia entre os distintos grupos sociais e culturais e combater a discriminación e o racismo do pobo xitano, a través de proxectos de intervención social de carácter integral para a atención, prevención e inserción do pobo xitano

No ano 2010, a través da Orde do 19 de febreiro 2010 (DOG nº40 , do 01.03.2010) participaron no plan 28 concellos da comunidade autónoma, realizando actividades simultáneas de intervención social nas áreas de acción social, educación, formación-emprego (elaboración de C.V., apoio na busca de emprego e outras), saúde, vivenda e cultura ademais de realizar acompañamento social ás familias.

- Convenio coa Fundación Secretariado General Gitano. A través deste convenio desenvolveuse un programa específico, que ten por finalidade a realización de accións dirixidas ás minorías étnicas cara a promover a inclusión social e a súa integración sociolaboral. Este programa, denominado ACCEDER, conta con catro dispositivos de intervención, situados nos concellos de Lugo, Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela, coa finalidade de realizar accións de formación profesional ocupacional, orientación laboral, acompañamento no acceso ao emprego e

accións de sensibilización dirixidas a empresarios.

- Apoio a entidades de iniciativa social que traballan de forma específica a inclusión social de xitanos/as. A través da Orde do 22 de febreiro de 2010 (DOG nº 51, de 16.03.2010), subvencionáronse actuacións desenvolvidas por entidades de iniciativa social que traballan directamente co colectivo xitano, en diferentes zonas de Galicia.

Beneficiarios

- Nas actuacións desenvolvidas polos servizos sociais comunitarios municipais, a través do Plan de Desenvolvemento Xitano, participaron un total de 5.637 persoas de etnia xitana (198 máis que o ano 2009) e 1.551 familias (135 máis que o ano 2009).
- A través das actuacións desenvolvidas en 2010 no marco do convenio asinado coa Fundación Secretariado Gitano, para o desenvolvemento do Plan ACCEDER, foron incorporadas 99 persoas, en total desenvolvéronse accións con 1.536 persoas.
- En 2010, 112 participantes no programa asinaron un total de 220 contratos laborais. A suma total de contratos acadados polos participantes desde 2001, ascende a 2.088.
- A través da Orde de subvencións para entidades de iniciativa social, subvencionáronse dous programas dirixidos ao colectivo de etnia xitana, nos que participaron un total de 23 persoas.

Orzamento

- Convenio Fundación Secretariado General Gitano. Programa ACCEDER: 64.000 euros
- Plan de Desenvolvemento Xitano: 800.000 euros
- Orde, programa específico xitanos: 39.000 euros.

Actuacións dirixidas ao colectivo de persoas sen teito

- Programa de atención a persoas “sen teito” en situacións de exclusión e pobreza cronificada. Este programa, financiado a través dun convenio asinado con esta entidade, pon en marcha unha serie de actuacións que teñen como obxectivo mellorar a situación social e sanitaria das persoas que viven na rúa ou en infravivendas (persoas “sen teito” ou en situación de exclusión e pobreza cronificada), a través de procesos de información, orientación, formación e acompañamento individualizado. Contan co apoio da rede de recursos de atención ao colectivo, entre eles os equipos de intervención existentes nos concellos da Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense e Vigo, financiados a través do dito convenio.

As áreas de traballo dos equipos locais de intervención de cada un dos concellos foron a información, asesoramento e acompañamento individualizado, formación, promoción da saúde, aproveitamento positivo do ocio e do tempo de lecer, sensibilización social e fortalecemento da rede de traballo coordinado inter-extra institucional.

- Convenio coa entidade Misión del Silencio, para a atención a persoas en situación de extrema pobreza da cidade de Vigo. O obxecto específico do convenio é facilitar a estas persoas os servizos de albergue, pernocta, almorzo e servizos hixiénicos.
- Apoio a entidades de iniciativa social que desenvolven programas dirixidos de forma específica ás persoas “sen teito” a través da Orde do 22 de febreiro de 2010 (DOG nº 51 de 16.03.2010) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de competencia competitiva, de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo

das persoas en situación ou risco de exclusión social e se procede á súa convocatoria, subvencionouse o programa “Dentro-Fóra” que desenvolveu Cáritas Diocesana Mondoñedo-Ferrol, no Concello de Ferrol e que se centrou no apoio no proceso de inserción social e laboral, a través de formación en habilidades sociais, hábitos saudables, informática e a busca activa de emprego para as persoas sen teito deste concello; estas actuacións apóianse en gran medida nos recursos dos que dispón esta, e outras, entidades da zona (Albergues, vivendas tuteladas, comedores sociais, etc.) específicos para este colectivo.

Beneficiarios

- No ano 2010 incorporáronse ao Programa “sen teito”, un total de 279 persoas. O 83.51% das persoas incorporadas ao dispositivo son homes, esta porcentaxe aumentou con respecto ao ano anterior. Pola contra, o número de mulleres reduciuse, supoñen o 16.48% das persoas do dispositivo. A porcentaxe de mulleres é menor nas cidades de Lugo e Ourense.

	Total	%
A Coruña	57	20,43
Santiago de Compostela	42	15,05
Lugo	58	20,79
Ourense	21	7,53
Vigo	101	36,20
Total	279	100

- A través do convenio coa entidade Misión del silencio, atendéronse a un total de 343 persoas que por primeira vez pernoctaron no albergue. Realizáronse un total de 5.968 aloxamentos, 8.905 servizos de hixiene e duchas e 17.875 servizos de almorzos e merendas, entre outros servizos.

- Nas accións do programa “Dentro-fora” de Cáritas Diocesana Mondoñedo-Ferrol participaron un total de 15 persoas, en concreto 11 mulleres e 4 homes.

Orzamento

- Convenio Cruz Vermella. Programa “sen teito”: 357.000 euros
- Convenio Misión del Silencio. Atención a persoas en situación de extrema pobreza: 50.000 euros
- Orde, programa específico para persoas sen teito: 16.000 euros.

Actuacións dirixidas ao colectivo de persoas con discapacidade

- Convenio ASPANAS.** Programa de inclusión social e laboral para persoas con discapacidade psíquica da provincia de Ourense, co que se desenvolveron accións de orientación individual, formación en habilidades sociais básicas, formación ocupacional específica (2 cursos de restauración de áreas degradadas) e insercións laborais en Centros Especiais de Emprego.
- Apoio a entidades de iniciativa social** que desenvolven programas dirixidos de forma específica ás persoas con discapacidade a través da Orde do 22 de febreiro de 2010 (DOG nº 51, de 16.03.2010) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de competencia competitiva, de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social e se procede á súa convocatoria.

Beneficiarios

- Nas actuacións no marco do convenio con ASPANAS, formáronse a 20 persoas e acadáronse as insercións laborais de 9 persoas en centros especiais de emprego.
- A través da Orde de subvención do 22 de febreiro subvencionáronse 20 programas específicos para persoas con discapacidade, nos que participaron un total de 430 persoas.

Orzamento

- Convenio ASPANAS. Programa de inclusión social e laboral para persoas con discapacidade: 58.000 euros
- Orde, programas específicos para persoas con discapacidade: 317.500 euros.

2.4 Autorización e inspección de servizos sociais

A unidade de autorización e inspección de servizos sociais ten por finalidade verificar o cumprimento da normativa aplicable aos servizos sociais, de xeito que se garantan os dereitos das persoas usuarias e se procure a mellora continua da calidade nos servizos sociais que se presten aos cidadáns no territorio galego.

A súa actuación fundaméntase nos principios de independencia, profesionalidade e especialización, accesibilidade e servizo aos cidadáns, eficacia, obxectividade, responsabilidade e cooperación interadministrativa.

Normativa reguladora


- Lei 13/2008 de 3 de decembro de Servizos Sociais (DOG nº 245, do 18.12.2008).
- Decreto 291/1995 do 3 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 4/1993 de servizos sociais no relativo aos rexistros de entidades prestadoras de servizos sociais (DOG nº 18, do 14.11.1995) .
- Orde de 18 de xaneiro de 1996, relativo ao rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais (DOG nº 24, do 02 de febreiro).
- Orde do 5 de febreiro de 1996, relativo ao rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais (DOG nº 35, do 19 de febreiro).
- Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais (DOG nº 147, do 31.07.2007).
- Decreto 175/1995, do 16 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 4/1993 de servizos sociais no relativo á inspección e réxime sancionador (DOG nº 124 do 29.06.1995 e corrección de erros no DOG nº 125 do 30.06.1995).

2.4.1 Área de rexistro e autorización

2.4.1.1 Rexistro

As entidades prestadoras de servizos sociais, públicas ou privadas, con ou sen ánimo de lucro, que desenvolvan programas ou realicen actividades propias dos servizos sociais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con carácter previo ao inicio das súas actividades deben figurar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (en adiante, RUEPSS).

As persoas interesadas poden consultar a información acerca dos requisitos básicos e os pasos a seguir para prestar servizos sociais en Galicia accedendo a “asesoría virtual de entidades prestadoras de servizos sociais” a través do enlace: <<http://traballo.xunta.es/serviciososociais/index.html>>.



Ao longo do ano 2010 tramitáronse neste area os seguintes procedementos:

	Inscricións	Cancelacións	Modificacións Actualizacións
2007	196	53	1.076
2008	285	33	345
2009	171	15	80
2010	243	40	151

Ademais da actividade ordinaria do mantemento de rexistro, púxose en marcha o RUEPSS como servizo web:

Dende o mes de xaneiro de 2010 está a disposición dos profesionais de traballo social, a través do portal web do

MATIASS, a base de datos deste rexistro, coa finalidade de facilitar o coñecemento aos técnicos de traballo social dos recursos sociais existentes. Coincidindo coa posta en marcha deste servizo, realizouse unha presentación en cada unha das provincias.

Durante o mes de marzo de 2010, a aplicación do RUEPSS tamén quedou a disposición do público a través do portal da consellería, cun perfil máis restrinxido que aquel dos profesionais. A aplicación presentouse en Santiago de Compostela para dar a coñecer esta ferramenta ás entidades máis representativas dos diferentes sectores dos servizos sociais. Todas as entidades inscritas contan cun código de acceso a esta aplicación a través da web coa finalidade de facilitarlle a xestión dos seus datos.

Neste período tamén se realizaron reunións escaladas cos responsables de cada área para incorporar á aplicación do RUEPSS, a información referida ao financiamento público das entidades, centros e programas.

Así mesmo, dende marzo a xuño do 2010, o persoal inspector realizou unha carga masiva na aplicación do RUEPSS, dos datos referidos aos centros e programas autorizados, que estaban dispoñibles na unidade

Na versión pública do RUEPSS, incorporouse (en xuño de 2010), a posibilidade de facer buscas de centros e programas con base nun mapa de concellos galegos, outorgando a posibilidade de xeorreferenciar os servizos existentes. Pode accederse a esta utilidade a través do enlace: <<https://benestar.xunta.es:444/XiacWeb/>>.



2.4.1.2 Autorización de centros e programas.

En relación coa área de autorización de centros e programas, os datos comparados da tramitación de expedientes nos catro últimos anos son os seguintes:

2007	2008	2009	2010
Autorización creación ou construción centros			
142	168	58	48
Modificación substancial centros e programas			
5	142	98	96
Permiso inicio actividades centros ou programas			
211	343	325	270
Permiso de cesamento de actividades de centros e programas			
27	87	22	36

2.4.2 Área de inspección

Como cada ano, como traballo previo ao inicio das inspeccións, revísase e actualízanse os documentos de traballo utilizados nos controis documentais e nas visitas mellorando os protocolos de calidade de cada unha das áreas. Así mesmo, revisamos os ítems de verificación de datos e os indicadores máis representativos, para axustalos ás novas necesidades e coa finalidade de facilitar ao persoal inspector e ás propias entidades inspeccionadas, a detección de áreas de mellora na prestación dos servizos.


No plan de inspección do 2010 estableceuse como obxectivo acadar a cifra de 1530 inspeccións, mantendo a liña dos últimos anos de progresivo incremento de visitas. Novamente, como vén sucedendo dende o ano 2008 superáronse os obxectivos previstos no plan do 2010, se ben, neste ano, rexistrouse un descenso significativo das queixas e reclamacións presentadas, en relación co ano 2009.

Durante este ano mantivéronse os compromisos de calidade da unidade, xestionando o 71 % das queixas nun prazo máximo de 15 días e realizando as visitas de inspección previa ao inicio de actividades nun máximo de

5 días dende que a documentación do expediente está completa.

Datos comparados de inspección nos 4 últimos anos:

2007	2008	2009	2010
Visitas a centros ou programas			
1.107	1.270	1.503	1.590
Requerimentos			
1.295	844	999	1065
Tramitación denuncias e reclamacións			
111	162	209	177
Expedientes sancionadores			
19	12	11	17



As cifras das inspeccións realizadas a centros e programas no ano 2010, desagregadas por áreas de actuación, son as seguintes:

Área	nº visitas
Área de counidade e inclusión social	354
Área de familia e menores	603
Área de maiores, discapacidade e dependencia	633
Total	1.590

Por outra banda, e coa finalidade de facilitar a xestión interna da documentación, dende o mes de xullo de 2010, implantouse no traballo da unidade un xestor documental, que permitiu :

- A xestión, o control e o seguimento telemático da toda a documentación que tramita a Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos So-

ciais e o Servizo de Proxectos e Obras dependente da Secretaria Xeral da Consellería.

- A identificación de responsables na tramitación dos correspondentes documentos e o control das diferentes fases de tramitación.
- A ordenación sistemática e a dixitalización de toda a documentación que obra nos expedientes de rexistro, autorización e inspección referidos ás entidades, aos centros e aos programas de servizos sociais autorizadas ou en tramites de rexistro ou autorización.
- Facilitar a autoavaliación anual da unidade mediante a realización de informes de xestión contra a ferramenta de xestión documental.

Unha vez finalizada a fase de implementación e probas, realizouse unha tarefa de actualización dos datos referidos ao ano 2010 volcando no xestor documental todos os expedientes tramitados antes da súa posta en marcha. Durante o mes de decembro, concluíu a fase de informatización da unidade, poñendo en conexión esta aplicación co Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS).

No desempeño das funcións de asesoramento, o persoal inspector mantivo 135 reunións con entidades e persoas usuarias de servizos sociais e tamén se incrementou notablemente o número de informes emitidos, pasando de 20 no ano 2009 a 36 no 2010. Dentro dos informes de asesoramento inclúense, tanto os relativos aos trámites necesarios para solicitar informes de viabilidade técnica de adecuación dun inmovble, como os relacionados co cumprimento dos requisitos específicos que debe reunir cada tipoloxía de equipamento.

3.1 ÁREA DE TRABALLO

A través do Decreto 335/2009, do 11 de xuño, (DOG n.º 123, do 25.06.2009) estableceuse a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, atribuíndolle á Dirección Xeral de Relacións Laborais a dirección, coordinación, control e execución das competencias da comunidade autónoma en materia laboral, seguranza e saúde laboral, responsabilidade social empresarial, cooperativas e entidades de economía social, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros departamentos da Xunta de Galicia. Tamén lle corresponde á persoa titular desta dirección xeral, no ámbito das súas competencias, o coñecemento e a resolución dos recursos de alzada interpostos contra as resolucións ditadas polos órganos territoriais no seu respectivo ámbito.

3.1 ÁREA DE TRABALLO

Nesta área están incluídas as actuacións de promoción, coordinación, desenvolvemento, control e execución que en materia laboral, responsabilidade social empresarial e modulacións das relacións cos axentes sociais ten atribuída a Dirección Xeral de Relacións Laborais, dentro do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e que quedan encadradas no marco de actuación funcional da Subdirección Xeral de Traballo.

Dentro das accións levadas a cabo por esta dirección xe-

ral na súa área de competencia de traballo caben subliñar as seguintes:

- ▶ **Actuacións relativas á xestión e tramitación administrativa.**
- ▶ **Liña de axudas e subvencións.**
- ▶ **Actuacións encamiñadas á promoción e divulgación.**

3.1.1 Actuacións relativas á xestión administrativa

Os datos globais da xestión das actuacións levadas a cabo pola Subdirección Xeral de Traballo ao longo do 2010, foron as seguintes:

3.1.1.1 Aperturas de centros de traballo e reinicio de actividade

Datos estatísticos

As fontes de información son as comunicacións de aperturas de centros de traballo que achegaron as empresas aos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar ao longo do ano 2010.

Para a obtención dos resultados anuais a Subdirección Xeral de Traballo fixo un envorcado dos datos contidos

na base de datos SXPA empregada polos departamentos territoriais para efectuar o rexistro destas comunicacións.

Os cadros estatísticos seguintes reflicten os resultados das comunicacións de aperturas de centros de traballo no ano 2010 en Galicia, segundo a sección da actividade económica (CNAE 2009) e número de traballadores ocupados, desagregados por provincias.


Achéganse, tamén, gráficos referidos ao total de comunicacións de aperturas de centros de traballo e total de traballadores rexistrados no ano 2010, así como á evolución destes datos no período comprendido entre os anos 2005 ao 2010.

Seccións de actividade económica (segundo CNAE-2009)	
A	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca
B	Industrias extractivas
C	Industria manufactureira
D	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado
E	Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación
F	Construción
G	Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas
H	Transporte e almacenamento
I	Hostalaría
J	Información e comunicacións
K	Actividades financeiras e de seguros
L	Actividades inmobiliarias

M	Actividades profesionais, científicas e técnicas
N	Actividades administrativas e servizos auxiliares
O	Administración pública e Defensa; Seguridade social obrigatoria
P	Educación
Q	Actividades sanitarias e servizos sociais
R	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento
S	Outros servizos
T	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio
U	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais
Outras	
Cando nunha comunicación concorre máis dunha actividade económica	


Distribución provincial

	Centro de Trabajo	Traballadores
A Coruña	7.107	56.379
Lugo	2.773	14.009
Ourense	1.973	11.026
Pontevedra	6.009	55.099
Total	17.862	136.513



Evolución 2005-2010

	Centro de Trabajo	Traballadores
2005	18.171	75.762
2006	19.551	84.149
2007	20.813	91.616
2008	20.713	96.711
2009	19.375	96.296
2010	17.862	136.513



Comunicacións de aperturas de centros de traballo e traballadores rexistrados por clave de actividade e provincia - 2010

Centros de traballo						Traballadores ocupados					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	
A	96	174	34	60	364	294	959	307	170	1.730	
B	3	1	4	12	20	5	5	25	22	57	
C	243	111	28	232	614	1.388	564	98	1.604	3.654	
D	31	6	1	2	40	864	25	5	4	898	
E	50	23	5	13	91	414	77	199	45	735	
F	4.424	1.574	1.514	3.415	10.927	45.665	9.862	9.484	47.800	112.811	
G	858	291	153	917	2.219	2.451	562	308	1.759	5.080	
H	74	44	15	125	258	344	161	67	585	1.157	
I	487	225	97	552	1.361	1.112	448	194	956	2.710	
J	77	30	6	32	145	484	78	12	210	784	
K	47	20	8	63	138	116	31	18	172	337	
L	34	8	5	31	78	73	7	7	50	137	
M	219	71	24	166	480	785	133	51	393	1.362	
N	139	40	20	85	284	1.317	237	113	615	2.282	
O	2	8	0	1	11	64	107	0	0	171	
P	54	47	9	49	159	219	427	66	213	925	
Q	86	34	13	65	198	260	221	20	139	640	
R	45	6	9	44	104	109	14	17	109	249	
S	119	57	25	133	334	219	73	34	228	554	
T	7	0	1	3	11	155	0	1	3	159	
U	0	0	0	4	4	0	0	0	6	6	
Outras	12	3	2	5	22	41	10	7	17	75	
Totals	7.107	2.773	1.973	6.009	17.862	56.379	14.001	11.033	55.100	136.513	

3.1.1.2 Infracións e sancións na orde social

Desde o punto de vista normativo, o Decreto 70/2008, do 27 de marzo (DOG nº 72, do 15.04.2008), sobre distribución de competencias entre os órganos da Xunta de Galicia para a imposición de sancións nas materias laborais, cooperativas, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector, dispón que estas competencias correspóndenlle á consellería competente en materia de traballo, en virtude de acta levantada pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, e mediante a tramitación do correspondente expediente.

O Decreto 335/2009, do 11 de xuño, (DOG nº 123, do 25.06.2009) establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar atribuíndolle á Dirección Xeral de Relacións Laborais a competencia da tramitación dos expedientes sancionadores por infraccións laborais da competencia desta dirección xeral, así como o mantemento do Rexistro de sancións.

Así mesmo, correspóndelle á persoa titular da dirección xeral, no ámbito das súas competencias, o coñecemento e a resolución dos recursos de alzada interpostos contra as resolucións ditadas polos órganos territoriais no seu respectivo ámbito.


Datos estatísticos

A Subdirección Xeral de Traballo elabora a estatística mensual, semestral e anual cos datos dos expedientes iniciados e resoltos, así como os resultados da recadación de multas que lle remiten mensualmente os departamentos territoriais.

Os cadros estatísticos que figuran a continuación reflicten os resultados das sancións tramitadas no ano 2010, con expresión de datos globais, segundo:


- ▶ Total de expedientes iniciados en 1ª instancia diante dos departamentos territoriais, con indicación da contía das sancións

	nº de expedientes	Contía das sancións
A Coruña	592	2.371.729,00
Lugo	88	310.170,00
Ourense	140	393.083,00
Pontevedra	400	1.816.000,18
Total	1.220	4.890.982,18



- ▶ Total de expedientes resoltos en 1ª instancia segundo o órgano competente para resolver e contía total das sancións impostas

	nº de expedientes	Contía das sancións
DP. A Coruña	598	1.783.329,00
DP. Lugo	87	185.156,13
DP. Ourense	163	389.808,00
DP. Pontevedra	433	1.377.132,07
Dirección xeral	47	1.506.005,62
Conselleiro	2	270.006,00
Consello Xunta	0	0
Total	1.330	5.511.436,82



- ▶ Expedientes iniciados e resoltos nos servizos centrais, tanto en 1ª instancia como en vía de recurso, xa correspondan a formulados no ano 2010 ou en anos anteriores, con indicación do ámbito provincial onde tivo lugar a infracción ou se ditou resolución en instancia do procedemento.

	Iniciados	Resoltos
A Coruña	295	635
Lugo	33	78
Ourense	72	126
Pontevedra	230	548
Total	630	1.387

	Iniciados	Resoltos
Recurso de alzada	554	1.336
Instancia dirección xeral	38	47
Instancia consellería	5	2
Recurso de alzada conselleiro	33	2
Instancia Consello da Xunta	0	0
Recurso de revisión	0	0
Recurso de reposición	0	0
Total	630	1.387

3.1.1.3 Regulación de emprego

Normativa de aplicación

Trátase dun procedemento administrativo-laboral de carácter especial, que ten por finalidade a suspensión temporal, a redución da xornada ou a extinción das relacións laborais garantindo os dereitos dos traballadores, regulado principalmente no artigo 51 do Estatuto dos traballadores e no Real decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, (BOE nº 44, do 20.02.1996) sendo de aplicación supletoria a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27.11.1992; correccións: BOE nº 311, do 28.12.1992 e BOE nº 23, do 27.01.1993).

O procedemento de regulación de emprego iníciase a instancia da empresa ou polos traballadores a través dos seus representantes legais, cando racionalmente se presumise que a non incoación do expediente puidese ocasionarlles prexuízos de difícil ou imposible reparación.

As causas que motivan o inicio deste procedemento poden ser: económicas, técnicas, organizativas, de produción ou de forza maior.

As medidas que contempla son a extinción das relacións xurídico-laborais, suspensión dos contratos de traballo e redución de xornada.

Datos estatísticos

Mensualmente, os departamentos territoriais achegan á Subdirección Xeral de Traballo os datos estatísticos dos expedientes, co fin de elaborar a estatística da Comunidade Autónoma de Galicia. Cos datos facilitados faise un seguimento mensual, trimestral e anual.

- **Total de expedientes de regulación de empleo resoltos, con indicación do número total de expedientes autorizados pactados, autorizados non pactados, autorizados de forza maior, non autorizados e desistidos, por provincias, ámbito autonómico e totais da Comunidade Autónoma de Galicia. Ano 2010**


	Expedientes autorizados pactados	Expedientes autorizados non pactados	Expedientes de forza maior*	Total expedientes autorizados	Expedientes non autorizados	Expedientes desistidos
A Coruña	192	7	168	367	11	12
Lugo	52	1	27	80	0	4
Ourense	48	0	2	50	4	2
Pontevedra	416	11	83	510	9	10
Ámbito autonómico	6	1	0	7	0	2
Totais	714	20	280	1.014	24	30

* Nos expedientes que se basean en causas de forza maior a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas.


- **Total de traballadores afectados, por provincias, ámbito autonómico e totais da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo a medida. Ano 2010**

	Traballadores afectados por expedientes de extinción	Traballadores afectados por expedientes de suspensión	Traballadores afectados por expedientes de redución xornada	Total traballadores afectados
A Coruña	472	3.773	412	4.657
Lugo	144	514	199	857
Ourense	46	530	58	634
Pontevedra	752	6.411	402	7.565
Ámbito autonómico	85	200	38	323
Totais	1.499	11.428	1.109	14.036

Total expedientes autorizados



Total traballadores afectados por expedientes autorizados




- **Evolución 2008-2010**

A evolución do período comprendido entre os anos 2008 e 2010, referidos ao total de expedientes de regulación de emprego autorizados e o total de traballadores afectados:

	Expedientes autorizados	Traballadores/as afectados
2008	426	6.267
2009	1.252	24.149
2010	1.014	14.036

* Só se publica a evolución dos últimos tres anos debido á modificación do sistema de recompilación dos datos referidos aos expedientes de regulación de emprego.



3.1.1.4 Calendario laboral

Anualmente determínanse as festas laborais de carácter autonómico e as festas de carácter local, a proposta do pleno do concello respectivo; unha vez publicado o calendario laboral da Comunidade Autónoma de Galicia, comunícase ao Ministerio de Trabajo e Inmigración.

Ao longo do ano 2010 aprobáronse as seguintes disposicións:

- Decreto 101/2010, do 17 de xuño, polo que se determina o calendario laboral para o ano 2011 na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 122, do 29.06.2010).
- Resolución do 28 de outubro de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se lles dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2011, correspondentes aos concellos das catro pro-

vincias da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 216, do 10.11.2010).

Calendario de festas laborais autonómicas para o ano 2011:

1 de xaneiro	Aninovo
6 de xaneiro	Día de Reis
19 de marzo	San Xosé
21 de abril	Xoves Santo
22 de abril	Venres Santo
17 de maio	Día das Letras Galegas
25 de xullo	Día Nacional de Galicia
15 de agosto	A Asunción
12 de outubro	Día da Hispanidade
1 de novembro	Todos os Santos
6 de decembro	Día da Constitución
8 de decembro	A Inmaculada

3.1.1.5 Sindicatos e asociacións empresariais

As funcións desenvolvidas neste eido foron as seguintes:

- Efectuar o depósito e dar publicidade no BOP ou DOG das actas de constitución e dos estatutos de sindicatos, asociacións profesionais e empresariais.
- Realizar o depósito e dar publicidade a través do BOP ou DOG de modificacións estatutarias e disolucións.
- Depositar outros acordos dos órganos competentes das asociacións sindicais, profesionais e empresariais.
- A expedición de certificación de documentación en depósito.
- Emisións de certificacións de adquisición de personalidade xurídica ou sobre outros aspectos a solicitude de parte interesada.

- Reslucións de desistimento das solicitudes presentadas.
- Tramitación e coñecemento de reclamacións presentadas contra o depósito de estatutos.

Os departamentos territoriais da consellería teñen a competencia para a tramitación de asuntos relativos a asociacións profesionais, empresariais e sindicais de ámbito provincial e a Dirección Xeral de Relacións Laborais para as de ámbito interprovincial.

Datos estatísticos:

Os cadros que figuran a continuación reflicten os resultados do ano 2010 segundo ámbito territorial, provincial ou interprovincial, tipo de asociación e natureza dos documentos depositados.

- [Constitución, modificacións e disolucións segundo o ámbito territorial.](#)

	Constitución	Modificacións	Disolucións	Total
A Coruña	1	12	9	22
Lugo	5	14	0	19
Ourense	5	12	0	17
Pontevedra	4	15	0	19
Interprovincial e autonómico	12	31	4	47
Total	27	84	13	124

- [Constitución, modificacións e disolucións segundo tipo de asociación.](#)

	Constitución	Modificacións	Disolucións	Total
Asociacións profesionais empresariais				
	22	78	13	113
Organizacións sindicais				
	1	3	0	4
Federacións de asociacións profesionais empresariais				
	4	1	0	5

Federacións de organizacións sindicais				
	0	1	0	1
Confederacións de asociacións profesionais empresariais				
	0	0	0	0
Confederacións de organizacións sindicais				
	0	0	0	0
Total	27	84	13	124

3.1.1.6 Convenios colectivos

As funcións desenvolvidas neste eido foron as seguintes:

- Recibir as denuncias e comunicacións promovendo a negociación colectiva.
- Efectuar o depósito, rexistro e publicación no BOP e no DOG dos convenios colectivos, acordos de adhesión e outros acordos colectivos.
- Tramitar os procedementos de extensión de convenios colectivos.
- Mediar na negociación colectiva.

Para a tramitación e coñecemento de asuntos relativos á negociación colectiva de ámbito provincial son competentes os departamentos territoriais da consellería, e cando supere o dito ámbito, a Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Ademais dos datos referentes a convenios colectivos son obxecto de depósito, rexistro e publicación outros acordos e actos de natureza colectiva que, no seu caso, son tramitados pola Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Datos estatísticos

Os cadros estatísticos que figuran a continuación reflicten os resultados da negociación colectiva do ano 2010 segundo ámbito territorial, convenios de sector ou de empresa, e clase de acordo sectorial, incluíndo información de:

- [Convenios colectivos, de empresa e de sector](#)

		convenios	empresas	traballadores
A Coruña	Empresa	28	28	2.387
	Sector	5	440	4.163
Total		33	468	6.550
Lugo	Empresa	14	14	803
	Sector	2	330	1.540
Total		16	344	2.343
Ourense	Empresa	8	8	1.113
	Sector	8	1.385	17.830
Total		16	1.393	18.943
Pontevedra	Empresa	41	41	4.242
	Sector	6	1.850	22.355
Total		47	1.891	23.597
Interprovinciais	Empresa	6	6	889
	Sector	7	895	10.577
Total		13	701	11.466
Total Galicia	Empresa	97	97	9.434
	Sector	28	4.700	56.465
Total		125	4.797	65.899

- [Cláusulas de revisións salariais de anos anteriores de convenios colectivos, de empresa e de sector](#)

		convenios	empresas	traballadores
Total Galicia	Empresa	4	4	757
	Sector	4	368	4.819
Total		8	372	5.576

- [Revisións salariais de convenios colectivos, de empresa e de sector](#)

		convenios	empresas	traballadores
Total Galicia	Empresa	29	29	1.521
	Sector	36	24.454	128.237
Total		65	24.483	129.758

- [Prórrogas, calendarios laborais, actas, laudos e addendas rexistradas](#)

		convenios	empresas	traballadores
Total Galicia	Empresa	23	23	2.844
	Sector	10	3.292	31.072

3.1 ÁREA DE TRABALLO

Total	33	3.315	33.916
-------	----	-------	--------

- [Acordos reguladores](#)

		convenios	empresas	traballadores
Total Galicia	Empresa	9	9	1.953
	Sector	0	0	0
Total		9	9	1.953

- [Pactos extraestatutarios rexistrados](#)

		convenios	empresas	traballadores
Total Galicia	Empresa	3	3	36
	Sector	0	0	0
Total		3	3	36

3.1.1.7 Folgas e peches patronais

No que atinxe ás folgas e peches patronais, desenvólvense as seguintes funcións:

- Recibir as comunicacións de folgas.
- Realizar o seguimento e a coordinación das declaracións de folgas e peches patronais.

Os departamentos territoriais da consellería realizan estas funcións, se o conflito afecta a unha soa provincia e a Dirección Xeral de Relacións Laborais cando afecta a dúas ou máis provincias da comunidade autónoma.

Datos estatísticos

Esta información achégase á Dirección Xeral de Traballo do Ministerio de Traballo e Inmigración quen tamén nos facilita os datos correspondentes ás folgas de carácter nacional que afectan á Comunidade Autónoma de Galicia.

En relación coas folgas e peches patronais, os cadros estatísticos que figuran a continuación reflicten os resultados do ano 2010 con indicación das folgas de ámbito provincial e folgas autonómicas.

- Folgas de ámbito provincial convocadas, non realizadas e realizadas, días de folga, traballadores participantes e xornadas non traballadas. Ano 2010.

	Convocadas	Non realizadas	Realizadas *
A Coruña	69	31	38
Lugo	8	2	6
Ourense	5	2	3
Pontevedra	73	24	49
Total	155	59	96


(*) Enténdese por folgas realizadas no ano, tanto as iniciadas ao longo do dito ano, como as que comezaron nalgún mes do ano anterior e que continuaron abertas ao longo daquel.

	Días de folga	Traballadores participantes	Xornadas non traballadas
A Coruña	241	2.102	3.173,44
Lugo	57	725	595,5
Ourense	8	121,2	782
Pontevedra	143	6.681	8.003
Total	449	9.629,2	12.553,94

- Folgas de ámbito autonómico convocadas, non realizadas e realizadas. Ano 2010.

	Convocadas	Non realizadas	Realizadas
Empresa	6	2	4
Sector	3	1	2
Total	9	3	6

- Folgas provinciais realizadas e traballadores participantes (evolución anos 2005-2010).



3.1.1.8 Conciliacións individuais e colectivas

En canto a conciliacións individuais e colectivas, desenvolvense as seguintes funcións:

- Xestionar e instruír os procedementos e o desenvolvemento das funcións de mediación, arbitraje e conciliación.

Os departamentos territoriais da consellería realizan estas funcións, se o conflito afecta a unha soa provincia e a Dirección Xeral de Relacións Laborais cando afecta a dúas ou máis provincias da comunidade autónoma.

Datos estatísticos

Mensualmente, os departamentos territoriais achegan á Subdirección Xeral de Traballo as follas individualizadas en modelo oficial dos conflitos individuais e colectivos, seguidos nas unidades administrativas de Mediación Arbitraje e Conciliación.

Así mesmo, se inclúen nesta estatística os datos relativos ás conciliacións colectivas levadas a cabo directamente pola Dirección Xeral de Relacións Laborais por atinxir a conflitos que afectan a persoas traballadoras de máis dunha provincia.

Os cadros estatísticos reflicten os resultados do ano 2010 en relación co total de conciliacións individuais e colectivas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Conciliacións individuais terminadas segundo a motivación. Ano 2010.

Despedimentos	9.604
Sancións	697
Reclamación cantidade	15.748
Varios	4.684
Total	30.733

- Total de conciliacións colectivas e tipo de resolución. Ano 2010.

	conciliaciones	traballadores	empresas
Con avinza	11	566	18
Sen avinza	75	26.502	85
Tentadas sen efecto	47	7.364	39
Tidas por non presentadas	0	0	0
Desistidas	4	2.114	4
Outros motivos	3	280	3
Total	140	36.826	149

3.1.1.9 Empresas de traballo temporal

As actuacións administrativas correspondentes a esta área foron as seguintes:

Autorización administrativa

- Primeira autorización (dun ano).
- 2 prórrogas (dun ano, cada unha).
- Autorización definitiva.
- Reinício de actividades.
- Nova autorización, por cambio de ámbito de actuación.
- Autorización, mediante resolucións complementarias, para actuar noutras provincias por aperturas de novos centros de traballo.

Garantía financeira

- As empresas teñen que constituír unha garantía financeira a disposición da autoridade laboral, que lles concede a autorización.
- Esta garantía ten como finalidade responder das obrigas salariais e da Seguridade Social dos traballadores postos a disposición das empresas usuarias.

Actuacións

- As empresas deben actualizar anualmente dita garantía e comunicalo á autoridade laboral.
- Á autoridade laboral correspóndelle a execución e liberación de dita garantía.

Rexistro de empresas de traballo temporal

- De ámbito provincial.
- De ámbito autonómico.

Funcións.

- Inscricións e anotacións no rexistro.
- Manifestacións e certificacións dos asentos rexistrados.

Obrigas de información á autoridade laboral das empresas de traballo temporal

- Relación de contratos de posta a disposición (mensualmente).
- Cambios de titularidade e de domicilio da empresa.
- Cambio das persoas que ostenten cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración en empresas que revistan a forma xurídica de sociedade.
- Apertura de novos centros de traballo.
- Cese da actividade como empresa de traballo temporal.

Todas as anteditas funcións sinaladas están adscritas á Dirección Xeral de Relacións Laborais, respecto das empresas de ámbito autonómico por competencia propia, e das de ámbito provincial en virtude de advocación.


Outras actuacións da autoridade laboral son as derivadas da potestade sancionadora, a través do procedemento do Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social (BOE nº 189, do 08.08.2000 e corrección no BOE nº 228, do 22.09.2000).

Datos estatísticos


En desenvolvemento da liña de colaboración e coordinación entre Administracións Públicas, intercámbiase información dos datos estatísticos de empresas en conexión coa web do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

Os cadros que figuran a continuación reflicten os resultados do ano 2010 con expresión de:

Traballadores postos a disposición polas empresas de traballo temporal, segundo ámbito provincial. Ano 2010.



Contratos de posta a disposición realizados nas empresas autorizadas pola Dirección Xeral de Relacións Laborais. Evolución 2005-2010.



Contratos de posta a disposición realizados polas empresas autorizadas pola consellería, segundo o ámbito territorial provincial e a súa causa. Ano 2010

Causa do contrato					
	Realización obra ou servicio determinado	Acumulación de tarefas	Substitución de traballadores	Contratación proceso selección	Total
A Coruña	2.041	369	194	3	2607
Lugo	87	954	213	0	1.254
Ourense	554	91	13	0	658
Pontevedra	6.245	3.544	474	0	10.263
Total	8.927	4.958	894	3	14.782

3.1.1.10 Eleccións sindicais

A Comunidade Autónoma de Galicia ten transferida a competencia nesta materia a través do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, e venlle imposta a obriga de dotación das Oficinas Públicas de Rexistro, Depósito e Publicidade (OPR), así como de dar cumprimento das funcións que para elas establece a propia lei.

Entre as características relevantes cómpre subliñar:

- Tratamento do proceso como aberto no tempo
- As Oficinas Públicas de Rexistro, Depósito e Publicidade (OPR) existentes.
- A introducción da institución da “Arbitraxe” como forma de resolución dos conflitos e impugnacións que poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso, coa intención de desxudicializalo.

Derivadas desta imposición legal, son obrigas da Administración autonómica:

- Prover ás OPR dos medios materiais e humanos precisos para o seu correcto funcionamento, facendo un seguimento e coordinación das devanditas funcións levadas a cabo por estas.
- Posta a disposición dos árbitros e dos medios materiais e humanos necesarios para realizar as súas funcións, segundo se establece no artigo 76.3 parágrafo cuarto do Estatuto dos traballadores.
- Indemnizar os árbitros, designados conforme ao disposto no artigo 76 do Estatuto dos traballadores e nos apartados 2 e 3 do artigo 31 do Regulamento de eleccións a órganos de representación dos traballadores na empresa, aprobado polo Real decreto 1844/1994, do 9 de setembro, (BOE nº 219, do 13.09.1994) polos laudos ditados nos procedementos arbitrais como

forma de resolución das impugnacións presentadas en materia electoral.

- Celebración de xuntanzas coas centrais sindicais máis representativas na Comunidade Autónoma de Galicia, para o efecto do axeitado seguimento e desenvolvemento do proceso electoral.
- E todas aquelas funcións previstas no artigo 25 do Real decreto 1844/1994 e desenvolvidas polas OPR situadas nos departamentos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Datos estatísticos

Os datos que figuran a continuación reflicten os resultados do proceso electoral levado a cabo do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2010.

No devandito período foron efectivamente rexistradas nas Oficinas Públicas de Rexistro, Depósito e Publicidade da Comunidade Autónoma de Galicia 1.279 actas.

O número total de representantes elixidos neste proceso electoral, segundo as actas efectivamente rexistradas, foi de 2.908 delegados, dos que 1.181 corresponden á provincia da Coruña, 267 á de Lugo, 365 á de Ourense e 1.095 á de Pontevedra.

A participación electoral no período foi de 60.037 traballadores dun total de 80.104 electores. Destaca a gran participación nas catro provincias, situada case no 75 % de media.


No referente ás impugnacións presentadas nas OPR da Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2010, cómpre sinalar que se presentaron un total de 187, realizáronse 16 desistimentos e se ditaron 148 laudos.

En función desta valoración global do proceso electoral, fasilítanse datos estatísticos comprensivos de:

- Distribución provincial dos avisos previos, actas rexistradas, representantes elixidos segundo as actas rexistradas do 1 de xaneiro de 2010 a 31 de decembro de 2010, sobre o total de representantes con mandato nese período.


	Nº de avisos previos presentados	Nº de actas rexistradas	Representantes elixidos
A Coruña	666	481	1.181
Lugo	223	145	267
Ourense	318	174	365
Pontevedra	715	479	1.095
Total	1.922	1279	2.908

Representantes elixidos




- Distribución provincial da participación electoral, desde o 1/01/10 ao 31/12/10

	Traballadores afectados	Traballadores participantes	Porcentaxe de participación
A Coruña	33.965	24.804	73,03
Lugo	7.670	5.888	76,77
Ourense	8.683	6.989	80,49
Pontevedra	29.786	22.356	75,06
Total	80.104	60.037	74,95



- Representantes elixidos sobre as actas rexistradas no ano 2010

	UXT	CIG	CC.OO	Outros	Total
A Coruña	315	254	378	234	1.181
Lugo	87	53	96	31	267
Ourense	127	90	81	67	365
Pontevedra	312	346	343	94	1.095
Total	841	743	898	426	2.908



- Impugnacións, desestimacións e laudos no ano 2010

	Impugnacións presentadas	Desestimacións	Laudos ditados	Impugnacións pendentes
A Coruña	67	6	54	10
Lugo	31	3	28	-
Ourense	16	-	16	-
Pontevedra	73	7	50	6
Total	187	16	148	16

3.1.2 Liñas de axudas e subvencións.

3.1.2.1 Subvencións directas ás centrais sindicais con representación na Comunidade Autónoma de Galicia

O marco xeral de subvencións destinadas ás centrais sindicais que no campo laboral convoca anualmente esta Administración autonómica está regulado no Decreto 106/1994, do 21 de abril, (DOG nº 85, do 04.05.1994) que no seu artigo 4 establece as seguintes: as destinadas ás centrais sindicais con representación na comunidade autónoma, para o desenvolvemento das súas actividades. Desde o ano 1991 véñense apoiando mediante subvencións a creación ou mantemento de gabinetes de asesoramento en materia de economía social, co fin de cooperar de forma efectiva co fomento, creación e funcionamento das diversas modalidades de economía social, en virtude do acordado na Mesa de Concertación Social; e desde o ano 1993, como consecuencia dos acordos Xunta de Galicia-sindicatos, aprobados pola mesa xeral o 23 de outubro de 1992, estableceuse unha liña de axuda destinada aos sindicatos máis representativos coa finalidade de subvencionarlles plans de formación de cadros e delegadas e delegados sindicais e gabinetes sindicais de formación.

A Orde do 7 de xullo de 2010 regula o réxime de subvencións ás centrais sindicais para o ano 2010 (DOG nº 138, do 21.07.2010) e nela anúncianse os seguintes tipos de axudas:

Programa I

Axuda para o desenvolvemento das actividades das centrais sindicais durante o ano 2010, coa finalidade de facilitarlles axudas económicas ás centrais sindicais con representación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para as actividades que lles son propias, de acordo co disposto na normativa legal vixente de aplicación e que se desenvolvan no ano 2010.

Programa II

Axuda ás centrais sindicais para a creación ou mantemento de gabinetes de asesoramento en materia de economía social, coa finalidade de promover e apoiar a creación ou o mantemento de gabinetes de asesoramento en materia de economía social.

Programa III

Axuda para gabinetes técnicos de formación e para plans de formación de cadros e delegadas e delegados sindicais, coa finalidade de fomentar os gabinetes técnicos de formación e de facilitar e favorecer a formación de cadros e delegadas e delegados sindicais.

- Subvencións concedidas ás centrais sindicais no exercicio 2010.

	N.º de entidades beneficiarias	Contías concedidas
Programa I	17	1.110.000
Programa II	5	215.000
Programa III	3	800.000
Total	25	2.125.000

3.1.2.2 Axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia

No que atinxe á Comunidade Autónoma de Galicia, a consecución da inserción laboral en clave de igualdade laboral convértese nunha das claves para facer efectivo o principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, xa que este é un dos ámbitos onde, ata o de agora, foi máis visible a desigualdade.

Dentro das medidas que a lei establece co fin de alcanzar os seus obxectivos, inclúese ao longo do seu articulado un mandato ao departamento da Xunta de Galicia competente en materia de traballo para que poña en funcionamento unha serie de axudas, subvencións e medidas de

apoio en relación coa implantación de plans de igualdade, fomento da eliminación da infrarrepresentación feminina e a garantía e mellora da conciliación da vida familiar e laboral.

Con este fin ditouse a Orde, do 9 de junio de 2010, (DOG nº 123, do 30.06.2010) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia e se convocan para o exercicio 2010.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras da concesión das axudas dirixidas ao fomento da implantación de plans de igualdade, para a eliminación da infrarrepresentación feminina e para favorecer a conciliación da vida familiar e laboral en pequenas e medianas empresas (Peme). Considérase Peme a empresa que emprega menos de 250 traballadores e traballadoras e que non supera os 50 millóns de euros de volume de negocio anual ou o seu balance anual sexa inferior a 43 millóns de euros.

As actuacións subvencionables desagregáronse nas seguintes liñas de actuación:

- Liña I
Axudas para a implantación de plans de igualdade nos termos e nos ámbitos definidos na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia (DOG nº 72, do 13.04.2007) tanto de xeito voluntario como en cumprimento da obriga establecida nun convenio colectivo de ámbito superior á empresa. Polo tanto, non será de aplicación ás empresas coa obriga legal de implantar plans de igualdade, segundo o establecido no artigo 45.2º da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo (BOE nº 71, do 23.03.2007 e versión galega suplemento nº 9, do 29.03.2007).
- Liña II
Axudas para actuacións tendentes á eliminación da

infrarrepresentación feminina nos ámbitos laborais ocupados predominantemente por homes.

- Liña III
Axudas para os investimentos realizados polas empresas co fin de habilitar servizos de comedor, garderías, lugares axeitados para o repouso das traballadoras embarazadas, salas de lactación e instalacións análogas para garantir e mellorar o dereito á conciliación da vida familiar e laboral.

Axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia concedidos no exercicio 2010

	N.º de entidades beneficiarias	Contías concedidas
Liña I	43	262.127,00
Liña II	1	20.000,00
Liña III	1	11.665,97
Total	45	293.792,97

3.1.2.3 Axudas dirixidas a pequenas e medianas empresas para a realización de proxectos para a implantación de medidas de responsabilidade social empresarial

O 5 de febreiro de 2007 asinábase o acordo denominado Novo Marco de Relacións Laborais en Galicia. Acordo polo Emprego, como froito do proceso de Diálogo Social en Galicia, iniciado coa sinatura da Declaración Institucional do 5 de novembro de 2005.

O referido acordo é, pola súa vez, un compendio de nove acordos entre os que se atopa o denominado Acordo a prol da Responsabilidade Social Empresarial en Galicia.

A responsabilidade social das empresas recollíase no Libro verde da UE (2001), documento xurdido do Consello Europeo de Lisboa de marzo do ano 2000, como un concepto segundo o cal as empresas deciden voluntariamen-

te contribuír á consecución dunha sociedade mellor e un ambiente máis limpo, definición que o Foro de Expertos ampliaba e, por consenso, establecía que a RSE é a integración voluntaria no seu goberno e xestión, nas súas estratexias políticas e procedementos, das preocupacións sociais, laborais, ambientais e de respecto aos dereitos humanos que xorden da relación e o diálogo transparentes cos seus grupos de interese, responsabilizándose así das consecuencias e impactos que derivan das súas accións.

No que se refire á Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese que a idea de RSE está necesariamente cingida a un contorno sociolaboral e ambiental que, unida ao desenvolvemento económico, configura os parámetros de calidade de vida que desexamos e que responde ao concepto de desenvolvemento sustentable e de competencia responsable.

Por iso, no proceso de diálogo social, as partes asinantes do Acordo a Prol da Responsabilidade Social en Galicia, acordaban apostar polo fomento da responsabilidade social empresarial no noso país, para o cal amosaban a súa conformidade para que as políticas, medidas e plans que se ían desenvolver na materia na nosa comunidade autónoma pivotasen sobre diversos principios ou liñas de actuación dirixidos, de xeito directo, ao tecido empresarial composto na súa maioría, por pequenas e medianas empresas (Peme).

Entre outras liñas de actuación en materia de RSE recollidas no referido acordo e destinadas ás empresas atópanse, o fomento da formación, da transparencia informativa, o impulso da implantación nas empresas de sistemas de xestión, a mellora das condicións laborais dos traballadores e traballadoras, a promoción dos valores da RSE e a creación de liñas de axuda.

Mediante a Orde do 14 de maio de 2010 (DOG nº 101, do 31.05.2010) establecéronse as bases reguladoras para a

concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a Pemes, para a realización de proxectos para a implantación de medidas de responsabilidade social empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se convocan para o exercicio 2010.

A actividade subvencionable consistiu na realización dun proxecto para a implantación de medidas de responsabilidade social empresarial, que debía comprender obrigatoriamente a realización das seguintes actividades:

- 1º) Unha análise ou diagnostico sobre a situación actual da empresa en materia de responsabilidade social, debendo incluír os seguintes ámbitos: xestión ambiental, conciliación da vida familiar e laboral, condicións laborais, igualdade de oportunidades e política social.

O diagnostico tamén deberá contemplar a identificación dos grupos de interese.
- 2º) A elaboración dun plan no que se contemple a implantación na empresa de novas medidas de responsabilidade social, tendo en conta a situación na que se encontra, segundo o diagnostico elaborado previamente.
- 3º) Un compromiso de implantación
- 4º) A comunicación e difusión das medidas que a empresa se compromete a implantar.

Axudas dirixidas á realización de proxectos para a implantación de medidas de responsabilidade social empresarial

	N.º de entidades beneficiarias	Contías concedidas
Total	39	272.322,29

3.1.2.4 Programa de axudas no sector téxtil e da confección

Co obxecto de establecer as bases reguladoras para a concesión, de ser o caso, de axudas ao abeiro do Acordo da Mesa do Sector Téxtil asinado o 7 de abril de 2008, que deu lugar ao asinamento, o 20 de maio de 2008, da acta do acordo entre a antiga Consellería de Traballo e os axentes sociais presentes na Mesa 3 do Diálogo Social, a Consellería de Traballo e Benestar, coa finalidade de apoiar as persoas afectadas por expedientes de suspensión de contratos do sector téxtil e da confección, convocou para o exercicio de 2010, axudas para que estas persoas poidan formarse durante os devanditos períodos de suspensión, de xeito que vexan mellorada a súa adaptabilidade aos cambios do contorno empresarial, tecnolóxico e produtivo, favorecendo así a creación de emprego estable e a empregabilidade destes traballadores e traballadoras.

Mediante a Orde do 18 de xuño de 2010 (DOG nº 147, do 03.08.2010) aprobábanse as bases reguladoras para a concesión de axudas dentro do Programa de apoio ás traballadoras e traballadores afectados por expedientes de suspensión de contratos do sector téxtil e da confección, e se efectuaba a súa convocatoria para o exercicio 2010 cos seguintes programas:

- ▶ **Programa I**
Complemento da prestación de desemprego, coa finalidade de complementar os importes das prestacións por desemprego.
- ▶ **Programa II**
Axudas para a reposición das prestacións de desemprego consumidas polos traballadores e traballadoras durante o período de suspensión dos contratos con ocasión dos ERE aquí recollidos, nas condicións que nesta orde se estableza, e que, con posterioridade a esta suspensión, vexan extinguidos

os seus contratos por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción sen teren xerado o período máximo de prestación por desemprego de carácter contributivo.

Este programa é de aplicación só cando non se teña dereito ás medidas recollidas, para o mesmo fin, no Lei 27/2009, do 30 de decembro, de medidas urxentes para o mantemento e fomento do emprego e a protección de persoas desempregadas ou calquera outra análoga (BOE e supl. en lingua galega, nº 315 do 31.12.2009)

- ▶ **Programa III**
Financiamento total ou parcial dos custos dos plans de formación. Subvencións a entidades sen ánimo de lucro, das recollidas nesta orde, destinadas ao financiamento total ou parcial dos plans de formación levados a cabo polos traballadores e traballadoras beneficiarios desta orde.

- ▶ [En 2010 non se recibiu ningunha solicitude.](#)

3.1.2.5 Axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social, a persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas

No Decreto 106/1994, do 21 de abril, (DOG nº 85, do 04.05.1994) establécese o réxime xeral das axudas e subvencións en materia de ámbito laboral e mellora das condicións de traballo que poderá conceder a Consellería de Traballo ao que se axustarán as ordes anuais da convocatoria delas, baixo os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25.06.2007) así como na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18.11.2003, versión galega: suplemento nº 14, do 24.11.2003), na Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orza-

mentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 251, do 03.12.2007) para o ano 2008 e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 238, do 11.12.2000; corrección: DOG nº 249, do 27.12.2000).

Mediante a Orde do 12 de xuño de 2008 (DOG nº 119, do 20.06.2008) ditáronse, con carácter permanente, normas de procedemento para a xestión das axudas previstas no Decreto 106/1994, do 21 de abril, (DOG nº 85, do 04.05.1994) da Xunta de Galicia, e na Orde do 5 de outubro de 1994, do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, pola que se regula a concesión de axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social, a persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas (BOE nº 253, do 22.10.1994).

As subvencións reguladas pola antedita orde teñen por obxecto facilitar unha cobertura económica ás persoas traballadoras afectadas por procesos de extinción de relacións de traballo, por causas económicas, técnicas, organizativas e de produción, sempre que cumpran os requisitos e condicións nela esixidos, en tanto non accedan á situación de xubilación, na súa modalidade contributiva, no sistema da Seguridade Social.

- ▶ [No ano 2010 houbo 1 solicitude para un total de 18 persoas traballadoras beneficiarias das axudas, cunha contía global concedida de 1.292.710,21 euros.](#)

3.1.2.6 Axudas de carácter extraordinario a traballadores e traballadoras afectados por situacións de especial dificultade como consecuencia de procesos de reestruturación de empresas que supoñan extinción dos seus contratos

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar, ten entre os seus compromisos o apoio a aqueles traballadores e traballadoras que procedan de

sectores que sufran procesos industriais recesivos, e que leven consigo o efecto negativo na actividade produtiva e no emprego.

É por isto, polo que entre as medidas que se adoptaron en 2010, se pretendía apoiar os traballadores e traballadoras afectados por procesos de reestruturación das súas empresas.

Así, mediante a Orde do 7 de xuño de 2010 (DOG nº 115, do 18.06.2010) regulábanse e convocábanse para 2010 axudas de carácter extraordinario a traballadores e traballadoras afectados por situacións de especial dificultade como consecuencia de procesos de reestruturación de empresas da Comunidade Autónoma de Galicia que supoñan a extinción dos seus contratos, co obxecto de outorgar axudas, en concorrencia competitiva, de carácter extraordinario en procesos de reestruturación de empresas da Comunidade Autónoma de Galicia que puidesen levar consigo o cesamento total ou parcial das súas actividades.

A finalidade é axudar a traballadores e traballadoras destas empresas que, como consecuencia destes procesos, se atopan en situacións de urxencia e necesidade socio-laboral e, ao mesmo tempo, contribuír ao mantemento do emprego naqueles supostos en que sexa posible. A extinción dos contratos de traballo dos posibles beneficiarios deben derivar de expedientes de regulación de emprego autorizados pola autoridade laboral competente ao abeiro do disposto no artigo 51 do Estatuto dos traballadores.

Trátase, polo tanto, de compensar economicamente as persoas traballadoras ás que se fai referencia naquelas situacións nas que estean afectadas por procesos de reestruturación e non acaden niveis de cobertura adecuados, segundo as circunstancias concretas de cada caso, ben cando non acaden durante a situación de desemprego un nivel de cobertura mínimo, ben cando tivesen que soportar perdas de salarios ou ben, cando

se atopen en calquera outra situación de desprotección derivada da crise da empresa que non fose susceptible de ser cuberta por ningún outro mecanismo de garantía.

Esta compensación levarase a cabo, ou ben complementando a prestación de desemprego, ou, se é o caso, o subsidio de desemprego, ou ben concedendo unha cobertura económica en tanto non accedan ás prestacións por xubilación na súa modalidade contributiva.

No caso de que a axuda solicitada non teña como finalidade a xubilación, e polo tanto, a retirada do mercado laboral das persoas beneficiarias, as medidas que se adoptan deben estar ligadas a un plan de recolocación, a un itinerario de inserción ou a unha estratexia similar dirixida a promover ou facilitar a reincorporación ao mercado laboral das persoas afectadas.

► No ano 2010 houbo un total de 8 persoas beneficiarias por un importe de 49.640 euros.

3.1.3 Actuacións encamiñadas á promoción e divulgación

Este apartado comprende a organización e/ou participación en manifestacións e actividades de promoción e divulgación, así como a realización de actividades formativas en materia laboral e cooperación institucional.

3.1.3.1 Cooperación institucional

Durante a ano 2010 a Xunta de Galicia, os sindicatos UGT-Galicia, S.N. de CC.OO e a CEG continuaron co proceso de diálogo social, reactivado a finais de 2009. Á Consellería de Traballo e Benestar correspóndelle o papel do seu impulso e coordinación, polo que, o 30 de xullo de 2010, no marco da Mexa Xeral, o presidente da Xunta de Galicia, os secretarios xerais dos dous sindicatos e o presidente da patronal asinaron un totoal de 15 acordos.

Estes acordos foron froito dos traballos realizados en cada unda das mesas de traballo constituídas para este proceso:

Mesa 1: Emprego e relacións laborais

Mesa 2: Competitividade empresarial e innovación

Mesa 3: Infraestruturas e desenvolvemento sostible

Mesa 4: Políticas de benestar e cohesión social

Ademais das mesas xerais sinaladas, existen mesas sectoriais para os sectores da Automoción, Naval e Têxtil.

O obxectivo das medidas que comprenden estes 15 acordos abranguen diversos ámbitos: avanzar na mellora do emprego; na mellora da prevención de riscos laborais, aprobando un Plan estratéxico para o período 2011-2014; reforzar a mellora da competitividade empresarial, mediante propostas de mellora da xestión e da área de financiamento do Igape; medidas dirixidas á internacionalización e captación de investimento estranxeiro; propostas para o sector têxtil, ou medidas en materia de modernización e innovación tecnolóxica e racionalización e simplificación de cargas administrativas; acordos en materia de infraestruturas e desenvolvemento sostible mediante medidas relativas ao plan de ordenación do litoral e á vivenda de Galicia e, por último, tres acordos relativos ao benestar e cohesión social.

Non meses posteriores continuaron reuníndose as mesas de traballo co fin de acadar máis acordos naquelas temáticas que se fixaron para cada un delas.

Proxecto Europeo de Apoio á Competitividade e á Calidade do Emprego Transfronteirizo de Galicia e o Norte de Portugal

As accións realizadas polo proxecto ACCEPT durante o

2010 foron as seguintes:

► Sistema de inspección e cooperación

- Actividade 1.a. **Panel de necesidades**
A coordinación e a cooperación da Dirección Xeral de Relacions Laborais xunto coa Delegação Regional do Norte do Instituto de Emprego e Formação Profissional, foi a clave para executar en paralelo os dous estudos no marco do proxecto.

O Panel de Necesidades responde á realización dun labor de estudo e análise enmarcado na euronrexión Galicia-Norte de Portugal e ten como finalidade ser un reflexo das características do traballo transfronteirizo que se desenvolve neste espazo. Pódese consultar en www.accept.com.es

- Actividade 1.b. **Protocolos informatizados de actuación**

Protocolo de actuación para a Inspección de Traballo e Seguridade Social: destinado a facilitar as accións de inspección no traballo transfronteirizo. O obxectivo deste protocolo foi o de proporcionar unha ferramenta útil para o coñecemento da realidade actual do traballo transfronteirizo, que servirá aos axentes de inspección para investigar a correcta aplicación da normativa laboral. Esta acción permite continuar coa colaboración entre a Autoridade para as Condições do Trabalho e a Inspección de Traballo e Seguridade Social, para poder desenvolver correctamente as accións de inspección. Este protocolo materializouse nun documento que define, entre outras cuestións acordadas nas reunións realizadas, un guión para aplicar nas visitas conxuntas e nas empresas implicadas no traballo transfronteirizo.

Por outra banda, temos o **protocolo de comunicación de desprazamentos** que ten como obxectivo axilizar a introdución de novas comunicacións de

desprazamentos para as empresas de maneira telemática. Consiste nunha aplicación informática que está dispoñible en www.accept.com.es e directamente a través de <https://trades.xunta.es>. Nesta aplicación aparece un formulario que permite aos empresarios comunicar os desprazamentos dos seus traballadores empregando a sinatura dixital ou manual. Esta información quedará automaticamente rexistrada nunha base de datos, o cal permitirá emitir informes e cálculos estatísticos reais sobre os desprazamentos transfronteirizos das empresas.

► Programa de inspección e cooperación

- Actividade 2.a. **Teleformación sobre o traballo transfronteirizo**

A Dirección Xeral de Relacións Laborais fixo catro cursos de aprendizaxe sobre as seguintes temáticas:

- Responsabilidade social empresarial.
- Comunicación de desprazamentos transfronteirizos.
- A inspección do traballo. Aspectos transfronteirizos.
- Aspectos básicos sobre o traballo transfronteirizo.

- Actividade 2.b. **Talleres de reflexión e traballo**

Durante 2010 realizáronse, así mesmo, cinco talleres presenciais de formación enmarcados no proxecto ACCEPT que trataron as seguintes temáticas:

- A responsabilidade social empesarial.
- As comunicacións de desprazamentos transfronteirizos.
- A Inspección de traballo. Aspectos transfronteirizos.

- Actividade 2.c. **Intercambios profesionais**

Esta actividade foi realizada nos meses de novembro e decembro de 2010 e consistiu na realización de visitas conxuntas a máis de 20 empresas por parte da

Inspección de Trabajo e Seguridade Social de Galicia e o seu homólogo portugués, a ACT, a empresas implicadas no traballo transfronteirizo.

Para acordar a execución desta actividade houbo dúas reunións entre as autoridades laborais portuguesa e galega:

- Reunión entre as autoridades laborais do 26 de outubro, en Santiago de Compostela: debido a cambios na estrutura da ACT, foi necesario realizar esta reunión para informar aos novos cargos, das accións que deberían levarse a cabo en colaboración coa Inspección de Traballo e da Seguridade Social e coa ACT. Estas accións foron o protocolo de actuación conxunta e os intercambios profesionais.
- Reunión de traballo entre as autoridades laborais de Galicia e Norte Portugal, o 18 de novembro, en Tui: esta segunda reunión estivo dividida en tres partes. Na primeira parte estiveron presentes as autoridades laborais galega e portuguesa e os técnicos que ían participar nas visitas conxuntas (intercambios profesionais). Na segunda parte deste encontro estiveron presentes os representantes sindicais máis representativos de Galicia e Portugal para achegar unha visión máis ampla sobre cales son aqueles aspectos sobre os que se debe incidir. Como peche desta xuntanza, as autoridades presentes concretaron aspectos referentes á organización das visitas conxuntas.

Como resultado da implementación destas visitas realizouse un informe con datos xenéricos, que está dispoñible no apartado “actividades” da web do proxecto: www.accept.com.es

Plan de sensibilización

- Actividade 3.a: **Servizo de Información on-line.**

Dende a apertura da páxina web do proxecto estivo en marcha un servizo de consulta para todos aqueles interesados.

Reunións do comité directivo

No mes de xullo do 2010 realizouse a terceira xuntanza do Comité Directivo na que estiveron presentes entidades socias e colaboradoras que conforman o proxecto ACCEPT. Esta reunión serviu para analizar a evolución do proxecto e para planificar as actividades que se desenvolvería de inmediato.

Así mesmo, o día 17 de decembro do 2010 realizouse a Cuarta Reunión do Comité Directivo, na que estiveron presentes novamente, as entidades socias e colaboradoras do ACCEPT. Nesta ocasión analizáronse os resultados obtidos na execución do proxecto e tamén se estudia- ron aquelas actividades que poderían ter unha continuidade no tempo.

Órganos de participación e grupos de traballo

Esta dirección xeral forma parte de órganos de participación así como de diversas comisións e grupos de traballo, tanto no seo da Xunta de Galicia como en coordinación con outras administracións . Así, temos as seguintes:

Órganos de participación

- Instituto de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)
- Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral
- Comisión consultiva tripartita da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Galicia
- Comisión Territorial da Inspección de Traballo
- Comisión Nacional para a Racionalización dos Horarios Españóis.
- Comisión Bipartita de Seguimento e Control do Sector Téxtil-Confección, segundo o establecido no asina- mento da Acta do preacordo sobre o programa de axudas para os traballadores/as en empresas do

Ver www.accept.com

sector téxtil e da confección en Galicia, afectados por expedientes de suspensión de contratos de traballo,

- Normalización lingüística
- Consello Estatal de Responsabilidade Social Empre- sarial (CERSE)
- Diversas comisión interdepartamentais

Grupos de traballo

De proxectos normativos no seo da Dirección Xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

- Sobre o futuro modelo da Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- Para a elaboración do Mapa da Estrutura da Negocia- ción Colectiva en España.
- Grupo de traballo de Responsabilidade Social empre- sarial (RSE) e transparencia, no marco do CERSE
- Grupo de traballo de RSE e Educación, no marco do CERSE.

3.1.3.2 Congresos e Xornadas

O 16 de novembro de 2010 tivo lugar, enmarcada no proxecto ACCEPT, a xornada titulada Responsabilidade Social Empresarial. Xeradora de Emprego e Competitivi- dade. A esta xornada asistiron un total de 142 persoas e contouse coas exposicións de varios expertos na materia.

3.1.3.3 Divulgación

WEB sobre RSE (<http://rse.xunta.es>)



A mediados de 2008 elaborouse a páxina web rse.xunta.es na que se inclúen, spots, folletos, carteis, estudos, in-

formes, contactos, información variada, ligazóns a páxi- nas de interese, etc... Ademais inclúe un apartado espe- cífico para o observatorio permanente da RSE de Galicia.

WEB do proxecto ACCEPT (www.accept.com.es)



A web do proxecto ACCEPT foi empregada durante todo o ano 2010 como medio de difusión de todas as accións realizadas neste. Do mesmo xeito, empregouse esta fe- rramenta para poñer a disposición das persoas usuarias todos aqueles produtos obtidos no ACCEPT como por exemplo, o Panel de Necesidades, as Guías de Sensibi- lización elaboradas pola FEGAMP e tamén os Protocolos de Actuación Conxunta.

Tamén contamos coa páxina web para situar a platafor- ma formativa e desenvolver todas as accións de telefor- mación programadas no proxecto.

Outra das funcións que cubriu a páxina son as de infor- mación e consulta por parte das persoas interesadas.

Anuncios en prensa

Durante a recta final do proxecto ACCEPT realizáronse varios anuncios en prensa. Primeiramente anunciando a Xornada de RSE do 16 de novembro en varios medios de prensa escrita como El Faro de Vigo, El Progreso... ademais, neste periodo tamén se realizaron outros dous anuncios, un deles para difundir os protocolos de colabo- ración realizados e o segundo para divulgar os resultados obtidos no proxecto.

Folletos informativos

Durante 2010, dentro do proxecto ACCEPT realizáron- se dous trípticos informativos, o primeiro deles para di-

Ver RSE

fundir os protocolos de actuación conxunta elaborados no proxecto, comunicando aos interesados cal foi o seu obxectivo e de como poden acceder a eles. Outro dos trípticos realizados recolle os resultados obtidos na execución do proxecto.

► **Asistencia a eventos para promocionar o proxecto**

A Dirección Xeral de Relacións Laborais participou en varios eventos organizados por outras entidades para promocionar o ACCEPT e tratar aspectos relacionados co traballo transfronteirizo vinculados ao proxecto.

Por exemplo, en xaneiro de 2010, en Oporto, o ACCEPT estivo presente no seminario organizado polo Comité Económico e Social Europeo denominado Parceiras eficaces para a política de coesão-Exemplos de boas prácticas.

En febreiro de 2010, en Braga, asistíuse ao curso O Destacamento de Traballadores de Portugal para a Galiza, onde, ademais de achegar información sobre o REA, se realizou a difusión do proxecto.

O 21 de maio de 2010, en Mondariz, o proxecto participou no IV Fórum do Vale do Minho Transfronteirizo onde se realizou unha presentación do ACCEPT e se destacaron os resultados que se esperaban obter coa súa realización.

O 4 de xullo do 2010, presentouse o proxecto no Foro Coopera 2010. participando na “Mesa 4: Empresa, Formación e Innovación. Boas prácticas en cooperación transfronteriza.

► **Estatísticas sociolaborais.
Anuario 2009**

http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_vertical/publicaciones_estadisticas/estadistica_sociolaboral

O obxectivo da elaboración e edi-



ción desta publicación foi o de acadar un conxunto coherente, fiable e actualizado de datos estatísticos, que permitise facer unha valoración o máis exhaustiva da realidade sociolaboral da nosa comunidade autónoma, de xeito que fose un referente útil de información para a toma de decisións das institucións públicas, dos axentes sociais e demais estamentos vinculados, directa ou indirectamente, co eido das relacións laborais.

► **Directorio de centros de traballo 2009**

http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_vertical/publicaciones_estadisticas/listado_publicaciones?tema=centros_traballo



A través deste directorio preténdese achegar un conxunto de datos estatísticos que facilite coñecer a estrutura, as características e localización dos centros de traballo en Galicia, co período de referencia do ano 2008.

► **Observatorio Permanente da Responsabilidade Social Empresarial (RSE)**

Consiste nun servizo mediante o que se analizará a aplicación da RSE nas empresas galegas a través de actuacións enfocadas a aquelas empresas que teñan maior facturación. Tamén se analizará o nivel de aplicación das políticas laborais e de calidade dentro da estratexia da RSE, de acordo cunha serie de especificacións. Así, defíniranse as características xerais da empresa: volume de emprego, volume de facturación, rama de actividade; as actitudes e opinións do empresariado sobre a RSE; o grao de coñecemento da RSE; as relacións con provedores, clientes e coa sociedade en xeral. Sempre tendo en conta a lexislación actual. Este estudo desenvolverase ao longo de varios anos para constatar a evolución e o impacto das medidas que se leven a cabo.

Ver directorio de centros de traballo

Ver estatísticas sociolaborais

3.2. ÁREA DE COOPERATIVAS E ECONOMÍA SOCIAL

Nesta área englóbanse as actuacións que ten atribuída a Dirección Xeral de Relacións Laborais dentro do ámbito da comunidade autónoma e quedan encadradas no marco de actuación funcional da Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social.

Entre as actuacións desenvolvidas, cómpre subliñar as seguintes:

- Actuacións relativas á xestión administrativa
- Liña de Axudas e subvencións
- Convenios de cooperación e colaboración
- Actuacións encamiñadas á promoción e divulgación
- Consello Galego de Cooperativas

3.2.1 Actuacións relativas á xestión administrativa

As actuacións levadas a cabo polas distintas unidades administrativas da Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social e os datos globais da xestión correspondente o ano 2010 foron as seguintes:

3.2.1.1 Sociedades cooperativas

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude de transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro (BOE nº 310, do 28.12.95), que ampliou a competencia orixinaria recollida no artigo 28.7 do Estatuto de autonomía de Galicia.

En virtude desta competencia foi aprobada a Lei 5/1998, do 18 de decembro de cooperativas de Galicia (DOG nº 251 do 30.12.1998).

A dita lei crea o Rexistro de Cooperativas de Galicia regulado mediante o Decreto 430/2001, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia (DOG nº 31 do 12.02.2002), quedando adscrito á consellería competente en materia de traballo, actualmente, a Consellería de Traballo e Benestar, onde se encadra un rexistro central dependente da Dirección Xeral de Relacións Laborais, e os correspondentes rexistros provinciais adscritos a cada un dos departamentos territoriais da consellería.

Os rexistros provinciais de cooperativas estenden a súa competencia ao territorio da provincia onde se encadran, desenvolvendo funcións referentes á cualificación, inscrición e certificación dos actos que deben acceder ao rexistro xurídico de cooperativas.

O Rexistro Central de Cooperativas ten as mesmas competencias que os rexistros provinciais sobre todas aquelas cooperativas que amplíen o seu ámbito territorial a máis dunha provincia. Tamén ten competencia sobre as cooperativas de crédito e seguros, cooperativas de segundo grao e asociacións de cooperativas desenvolven do funcións referentes á cualificación, inscrición e certificación dos actos que deben acceder ao rexistro xurídico de cooperativas.

1. Funcións que desenvolven os Rexistros de Cooperativas:

- b. Cualificar, inscribir e certificar os actos ou negocios xurídicos das cooperativas
- c. Habilitar e legalizar os libros obrigatorios das entidades cooperativas.
- d. Recibir, cualificar e publicar o depósito de contas e os documentos que se lle anexan.
- e. Certificar sobre os actos e documentos que obran nos Rexistros de Cooperativas

- f. Publicar no Diario Oficial de Galicia aqueles anuncios que lle require a Lei de cooperativas de Galicia ou o Regulamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia.
- g. Requirir documentación, no seu caso, e comunicar os defectos que deben ser subsanados para completar os procedementos rexistrais.

2. O Rexistro central terá, ademais, as seguintes funcións

- a. Nomear auditores e outros expertos independentes, por solicitude das entidades cooperativas e por conta destas.
- b. Depósitos e demais actos e negocios xurídicos relativos ás seccións de crédito.
- c. Coordinar os rexistros provinciais de cooperativas.
- d. A colaboración e coordinación con outros rexistros.
- e. A ordenación, tratamento e publicidade da información rexistral acumulada.
- f. Ditar instrucións e resolver as consultas que sexan da súa competencia, en aplicación da normativa en materia de cooperativas.

Datos estatísticos

Os datos estatísticos que se presentan a continuación son un reflexo numérico das funcións realizadas polos rexistros de cooperativas durante o exercicio 2010, polo que a cada cadro se lle engade a información referente ás funcións realizadas polos rexistros co número e a letra que corresponden ás xa mencionadas.

- [Cualificacións previas. Ano 2010: 1.a\)](#)

Rexitro	Total
A Coruña	16
Lugo	1
Ourense	0

Pontevedra	14
Rexistro central	5
Total	35

- [Número de cooperativas constituídas e número de socios. 2010: 1.a\)](#)

Rexistro	Cooperativas inscritas	Nº de socios
A Coruña	11	156
Lugo	2	11
Ourense	4	15
Pontevedra	16	107
Rexistro central	9	1.267
Total	42	1.556

- [Total asentos rexistrais efectuados. Ano 2010: 1.a\), d\)](#)

	Total
Constitucións	42
Modificacións estatutarias	56
Disolución-liquidación	18
Nomeamento e cese de cargos sociais	313
Depósito de contas	878
Outros	75
Total	1.382

- [Outros trámites relativos ós procedementos rexistrais. Ano 2010: 1.b\), 1.e\)](#)

	Total
Certificados e notas simples	327
Notas de defectos	1.011
Publicacións no D.O.G.	23
Libros legalizados	1.587

- [Funcións exclusivas relativas aos trámites no Rexistro Central:2.b\), 2.c\), 2.d\), 2 e\), 2.f\)](#)

Rexistro	Total
Sección de Crédito	6
Recursos	2
Estatísticas	16
Consultas	8
Atención telefónica	235

- [No seguinte cadro recollemos a información estatística en relación ás cooperativas e aos seus socios promotores, inscritos segundo clase e ámbito territorial. Ano 2010](#)

	Rexistros provinciais								Rexistro central		Total	
	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		nºCoop.	nºSoc.	nºCoop.	nºSoc.
	nºCoop.	nºSoc.	nºCoop.	nºSoc.	nºCoop.	nºSoc.	nºCoop.	nºSoc.				
Traballo asociado	3	9	2	11	3	12	9	35	3	20	20	87
Consumidores e usuarios									1	32	1	32
Vivendas	7	143					5	56			12	199
Agrarias							1	10	4	1.211	5	1.221
Explotación comun. da terra												
Servizos	1	4									1	4
Mar							1	6			1	6
Transportistas									1	4	1	4
Transportistas-traballo asociado												
Seguros												
Sanitarias												
Servizos sociais-traballo asociado					1	3					1	3
Ensino												
Ensino-traballo asociado												
Educacionais												
Integración social												
Segundo grao												
Total	11	156	2	11	4	15	16	107	9	1.267	42	1.556

- [Cooperativas constituídas e número de socios por actividade económica. Ano 2010](#)

Cod.	actividade	A Coruña					Lugo				
		Coop.	Homes	Mulleres	Persoas xurídicas	Total	Coop.	Homes	Mulleres	Persoas xurídicas	Total
1	agricultura, gandería, caza e serv. relacionados										
2	silvicultura e expltotacións forestais										
3	pesca e acuicultura										
5	extracc. de antracita, hulla e lignito										
6	extracc. cru, petróleo e gas natural										
7	extracc. minerais metálicos										
8	outras industrias extractivas										
9	actividades de apoio as industrias extractivas										
10	industria da alimentación										
11	fabricación de bebidas										
12	industria do tabaco										
13	industria téxtil										
14	confección de roupa de vestir										
15	industria do coiro e do calzado										

16	industria madeira e cortiza, agás. mobles; cestería e espartaría				
17	industria do papel				
18	artes gráficas e reproduc. de soportes gravados				
19	coquerías e refinación de petróleo				
20	industria química				
21	fabricación de produtos farmacéuticos				
22	fabric. de produtos de caucho e plásticos				
23	fabric. doutros produtos minerais non metálicos				
24	metalurxia; fabric. prod. ferro, aceiro e ferroalixes				
25	fabric. produtos metálicos agás maquinaria e equipam.				
26	fabric. produtos informát., eléctron. e ópticos				
27	fabric. de material e equipam. eléctrico				
28	fabric. de maquin. e equipam. n.c.n.				
29	fabric. vehículos de motor, remolques e semirremolques				
30	fabric. doutro material de transporte				
31	fabric. mobles				
32	outras industrias manufactureiras				
33	repar. e instal. de maquinaria e equipamento				
35	fornece. de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicion.				
36	captación, depuración e distribución de auga				
37	recolla e tratamento de augas residuais				
38	recolla, tratam. e elimin. residuos; valorización				
39	activ. descontam. e outros servizos de descontam. resid.				
41	construcción de edificios	6	75	64	139
42	inxenaría civil				
43	actividades de construción especializada				
45	venda repar. vehículos motor e motocicletas				
46	comerc. por xunto e interm. do com., agás vehíc. motor e moticic.	1	4		4
47	comercio a retallo, agás vehíc. motor e motocicletas	1		3	3
49	transporte terrestre e por tubaxe				
50	transporte marítimo e por vías vías naveg. interiores				
51	transporte aéreo				
52	almacenamento e activ. anexas ao transportes				
53	actividades postais e de correos				
55	servizos de aloxamento				
56	servizos de comidas e bebidas				
58	edición				
59	activ. cinet., vídeo, programas de tv., grab. son e edic.music.	1	3		3
60	activ. program. e emisión de radio e tv				
61	telecomunicacións				

62	program., consultaría e outras activid. relac. informática										
63	servizos de información										
64	servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións										
65	seguros, reaseguros e fondos de pensións, agás seg. social obrig.										
66	activ. auxiliares aos servix. financeiros e seguros										
68	actv. inmobiliarias	1	4			4					
69	actividades xurídicas e de contabilidade										
70	activ. das sedes cent., activ. consult. de xestión empresarial										
71	servizos tecn. arquitectura e enxeñaría; ensaios e anal. técnicas										
72	investigación e desenvolvemento										
73	publicidade e estudos de mercado										
74	outras activ. profesionais, científicas e técnicas										
75	actividades veterinarias										
77	actividades de aluguer										
78	activid. relacionadas co emprego										
79	activ. axenc, viaxes, oper, turist, serv. reservas e activ. relac.										
80	activid. seguranza e investigación										
81	servizos a edificios e activid. de xardinaría										
82	activ. adminst.de oficina e outras activ. aux. ás empresas										
84	admt. pública e defensa e seguridade social obrigatoria										
85	educación										
86	actividades sanitarias										
87	asistencia en establecementos residenciais										
88	actividades de serviz. sociais sen aloxamento						1	1	6	7	
90	activ. de creación artíst. e espéctaculos	1	3			3					
91	activ. bibliotecas, arquivos, museos e outras activ. culturais										
92	activ. de xogos de azar e apostas										
93	activ. deportivas, recreativas e de entretemento						1		4	4	
94	activ. asociativas										
95	repar. ordenadores, efectos persoais e art. uso domést.										
96	outros servizos persoais										
97	activ. dos fogares como empregad. de persoal doméstico										
98	activ. fogares como produt. de bens e servizos para uso propio										
99	activ. de organizacións e organismos extraterritoriais										
total		11	86	70	0	156	2	1	10	0	11

Cod.	actividade	Ourense					Pontevedra				
		Coop.	Homes	Mulleres	Persoas xurídicas	Total	Coop.	Homes	Mulleres	Persoas xurídicas	Total
1	agricultura, gandería, caza e serv. relacionados						2	4	2	9	15
2	silvicultura e explotacións forestais										
3	pesca e acuicultura						1	3	3		6
5	extracc. de antracita, hulla e lignito										
6	extracc. cru, petróleo e gas natural	1	2	2		4					
7	extracc. minerais metálicos										
8	outras industrias extractivas										
9	actividades de apoio as industrias extractivas										
10	industria da alimentación										
11	fabricación de bebidas										
12	industria do tabaco										
13	industria téxtil										
14	confección de roupa de vestir										
15	industria do coiro e do calzado										
16	industria madeira e cortiza, agás. mobles; cestería e espartaría										
17	industria do papel										
18	artes gráficas e reproduc. de soportes gravados										
19	coquerías e refinación de petróleo										
20	industria química										
21	fabricación de produtos farmacéuticos										
22	fabric. de produtos de caucho e plásticos										
23	fabric. doutros produtos minerais non metálicos						1	1	4		5
24	metalurxia; fabric. prod. ferro, aceiro e ferroalixes										
25	fabric. produtos metálicos agás maquinaria e equipam.										
26	fabric. produtos informát., eléctron. e ópticos										
27	fabric. de material e equipam. eléctrico										
28	fabric. de maquin. e equipam. n.c.n.										
29	fabric. vehículos de motor, remolques e semirremolques										
30	fabric. doutro material de transporte						1	1	2		3
31	fabric. mobles										
32	outras industrias manufactureiras										
33	repar. e instal. de maquinaria e equipamento										
35	fornece. de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicion.										
36	captación, depuración e distribución de auga										
37	recolla e tratamento de augas residuais										
38	recolla, tratam. e elimin. residuos; valorización										
39	activ. descontam. e outros servizos de descontam. resid.										
41	construcción de edificios						5	32	24		56
42	inxenaría civil										

43	actividades de construción especializada										
45	venda repar. vehículos motor e motocicletas										
46	comerc. por xunto e interm. do com., agás vehíc. motor e moticíc.	1	2	1		3					
47	comercio a retallo, agás vehíc. motor e motocicletas										
49	transporte terrestre e por tubaxe										
50	transporte marítimo e por vías vías naveg. interiores										
51	transporte aéreo										
52	almacenamento e activ. anexas ao transportes										
53	actividades postais e de correos										
55	servizos de aloxamento										
56	servizos de comidas e bebidas	1	2	2		4					
58	edición										
59	activ. cinet., vídeo, programas de tv., grab. son e edic.music.										
60	activ. program. e emisión de radio e tv										
61	telecomunicacións										
62	program., consultaría e outras activid. relac. informática										
63	servizos de información										
64	servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións										
65	seguros, reaseguros e fondos de pensións, agás seg. social obrig.										
66	activ. auxiliares aos serviz. financeiros e seguros										
68	actv. inmobiliarias										
69	actividades xurídicas e de contabilidade	1	2	3		5	1	1	4		5
70	activ. das sedes cent., activ. consult. de xestión empresarial										
71	servizos tecn. arquitectura e enxeñaría; ensaios e anal. técnicas										
72	investigación e desenvolvemento										
73	publicidade e estudos de mercado										
74	outras activ. profesionais, científicas e técnicas										
75	actividades veterinarias										
77	actividades de aluguer										
78	activid. relacionadas co emprego										
79	activ. axenc, viaxes, oper, turist, serv. reservas e activ. relac.										
80	activid. seguranza e investigación										
81	servizos a edificios e activid. de xardinaría										
82	activ. adminst.de oficina e outras activ. aux. ás empresas										
84	admt. pública e defensa e seguridade social obrigatoria										
85	educación										
86	actividades sanitarias										
87	asistencia en establecementos residenciais	1	1	2		3					

88	actividades de serviz. sociais sen aloxamento										
90	activ. de creación artísit. e espéctaculos										
91	activ. bibliotecas, arquivos, museos e outras activ. culturais										
92	activ. de xogos de azar e apostas										
93	activ. deportivas, recreativas e de entretemento					1	4			4	
94	activ. asociativas										
95	repar. ordenadores, efectos persoais e art. uso domést.	1	3	3							
96	outros servizos persoais					2	2	4	6		
97	activ. dos fogares como empregad. de persoal doméstico										
98	activ. fogares como produt. de bens e servizos para uso propio										
99	activ. de organizacións e organismos extraterritoriais										
total		4	8	7	0	15	16	48	50	9	107

Cod.	actividade	Rexistro central					Total				
		Coop.	Homes	Mulleres	Persoas xurídicas	Total	Coop.	Homes	Mulleres	Persoas xurídicas	Total
1	agricultura, gandería, caza e serv. relacionados	4	497	653	50	1.200	6	501	655	59	1.215
2	silvicultura e expltotacións forestais										
3	pesca e acuicultura						1	3	3	0	6
5	extracc. de antracita, hulla e lignito										
6	extracc. cru, petróleo e gas natural						1	2	2	0	4
7	extracc. minerais metálicos										
8	outras industrias extractivas										
9	actividades de apoio as industrias extractivas										
10	industria da alimentación	2	10	7	17		2	10	7	0	17
11	fabricación de bebidas										
12	industria do tabaco										
13	industria téxtil										
14	confección de roupa de vestir										
15	industria do coiro e do calzado										
16	industria madeira e cortiza, agás. mobles; cestería e espartaría										
17	industria do papel										
18	artes gráficas e reproduc. de soportes gravados										
19	coquerías e refinación de petróleo										
20	industria química										
21	fabricación de produtos farmacéuticos										
22	fabric. de produtos de caucho e plásticos										
23	fabric. doutros produtos minerais non metálicos						1	1	4	0	5
24	metalurxia; fabric. prod. ferro, aceiro e ferroalixes										
25	fabric. produtos metálicos agás maquinaria e equipam.										
26	fabric. produtos informát., eléctron. e ópticos										

27	fabric. de material e equipam. eléctrico										
28	fabric. de maquin. e equipam. n.c.n.										
29	fabric. vehículos de motor, remolques e semirremolques										
30	fabric. doutro material de transporte					1	1	2	0	3	
31	fabric. mobles										
32	outras industrias manufactureiras										
33	repar. e instal. de maquinaria e equipamento										
35	fornecem. de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado.										
36	captación, depuración e distribución de auga										
37	recolla e tratamento de augas residuais										
38	recolla, tratam. e elimin. residuos; valorización										
39	activ. descontam. e outros servizos de descontam. resid.										
41	construcción de edificios					11	107	88	0	195	
42	inxeñaría civil										
43	actividades de construcción especializada										
45	venda repar. vehículos motor e motocicletas										
46	comerc. por xunto e interm. do com., agás vehíc. motor e moticic.		1	14	18	32	3	20	19	0	39
47	comercio a retallo, agás vehíc. motor e motocicletas		1	3	1	4	2	3	4	0	7
49	transporte terrestre e por tubaxe										
50	transporte marítimo e por vías vías naveg. interiores										
51	transporte aéreo										
52	almacenamento e activ. anexas ao transportes										
53	actividades postais e de correos										
55	servizos de aloxamento										
56	servizos de comidas e bebidas					1	2	2	0	4	
58	edición										
59	activ. cinet., vídeo, programas de tv., grab. son e edic.music.					1	3	0	0	3	
60	activ. program. e emisión de radio e tv										
61	telecomunicacións										
62	program., consultaría e outras activid. relac. informática										
63	servizos de información										
64	servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións										
65	seguros, reaseguros e fondos de pensións, agás seg. social obrig.										
66	activ. auxiliares aos servix. financeiros e seguros										
68	actv. inmobiliarias					1	4	0	0	4	
69	actividades xurídicas e de contabilidade					2	3	7	0	10	
70	activ. das sedes cent., activ. consult. de xestión empresarial		1	3	11	14	1	3	11	0	14
71	servizos tecn. arquitectura e enxeñaría; ensaios e anal. técnicas										


72	investigación e desenvolvemento										
73	publicidade e estudos de mercado										
74	outras activ. profesionais, científicas e técnicas										
75	actividades veterinarias										
77	actividades de aluguer										
78	activid. relacionadas co emprego										
79	activ. axenc, viaxes, oper, turist, serv. reservas e activ. relac.										
80	activid. seguranza e investigación										
81	servizos a edificios e activid. de xardinaría										
82	activ. adminst.de oficina e outras activ. aux. ás empresas										
84	admt. pública e defensa e seguridad social obrigatoria										
85	educación										
86	actividades sanitarias										
87	asistencia en establecementos residenciais	1	1	2	0						3
88	actividades de serviz. sociais sen aloxamento	1	1	6	0						7
90	activ. de creación artíst. e espéctaculos	1	0	3	0						3
91	activ. bibliotecas, arquivos, museos e outras activ. culturais										
92	activ. de xogos de azar e apostas										
93	activ. deportivas, recreativas e de entretemento	2	0	8	0						8
94	activ. asociativas										
95	repar. ordenadores, efectos persoais e art. uso domést.	1	3	0	0						3
96	outros servizos persoais	2	2	4	0						6
97	activ. dos fogares como empregad. de persoal doméstico										
98	activ. fogares como produt. de bens e servizos para uso propio										
99	activ. de organizacións e organismos extraterritoriais										
total		9	527	690	50	1.267	42	670	827	59	1.556

3.2 ÁREA DE COOPERATIVAS E ECONOMÍA SOCIAL

Cooperativas inscritas e nº de socios. Evolución 2005-2010

	Cooperativas inscritas	Nº de socios
2005	42	453
2006	43	1.511
2007	42	716
2008	49	1.326
2009	43	715
2010	42	1.556

En 2010, a inscrición de novas cooperativas mantense sen moitas variacións. Cabe salientar que é o Rexistro Provincial de Pontevedra, o que rexistra o número máis alto de inscricións de novas cooperativas e o Rexistro Provincial da Coruña o que reúne a máis socios promotores, aínda que ten un número inferior de inscrición de novas cooperativas.



3.2.1.2 Asociación de cooperativas

As principais funcións que se desenvolven neste campo son a cualificación, inscrición e certificación dos actos das asociacións que deben acceder ao Rexistro de cooperativas, entre os que cabe indicar a inscrición da escritura pública de constitución ou de modificacións estatutarias e o depósito de contas.

O Rexistro central dependente da Dirección Xeral de Relacións Laborais ten atribuídas as competencias sobre todas as asociacións de cooperativas galegas.

Datos estatísticos

Número de asentos rexistrais e outros trámites das asociacións de cooperativas efectuados no ano 2010

Rexistro	Total
Asociacións constituídas	1
Renovación cargos sociais	1
Modificación estatutos	0
Depósito de contas	8
Fusión por absorción	1
Outros (Outorgamento poderes e cancelación de asentos)	2
Publicación no D.O.G. (fusión)	1
Libros legalizados	20
Total	34

3.2.1.3 Rexistro de sociedades laborais

Son sociedades laborais as sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada nas que a maioría do capital é propiedade dos traballadores que prestan nela servizos retribuídos en forma persoal e directa con relación laboral por tempo indefinido.

As principais funcións que se desenvolven neste rexistro son a cualificación, inscrición e certificación da condición de sociedades laborais a efectos administrativos. Este trámite ten carácter previo e preceptivo á súa inscrición no correspondente rexistro mercantil, sendo as inscricións

máis frecuentes as de constitución, a declaración de que as modificacións estatutarias que se produzan non afectan á súa cualificación como laboral, e a descualificación, anulación e baixa no rexistro.

Para a súa realización cóntase cun rexistro administrativo único dependente da Dirección Xeral de Relacións Laborais, con competencia sobre as sociedades laborais que teñan o seu domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Regulación legal:
 - Lei 47/1997, do 24 de marzo, de sociedades laborais (BOE nº 72, do 25.03.1997,corrección de erros BOE nº 164, do 10 de xullo de 1997).
 - Real decreto 2114/1998, do 2 de outubro, sobre o rexistro administrativo de sociedades laborais, (BOE nº 246, do 14 de outubro de 1998).

Datos estatísticos

- Actos inscritos, segundo a provincia do domicilio social. Ano 2010

	Cualificacións	Modificacións estatutarias	Baixas	Total
A Coruña	21	17	17	55
Lugo	4	4	15	23
Ourense	4	5	10	19
Pontevedra	18	10	21	49
Total	47	36	63	146

- Sociedades laborais cualificadas en Galicia e nº de socios. Ano 2010

	Sociedades laborais cualificadas	Nº de socios
A Coruña	21	77
Lugo	4	12
Ourense	4	14
Pontevedra	18	65
Total	47	168

3.2.1.4 Rexistro de Centros Especiais de Emprego

A través do Decreto 200/2005, do 7 de xullo (DOG nº 138 do 19.07.2005) regúlase a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento.

Os centros especiais de emprego son aqueles que realizan un traballo produtivo, participan regularmente nas operacións de mercado e teñen por finalidade asegurar un emprego remunerado e a prestación dos servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores con discapacidade. Tamén son un medio de integración do maior número de persoas con discapacidade ao réxime de traballo normal.

A súa estrutura e organización deben axustarse aos das empresas ordinarias, sen prexuízo da súa función social e peculiares características. O seu cadro de persoal estará constituído polo maior número de traballadores con discapacidade que permita a natureza do proceso produtivo. En todo caso, como mínimo o 70 por 100 do cadro de persoal estará constituído por traballadores con discapacidade, sen que se computen para estes efectos o persoal dedicado á prestación de servizos de axuste persoal e social.

Autorización e inscrición dos centros especiais de emprego

A posta en funcionamento ou o recoñecemento dos centros especiais de emprego requirirá autorización administrativa e inscrición no rexistro administrativo especial, que será outorgada pola dirección xeral competente en materia de relacións laborais, logo da solicitude do intereso e a acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos na normativa vixente.

Os centros poderán ser creados por administracións públicas ou por persoas físicas, xurídicas ou comunidades

de bens, que teñan capacidade xurídica e de obrar para ser empresarios. A creación dun novo centro de traballo por titulares de centros que figurasen inscritos, requirirá a súa autorización e inscrición a través do procedemento previsto no referido decreto.

Para a realización destas tarefas cóntase cun rexistro administrativo único dependente da Dirección Xeral de Relacións Laborais con competencia sobre os centros especiais de emprego constituídos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

O rexistro leva tamén a tramitación da cualificación sen ánimo de lucro dos centros especiais de emprego, así como a declaración de utilidade pública e imprescindibilidade social dos centros que cumpran os requisitos para tal cualificación.

Datos estatísticos

- Centros especiais de emprego constituídos en Galicia e traballadores. Ano 2010

Número de centros	9
Traballadores con discapacidade	72
Traballadores sen discapacidade	3
Total traballadores	75

3.2.2 Liña de axudas e subvencións

3.2.2.1 Axudas e subvencións de programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción e divulgación do cooperativismo

A Comunidade Autónoma de Galicia asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro (DOG nº 310, do 28.12.95). A lei 5/1998, de 18 de decembro, de cooperativas de Galicia (DOG nº 251

do 30.12.1998), recoñece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas, dispoñendo que a Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de traballo, realizará unha política de fomento do movemento cooperativo e adoptará as medidas necesarias para promover a constitución e o desenvolvemento das cooperativas.

A Orde do 14 de xuño de 2010 da Consellería de Traballo e Benestar (DOG nº 119, do 24.06.10) establece as bases reguladoras dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo para o ano 2010. As distintas axudas e subvencións establecidas nesta orde, intégranse dentro das accións que a Consellería de Traballo e Benestar pretende levar a cabo para conseguir un axeitado desenvolvemento en materia de economía social, tanto no que respecta ao fomento do emprego e mellora da competitividade como á promoción das cooperativas, de xeito que redunde en beneficio e mellora do eido económico e sociolaboral da Comunidade Autónoma de Galicia. Está dotada dun crédito orzamentario de 2.705.385,58 euros.

As novidades máis salientables desta convocatoria son a incorporación da concorrencia competitiva, os programas III e IV e a supresión dos programas VI -integrándose parte destas axudas no programa III- e VII -integrándose estas axudas no programa V-.

Neste marco de actuación, as bases reguladoras axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 212, do 25.6.07), en especial, no relativo aos principios de transparencia, eficacia e eficiencia na xestión, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 238, do 11.12.00), en canto non se opoña ao establecido na Lei 9/2007 (DOG nº 212, do 25.06.07), e na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18.11.03).

A través desta orde desenvolvéronse os seguintes programas:

Programa I: fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais

Este programa está dirixido a fomentar a incorporación do persoal desempregado e traballadores /as con carácter temporal, como socios e socias traballadores/as ou de traballo de cooperativas ou sociedades laborais, con carácter indefinido.

- Para esta anualidade existía un crédito orzamentario de 1.367.436,99 euros

Programa II: mellora da competitividade en cooperativas e sociedades laborais

Este programa está dirixido a apoiar o desenvolvemento de proxectos de creación e modernización das empresas de economía social mediante unha mellora da súa competitividade, facilitando así a súa consolidación mediante subvencións financeiras e subvencións directas para financiamento e adquisición de inmovilizado.

A subvención financeira e a subvención directa teñen por obxecto facilitar o financiamento dos investimentos realizados por cooperativas ou sociedades laborais en inmovilizado material ou inmaterial, que sexan necesarios para a súa posta en funcionamento ou ampliación así como para a incorporación de novas tecnoloxías da información e as comunicacións.

- Para esta anualidade existía un crédito orzamentario de 512.948,59 euros

Programa III: impulso de proxectos empresariais cooperativos

Este programa ten como finalidade esencial fomentar e promover o cooperativismo e a economía social no ámbito da comunidade autónoma, concedendo axudas económicas que faciliten a posta en marcha dos proxectos existentes. Poderán ter a consideración de proxectos subvencionables, entre outros, a constitución de novas cooperativas ou o lanzamento de novas áreas funcionais ou territoriais de actividades polas cooperativas en funcionamento.

Para esta anualidade existía un crédito orzamentario conxunto para os programas III e V por un importe de 625.000 euros, ampliándose posteriormente este crédito en 565.212,96 euros

Programa IV: fomento do acceso á condición de socio/a traballador/a

Este programa ten como obxectivo o fomento do acceso á condición de socios e socias traballadores/as ou de traballo de cooperativas como xeito de promocionar o cooperativismo, facilitando a participación e plena integración na empresa mediante a concesión de axudas económicas destinadas a financiar, parcialmente, a achega ao capital social que debe desembolsarse para a incorporación como socio/a.

- Para esta anualidade existía un crédito orzamentario de 200.000 euros.

Programa V: actividades de promoción do cooperativismo

Este programa ten como finalidade apoiar o desenvolvemento de actividades para o fomento do cooperativismo, subvencionando parcialmente os gastos necesarios para a súa realización.

- Para esta anualidade existía un crédito orzamentario conxunto para os programas III e V por un importe de 625.000 euros, ampliándose posteriormente este crédito en 565.212,96 euros

Poderanse acoller ás subvencións recollidas nesta orde:

- A) As cooperativas e sociedade laborais para as actuacións previstas no programa I de fomento do emprego en cooperativas e sociedade laborais.
- B) As cooperativas con socios/as traballadores/as ou de traballo e as sociedades laborais para as actuacións previstas no programa II relativas á realización de investimentos.
- C) As cooperativas e sociedades laborais de nova creación ou as que acometan novos proxectos nos termos e para as actuacións previstas no programa III de impulso de proxectos empresariais cooperativos e asistencia técnica, así como as persoas e empresas privadas que presten os servizos de asesoramento e acompañamento nos termos previstos no punto 3.2.1 da base terceira.
- D) As persoas desempregadas, os demandantes de mellora de emprego, así como os asalariados/as das cooperativas, no termos e para as axudas previstas no programa IV de fomento do acceso á condición de socio/a traballador/a.
- E) As cooperativas para as actuacións previstas no programa V de actividades de promoción do cooperativismo.

Con cargo a esta convocatoria concedéronse as seguintes axudas enmateria de economía social.

Subvencións en materia de economía social

	Solicitudes	Favorables	Contía
Programa I	66	53	713.660,00
Programa II	82	47	511.464,95
Programa III	45	30	493.785,06
Programa IV	132	84	235.751,68
Programa V	41	30	307.701,51
Total	366	244	2.262.363,20

3.2.2.2 Axudas para o fomento e a consolidación das asociacións cooperativas e de sociedades laborais

A orde do 31 de maio de 2010 da Consellería de Traballo e Benestar (DOG nº 111, do 14.06.2010), establece as bases reguladoras para a concesión de axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais para o ano 2010.

Sendo por todos recoñecido o interese social da promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas e das súas estruturas de integración económica e representativa, a Consellería de Traballo e Benestar realiza unha política de fomento do movemento cooperativo adoptando as medidas necesarias para promover a constitución e o desenvolvemento das cooperativas.

Poderán ser beneficiarias das axudas contempladas nesta orde as asociacións de cooperativas con actividade acreditada e debidamente inscritas no Rexistro Central de Cooperativas de Galicia. Como novidade, este ano introdúcese a posibilidade de que tamén poidan ser beneficiarias as asociacións de sociedades laborais debidamente inscritas e con actividade acreditada, por ser entidades de carácter representativo.

O obxecto desta orde é subvencionar parcialmente os gastos normais de funcionamento e a realización de actividades de promoción do cooperativismo e a economía social das asociacións que resulten beneficiarias, sendo o período subvencionable dende o 1 de decembro de 2009 ata o 31 de outubro de 2010.

- Para atender estas axudas, a orde contaba cun crédito por importe de 614.231 euros o cal se gastou integramente como se indica no cadro seguinte:

Axudas solicitadas	Propostas	Contía
10	5	614.231

3.2.2.3 Axudas para a promoción e fomento do cooperativismo por parte dos concellos e outras entidades locais de Galicia

Outra das axudas que convocou a Consellería de Traballo e Benestar para este ano 2010 é a Orde do 1 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo (DOG núm.111, do 14.06.2010).

Esta orde ten por obxecto a convocatoria de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, destinadas a sufragar parcialmente a realización de actividades de promoción do cooperativismo por parte dos concellos e doutras entidades locais de Galicia, logo de ter en conta as potencialidades da fórmula empresarial cooperativa para o desenvolvemento local e para a prestación de servizos de natureza social, a necesidade de que o labor de divulgación e fomento se realice tamén desde os ámbitos máis próximos aos cidadáns, e as sinerxias derivadas da cooperación entre as distintas administracións.

Os beneficiarios desta orde poderán ser os concellos de Galicia, individualmente ou a través dos órganos dunha área metropolitana, dunha mancomunidade de municipios ou dun consorcio local, así como aqueles concellos que sen constituír mancomunidade, pertenzan a unha mesma zona e acorden desenvolver programas conxuntos de actuación, sempre que realicen as actividades propostas no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2010.

A través desta orde a consellería quere contribuír ao financiamento dos gastos necesarios para a realización das actividades propostas polas entidades locais que resulten seleccionadas, concedéndolle unha axuda de ata o 80%, para o que se conta cun crédito de 365.644 euros. Co obxectivo de incentivar o emprendemento coopera-

tivo e/ou a xeración de novos proxectos cooperativos, este ano introduciuse como novidade a posibilidade de solicitar estas axudas para a creación e o mantemento de oficinas de fomento cooperativo, de xeito que se subvenciona o aluguer de locais e os custos salariais do persoal asesor en materia de fomento cooperativo que sexa contratado polas entidades locais. Neste caso, cando se trate de solicitudes de mancomunidades ou solicitudes conxuntas de varios concellos, a axuda poderá chegar ao 100% dos gastos elixibles.

Axudas solicitadas	Propostas	Contía
56	50	365.427,45

3.2.3 Convenios de cooperación e colaboración

3.2.3.1 Convenios de colaboración con entidades públicas para realización de actividades de promoción e divulgación do cooperativismo

Coas asociacións de cooperativismo

Creación dunha “Rede de centros de desenvolvemento cooperativo en Galicia

- Obxectivos:
O obxecto do convenio foi a realización de actividades de asesoramento, de información e de formación encamiñadas a fomentar o emprendemento cooperativo e a economía social

- Compromiso financeiro: 80.000,00 euros

Bolseiros

Colaboración entre a Consellería Traballo e Benestar, a Universidade de Santiago de Compostela e as asociacións de cooperativas

- Obxectivos:
Formar xestores e titores especializados no asesoramento de proxectos cooperativos.

- Compromiso financeiro (bianual): 80.000,00 euros (2010: 40.000,00 e 2011: 40.000,00)

Coa Universidade de Santiago de Compostela

- Obxectivos:
Realización de actividades do Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP)

- Compromiso financeiro: 30.000,00 euros

Fundación Gómez Franqueira

- Obxectivos:
Posta en marcha dun punto da rede de centros de desenvolvemento cooperativo de Galicia, así como a realización de actividades de asesoramento, de información e formación encamiñadas a fomentar o emprendemento cooperativo e a economía social.

- Compromiso financeiro: Non hai compromiso financeiro.

Fundación Terra de Trasancos - Cooperativa do Val

- Obxectivos:
Posta en marcha dun punto da rede de centros de desenvolvemento cooperativo de Galicia, así como a realización de actividades de asesoramento, de información e formación encamiñadas a fomentar o emprendemento cooperativo e a economía social

- Compromiso financeiro: Non hai compromiso financeiro.

Centro de Desenvolvemento Cooperativo Transfron- teirizo de Verín

O Centro de Desenvolvemento Cooperativo Transfronteiri- zado de Verín é, en definitiva, “Unha aposta forte” da Con- sellería de Traballo e Benestar a prol do cooperativismo, impulsado desde o convencemento de que a elaboración dunha estratexia común de fomento da economía social para o interior da eurorexión Galicia-Norte de Portugal contribuír a diversificar e consolidar un tecido produtivo xerador de emprego, respectuoso co contorno e sostible no tempo

O centro ofrece unhas instalacións modernas e multifun- cionais ao servizo das cooperativas, con cinco dependen- cias totalmente equipadas para a instalación de proxectos cooperativos, aulas formativas e de usos múltiples, zona informática e telemática e unha tenda cooperativa, que permitirá a unhas 50 cooperativas da zona transfron- teiriza expoñer os seus produtos e establecer contactos comerciais directamente, dispoñendo dunha zona de ser- vizos común para a realización de actividade múltiples, entre as que está prevista a dinamización de encontros comerciais e actividades sectoriais. Ao longo do ano 2010, realizáronse todo tipo de actividades formativas e divulga- tivas, tales como iniciativas emprendedoras de cooperati- vas e reactivación de proxectos empresariais cooperati- vos. Tamén se proporcionou un espazo de xestión e apoio a novos proxectos, coa participación de 2000 persoas

Proxecto “Investigación, desenvolvemento e innova- ción nas cooperativas galegas I+D+i”

- Obxectivos:
Contratación dun servizo para a realización de actividades de promoción do cooperativismo mediante o impulso da investigación, do desenvolvemento tecnolóxico e da innovación.
- Compromiso financeiro: 90.000,00 euros

3.2.3.2 Consello Galego de Cooperativas

A través da Lei 5/1998, de 18 de decembro, de cooperativas de Galicia (DOG nº 251 do 30.12.1998) créase o Consello Galego de Cooperativas como máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo na Comunidade Autónoma encomendándolle, entre outras, no seu artigo 135.2º a de “conciliar e exercer a arbitrase nas cuestións litixiosas que susciten entre cooperativas, entre estas e os seus socios, ou no seo delas entre os seus socios, cando ambas as partes o soliciten ou ben estean obrigados por iso en razón ao establecido nos seus estatutos”.

Pola súa banda o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Galego de Cooperativas, aprobado polo Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro DOG nº 27, do 7.02.2001), establece no seu artigo 3.1º, nos mesmo termos que na lei, como función do Consello Galego de Cooperativas, conciliar e exercer a arbitrase nos conflitos de natureza cooperativa.

Coa aprobación do Decreto 284/2004, do 14 de outubro, polo que se regulan os procedementos de conciliación e arbitrase (DOG nº 211, do 29.10.2004), estableceuse a canle formal dos procedementos de conciliación e arbitrase co fin de atender axeitadamente as funcións que nestas materias lle correspondan ao Consello Galego de Cooperativas mediante a oferta dunha alternativa áxil para evitar o proceso xudicial na resolución dos conflitos que xurdan. As cooperativas ás que se refire este decreto deberán estar inscritas no Rexistro de Cooperativas de Galicia.

O Consello Galego de Cooperativas está formado por representantes da Xunta de Galicia, da FEGAMP, das universidades galegas, da cooperativa de crédito rural Caixa Rural galega e das diferentes asociacións e federacións cooperativas existentes en Galicia.

- ▶ [Iniciativas do Consello Galego de Cooperativas no ano 2010](#)

O Consello Galego de Cooperativas puxo en marcha unha oferta de cursos de formación e desenvolvemento cooperativo a través da plataforma de teleformación e a Escola Cooperativa Móbil. Con isto, persegue o obxectivo de achegar as novas tecnoloxías da información e a comunicación ás cooperativas galegas, ao tempo que adquiren coñecementos sobre a propia fórmula empresarial, as habilidades sociais ou o xeito de xestionar e dirixir estas entidades.

Plataforma de Teleformación

O Consello Galego de Cooperativas puxo en marcha, a través da súa plataforma de teleformación, unha oferta de cursos de formación e desenvolvemento cooperativo, coa finalidade de achegar as novas tecnoloxías da información e comunicación ás cooperativas galegas, ao tempo que promove que as persoas destas entidades e dos eidos nas que as estas se asentan adquiran unha formación sobre a propia fórmula empresarial cooperativa, as habilidades sociais ou o xeito de xestionar e dirixir estas entidades.

Os cursos ou módulos que se ofertan dende a plataforma de teleformación do Consello Galego de Cooperativas son os seguintes:

- Formación cooperativa básica.
- Formación cooperativa en xestión e dirección.
- Habilidades sociais básicas en cooperativas.
- Habilidades sociais básicas en cooperativas nivel avanzado.
- Márketing/comercialización de produtos/servizos.
- Responsabilidade social das cooperativas.
- Planeamento estratéxico
- Muller, cooperativismo e igualdade de xénero

Todos os cursos están implementados en formato web na plataforma de teleformación do Consello Galego de Cooperativas www.cooperativasdegalicia.coop. Os seus con-

tidos foron elaborados e adaptados pedagogicamente e deseñados para ser desenvolvidos para un número de entre 5 e 15 participantes por módulo aproximadamente, acadando un total de 70 cursos no ano 2010, chegando así a 1.017 beneficiarios.

Campaña Cooperativízate

Unha das áreas de actuación do Consello Galego de Cooperativas e a necesidade de promover a divulgación da fórmula empresarial cooperativa mediante campañas promocionais de carácter xeral que transmitan os valores cooperativos, a súa repercusión na sociedade e as características do seu modelo empresarial, e tamén mediante campañas de divulgación específicas dirixidas ás distintas entidades, colectivos e organizacións potencialmente interesadas, en especial, dirixidas á xente nova.

Para atender estes obxectivos levouse a cabo unha campaña de divulgación, entre a mocidade galega, de información sobre as potencialidades do emprendemento cooperativo, cun labor docente explicativa, material divulgativo, unha campaña publicitaria das potencialidades do cooperativismo, así como a creación dun espazo web como apoio á campaña divulgativa.

- ▶ [Nº de beneficiarios durante o ano 2010: 731.](#)

Para acadar este ambicioso reto, o Consello Galego de Cooperativas conta cunha aula itinerante que permite achegar este tipo de formación aos lugares con menos posibilidades de acceso a esta formación especializada.

3.2.3.3 Premios á cooperación

Convocados para as cooperativas, as súas asociacións e as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas que realicen un labor destacado no eido do cooperativismo na Comunidade Autónoma de Galicia ao longo do ano 2010, baixo as seguintes modalidades:

- ▶ Premio aos valores cooperativos
- ▶ Premio ao mellor proxecto cooperativo
- ▶ Premio á promoción do cooperativismo

Certame Cooperativismo no Ensino

Convocados a través da resolución do 15 de decembro de 2009 (DOG nº 45, do 08.03.2010), para todos os centros educativos da nosa comunidade con alumnado de educacións infantil, primaria e secundaria obrigatoria e coas seguintes categorías:

- ▶ A: alumnos/as de 2º ciclo de educación infantil
- ▶ B: alumnos/as de 1º e 2º de educación primaria
- ▶ C: alumnos/as de 3º e 4º de educación primaria
- ▶ D: alumnos/as de 5º e 6º de educación primaria

Á modalidade de actividades cooperativizadas optaron as seguintes categorías:

- ▶ E: alumnos/as do primeiro ciclo da ESO
- ▶ F: alumnos/as do segundo ciclo da ESO

Concurso de proxectos empresariais cooperativos dirixido a centros de formación profesional

Convocados a través da Resolución do 15 de decembro de 2009 (DOG nº 45, do 8.03.2010), para todos os centros educativos da nosa comunidade autónoma con alumnado de formación profesional.

3.2.3.4 Día do Cooperativismo Galego 2010

O día 3 de xullo de 2010, coincidindo co día internacional dedicado ás cooperativas, e baixo o lema “SUMANDO ESFORZOS: Oportunidades Cooperativas para homes e mulleres”, tiveron lugar, nas instalacións da Cooperativa

“Condes de Albarei, S. Coop. Galega”, no pazo de Baión, en Vilanova de Arousa, os actos do “Día do Cooperativismo Galego 2010”.

A finalidade desta celebración é reivindicar a cultura e o movemento cooperativo, así como loar o traballo e os esforzos dos seus traballadores. Esta é a quinta vez consecutiva que os actos se desenvolven nas instalacións dunha cooperativa, xa que constitúe un modo para favorecer o coñecemento entre as persoas que conforman parte do movemento cooperativo e achegar a celebración deste día aos seus auténticos destinatarios.

A cooperativa “Condes de Albarei, S. Coop. Galega” é unha das cooperativas prestixiosas e emblemáticas de Galicia, un referente dentro do sector vinícola a nivel nacional.

O evento, que reuniu a preto de mil persoas, serviu tanto para que o sector cooperativo galego como a Administración autonómica puxesen de manifesto as principios inculcadas do movemento cooperativo galego.

Como en anos anteriores, ademais dos actos de carácter institucional, procedeuse á entrega dos premios á cooperación 2010, á entrega dos premios outorgados no “Certame Cooperativismo no Ensino 2010” e no “Concurso de iniciativas de proxectos cooperativos experimentais”. Ao longo da tarde realizáronse unha serie de actividades dirixidas tanto aos maiores como aos nenos, diversos xogos cooperativos, exposición de todos os traballos participantes nos concursos, así como visitas á Escola Cooperativa Móbil.

Toda esta información pódese atopar na páxina web www.cooperativasdegalicia.com



3.3. ÁREA DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

A saúde e seguridade laboral constitúe unha materia específica das relacións laborais. Estase a manifestar como unha área prioritaria de cara a adoptar unha estratexia enfocada ao benestar no traballo, tanto no aspecto físico coma no mental e social. A este respecto cómpre ter en consideración a importancia dos cambios rexistrados no mundo do traballo, a emerxencia de novos riscos, especialmente de carácter psicosocial, as taxas de sinistralidade, a consolidación dunha cultura de prevención de riscos, o establecemento dunha política eficaz de seguridade e saúde no traballo como factor competitivo, a responsabilidade social corporativa e a participación de todas as partes na realización da estratexia.

Mediante o Decreto 14/2008, do 7 de febreiro (DOG nº 32, do 14.02.2008), que modifica o Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, a Dirección Xeral de Relacións Laborais ten atribuída a dirección, coordinación, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en seguridade e saúde laboral, canalizadas a través do Servizo de Seguridade e Saúde laboral que desenvolverá as seguintes funcións:

- ▶ Promover, coordinar e executar as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de prevención de riscos laborais, así como establecer vías de colaboración e cooperación técnica e institucional con organismos e institucións con competencias na materia, sen prexuízo das competencias que a lexislación vixente lle atribúe ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e á Consellería de Innovación e Industria no referente a traballos en minas, canteiras e túneles que esixan a aplicación da técnica mineira.
- ▶ Elaborar o estudo do anteproxecto do orzamento correspondente ao seu programa de gasto, así como a súa xestión, execución, seguimento e avaliación.

Ver www.cooperativasdegalicia.com

3.3 ÁREA DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

- ▶ Realizar o trámite, inscrición e seguimento das autorizacións a entidades formativas para impartir cursos de prevención de riscos laborais, de acordo coa normativa vixente en cada momento.
- ▶ Realizar o trámite, inscrición e seguimento das autorizacións dos servizos de prevención alleos e auditorías de prevención.
- ▶ Realizar o trámite, xestión e seguimento dos programas de axudas a entidades para a mellora das condicións de seguridade e saúde laboral.
- ▶ Levar a xestión e seguimento de programas comunitarios en materia de prevención de riscos laborais.
- ▶ Todos aqueles asuntos ou materias que pola súa natureza análoga lle sexan encomendados.

No exercicio das funcións referidas, desenvólvense na área de seguridade e saúde laboral actuacións de promoción, asistencia e cooperación técnica, información, sensibilización, divulgación, formación e investigación en materia preventiva.

En detalle identificaremos os seguintes eixes de actuación:

3.3.1 Actuacións relativas á xestión administrativa

Os datos globais da xestión das actuacións levadas a cabo polo Servizo de Seguridade e Saúde Laboral ao longo do 2010, foron as seguintes:

3.3.1.1 Acreditación de entidades especializadas como servizos de prevención alleos ás empresas

As entidades especializadas que tenten actuar como servizo de prevención deberán formular solicitude para a súa acreditación como tal, ante a Dirección Xeral de Relacións Laborais no suposto de que radiquen en Galicia as súas instalacións principais.

Na solicitude de acreditación deberán facer constar os datos consignados no artigo 23 do Real decreto 39/1997 polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención (BOE nº 27, do 31.01.1997) e na Orde TIN/2504/2010, de 20 de setembro (BOE nº 235, do 28.09.2010).

A última modificación do Regulamento dos servizos de prevención supón a desaparición do procedemento de acreditación provisional, polo que se simplifica o procedemento. Este procedemento coexiste co anterior durante o ano 2010, xa que non é aplicable a aqueles expedientes iniciados con anterioridade á entrada en vigor da modificación do Regulamento dos servizos de prevención, polo Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo (BOE nº 71, do 23 de marzo de 2010)

- ▶ Os expedientes tramitados na Dirección Xeral de Relacións Laborais no 2010 foron os seguintes:

Resolucións de acreditacións definitivas ditas	
Favorables	1
Desfavorables	0
En trámite	1
Total definitivas	2
Ampliacións de acreditacións definitivas ditas	
Favorables	5
Desfavorables	0
En trámite	2
Total definitivas	7
Extinción acreditacións definitivas	
Total extincións	1
Total	10

3.3.1.2 Autorización de persoas ou entidades especializadas que pretendan desenvolver a actividade de auditoría do sistema de prevención das empresas

O artigo 30 do Regulamento dos servizos de prevención

Ver www.issga.es

define a auditoría como un instrumento de xestión que ten que incluír unha avaliación sistemática, documentada e obxectiva da eficacia do sistema de prevención. Deberá ser realizada de acordo coas normas técnicas establecidas e tendo en conta a información recibida polos traballadores. No artigo 32 desta norma establécese que a auditoría deberá ser realizada por persoas físicas ou xurídicas que posúan un coñecemento suficiente das materias e dos seus aspectos técnicos e conte cos medios axeitados.

- As persoas ou entidades especializadas que tenten desenvolver a actividade de auditoría do sistema de prevención das empresas deberán ser autorizadas pola Dirección Xeral de Relacións Laborais no caso de que radiquen en Galicia as súas instalacións principais. En síntese, a solicitude de autorización deberá incluír as condicións mínimas establecidas no capítulo III da Orden TIN/2504/2010, de 20 de setembro (BOE nº 235 do 29.09.2010)

A Dirección Xeral de Relacións Laborais, logo dos informes solicitados á Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social e aos centros provinciais de seguridade e saúde laboral, ditará a resolución que proceda.

No caso de interposición de recurso administrativo en contra da resolución ditada pola dirección xeral nos tres procedementos sinalados, nesta unidade directiva, elévase proposta de resolución do recurso presentado.

- Ao longo de 2010 a actividade desenvolvida neste eido é a que segue:

Resolucións de autorizacións definitivas	
Favorables	0
Desfavorables	0
En trámite	2
Total acreditacións	2

Ao abeiro do establecido no artigo 28 do Real decreto 39/1997 (BOE nº 27, do 31.01.1997), en cada comunidade autónoma existirán rexistros administrativos nos que serán inscritas as entidades especializadas acreditadas como servizos de prevención e as persoas e entidades autorizadas para desenvolver a actividade de auditoría do sistema de prevención das empresas. Estes rexistros deberán estar interconectados cos correspondentes das comunidades autónomas e da Dirección Xeral de Traballo do Ministerio de Traballo.

- Ao longo de 2010 realizáronse as seguintes actuacións

Anotacións de servizos de prevención alleos:	1
Anotacións de persoas e entidades autorizadas para desenvolver a actividade de auditoría:	0
Comunicacións das anotacións a outras comunidades autónomas:	1
Dilixenciado de títulos de técnicos de prevención de riscos laborais:	6.546

3.3.1.3 Rexistro de coordinadores/as en materia de seguridade e saúde nas obras de construción.

O 29 de xullo de 2008 publicouse no DOG o Decreto 153/2008, do 24 de abril, polo que se crea o Rexistro de coordinadores e coordinadoras en materia de seguridade e saúde nas obras de construción. O obxecto deste regulamento é a creación dun rexistro público, de fácil acceso e de carácter voluntario, de natureza administrativa, dependente da Consellería de Traballo, para incentivar a cualificación dos profesionais que actúen como coordinadores de seguridade e saúde nas obras de construción así como para promocionar a súa formación na materia.

A finalidade deste rexistro é dispor dunha listaxe de profesionais capacitados e cualificados para exercer a súa función como coordinadores en materia de seguridade e saúde nas obras de construción.

O devandito rexistro será único para coordinadores que sexan competentes para actuar como coordinador en materia de seguridade e saúde nas obras de construción de acordo coa normativa vixente coas súas competencias e especialidades e que contén ademais con formación preventiva especializada conforme o programa formativo recollido no anexo I deste decreto.

Para o desenvolvemento do Decreto, o 25 de marzo de 2009 publícase a Orde do 12 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento para a acreditación das entidades formativas para a impartición do curso de coordinador/a en materia de seguridade e saúde nas obras de construción (DOG nº 58, do 25.03.2009). O obxecto deste regulamento é o establecemento dos requisitos mínimos que deben cumprir as entidades públicas e privadas interesadas en colaborar coa Consellería de Traballo para a impartición do curso de coordinador/a en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, coa finalidade de garantir a calidade dos medios materiais e docentes que se destinen á cualificación dos/as profesionais que actúen como coordinadores de seguridade e saúde nas obras de construción, así como para promocionar a súa formación na materia. Esta orde entra en vigor aos tres meses da súa publicación e permite o comezo de funcionamento do rexistro.

- Durante o ano 2010 acreditáronse ao abeiro da orde un total de 34 entidades formativas e inscribíronse 52 técnicos como coordinadores no rexistro.

3.3.2 Formación e divulgación

Divulgación:

- Manuais de Cursos de capacitación para o desempeño nivel básico (50 e 30 h.).

3.3.3 Intituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. ISSGA

Neste documento recóllense as principais liñas de actuación do ISSGA durante o 2010.

Actuacións que supoñen o peche das encomendas contidas na Estratexia de Prevención de Riscos Laborais 2006-2010, e que estimamos cumpridas en preto dun 96% no que se refire a accións de carácter técnico.

Corresponde á Comisión de Goberno a concreción de tarefas para o ano 2010. Na súa reunión do 4 de decembro de 2009 aprobou o Plan de actividades 2010, establecendo as liñas de actuación para o dito período e no contexto do cumprimento dos obxectivos determinados no dito Plan estratéxico 2006-2010.

A participación cualificada dos axentes sociais (UGT Galicia, SN de CCOO de Galicia, CIG e CEG) no máximo órgano de goberno do ISSGA, pon de manifesto que as actividades recollidas deseguido deben identificarse como un traballo conxunto de todos os implicados no eido da seguridade e saúde laboral en Galicia.


A información preséntase estruturada nos seguintes apartados: estrutura e organización, actividade institucional, relacións con outros organismos, actuación técnica e estatísticas de sinistralidade laboral.

Con toda esta información que pretende, de xeito responsable e transparente, dar a coñecer a actividade do equipo humano do ISSGA, quérese tamén poñer en valor a necesaria asunción da prevención de riscos laborais polo tecido empresarial, traballadores e traballadoras e, en xeral, pola sociedade galega.

Estrutura e organización

A Lei 14/2007, de creación do ISSGA (DOG nº 221 do 15.11.2007), desenvolve a estrutura e organización do organismo autónomo, e o Decreto 130/2008 establece a estrutura orgánica e funcional dos órganos de dirección e xestión (DOG nº 124, do 27.06.2008).

O orzamento do ISSGA vén dado pola correspondente transferencia de crédito da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar.



Actividade institucional

3.3.3.1 Normativa

A continuación dáse unha relación da principal normativa publicada no 2010:

- Orde do 30 de marzo de 2010 pola que se lle dá publicidade ao acordo polo que se resolve a encomenda de xestión ao ISSGA do desenvolvemento material das actividades relacionadas coa tramitación de expedientes e o rexistro de datos relativos a exencións de auditorías en aplicación do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención (DOG nº 75, do 22.04.2010).
- Orde do 23 de agosto de 2010 pola que se aproba o Regulamento orgánico de funcionamento da Comisión de Goberno do ISSGA (DOG nº 168, do 1.09.2010).
- Resolución do 14 de outubro de 2010 pola que se crea a Comisión para a integración da igualdade e se nomean os seus membros (DOG nº 210, do 2.11.2010).

3.3.3.2 Actuación técnica

- Tarefas de investigación e asistencia técnica (Art. 3 parágrafo 2b Lei 14/2007)

Lévanse a cabo co obxecto de determinar as causas de accidentes, para evitar a súa recorrencia e mesmo como base técnica para asignar responsabilidades.

- Investigación de accidentes leves, graves e mortais (Lei 14/2007 funcións ISSGA artigo 4a, 4f)

Investíganse todos os accidentes mortais e unha maioría dos graves, limitándose nos casos leves aos requirimentos da Inspección de Traballo e Seguridade Social ou dos xulgados. En casos particulares, realízase en coordinación coa Inspección de Traballo, e en calquera caso, remí-

tase sistematicamente a esta o informe correspondente. No caso de que, por calquera causa non sexa posible a emisión de informe, xérase unha nota interna que o xustifique.

	Mortais	Graves	Leves	Totais
Pesca	7	28	10	45
Construción	15	155	27	197
Industria	10	181	36	227
Servizos	4	78	28	110
Agricultura	1	58	3	62
Total	37	500	104	641

- Investigación de accidentes consonte o Convenio coa Fiscalía (Plan Estratéxico, obxectivo 8, acción 3)

En virtude do protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia, para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores e das traballadoras, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias, e consonte coa Resolución do 28 de xuño de 2007 da Consellería de Traballo, establecéronse quendas de gardas, e un protocolo para o efectivo exercicio das funcións enumeradas no punto 4 do acordo reflectido pola devandita resolución.

	Mortais	Graves	Leves	Totais
Pesca	4	0	0	4
Construción	10	15	2	27
Industria	10	6	2	18
Servizos	3	5	1	9
Agroforestal	3	0	0	3
Totais	30	26	5	61

- Investigación de enfermidades profesionais

O cadro de enfermidades profesionais no sistema da se-

3.3 ÁREA DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

guridade social publicouse no Real decreto 1299/2006, do 10 de novembro (BOE nº 302, do 19.12.2006). Como base para a súa prevención realízanse informes das enfermidades profesionais mortais e graves, e as leves con algunha significación singular, e remítense os informes correspondentes á ITSS.

	Totais	Visitas	Informes
Enfermidades profesionais causadas por axentes químicos	25	20	19
Enfermidades profesionais causadas por axentes físicos	98	47	35
Enfermidades profesionais causadas por axentes biolóxicos	15	12	5
Enfermidades profesionais causadas por inhalación de substancias e axentes non comprendidas noutros apartados	66	38	29
Enfermidades profesionais da pel causadas por substancias e axentes non comprendidos nalgúns dos outros apartados	26	27	17
Enfermidades profesionais causadas por axentes carcinoxénicos	2	2	1
Total	232	146	106

- Actuacións dos técnicos habilitados

Ao abeiro do Decreto 138/2007, do 5 de xullo, polo que se regula a habilitación do persoal técnico para o exercicio de actuacións comprobatorias das condicións de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo, da Lei 14/2007, de creación do ISSGA, e da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, aos técnicos habilitados correspóndelles a facultade de realizar funcións de asesoramento, información e comprobación das condicións materiais e técnicas de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo coa capacidade de requirimento de emenda das deficiencias observadas, requirimento cuxo incumprimento pode dar lugar á práctica de acta de infracción pola Inspección de Traballo e Seguridade Social.

	Nº de actuacións
Construción	191
Hixiene	201
Industria	182

Medicina	15
Pesca	155
Total	744

- Asistencias técnicas a requirimento de organismos, empresas e traballadores (inclúense as asistencias prestadas aos tribunais de xustiza en función do artigo 4f da Lei 14/2007)

A análise das condicións de traballo é un importante labor técnico do ISSGA, que se realiza por requirimento de xuíces e tribunais, inspección de traballo, outras administracións públicas e empresas e traballadores e as súas organizacións representativas.

	Total
De empresas ou asociacións empresariais	182
De traballadores ou sindicatos	47
De administracións	1,398
Da ITSS	203
Outras	82
Accións conxuntas coa ITSS	409
Actuacións nos xulgados	110
Totais	2.431

Programa de traballos desenvolvidos para a auto-
ridade laboral

As decisións da autoridade laboral deben ter en conta aspectos técnicos. Neste eido, o ISSGA préstalle o seu apoio, e mesmo ten asumida, para obter unha maior dilixencia e efectividade, a xestión de determinados procedementos administrativos.

- Amianto

Rexistro de empresas con risco de amianto (RERA), autorización, control e seguimento de plans de traballo, desenvolvendo todo o traballo técnico e administrativo ata a

resolución do expediente.

O ISSGA ten encomendadas estas funcións na Orde do 2 de decembro do 2008.

Plans aprobados	279
Traballos notificados	801
Altas empresas RERA	59
Baixas empresas RERA	0

- Exención de auditoría

As empresas que cumpren os requisitos do artigo 29 do RD 39/1997, Regulamento dos servizos de prevención, poden presentar ante a autoridade laboral a notificación sobre concorrencia de condicións que non fan necesario recorrer á auditoría do sistema de prevención da empresa.

O acordo do 16 de febreiro de 2009 entre a Consellería de Traballo e Benestar e o ISSGA, encomendaba a este o desenvolvemento material das actividades relacionadas coa tramitación de expedientes e rexistro de datos relativos a exención de auditorías. Por acordo do 30 de marzo de 2010 resolveuse esta encomenda de xestión.

- Informes técnicos emitidos

Para que a autoridade laboral fundamente as súas resolucións de autorización ou acreditación de entidades nos seguintes casos:

Informes sobre entidades formativas	23
Informes sobre servizos de prevención	20
Informes sobre entidades auditoras	1

- Asesoramento (art. 3 parágrafo 2c Lei 14/2007)

En colaboración coa Inspección de Traballo e
Seguridade Social

- Seguimento de grandes obras de construción, co se-

guinte esquema territorial

- A Coruña: autovía Carballo-Fisterra, obras do AVE, Cidade da Cultura, porto Exterior da Coruña), porto de Ferrol, centro comercial Marineda e Terceira ronda da Coruña.
- Lugo: autovía do Cantábrico -A8 (9 treitos), nova ponte sobre o Miño en Lugo, autovía Lugo-Santiago, A54 (4 treitos), autovía Lugo-Ourense, A 56 (2 treitos) e corredor Sarria-Monforte.
- Ourense: obras do AVE- Corredor Norte-Noroeste de alta velocidade (2 treitos), autoestrada Verín - Fronteira Portuguesa (2 treitos) e autoestrada Rante-Celanova, A52.
- Pontevedra: obras do AVE (5 tramos), eixo Atlántico (11 tramos), vía alta capacidade Tui - A Garda (2 tramos), auditorio de Vigo, variante de Marín enlace de Curro.

	Nº de actuacións
Visitas	230
Actuacións	536
Requirimentos	48
Xuntanzas	87
Investigación de accidentes	13
Nº de empresas	974

- Plan Sectorial de Pesca

Plan Vixía

Ten por obxecto implantar unha conciencia preventiva no sector pesqueiro, mellorando os hábitos de traballo e favorecendo unha utilización segura dos materiais e equipos de traballo, e velar polo cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais neste sector.

Desenvólvese mediante visitas ás embarcacións

realizadas por equipos especializados constituídos por un inspector/a de traballo e seguridade social e por un técnico/a do ISSGA, facendo fincapé basicamente nos buques afectados polo R.D. 1216/97 (máis de 15 m de eslora).

Programa Segumar

Este programa é froito dun acordo entre o Ministerio de Fomento, o antigo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (hoxe Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño) e o Ministerio de Traballo para dotar de maior seguridade o sector pesqueiro, en buques de menos de 24 metros de eslora.

As visitas realízanse por técnicos de Fomento, o Instituto Social de la Marina, inspectores de traballo e seguridade social, e técnicos do ISSGA.

No Plan Sectorial de Pesca, en 2009 realizáronse 138 actuacións.

Accións propias do ISSGA: plans sectoriais (incluído
P.E. Obx. 6 Acc. 2)

As actividades planificadas, fundamentalmente de carácter sectorial, que inciden en determinados aspectos concretos da prevención de riscos laborais, contribúen tanto á redución da sinistralidade e das enfermidades profesionais, como ao desenvolvemento dunha cultura preventiva nos sectores produtivos onde é máis necesaria.

- A cuantificación das accións segundo plans ou programas foi a seguinte

	Nº de actuacións
Plan de actuación de obras singulares	293
Plan de actuación de empresas singulares	24
Plan sectorial agrícola-gandeiro	151
Acción traballadores autónomos	160
Plans sectoriais de loita contra a sinistralidade	488
Plan sectorial de pesca (Vixía e Segumar)	90

Plans específicos hixiene	155
Plans específicos ergonómia	30
Visitas a iniciativa	382
Outras accións programadas	718

▶ **Outras actuacións técnicas**

A información, como base para a toma de decisións, é fundamental para unha prevención eficaz. O ISSGA asumiu a análise estatística da sinistralidade e a súa difusión, e pechou o círculo iniciado no tratamento dos partes de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

	Nº de actuacións
Equipo de Valoración de Incapacidades (EVI), expedientes	320
Consultas escritas	410
Consultas verbais	2.391
Reunións de traballo	528
Impartición de cursos, relatorios	161
Asistencia a xornadas, cursos, etc.	479
Estudos singulares elaborados	21
Plans e estudos de seguridade na Construción	7524
Avisos previos ate a entrada en vigor RD 337/2010	1733
Libro de incidencias	119
Tratamento estatístico de partes de AT e EP	69.576
Secretaría dos Comités Provinciais de Seguridade e Saúde Laboral	19

▶ **Accións formativas**

A oferta formativa do ISSGA dáse a coñecer fundamentalmente a través da páxina web e a distribución de dípticos coa oferta formativa anual.

Tamén se pode consultar nos centros que o ISSGA ten nas catro provincias e onde se desenvolve a maioría da actividade formativa presencial ofertada.

Un dos cursos básicos de prevención de riscos laborais (PRL) de 35 horas estivo dirixido especificamente á comunidade de persoas xordas e realizouse en colabora-

ción coa Asociación Coruñesa de Promoción do Xordo (ACOPROS).

As accións formativas de diferente tipo desenvolvidas no 2010 foron as seguintes:

▶ **Cursos e xornadas técnicas**

	Nº de accións	Nº de alumnos
Cursos básicos de prevención de riscos laborais- 35 horas	13	466
Cursos básicos de prevención de riscos laborais en liña-60 horas	3	360
Cursos de especialidades: amianto e sector pesqueiro	2	52
Cursos de formación interna	6	85
Xornadas propias do ISSGA	30	2.259
Xornadas en colaboración con outras entidades	69	3.662

▶ **Hixiene analítica**

No ano 2010 os traballos realizados no laboratorio de hixiene analítica, que está no centro do ISSGA de Pontevedra, encamiñáronse principalmente ás seguintes cuestións:

1. Preparar o laboratorio con vistas á súa acreditación nos seguintes procedementos:
 - Consonte á norma UNE-EN ISO/IEC17025
 - Determinación de materia particulada en filtros de PVC.
 - Determinación de vapores orgánicos en tubos de carbón activo por cromatografía de gases.
 - Determinación de metais en filtros de ésteres de celulosa por espectrofotometría de absorción atómica.
 - Consonte ao Real decreto 396/2006
 - Acreditación no reconto de febras de amianto e outras febras en aire por microscopía óptica de contraste de fases.

Durante este ano, elaborouse unha parte importante da documentación necesaria para levar a cabo o sistema de xestión de calidade do laboratorio de hixiene. Na parte técnica realizouse a calibración dos equipos e comezouse co proceso de validación das técnicas analíticas que se van acreditar.

2. Participación en Programas interlaboratorios de control de calidade (PICC) do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo:
 - PICC-Met.: determinación de metais (Cd, Cr, Ni e Pb) en filtros de membrana por espectrofotometría de absorción atómica
 - PICC-VO: determinación de vapores orgánicos (benceno, tricloroetileno, tolueno e m-xileno) en tubos de carbón activo por cromatografía de gases
 - PICC-Gr.: determinación de materia particulada en filtros por técnicas de gravimetría
 - PICC-FA: reconto de febras en filtros por microscopía óptica con contraste de fases
 - PICC-Pbs: determinación de chumbo en sangue por espectrofotometría de absorción atómica-forno de grafito
 - PICC-MetU: determinación de metais (Cr e Hg) en urina por espectrofotometría de absorción atómica-vapor frío
 - Participación no ensaio de comparación de interlaboratorios del método MTA/MA-062/A08. Determinación de formaldehído en aire mediante captación en tubos de xel de sílice
3. Posta a punto das técnicas que se describen a continuación:
 - Metais en filtros e fluídos biolóxicos por Espectrofotometría de Absorción Atómica (EAA)
 - Determinación de formaldehido en aire por cromatografía líquida de alta resolución (HPLC)

3.3 ÁREA DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

4. Formación do persoal do laboratorio en diferentes actividades formativas
5. As análises levadas a cabo polo laboratorio de hixiene analítica resúmense nas táboas que figuran a continuación:
 - Na táboa I faise un resumo por técnicas analíticas.
 - No resto das táboas, da II á VII, especifícanse as análises anteriores segundo o tipo de mostra que se analizou.

▶ **Táboa I. Determinacións de mostras hixiénicas, segundo técnicas analíticas**

	Nº de determinacións
	1.750

▶ **Táboa II. Determinacións de metais en filtros de membrana correspondentes ó PICC-Met. e a mostras de procedencia externa**

Nº mostras	Nº análises	Nº determinacións
137	316	386

▶ **Táboa III. Determinacións de metais en mostras biolóxicas correspondentes ó PICC-MetU e ó PICC-Pbs ou a mostras de procedencia interna, do laboratorio de medicina do propio centro, e a mostras de procedencia externa, biopsias hepáticas procedentes de anatomía patolóxica de hospitais**

Nº mostras	Nº análises	Nº determinacións
66	117	501

▶ **Táboa IV.- Determinacións de vapores orgánicos en mostras tubos de carbón activo correspondentes ao PICC-VO e mostras de procedencia interna**

Nº mostras	Nº análises	Nº determinacións
35	114	572

Ver estatísticas de
sinistralidade laboral

- Táboa V. Determinacións de materia particulada en filtros correspondentes ao PICC-Gr e a mostras de procedencia interna

Nº mostras	Nº análises	Nº determinacións
78	78	137

- Táboa VI. Recoito de febras de amianto en filtros correspondentes ao PICC-FA

Nº mostras	Nº análises	Nº determinacións
26	36	67

- Táboa VII. Determinación de formaldehído en aire por cromatografía líquida de alta resolución (HPLC), para a participación na comparación interlaboratorios seguindo o método MTA/MA-O62/A08 do INSHT

Nº mostras	Nº análises	Nº determinacións
12	24	87

Medicina do traballo

Os catro centros provinciais do ISSGA realizan recoñecementos médicos en patoloxías concretas para poder facer estudos epidemiolóxicos; asemade, fanse recoñecementos médicos e análises correspondentes a actividades programadas, ou á demanda, fundamentalmente a traballadores autónomos e traballadoras autónomas, correspondentes á vixilancia da súa saúde.

Estes recoñecementos corresponden principalmente a:

- Estudos epidemiolóxicos realizados para facer aflorar enfermidades profesionais no marco do plan de actividades do Issga
- Solicitudes dos equipos de valoración de incapacidades a efectos de emitir informes de investigación de enfermidades profesionais
- Solicitud de empresas e traballadores para recoñecementos médicos específicos no marco do plan de

actividades

- Solicitud da Inspección de Traballo e Seguridade Social en relación á valoración da vixilancia de saúde nas actuacións que se requira.

Así mesmo, realizan investigacións de enfermidades profesionais e avaliacións ergonómicas de postos de traballo.

Recoñecementos médicos	2.306
Análises	4.032
Número de determinacións	105.958

Probos complementarias realizadas:

Probos auditivas	2.382
Probos respiratorias	2.152
Probos visuais	7.879
Probos cardíacas	1.904
Probos radiolóxicas	164
Probos cutáneas	55
Outras probas	605
Totais	15.141

Nº probas x Nº traballadores	
P. hematolóxico	48.246
P. bioquímico	35.480
Probos urina	23.256
Perfil serolóxico	1.465
Outras	344
Totais	108.791

3.3.3.3 Estatísticas de sinistralidade laboral en Galicia

Os datos obtéñense dos partes de accidentes de traballo e enfermidades profesionais dos traballadores afiliados á Seguridade Social que teñan cubertas as ditas continxencias, mediante os sistemas Delt@ e CEPROSS, notificados á autoridade laboral autonómica galega.

Durante o ano 2010 rexistráronse na Comunidade Autónoma de Galicia un total de 40.709 accidentes laborais con baixa, dos cales 36.733 (o 90,23%) se produciron durante a xornada laboral e 3.976 (o 9,77%) foron accidentes in itinere, é dicir, os ocorridos ao ir ou ao regresar do traballo. Dos accidentes laborais en xornada, 27.893 (o 75,93%) corresponderon a homes, e 8.840 (o 24,07%) os sufriron mulleres. Os accidentes totais in itinere manteñen unha proporción semellante entre sexos, aumentando a proporción de homes fronte á das de mulleres canto maior é a gravidade do accidente.

En 2010, Galicia rexistrou 803 enfermidades profesionais con baixa, das cales 429 foron en homes, o 53,42%, e 374 en mulleres, o 46,58%. Ademais rexistráronse 385 enfermidades profesionais sen baixa, das cales 240 foron en homes, o 62,34%, e 145 en mulleres, o 37,66%. Por sectores de actividade, o da industria contabiliza o maior número tanto con baixa coma sen ela, máis da metade do total, 411 e 201 partes de enfermidade respectivamente, que en porcentaxes son o 51,18% para as enfermidades con baixa, e o 52,21% para as sen baixa.

O estudo destes datos, a súa desagregación por sectores económicos, a súa distribución segundo distintas variables, a súa comparación con anos anteriores, así como a análise dos índices de incidencia en relación coa poboación afillada á Seguridade Social, recóllense anualmente nunha monografía editada polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral - ISSGA, que se pode consultar na seguinte ligazón:


http://www.issga.es/html/public/estadisticas_galicia_lista.php?listar=SINISTRALIDADELABORA



Amósanse de seguido algúns dos datos referidos ás estatísticas de sinistralidade laboral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao ano 2010.


Accidentes laborais con baixa. Ano 2009

	Homes	Mulleres	Total
En xornada de traballo	30.308	9.209	39.517
In itinere	2.077	2.017	4.094
Total	32.385	11.226	43.611




Accidentes laborais con baixa por gravidade. Ano 2010

	A.T. Leves			A.T. Graves			A.T. Mortais			A.T. Totais		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
En xornada de traballo	27.323	8.739	36.062	507	99	606	63	2	65	27.893	8.840	36.733
In itinere	1.785	2.082	3.867	51	39	90	17	2	19	1.853	2.123	3.976
Total	29.108	10.821	39.929	558	138	696	80	4	84	29.746	10.963	40.709




Accidentes laborais con baixa segundo lugar do accidente e gravidade. Ano 2010

	A.T. Leves			A.T. Graves			A.T. Mortais			A.T. Totais		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
No centro ou lugar de traballo habitual	17.081	6.980	24.061	235	72	307	19	1	20	17.335	7.053	24.388
Noutro centro ou lugar de traballo	4.078	624	4.702	78	8	86	11	1	12	4.167	633	4.800
Desprazamento na xornada laboral	6.164	1.135	7.299	194	19	213	33	0	33	6.391	1.154	7.545
In itinere	1.785	2.082	3.867	51	39	90	17	2	19	1.853	2.123	3.976
Total	29.108	10.821	39.929	558	138	696	80	4	84	29.746	10.963	40.709




Accidentes laborais con baixa en xornada de traballo por sectores de actividade e gravidade. Ano 2010

	A.T. Leves			A.T. Graves			A.T. Mortais			A.T. Totais		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Agricultura	983	408	1.391	55	32	87	4	1	5	1.042	441	1.483
Pesca	1.097	159	1.256	49	10	59	7	1	8	1.153	170	1.323
Industria	9.158	1.775	10.933	130	8	138	11	0	11	9.299	1.783	11.082
Construción	7.294	76	7.370	144	2	146	14	0	14	7.452	78	7.530
Servizos	8.791	6.321	15.112	129	47	176	27	0	27	8.947	6.368	15.315
Total	27.323	8.739	36.062	507	99	606	63	2	65	27.893	8.840	36.733




Accidentes laborais con baixa en xornada de traballo por provincias e gravidade. Ano 2010

	A.T. Leves			A.T. Graves			A.T. Mortais			A.T. Totais		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	11.889	3.775	15.664	210	38	248	23	1	24	12.122	3.814	15.936
Lugo	2.594	919	3.513	61	16	77	9	1	10	2.664	936	3.600
Ourense	2.640	869	3.509	45	7	52	10	0	10	2.695	876	3.571
Pontevedra	10.200	3.176	13.376	191	38	229	21	0	21	10.412	3.214	13.626
Total	27.323	8.739	36.062	507	99	606	63	2	65	27.893	8.840	36.733



► Variación interanual dos accidentes laborais con baixa en xornada de traballo. 2000-2010

	Leves	Graves	Mortais	Totais
2000	42.617	849	124	43.590
2001	45.347	950	99	46.396
2002	46.584	908	102	47.594
2003	45.088	1.006	94	46.188
2004	46.118	1.076	86	47.280
2005	46.900	1.001	101	48.002
2006	47.540	949	78	48.567
2007	50.934	834	75	51.845
2008	49.594	698	71	50.393
2009	38.877	548	74	39.517
2010	36.062	606	65	36.733



► Índice de incidencias por sectores. 2010

	Poboación afiliada		
	Homes	Mulleres	Total
Agricultura	17.641	22.960	40.601
Pesca	16.229	5.547	21.776
Industria	100.235	40.235	140.470
Construción	74.764	7.028	81.792
Servizos	229.043	293.784	522.827
Total	437.912	369.554	807.466

	Índice incidencia leves			Índice incidencia graves			Índice incidencia mortais			Índice incidencia totais		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Agricultura	5.572,25	1.777,00	3.426,02	311,77	139,37	214,28	22,67	4,36	12,31	5.906,69	1.920,73	3.652,62
Pesca	6.759,50	2.866,41	5.767,82	301,93	180,28	270,94	43,13	18,03	36,74	7.104,57	3.064,72	6.075,50
Industria	9.136,53	4.411,58	7.783,16	129,70	19,88	98,24	10,97	0,00	7,83	9.277,20	4.431,47	7.889,23
Construción	9.756,03	1.081,39	9.010,66	192,61	28,46	178,50	18,73	0,00	17,12	9.967,36	1.109,85	9.206,28
Servizos	3.838,14	2.151,58	2.890,44	56,32	16,00	33,66	11,79	0,00	5,16	3.906,25	2.167,58	2.929,27
Total	6.239,38	2.364,74	4.466,07	115,78	26,79	75,05	14,39	0,54	8,05	6.369,54	2.392,07	4.549,17


Índice de incidencia por 100.000 traballadores

Base do índice: poboación afiliada á Seguridade Social con continxencia de accidente de traballo cuberta

Fonte: Subdirección Xeral de Estatísticas Sociais e Laborais do Ministerio de Traballo e Inmigración


► Enfermedades profesionales segundo sexo e provincias. 2010

	Enfermedades profesionales con baixa			Enfermedades profesionales sen baixa		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	122	133	255	79	47	126
Lugo	19	27	46	10	4	14
Ourense	66	47	113	42	11	53
Pontevedra	221	167	388	109	83	192
Total	428	374	802	240	145	385



► Enfermedades profesionales segundo sexo e e sectores de actividade. 2010

	Enfermedades profesionales con baixa			Enfermedades profesionales sen baixa		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Agricultura	3	5	8	2	1	3
Pesca	10	1	11	2	0	2
Industria	240	171	411	153	48	201
Construción	72	0	72	34	3	37
Servizos	104	197	301	49	93	142
Total	429	374	803	240	145	385



3.3.3.4 Actuacións de promoción e divulgación

Campañas

► Campaña “A vida espérate”



Para a sensibilización e concienciación da sociedade galega na prevención de riscos laborais. A súa difusión realizouse a través de diferentes medios: prensa, televisión, radio, dixitais...

A escola de prevención créase como un espazo físico onde se dá resposta á necesidade de formar docentes, educadores, escolares e á cidadanía galega no ámbito da prevención. En canto á programación da escola, desenvólvense obradoiros en distintos ámbitos: riscos domésticos, seguridade viaria, equipos de protección individual (EPI), primeiros auxilios e ergonomía e psicosocioloxía; nos que se atende os escolares e docentes que acoden. A escola conta con profesionais que organizan distintas actividades e xogos co alumnado para facerlle chegar a importancia da prevención.

A EPRL é un servizo que estivo contratado ata novembro de 2010. A partir desa data, iniciouse a posta en marcha da escola no edificio anexo ao centro do ISSGA en Rande (Pontevedra), e a súa xestión depende directamente de persoal do ISSGA.

Centros educativos	52
Alumnos	1.754
Charlas específicas (asistentes)	259
Obradoiros (asistentes)	4.064
Ciclos de cine (asistentes)	356

► Campaña “Movemento contra a lei de Murphy”



Esta campaña de comunicación publicitaria está dirixida ao alumnado de formación profesional que a curto prazo se incorporará ao mercado laboral aínda que a mensaxe é extensible ao resto da sociedade. O acto de presentación tivo lugar no CIFP Politécnico de Santiago e incluíu un monólogo sobre a prevención de riscos laborais, que tamén se presentou noutros centros. A información da campaña concentrouse na páxina web, www.contramurphy.com.

nólogo sobre a prevención de riscos laborais, que tamén se presentou noutros centros. A información da campaña concentrouse na páxina web, www.contramurphy.com.

► Promoción da prevención de riscos laborais a través da Escola de Prevención de Riscos Laborais (EPRL)

► Campaña de prevención de riscos por sobreesforzos



Dirixida ao sector da hostalaría e comercio na provincia de Pontevedra en colaboración coa Asociación de Co-merciantes e Hostaleiros de Santiago de Vigo (Vigo) e APCAP (Asociación Provincial de Cafeterías e Pubs de Pontevedra).

► Campaña de prevención de riscos laborais no tráfico

En colaboración co RACE, realizáronse dúas xornadas técnicas e difusión de trípticos e carteis a 300 empresas.

► Campaña de promoción da prevención dos autónomos do sector da pesca de baixura

Realizada nas 62 confrarías de pescadores de Galicia en colaboración coa Federación Galega de Confrarías de Pescadores e as federacións provinciais de Confrarías de Pescadores da Coruña, Lugo e Pontevedra.

Participación en congresos e outros eventos

O ISSGA estivo presente en varios congresos e eventos relacionados coa prevención de riscos laborais coa participación institucional, intervencións en foros e relatorios e coa instalación de varios postos dedicados á difusión das súas actividades.

- Congreso de Prevención de Riscos Laborais no Sector da Construción. OSALAN (Instituto Vasco de Seguridade e Saúde Laboral)
- Congreso de Unións Agrarias
- Feira da Construción de Galicia. SICO
- Xuventude Galicia Net
- Centro de Formación de Formega
- Conferencia europea de contribución á avaliación a medio termo da Estratexia Comunitaria de Saúde e Seguridade no Traballo 2007-2012
- Feira de Mostras de Lugo. FEMAGA. Feira dos autónomos
- 8º Congreso Internacional de Prevención de Riscos Laborais. ORP Valencia
- PREVISEL. Salón da Prevención e Seguridade Laboral
- Navalía. Feira Internacional da Industria Naval
- 10ª edición do Congreso Andaluz de Seguridade e

Saúde Laboral, PREVEXPO 2010

- Conferencia Europea sobre Promoción da Saúde e o Benestar no Traballo: estrés laboral -estrés policial
- Reunión de Expertos sobre Prevención e Protección Social do Traballador Marítimo-Pesqueiro
- Día do Cooperativismo Galego 2010. Oportunidades cooperativas para mulleres e homes
- FIMO. Feira Internacional de Mostras do Noroeste
- Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT). Seminario “Políticas integradas de risco químico”
- Feira de Mostras de Pontevedra. FEMAGA. Feira dos Autónomos
- FEXDEGA. Feira Multisectorial
- I Congreso de Prevención de Riscos Laborais da Comunidade de Madrid
- Congreso Internacional de Prevención de Riscos Laborais
- VI Xornadas Estatais da Asociación de Especialista sen Enfermaría do Traballo “Xestionamos a saúde dos traballadores”
- Seminario sobre a Estratexia Española e das Comunidades Autónomas en Prevención de Riscos Laborais
- Experiencia internacional no Finish Institute of Occupational Health (FIOH), Universidade de Tempere, VTT Technical Research Centre of Finland e NCC Construction Company
- Feira de Mostras da Coruña. FEMAGA. Feira dos Autónomos

Publicacións

Ao longo deste ano o ISSGA vén de publicar unha serie de documentos en formato impreso que tamén se poden descargar da páxina web do ISSGA en formato dixital. http://www.issga.es/html/public/servizos_publicacions_lista.php?listar=propias

Ver follos de prevención

► Follos de Prevención

http://www.issga.es/html/public/servizos_publicacions_lista.php?listar=propias&subopcion=follas



Publicación mensual, en galego e castelán, en formato papel e dixital, coa que se pretende a divulgación de temas relacionados coa prevención de riscos laborais. Editáronse as seguintes:

- Núm. 15 “Os equipos de protección individual e a súa correcta utilización”
- Núm. 16 “A doenza profesional”
- Núm. 17 “Acoso psicolóxico no traballo ou mobbing”
- Núm. 18 “Riscos eléctricos no sector naval (I)”
- Núm. 19 “Riscos eléctricos no sector naval (II)”
- Núm. 20 “Riscos psicosociais”
- Núm. 21 “Coordinación de actividades empresariais nas actividades de construción e reparación naval (I)”
- Núm. 22 “Coordinación de actividades empresariais nas actividades de construción e reparación naval (II)”
- Núm. 23 “Soldadura eléctrica na actividade naval”

► Avance da “Sinistralidade laboral en Galicia 2009”

Publicación na que se amosan datos de interese estatístico con carácter previo á publicación do anuario de sinistralidade laboral.

► Anuario de “Sinistralidade laboral en Galicia 2009”

Monografía dedicada á estatística descritiva da sinistralidade laboral en Galicia correspondente ao ano 2009. Ademais cada libro leva un cd-Rom en bolsa adhesiva.

► Informe de actividades 2009

http://www.issga.es/html/public/campanas_detalle.php?campana=23

Durante o primeiro trimestre do ano elaborouse o informe das actividades realizadas durante todo o ano 2009.

► Programa de actividades formativas do ISSGA 2010

► Trípticos de riscos por amianto

Elaboráronse dous trípticos:

- “Riscos por amianto: obrigas das empresas”
- “Risco por amianto na construción”

► Carteis e políptico informativos da nova etiquetaxe dos produtos químicos

Debido á publicación do Regulamento CE nº 1272/2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, neste ano editáronse un políptico e catro carteis que informan sobre os aspectos máis salientables que hai que ter en conta segundo a nova etiquetaxe. O políptico leva o título de “Produtos químicos perigosos: a nova etiqueta”. Os contidos dos carteis son os seguintes: dous deles versan sobre o novo sistema de clasificación e etiquetaxe dos produtos químicos perigosos, un terceiro sobre a nova etiqueta dos produtos químicos canceríxenos, mutaxénicos, tóxicos para a reprodución (CMR) e sensibilizantes e o último trata sobre os produtos químicos perigosos, o novo sistema de clasificación e etiquetaxe. Publicados todos no mes de abril están dispoñibles tamén na páxina web do ISSGA.

► Análise dos accidentes de traballo por sobreesforzo

Comunicación feita con motivo da participación do ISSGA no VIII Congreso de Prevención de Riscos Laborais que tivo lugar en Valencia a principios do mes de maio.

► Análise da saúde do persoal traballador do sector agrario na provincia de Lugo. Patoloxías predominantes

Póster elaborado con motivo da participación do ISSGA no VIII Congreso de Prevención de Riscos Laborais que tivo lugar en Valencia a principios do mes de maio.

► Tratado para a prevención de riscos laborais. Sector naval

Tratado dirixido aos profesionais da seguridade e a saúde de que dun ou doutro xeito deben abordar a prevención dos riscos laborais desta actividade tan característica. Foi elaborado en colaboración con Asime (Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia).

Posúe unha orientación eminentemente técnica na que se outorgou unha especial relevancia a aqueles aspectos que presentan unha maior falta de concreción lexislativa.

► Tratado para a prevención de riscos laborais. Sector eléctrico

Elaborado en colaboración con Asinec (Asociación Provincial de Industriais Electricistas e de Telecomunicacións da Coruña) como complemento e axuda á formación dos traballadores e das traballadoras do sector eléctrico. É unha publicación innovadora polo seu estilo sinxelo e alcanzable, cuns contidos eminentemente prácticos que recollen os riscos deste tipo de traballos, as precaucións e as normas operativas de seguridade que hai que ter en conta cando se realizan traballos ou manobras en instalacións ou con equipos eléctricos. A publicación inclúe, asemade, un decálogo de boas prácticas para un exercicio laboral máis seguro.

► Tratado para a prevención de riscos laborais. Sector da pesca de baixura

Elaborada en colaboración con Mar Seguro de Galicia trata sobre a prevención de riscos laborais na pesca de baixura, marisqueo e acuicultura. Divídese en tres bloques: o primeiro sobre conceptos xerais e cuestións lexislativas, o segundo sobre artes de pesca, riscos asociados e solucións e o último sobre emerxencias e primeiros auxilios.

Consultas técnicas

O ISSGA ten establecido un protocolo de resposta ás consultas técnicas que os cidadáns poden formular. Este protocolo pretende dar resposta ás consultas que entran no ISSGA, cun criterio común e un límite de tempo establecido para garantir un estándar de calidade neste servizo. No ano 2010 tramitáronse 410 consultas escritas 2.391 consultas verbais, que chegaron a través da páxina web, telefonicamente ou por outros medios.

Ademais destas consultas técnicas o ISSGA tamén dá resposta a outro tipo de cuestións relacionadas cos cursos programados e a dispoñibilidade de material didáctico ou solicitudes de publicacións e outro material impreso.

<http://www.issga.es/contacta.php>



Formación interna

Ao longo do 2010 realízanse accións formativas de actualización e mellora para os técnicos do ISSGA.

- Curso sobre riscos en atmosferas explosivas
- Curso “Mellora da calidade en laboratorios”
- Xornada técnica de instalacións eléctricas de obra

Contacta connosco

- Curso de manexo de paquete estatístico SPSS
- Curso de “Introdución a técnicas cromatográficas”
- II Curso específico de formación para o exercicio de accións comprobatorias das condicións de traballo e saúde nas empresas e centros de traballo para técnicos do ISSGA
- Curso de amianto para técnicos das administracións
- Curso de prevención de riscos no sector pesqueiro
- Curso “Ergonomía I e Psicosocioloxía Aplicada I”
- Curso sobre identificación de febras de amianto en materiais. Método MOPD
- Curso sobre validación e cálculo de incertezas en ensaios fisicoquímicos
- Curso “Mellora das habilidades comunicativas”

Participación en grupos de traballo, xornadas técnicas e foros doutras entidades.

Grupos de traballo do INSHT e AENOR

O ISSGA ten presenza mediante os seus técnicos en distintos grupos de traballo da Comisión Nacional de Seguridade y Salud en el Trabajo (CNSST), do Instituto Nacional de Seguridade e Higiene en el Trabajo (INSHT) e de AENOR.

Xornadas

O ISSGA colaborou na organización de actividades formativas con outras consellerías e entidades e asociacións e nas que participaron un total de 3.662 alumnos.

Foros doutras entidades

Durante o 2010 mantivéronse reunións de traballo con entidades sectoriais relevantes coas que desenvolver accións conxuntas. Entre elas, pódense destacar:

- Foro Galego do Metal

- Mesa Técnica de Formación no Metal
- Mesa do Naval
- Mesa da Pedra
- Mesa da Construción
- Comités provinciais de seguridade e saúde laboral

Relacións con outros organismos

Convenios

- Acordo marco de cooperación entre o ISSGA e Gas Natural Fenosa en materia de formación en risco eléctrico.
- Acordo marco de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, o ISSGA e as organizacións Xóvenes Agricultores, Unións Agrarias-UPA e o Sindicato Galego-Comisións Labregas, en materia de prevención de riscos laborais no agro galego.
- Acordo de colaboración interadministrativo entre a Consellería de Economía e Industria e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral da Xunta de Galicia para a realización dun estudo hixiénico e médico-epidemiolóxico nas canteiras da lousa na provincia de Lugo.
- Convenio de colaboración entre a EGAP e o ISSGA para o desenvolvemento de actividades de información, formación e divulgación en materia de prevención de riscos laborais.
- Acordo marco de colaboración entre a Consellería do Mar, o ISSGA, a Federación Galega de Confrarías de Pescadores e as federacións provinciais de Confrarías de Pescadores da Coruña, Lugo e Ponte-vedra, en materia de prevención de riscos laborais no sector da pesca de baixura en Galicia.
- Convenio de colaboración entre o ISSGA e a Fundación Laboral da Construción (FLC) para o recoñecemento da formación preventiva impartida polo ISSGA a efectos da obtención da Tarxeta profesional da construción (TPC).

Coordinación con outros organismos da Administración

Xunta de Galicia

- Dirección Xeral de Relacións Laborais. Consellería de Traballo e Benestar
 - Comisión de Goberno do ISSGA
 - Protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia, para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias
- Dirección Xeral de Emerxencias e Interior. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
 - Rede de comunicación dos accidentes laborais (112).
 - Xestión de emerxencias en parques empresariais.
- Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública. Consellería de Sanidade
 - Comisión de Goberno do ISSGA.
 - Desenvolvemento dunha unidade docente de Medicina do Traballo.
 - Reunións técnicas para a colaboración en investigación de enfermidades profesionais e vixilancia da saúde, incluída a postocupacional, dos traballadores expostos a risco por amianto.
- Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas. Consellería de Economía e Industria
 - Comisión de Goberno do ISSGA
 - Estudo epidemiolóxico en canteiras
- Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. Cetmar. Consellería do Mar
 - Grupo de traballo para a elaboración de material audiovisual sobre o sector pesqueiro.
 - Proxecto Saúde, coordinado por Cetmar e coa participación de LEITAT, Agamar e Instituto de Bio-mecánica de Valencia.

- Proxecto Traxe. Colaboración con: Cetmar, Dirección Xeral da Mariña Mercante, COAPRE-ARVI, Mar Seguro de Galicia.
- Proxecto Grundtvig-FEP (Fondo europeo especial da pesca). Proxecto transnacional con socios franceses e italianos.
- Escola Galega de Administración Pública. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
 - Colaboración na realización de cursos de formación.

Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS)

- Plan de actuación en obras singulares e grandes obras
- Protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia, para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias.
- Plan Vixía
- Programa Segumar

Outros institutos de seguridade e saúde laboral

- Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT)
 - Presenza no Comité Técnico Mixto INSHT-CCAA
 - Presenza na Rede de Institutos de Seguridade e Saúde Laboral
- Asistencia e participación en xornadas
- Prevención 10- Evalúate. Elaboración de formularios específicos para os sectores de actividade de destilación, rectificación e mestura de bebidas alcohólicas e fabricación de queixos.
- Colaboración na elaboración de normativa e guías técnicas

- Instituto Vasco de Seguridade e Saúde Laborais (OSALAN), Instituto Cántabro de Seguridade e Saúde no Traballo (ICASST) e Instituto Asturiano de Prevención de Riscos Laborais (IAPRL)
 - Xornadas de colaboración en prevención de riscos laborais no sector pesqueiro
 - Constitución do grupo de traballo dos catro institutos no sector da pesca.
 - Estudo para a elaboración de guías técnicas de vixilancia da saúde e ergonomía na pesca.
 - Curso de pesca para técnicos do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT), OSALAN, Instituto Cántabro de Seguridade e Saúde no Traballo (ICASST), Instituto Asturiano de Prevención de Riscos Laborais (IAPRL) e do ISSGA.
- Instituto Asturiano de Prevención de Riscos Laborais (IAPRL)
 - Mapa de risco químico

Outros organismos

- Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS)
 - Equipos de valoración de incapacidade (EVI)
 - Determinación de coeficientes redutores
- Axencia Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo
 - Rede Europea e Rede Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo
- Fundación para a prevención de riscos laborais
 - Colaboración no ámbito da formación.

4.1. PROGRAMAS DE COOPERACIÓN

Os programas dirixidos a mellorar a inserción e reinserción laboral dos traballadores desempregados, especialmente daqueles que pertencen aos colectivos que acceden ao mercado laboral con máis dificultade, xa sexa mediante unha contratación por conta allea ou polo seu establecemento por conta propia, constitúen un dos piares sobre os que se asentan as políticas activas de emprego da Xunta de Galicia xestionadas pola Consellería de Traballo e Benestar.

Inclúense nestas políticas activas os incentivos á contratación por conta allea, o fomento do emprego nas empresas de economía social, a promoción do emprego autónomo, os programas de incentivos á contratación das persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social, os programas de inserción laboral das persoas con discapacidade, as iniciativas emprendedoras xeradoras de emprego e dinamizadoras do contorno local e rural, os programas de cooperación, as escolas obradoiros, as casas de oficios e os obradoiros de emprego.

Así mesmo o goberno galego, consciente da existencia de profundas desigualdades no acceso das mulleres ao ámbito do traballo remunerado, avogou pola adopción de medidas de acción positiva de cara á incorporación das mulleres e dos homes de Galicia no ámbito do emprego en clave de igualdade, o cal promoverá o crecemento

económico e o desenvolvemento do tecido produtivo.

No ano 2010 continuáronse os labores de difusión e coñecemento destes programas tanto a través de actuacións propias da consellería como en colaboración con diferentes institucións públicas e privadas, participando en todas as actuacións de carácter informativo deseñadas para dar a coñecer todas as medidas das políticas activas de emprego aos seus potenciais beneficiarios ao longo de todo o territorio galego.

4.1 PROGRAMAS DE COOPERACIÓN

Entre as medidas a cargo da Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo e Benestar que teñen como obxectivo principal garantir a empregabilidade das persoas e, de xeito particular, a daquelas con maiores dificultades de acceso e/ou permanencia no mercado de traballo, atópanse os programas de cooperación.

A política de apoio á creación de emprego a través destes programas, ten unha tripla dimensión:

- ▶ En primeiro lugar, a de mellorar a empregabilidade dos traballadores que participan, a través da súa inserción laboral no mercado de traballo, prestando especial atención aos colectivos con especiais dificult-

- tades de inserción.
- Así mesmo, a posta en marcha destes programas permite a realización de actuacións de mellora das dotacións públicas ou de uso público no ámbito local, que repercuten na mellora da calidade de vida e dos servizos para toda a sociedade.
 - Finalmente, o terceiro aspecto importante que rodea a estes programas é a colaboración institucional entre a Xunta de Galicia, as entidades locais e as distintas asociacións representativas da sociedade civil, responsables de promover estas iniciativas o que posibilita e contribúe ao desenvolvemento, aproveitamento e dinamización do potencial económico, social e cultural da nosa comunidade autónoma, á vez que favorece a creación de emprego de calidade.

Neste marco, a Subdirección Xeral de Escolas Obradoiro e Programas de Cooperación da Dirección Xeral de Promoción de Emprego xestiona os seguintes programas:

4.1.1 Programas de mellora da empregabilidade en proxectos de interese xeral e social

Estes programas teñen por obxecto subvencionar a entidades locais, así como a outras administracións distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, a contratación de desempregados/as para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social. A subvención consiste nunha contía equivalente aos custos salariais e ás cotizacións empresariais á Seguridade Social derivados da contratación destes traballadores.


A finalidade última que se persegue con estes programas é a creación de emprego e a inserción no mundo laboral dos/as desempregados/as, en especial dos/as que pertencen aos colectivos con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral. Polo tanto, a realización da obra ou servizo pasa a un segundo plano de prioridade.

En relación coa contratación de desempregados/as no marco dos programas de cooperación en colaboración coas entidades locais, no ano 2010, debe destacarse o apoio a proxectos a cargo de 337 entidades locais, mediante axudas por valor de 40,1 millóns de euros que permitiron a contratación de 4.045 persoas desempregadas (1.469 mulleres e 2.576 homes).

Así mesmo, e no marco deste mesmo programa, no ámbito do apoio a proxectos de interese xeral e social ás administracións distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, concedéronse axudas a 616 entidades por valor de 15,1 millóns de euros que permitiron a contratación de 1.062 persoas desempregadas (779 mulleres e 283 homes).

Traballadores contratados para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social

	Entidades	Beneficiarios
Programa de cooperación con entidades locais	337	4.045
Programa de cooperación institucionais	616	1.062
Total	953	5.107



Cómpre salientar que nestes programas a condición de muller vítima de violencia establécese como un dos criterios prioritarios á hora de realizar a selección dos beneficiarios, sendo contratadas 137 mulleres ao longo de 2010.

Actuacións subvencionadas

Os constantes cambios da sociedade moderna (sobre todo, os relacionados coa aplicación das novas tecnoloxías e coa aparición de novos hábitos sociais, moitos deles vinculados a unha nova valoración do tempo de ocio) están provocando o afloramento de profesións emerxentes. Estes novos hábitos sociais, pódense satisfacer creando actividades económicas que provean os servizos necesarios. Ademais, estas actividades teñen a importante característica de ser intensivas en emprego e, polo tanto, o seu desenvolvemento terá un efecto directo sobre a creación de emprego superior ao das actividades tradicionais.

Por outra banda, a Consellería de Traballo e Benestar, financiou, no marco dos programas de cooperación en colaboración coas entidades locais no ano 2010, a contratación dun total de 732 traballadores que forman parte da estrutura renovable (tres capataces e nove peóns) dos 61 grupos municipais de intervención rápida (GRUMIR) existentes en Galicia, para dar resposta inmediata a situacións de emerxencia como incendios forestais, incendios urbanos, inundacións, nevadas ou calquera outra situación que implique un risco para as persoas ou bens. Estas contratacións supoñen para a Administración autonómica, un esforzo inversor de máis de nove millóns de euros.

O mantemento ao longo dos anos destes servizos está permitindo o desenvolvemento de plans de prevención de riscos, especialmente polo que respecta aos incendios forestais, o que é sumamente importante de cara á seguridade da poboación.

Ademais dos Grumir entre os servizos subvencionados destacan, por un lado, os relacionados co socorrismo e a vixilancia nas praias e piscinas municipais, e por outro, os servizos de limpeza e mantemento de praias e zonas verdes, mantemento de piscinas municipais, recuperación,

mantemento e limpeza de marxes de ríos, etc.

A través destes programas dáse un importante pulo aos servizos sociais prestados polas distintas entidades beneficiarias, así como aquelas actividades vinculadas aos novos viveiros de emprego que ofrezan aos desempregados, maiores oportunidades de readaptación ao ámbito laboral, entre as cales estarán as dirixidas á prestación de servizos relacionados con:

Servizos
Ambientais, de medidas forestais e de ámbito rural
Sociais, educativos e relacionadas coa muller
Relacionados coa cultura, o turismo e o deporte
De protección civil, seguridade e outras obras
Administrativos de informática e de novas tecnoloxías de información e comunicación

Os servizos máis frecuentes subvencionados en 2010 foron os seguintes:

- Servizos de carácter social e de atención a colectivos desfavorecidos.
- Servizos de promoción cultural e dinamización do deporte.
- Servizos de fomento da cultura emprendedora.
- Servizos de promoción turística.
- Servizos de asesoramento para o medio rural.
- Servizos de programas tecnolóxicos e de I+D+i.
- Dinamización veciñal.
- Fomento do asociacionismo.

4.1.2 Programas de promoción do desenvolvemento local

Estes programas teñen como fin promover a creación de emprego a través do desenvolvemento local, mediante:

- ▶ A contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, por parte das entidades locais.
- ▶ A contratación de axentes de emprego e unidades de apoio, polos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro.

Os programas de contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, así como de axentes de emprego e unidades de apoio, configúranse como un elemento clave na dinamización das políticas activas de emprego no contorno local, ao facilitar ás devanditas entidades á contratación subvencionada, do persoal técnico necesario para impulsar e xestionar actuacións que teñan por obxecto a creación de emprego e a actividade empresarial.

A contratación de axentes de emprego e unidades de apoio por parte das administracións distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro e de axentes de emprego e desenvolvemento local (AEDL) por parte das entidades locais, ten por obxecto a dinamización do emprego no ámbito de toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

Estes técnicos, que configuran a Rede de técnicos de emprego de Galicia, teñen como funcións principais as de colaborar na implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividade empresarial, as de animación, estímulo e innovación actuando como promotores de actividade, asesores puntuais de proxectos de empresa e prospectores de mercado, contribuíndo á dinamización e xeración de novas actividades no ámbito local e rural.


O desenvolvemento destas tarefas contribúe á constitución dun contorno local propicio á creación de emprego e a potenciar a xeración de iniciativas empresariais e novas actividades xeradoras de emprego, que repercuten na creación de novos postos de traballo e de alternativas de ocupación laboral.

No 2010 concedéronse axudas a 255 entidades locais por valor de 6,2 millóns de euros que posibilitaron a contratación de 285 axentes de emprego e desenvolvemento local (196 mulleres e 89 homes).

No marco da colaboración coas administracións distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, resultaron beneficiarias 107 entidades, mediante subvencións que ascenderon a 4,8 millóns de euros, permitindo a contratación de 180 axentes de emprego e unidades de apoio (119 mulleres e 61 homes).

▶ Técnicos de emprego de Galicia.

	Entidades	Beneficiarios
Contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local	255	285
Contratación de axentes de emprego/unidades de apoio	107	180
Total	362	465



A Rede de técnicos de emprego de Galicia caracterízase por dous trazos que a converten na máis importante de todo o Estado; por unha parte a súa cobertura xeográfica, xa que abarca a práctica totalidade dos concellos de

Galicia e, por outra, a cualificación dos profesionais que a integran, que contan cunha formación universitaria, relacionada cos ámbitos empresarial e xurídico, principalmente, e cunha probada experiencia no eido da acción local a favor do emprego.


Os técnicos de emprego son o punto de referencia en materia de emprego para todas as persoas que habitan no territorio onde eles actúan. Como coñecedores das necesidades e potencialidades dese territorio, teñen que estimular a actividade empresarial, animando os emprendedores e asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira dos proxectos empresariais que xurdan.

4.2 PROGRAMAS MIXTOS DE FORMACIÓN E EMPREGO

4.2.1 Escolas obradoiro e casas de oficios

As escolas obradoiro e casas de oficios configúranse como un programa mixto que combina accións de formación e emprego dirixido a mellorar a ocupación das persoas desempregadas menores de 25 anos, coa finalidade de facilitar a súa posterior integración no mercado de traballo. Todos os proxectos aprobados deben realizar obras ou prestar servizos de utilidade pública ou interese social, e a súa duración non pode exceder os 24 meses. Durante o ano 2010 funcionaron 12 escolas, nas que participaron 414 mozos e mozas desempregados/as, dos que o 37,44 % foron mulleres e o 62,56 % homes. Das 12 escolas citadas, 3 foron as que iniciaron a súa actividade no ano 2010, cun total de 78 participantes.

As especialidades formativas que se impartiron nas escolas obradoiro son as reflectidas no gráfico, segundo a familia profesional de pertenza.




4.2.2 Obradorios de emprego

Os obradoiros de emprego, ao igual que as escolas obra- doiro e casas de oficios, combinan accións de formación e emprego, pero neste caso dirixidos a persoas desem- pregadas e maiores de 25 anos, sendo a súa duración máxima 12 meses. Este programa ten como finalidade a posterior inserción laboral dos participantes nos obradoi- ros de emprego.

O número de obradoiros de emprego que funcionaron ao longo do ano 2010 foi de 141, dos cales 67 comezaron a funcionar durante ese ano. O número de participantes nos obradoiros de emprego durante o ano 2010 foi de 3.722, dos que o 56.93% foron mulleres e 43,07% ho- mes.

Nos obradoiros de emprego impartíronse especialidades pertencentes ás seguintes familias profesionais, que son as sinaladas no gráfico.




4.2.3 Unidades de promoción e desenvolvemento


Son módulos de intervención en ámbitos territoriais de carácter supramunicipal. As súas funcións están encami- ñadas sobre todo a descubrir novas potencialidades de desenvolvemento e de emprego na zona, incidindo pre- ferentemente nos novos viveiros de emprego. Manteñen, así mesmo, unha estreita colaboración cos proxectos de escolas obradoiro e casas de oficios e obradoiros de em- prego, dende a avaliación e apoio aos novos proxectos, ata o fomento da inserción laboral por conta allea dos seus participantes ao rematar o proxecto. Cómpre sina- lar tamén a súa colaboración na implantación das políti- cas activas de emprego no seu territorio de actuación, en coordinación cos/coas axentes de emprego e desenvol- vemento local.

Proxectos e beneficiarios dos programas mixtos

	Nº proxectos	Beneficiarios
Escolas obradoiro	12	414
Obradorios de emprego	141	3.722
Unidades de promoción e desenvolvemento	21	137
Total	174	4.273



Concellos nos que funcionaron escolas obradoiro e obradorios de emprego



4.3 MEDIDAS DE APOIO Á CONTRATACIÓN, AOS EMPREENDEDORES E AO TRABALLO AUTÓNOMO

4.3.1 Fomento da contratación por conta allea e da estabilidade laboral

Como resultado dos puntos de encontro da Mesa 1 do Diálogo Social en Galicia, que aborda as políticas de emprego, entre a Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a UGT Galicia e o Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia, as partes consideraron conveniente afondar na formulación de accións específicas dirixidas a acelerar o ritmo de creación de postos de traballo, principalmente estables e de calidade, para os colectivos que encontran maiores dificultades de incorporación e reincorporación ao mercado laboral debido á crise económica pola que atravesa a nosa Comunidade.

Desde esta perspectiva, no ano 2010 tivo lugar unha redefinición dos colectivos beneficiarios últimos da axuda. Déuselle prioridade a aqueles que padecían de forma máis acusada dificultades de inserción e reinserción laboral, como son os parados de longa duración, as persoas desempregadas que esgotaron as prestacións por desemprego, os maiores de 45 anos e o colectivo de mozos e mozas. As axudas centráronse naqueles que non posuían cualificación profesional, así como nas vítimas de violencia de xénero.

Así mesmo, intensificáronse os esforzos dedicados ao colectivo de mulleres que buscan emprego establecendo medidas de discriminación positiva nas contratacións deste colectivo.

Nesta orientación, no novo marco para o ano 2010, eliminouse como requisito de acceso ás axudas acadar unha determinada taxa de estabilidade, a pesar de que a súa

consecución é un criterio para determinar a intensidade da axuda.

Normativamente, os incentivos á contratación por conta allea refundíronse nunha soa orde de convocatoria, actuando en tres direccións: fomento da contratación indefinida inicial de persoas desempregadas con dificultades de inserción laboral, apoio á transformación de contratos temporais en indefinidos, e impulso á contratación temporal dirixida a lograr a mellora da empregabilidade das persoas traballadoras en risco de exclusión social e para conciliar a vida persoal e laboral, a través de 3 programas:

- ▶ **Fomento da contratación indefinida**
- ▶ **Fomento da transformación de contratos temporais en indefinidos**
- ▶ **Fomento da contratación temporal**

▶ Beneficiarios


No ano 2010, 3.416 empresas foron beneficiarias destas axudas das que se beneficiaron 4.326 traballadores dos que 1.922 foron homes e 2.404 foron mulleres.

Beneficiarios por sexo:

	Homes	Mulleres	Total
Fomento da contratación indefinida	730	1.030	1.760
Fomento da transformación de contratos temporais en indefinidos	1.163	1.337	2.500
Fomento da contratación temporal	29	37	66
Total	1.922	2.404	4.326

Beneficiarios por idade:

	<30	31-45	>45
Fomento da contratación indefinida	945	237	578
Fomento da transformación de contratos temporais en indefinidos	1.384	838	278
Fomento da contratación temporal	42	22	2
Total	2.371	1.097	858




4.3.1.1 Programa de fomento da contratación indefinida inicial

O obxectivo deste programa está orientado ao fomento da estabilidade e da inserción laboral de traballadores que presentan desvantaxes para acceder ao mercado de traballo mediante a concesión de incentivos á súa contratación indefinida inicial, a xornada completa ou a tempo parcial.

Como novidade na orde do 2010 incrementouse o importe dos incentivos para aquelas contratacións que fosen realizadas por microempresas para prestar servizos en centros de traballo radicados nun concello rural.

▶ Beneficiarios

No ano 2010 beneficiáronse 1.760 traballadores dos que 730 foron homes e 1.030 foron mulleres. A distribución das persoas beneficiarias por sexo e idade foi a seguinte:




4.3.1.2 Programa de incentivos á transformación de contratos temporais en indefinidos

A finalidade deste programa é fomentar a estabilidade mediante a concesión de incentivos á transformación en indefinidos dos contratos temporais de persoas traballadoras.

Como novidade na orde de 2010 os requisitos esixidos están en función do tamaño da empresa, segundo sexa microempresa ou non, e do colectivo cuxo contrato se transforma.

▶ Beneficiarios

No ano 2010 beneficiáronse 2.500 traballadores dos que 1.163 foron homes e 1.337 foron mulleres. A distribución das persoas beneficiarias por sexo e idade foi a seguinte:



4.3.1.3 Programa de incentivos á contratación temporal


A través deste programa preténdese, por un lado, fomentar a inserción laboral de vítimas de violencia de xénero

e de colectivos en risco de exclusión social mediante a concesión de incentivos á súa contratación temporal.

Por outro, fomentar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral mediante a concesión de incentivos aos contratos de interinidade realizados con persoas desempregadas para substituír persoas traballadoras en excedencia por coidado de familiares ou con redución de xornada de traballo por motivos familiares.

Beneficiarios

No ano 2010 beneficiáronse 66 traballadores dos que 29 foron homes e 37 foron mulleres. A distribución das persoas beneficiarias por sexo e idade foi a seguinte:



4.3.2 Apoio ao emprendemento, ao autoemprego e ao traballo autónomo

Un dos eixes de actuación prioritario das políticas activas de emprego xestionadas pola Consellería de Traballo e Benestar é o fomento do espírito emprendedor entre as persoas desempregadas galegas e o apoio á creación dos seus propios postos de traballo e de novas iniciativas empresariais. A consolidación dunha cultura emprendedora resulta vital para que a opción do autoemprego se contemple desde o comezo da vida activa do traballador como unha alternativa válida e atractiva ao seu futuro profesional.

No ano 2010 dentro da área de apoio ao autoemprego, ao igual que nas axudas ao fomento da contratación e, como

consecuencia do Diálogo Social en Galicia, as ordes de fomento do autoemprego e de apoio á creación de novas iniciativas empresariais incorporan unha redifinición dos colectivos beneficiarios, de cara a fomentar o emprego daquelas persoas desempregadas con maiores dificultades de inserción laboral.

Os programas xestionados no ano 2010 foron os seguintes:

Promoción do emprego autónomo

Este programa axuda a financiar aqueles proxectos empresariais individuais que facilitan a creación do seu propio posto de traballo ás persoas desempregadas e que desenvolven a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia.

A orde do ano 2010 (Orde do 22 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede ás súa convocatoria para o ano 2010 -DOG nº 79, do 28.04.2010-) incorpora como novidade máis salientable a subvención pola primeira contratación indefinida realizada polos traballadores autónomos e polas traballadoras autónomas, coa finalidade de apoiar a consolidación dos seus proxectos, sempre que esta contratación se realice durante o primeiro ano da súa actividade empresarial ou profesional. Así mesmo reciben unha consideración especial os traballadores e profesionais que desempeñan a súa actividade empresarial ou profesional nun domicilio fiscal con sede nun concello do rural galego.

Iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT)

Configúranse como un instrumento para a dinamización da vocación emprendedora e para aproveitar o potencial das persoas dedicadas á investigación e das persoas con titulación universitaria como xestores dos seus proxec-

tos empresariais innovadores.

Contribúen a impulsar e facilitar a posta en marcha de iniciativas de base tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, a través do financiamento parcial dos custos iniciais necesarios para a posta en marcha de proxectos empresariais de contido científico ou tecnolóxico, previamente cualificados ao abeiro do Decreto 56/2007, do 15 de marzo, polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT) (DOG nº 65, do 2 de abril de 2007)

Iniciativas locais de emprego (ILE)

Para fomentar a creación de empresas innovadoras, económica e financeiramente viables que xeren emprego estable no ámbito local mediante o financiamento parcial daqueles proxectos empresariais previamente cualificados como Iniciativas locais de emprego (ILE),conforme ao Decreto 9/2000, do 12 de xaneiro, polo que se regulan as iniciativas de emprego e as súas clases, (DOG nº 18, do 27.01.2000) así como o procedemento para a súa cualificación e inscrición no rexistro. Como novidade na orde do ano 2010 (Orde do 5 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do réxime de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas locais de emprego (ILES), cofinanciadas polo Fondo Social Europeo e se procede ás súa convocatoria para o ano 2010. -DOG nº 91 do 14.05.2010-) incrementouse o importe da axuda para o inicio e posta en marcha da actividade cando a iniciativa local de emprego teña o seu domicilio social e centro de traballo nun concello rural galego.

Programa das Iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E)

Este programa promóvese para fomentar a xeración de emprego estable, especialmente de mozos e mulleres, mediante o apoio ao desenvolvemento de novas iniciativas empresariais promovidas por persoas desempre-

gadas, con especial atención ás novas empresas creadas nos concellos do rural galego.

Como novidade, na orde do ano 2010 (Orde do 7 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 -DOG nº 92, do 18.05.2010-) incrementouse o importe das axudas para cando estas iniciativas tivesen o seu domicilio social e centro de traballo nun concello rural galego.

Programa de incentivos para promover a afiliación á seguridade social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias

Programa destinado a promover a creación do emprego e a mellora laboral no agro galego, facilitando mediante incentivos a alta na Seguridade social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias de Galicia, especialmente das mulleres. Como novidade na orde do ano 2010 (Orde do 2 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 -DOG nº 112, do 15.06.2010-) adiantouse o importe da subvención nun só pagamento e incrementouse a súa contía.

Beneficiarios


No ano 2010 foron persoas beneficiarias das axudas ao autoemprego 4.685 traballadores, dos que 2.241 foron homes e 2.444 mulleres.

	Homes	Mulleres	Total
Promoción do emprego autónomo	1.941	1.954	3.895

Iniciativas de emprego: IEBT, ILE e I+E+E	252	192	444
Incentivos ás persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias	48	298	346
Total	2.241	2.444	4.685

Beneficiarios por idade:

	<30	31-45	>45
Promoción do emprego autónomo	1.450	1.761	684
Iniciativas de emprego: IEBT, ILE e I+E+E	166	222	56
Incentivos ás persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias	74	269	3
Total	1.690	2.252	743



4.3.3 Integración laboral das persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social

nun sentido amplo, o acceso ao emprego é un elemento decisivo para a integración das persoas con discapacidade na economía e na sociedade. A Consellería de Traballo e Benestar, en concordancia co desenvolvemento doutras medidas no ámbito social e na execución das políticas activas de emprego, establece accións específicas para a inserción deste colectivo, que teñen por obxecto

a mellora da súa empregabilidade e o establecemento de medidas para a súa inserción normalizada no mercado de traballo.

No deseño e xestión das políticas activas de emprego debe terse en conta a diversidade e a pluralidade que caracteriza á poboación con discapacidade, que se debe atender de forma diferente segundo as demandas e as necesidades que cada grupo de traballadores con discapacidade presente.

A Xunta de Galicia que asume as competencias para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, entende que a integración social das persoas con discapacidade esixe un esforzo adicional para favorecer a súa inserción no sistema ordinario de traballo; esixe tamén a mellora dos instrumentos de apoio para a súa inserción nas fórmulas especiais de emprego protexido, como son os centros especiais de emprego.

No ano 2010 agrupáronse os programas que teñen por obxecto establecer incentivos para a creación de emprego das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, regulando na mesma orde os programas de fomento da contratación das persoas con discapacidade na empresa ordinaria e de emprego con apoio como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo.

Na orde do ano 2010 (Orde do 23 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de promoción da integración laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e do programa de emprego con apoio como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, e se procede ás súa convocatoria para o ano 2010 -DOG nº 81, do 30.04.2010-) o programa de fomento da contratación das persoas con discapacidade na empresa ordinaria incrementa os incentivos estatais previstos para

a contratación indefinida, nos supostos de contratación das mulleres, das persoas con discapacidade con maiores dificultades de inserción laboral, pola contratación nas pequenas empresas de ata 49 persoas traballadoras e para prestar servizos en centros de traballo nun concello rural.

Este programa mellorouse mediante o establecemento por primeira vez de dúas novas axudas para favorecer a integración laboral das persoas con discapacidade na Comunidade Autónoma de Galicia. Introdúcese a subvención pola contratación temporal de persoas con discapacidade, sempre e cando a duración do contrato sexa de polo menos doce meses. Incrementáronse, tamén, as contías das axudas nos mesmos supostos que para a contratación indefinida. Por último, régúlase a subvención ás empresas que contraten as persoas con discapacidade no marco dun proxecto de emprego con apoio subvencionado pola Consellería de Traballo e Benestar.

Unha das medidas que pode favorecer de modo máis importante a incorporación das persoas con maiores dificultades de inserción laboral ao mercado de traballo ordinario é o Programa emprego con apoio. Consiste nun conxunto de actividades de orientación e acompañamento individualizado que prestan, no propio posto de traballo, preparadores laborais especializados aos traballadores con discapacidade con especiais dificultades de inserción laboral que realizan a súa actividade en empresas normalizadas, do mercado ordinario de traballo, en condicións similares ao resto dos traballadores que desempeñan postos similares. As subvencións aos custos dos preparadores laborais previstas no programa estatal mellóranse na Comunidade Autónoma de Galicia mediante o establecemento de novas subvencións, coa finalidade de fomentar o desenvolvemento de novos proxectos de emprego con apoio. Estas subvencións son á prospección laboral e á formación práctica na empresa, previa á contratación.

Tamén no ano 2010 agrupáronse nunha soa orde os programas de integración laboral das persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego. No programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizo de axustamento persoal e social dos centros especiais de emprego, dúplícanse os importes das contías das subvencións establecidas na normativa estatal, coa finalidade de favorecer a constitución de unidades de apoio á actividade profesional naqueles centros que contén con persoas con discapacidade con maiores dificultades de inserción laboral no seu cadro de persoal.

As políticas de inserción laboral consolidan o crecemento e o emprego e son un elemento esencial para combater a pobreza e atender as persoas máis necesitadas da sociedade. Por ese motivo, estableceuse un Programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL) que promoven a inserción sociolaboral das persoas en situación ou risco de exclusión social mediante o establecemento de medidas de fomento das empresas de inserción laboral que teñan centros de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de que poidan cumprir a súa función social.

Beneficiarios


No ano 2010 un total de 2.621 persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social foron beneficiarias das axudas dos programa de integración laboral das persoas con discapacidade e de inserción laboral, das que 1008 foron mulleres e 1613 foron homes.

	Homes	Mulleres	Total
Creación de centros especiais de emprego	85	62	147
Mantemento de centros especiais de emprego	1.093	691	1.784

Contratación de persoas con discapacidade	180	118	298
Unidades de apoio	227	119	346
Emprego con apoio	15	12	27
Incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL)	13	6	19
Total	1.613	1.008	2.621

Beneficiarios por idade:

	<30	31-45	>45
Creación de centros especiais de emprego	37	71	39
Mantemento de centros especiais de emprego	258	847	679
Contratación indefinida de discapacitados	78	119	101
Unidades de apoio	112	168	66
Emprego con apoio	13	10	4
Incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL)	6	7	6
Total	504	1.222	895



4.3.4 Fomento do asociacionismo

O traballo autónomo constitúe un sector de importancia fundamental na creación de emprego e riqueza e no que descansa boa parte da estabilidade do sistema económico de Galicia.

No ano 2010, a Consellería de Traballo e Benestar estableceu por primeira vez na Comunidade Autónoma de Galicia un programa de axudas específico para o financiamento dos gastos xerais de funcionamento, infraestructura e mantemento das entidades asociativas de traballadores autónomos, coa finalidade de que poidan desenvolver de forma eficaz o cumprimento da súa finalidade e fortalecer á súa estrutura.

Beneficiarios

No ano 2010, beneficiáronse destas axudas un total de 7 entidades asociativas de traballadores autónomos.

5.1 FORMACIÓN PARA O EMPREGO

5.1 FORMACIÓN PARA O EMPREGO.



Introdución

O sistema de formación profesional (FP) está dividido en dous subsistemas: a FP inicial ou específica, pertencente ao sistema educativo e a FP para o emprego, que engloba as antigas formación ocupacional e continua, centrada no ámbito laboral e dirixida aos traballadores desempregados e ocupados.

A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Subdirección Xeral de Formación para o Emprego, adscrita á Dirección Xeral de Formación e Colocación, ten atribuído o exercicio das competencias e funcións relativas á formación profesional para o emprego.

Inclúese a continuación un cadro resumo dos cursos de formación para o emprego, tanto para persoas desempregadas como para ocupadas, impartidos en Galicia no ano 2010.

	Cursos	Orzamento
Formación profesional dirixida prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas	1.519	81.101.249
Formación profesional dirixida prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas	2.386	34.404.655
Total	3.905	115.505.904



Formación profesional dirixida prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas			
	Cursos	Alumnos	Orzamento
AFD programación provincial	770	11.535	43.322.603
AFD programación pluriprovincial	419	6.280	22.374.264
AFD medios propios	199	3.050	12.285.661
Accións experimentais e complementarias	131	1.965	3.118.721
TOTAL	1.519	22.830	81.101.249

Formación profesional dirixida prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas		
	Cursos	Orzamento
Plans de formación Intersectoriais	875	15.690.000
Plans de formación sectoriais	941	11.600.000
Accións formativas prioritarias ocupados	533	3.487.939
Accións de apoio e acompañamento	37	3.626.716
TOTAL	2.386	34.404.655

5.1.1 Formación profesional dirixida prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas

A formación profesional dirixida prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas é unha política activa de emprego que ofrece cursos de formación gratuítos para traballadores/as desempregados/as co obxecto de cualificalos e que se integren dentro do mercado laboral.

Mediante a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), convocada anualmente pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, lévanse a cabo accións formativas para persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia. Estas accións están incluídas no Programa Operativo Plurirexional Adaptabilidade e Emprego.

De forma complementaria á AFD, realízanse tamén outras accións formativas que completan a oferta de mello-ra da cualificación. Son accións formativas experimentais e complementarias do ficheiro do Servizo Público de Em-prego Estatal e están incluídas no Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013.

As programacións levadas a cabo durante o ano 2010 na formación profesional dirixidas prioritariamente a per-soas desempregadas en Galicia abranguen cinco grupos fundamentais:

- Cursos de AFD de programación ordinaria.
- Cursos de AFD con compromiso de contratación.
- Cursos de AFD impartidos en centros de formación de titularidade da Xunta de Galicia.
- Cursos experimentais e complementarios das espe-cialidades do ficheiro do Servizo Público de Emprego Estatal.
- Cursos do Plan Autonómico de Formación de Forma-dores.

5.1.1.1 Accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD)

A normativa básica reguladora do Plan AFD está conti-da no Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego (BOE nº 87 do 11.04.2007 e suplemento en ga-lego BOE nº 12 do 24.04.2007), desenvolvido pola Orde TAS/718/2008. do 7 de marzo, pola que se regula o sub-sistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas á súa financiación (BOE nº 67 do 18.03.2008 e suplemento en galego: BOE nº 5 do 01.04.2008). Neste marco xurídico, a consellería publicou a Orde do 28 de decembro de 2009 pola que se establecía a convocatoria

pública para a programación de accións formativas dirixi-das prioritariamente ás persoas traballadoras desempre-gadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspon-dentes ao exercicio de 2010 (DOG nº 253, do 30.12.2010).

Ao abeiro desta convocatoria, no ano 2010 programáron-se un total de 1.388 cursos, cun orzamento total de 77.982.528 euros, segundo se especifica nos apartados que se desenvolven a continuación.


Distribución da programación por áreas funcionais

A consellería distribúe a súa programación por áreas funcionais. Estas son unha agrupación das comarcas en conxuntos territoriais do mapa comarcal de Galicia. Con isto preténdese agrupar a aqueles concellos que teñen unhas características comúns no relativo ás necesidades de formación e ás características do desemprego nestes.

A continuación recóllese a programación corresponden-te ao exercicio do ano 2010 distribuída polas áreas fun-cionais das catro provincias.

■ AFD distribución provincial 2010

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
A Coruña	431	6.520	25.153.911
Lugo	219	3.285	12.232.327
Ourense	278	4.160	15.705.486
Pontevedra	460	6.900	24.890.805
TOTAL	1.388	20.865	77.982.529



5.1 FORMACIÓN PARA O EMPREGO

■ AFD por comarcas 2010 - A Coruña

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
A Barcala	9	135	435.078
A Coruña	124	1.855	7.412.975
Arzúa	2	30	105.765
Barbanza	20	300	844.502
Bergantiños	13	195	886.084
Betanzos	8	120	397.330
Eume	8	120	508.290
Ferrolterra	98	1.470	5.901.514
Fisterra	3	45	111.952
Muros	4	60	120.620
Noia	6	90	238.958
Ordes	4	60	181.967
Ortegal	2	30	137.058
Santiago	113	1.755	7.023.370
Terra de Melide	8	120	515.989
Terra de Soneira	4	60	129.052
Xallas	5	75	203.410
Total	431	6.520	25.153.911

■ AFD por comarcas 2010 - Lugo

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
A Fonsagrada	1	15	69.540
A Mariña Central	17	255	862.918
A Mariña Occidental	23	345	1.535.713
A Mariña Oriental	5	75	199.263
A Ulloa	7	105	362.595
Chantada	10	150	424.799
Lugo	101	1.515	5.960.431
Meira	3	45	166.682
Os Ancares	2	30	106.400
Quiroga	1	15	29.535
Sarria	11	165	580.111
Terra Chá	17	255	801.580
Terra de Lemos	21	315	1.132.760
Total	219	3.285	12.232.327

► AFD por comarcas 2010 - Ourense

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
A Limia	10	150	540.520
Allariz-Maceda	3	45	146.833
Baixa Limia	3	45	180.050
O Carballiño	13	190	579.794
O Ribeiro	10	150	593.541
Ourense	200	2.995	11.679.251
Terra de Caldelas	1	15	35.619
Terra de Celanova	3	45	129.481
Valdeorras	13	195	733.436
Verín	19	285	993.244
Viana	3	45	93.718
Total	278	4.160	15.705.486

► AFD por comarcas 2010 - Pontevedra

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
A Paradanta	4	60	161.066
Caldas	15	225	887.343
O Baixo Miño	21	315	1.112.405
O Condado	8	120	415.030
O Deza	23	345	1.327.452
O Morrazo	35	525	2.100.775
O Salnés	40	600	2.196.620
Pontevedra	49	735	2.853.439
Tabeirós-Terra de Montes	16	240	950.684
Vigo	249	3.735	12.885.992
Total	460	6.900	24.890.805

Seguimento e control dos cursos

A consellería realiza unha actividade de seguimento e control da calidade dos cursos impartidos dentro de cada programación.

Para estes efectos, os técnicos de formación dos departamentos territoriais da consellería realizan, durante o período da súa impartición, unha media de tres visitas a cada un dos cursos aprobados dentro da programación.

Nestas visitas emítese un informe que, con independencia doutros efectos, servirá para valorar a calidade dos cursos impartidos por cada entidade con vistas ao baremo que servirá para aprobar a programación do ano seguinte.

O informe de inserción laboral dos cursos

A través do cruce dos datos do sistema informático de formación ocupacional (SIFO) e do Servizo Público de Emprego de Galicia elabórase un informe sobre a inserción laboral dos alumnos participantes nos cursos de formación profesional para o emprego dirixidos prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas, que remataron o curso con avaliación positiva.

Nestes momento, e dado que a data límite para o remate dos cursos da programación do ano 2010 era a do 30 de novembro, só se conta cos datos de inserción laboral referidos á programación de 2009.

O informe xeral da inserción laboral dos cursos da programación de 2009 reflicte, aos doce meses desde a data límite para a finalización dos cursos, unha cifra do 57,89% dos alumnos inseridos laboralmente.

Homologacións

Os centros colaboradores de formación profesional ocupacional son aquelas entidades que, cumpridos os requisitos e seguido o procedemento establecido na normativa vixente (Decreto 158/2001, do 29 de xuño, (DOG nº 136, do 13 de xullo), obtiveron a homologación dalgunha especialidade formativa, outorgada por resolución da Dirección Xeral de Formación e Colocación, e a seguinte inscrición no Censo de centros colaboradores de formación profesional ocupacional da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Censo de centros colaboradores é un libro-rexistro, con soporte informático, no que se inscriben, co número

de censo que corresponda, as entidades que obteñan a homologación dalgunha especialidade formativa. Na actualidade hai un total de 1.211 centros censados.

Segundo se especifica na normativa vixente, todas as especialidades formativas que se impartan dentro da programación de AFD deberán estar incluídas no ficheiro de especialidades homologadas polo Instituto de Emprego-Servizo Público de Emprego Estatal e comprenderán as especificacións técnico-docentes e o contido formativo axeitado de acordo co seu nivel formativo e o grao de dificultade establecido.

Isto fai que o Censo de centros colaboradores sexa un instrumento fundamental de cara á aprobación das distintas programacións do Plan AFD e resalta a necesidade de contar cun amplo número de centros inscritos e de que estes contén coa maior variedade posible de especialidades formativas homologadas. A data 31 de decembro de 2010 había un total de 8.108 homologacións vixentes.

Sectorialización

No ano 2010 continuouse co esforzo sostido de progresiva mellora no eido da calidade da formación, baseada nalgúns elementos clave: o axuste da oferta formativa anual aos requirimentos do mundo produtivo, o que implica unha metodoloxía de detección de necesidades de formación precisa e realista; a inserción laboral dos alumnos formados como referencia prioritaria; o perfeccionamento continuo dos docentes desde a vertente técnico-profesional e didáctica; a aproximación dos equipos e métodos de traballo ao que demandan as empresas, o que supón priorizar a formación no posto de traballo e as prácticas non laborais e, por último, a concreción de interlocutores sectoriais válidos e involucrados no proceso formativo.

O desenvolvemento da programación levada a cabo como consecuencia da Orde do 28 de decembro de 2009, pola que se establece a convocatoria pública para a pro-

5.1 FORMACIÓN PARA O EMPREGO

gramación dos cursos do Plan AFD para o exercicio do ano 2010 (DOG nº 253, do 30.12.09), estivo centrada nos sectores que a continuación se especifican.

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
Imaxe persoal	18	270	1.565.622
Artes gráficas	39	585	2.558.366
Fabricación mecánica	38	570	3.987.835
Seguridade e medioambiente	6	90	364.922
Sanidade	62	930	2.187.222
Transporte e mantemento de vehículos	98	1.470	6.317.891
Informática e comunicacións	173	2.595	7.331.224
Comercio e marketing	46	690	2.300.962
Marítimo pesqueira	2	30	68.324
Agraria	23	340	1.174.143
Madeira, moble e corcho	10	150	803.536
Administración e xestión	253	3.795	14.494.108
Actividades físicas e deportivas	6	90	197.924
Edificación e obra civil	44	660	3.763.063
Instalación e mantemento	2	30	200.534
Imaxe e son	8	120	616.334
Téxtil, confección e pel	6	90	424.064
Electricidade e electrónica	44	660	3.464.727
Hostelería e turismo	63	945	4.326.199
Artes e artesanías	5	75	427.160
Servizos socioculturais e á comunidade	139	2.085	6.334.403
Enerxía e auga	18	270	1.293.063
Industrias alimentarias	7	105	421.947
Total AFD sen compromiso	1.110	16.645	64.623.573

5.1.1.2 Cursos con compromiso de contratación

No exercicio do ano 2010 mantívose o criterio de potenciar a figura dos cursos de formación profesional para o emprego con compromiso de contratación, mantendo o requisito dos anos anteriores de contratar, como mínimo, un 60% dos alumnos que inicien o curso por un período mínimo de 6 meses a xornada completa ou tempo equivalente, no caso de que a contratación non sexa a xornada completa.

Distribución provincial

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
A Coruña	8	110	349.012
Lugo	1	15	60.131
Ourense	5	70	200.813
Pontevedra	65	975	463.338
Total AFD con compromiso	79	1.170	1.073.295

Distribución sectorial

A distribución sectorial da programación dos cursos con compromiso de contratación foi a seguinte:

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
Imaxe persoal	2	25	135.564
Transporte e mantemento de vehículos	62	930	302.004
Comercio e marketing	6	90	201.251
Sanidade	3	45	150.251
Agraria	2	30	100.559
Madeira, moble e corcho	1	15	60.131
Hostelería e turismo	1	15	56.707
Servizos socioculturais e á comunidade	2	20	66.829
Total AFD con compromiso	79	1.170	1.073.295

5.1.1.3 Programación en centros propios

Con cargo ao orzamento do Plan AFD impartíronse, na programación do ano 2010, un total de 199 cursos de formación profesional para o emprego en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe total de 12.285.661 euros. Nestes cursos participaron 3.050 alumnos.

Estes cursos impartíronse tanto nos centros propios da Consellería de Traballo e Benestar como nos centros integrados dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Os centros de formación profesional ocupacional de-

pendentes da Consellería de Traballo e Benestar son os de Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Viveiro, Bueu, Santa María de Europa (Ourense), Coia-Vigo e Centro de Novas Tecnoloxías de Santiago, así como as unidades de acción formativa (UAF) de Ames, Melide, Negreira e Monforte de Lemos. Impártense cursos, así mesmo, no centro de formación de Labañou (A Coruña).

Os centros integrados da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos que se impartiron cursos de formación para o emprego no 2010 son: CIFP A Granxa, CIFP Anxel Casal, CIFP Fene, CIFP Carlos Oroza, CIFP Compostela, CIFP Paz Andrade, CIFP Politécnico Santiago, CIFP Ucha Piñeiro, CIFP A Farixa e CIFP Someso.

Distribución provincial

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
A Coruña	96	1.505	5.482.775
Lugo	35	525	2.239.600
Ourense	41	615	2.670.477
Pontevedra	27	405	1.892.809
Total FIP medios propios	199	3.050	12.285.661

Distribución sectorial

A distribución sectorial dos cursos impartidos ao longo do ano 2010 en centros propios foi a seguinte:

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
Artes gráficas	6	90	310.188
Fabricación mecánica	22	330	2.409.411
Sanidade	10	150	334.426
Transporte e mantemento de vehículos	13	195	689.587
Informática e comunicacións	15	225	669.395
Marítimo pesqueira	2	30	89.024
Comercio e marketing	1	15	71.539
Agraria	16	240	873.991
Instalación e mantemento	13	195	1.032.206
Edificación e obra civil	18	270	1.223.123
Administración e xestión	2	30	104.678
Madeira, moble e corcho	18	270	1.168.823
Imaxe e son	1	15	65.286

Actividades físicas e deportivas	2	30	58.252
Electricidade e electrónica	9	135	817.019
Artes e artesanías	4	60	129.450
Hostelería e turismo	8	120	648.744
Téxtil, confección e pel	1	15	52.126
Servizos socioculturais e á comunidade	32	545	1.182.596
Formación complementaria	1	15	10.760
Enerxía e auga	5	75	345.038
Total AFD medios propios	199	3.050	12.285.661

5.1.1.4 Cursos experimentais e complementarios das especialidades do ficheiro do Servizo Público de Emprego Estatal.

O obxecto desta convocatoria é o financiamento de accións formativas experimentais e complementarias das especialidades formativas do ficheiro do Servizo Público de Emprego Estatal dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas.

Estas accións regúlanse na Orde do 30 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas experimentais e complementarias. (DOG nº 85, do 06.05.2010)

Beneficiarios e orzamento

Ao abeiro desta orde programáronse un total de **131 accións formativas** dirixidas prioritariamente a traballadores desempregados, nas que participaron un total de **1.965 alumnos**, cun orzamento de **3.118.721 euros**.

5.1.1.5 Plan Autonómico de Formación de Formadores

Continuando coa aplicación do Decreto 292/2000, do 21 de decembro, que aproba o certificado de profesionalidade da ocupación de formador ocupacional, durante o

ano 2010 (DOG nº 251, do 29.12.00), ofrecéronse desde a Dirección Xeral de Formación e Colocación catro cursos en liña nesta materia, correspondentes ás unidades de competencia 9397 “Programar accións formativas vinculándoas ao resto das accións de formación da organización, de acordo coas demandas do contorno” e 9409 “Contribuír activamente á mellora da calidade da formación”, ambas pertencentes ao curso SSCF10.

5.1.1.6 O Plan de perfeccionamento técnico

O Instituto de Emprego-Servizo Público de Emprego Estatal convoca anualmente unha serie de cursos de perfeccionamento técnico para os docentes dos cursos do plan AFD, que se levan a cabo nos centros nacionais de formación profesional para o emprego distribuídos por todo o territorio do Estado.

Nesta área a Dirección Xeral de Formación e Colocación realiza unha función de intermediación en dúas fases:

- ▶ Dar a publicidade necesaria á convocatoria do Instituto de Emprego-Servizo Público de Emprego Estatal entre os docentes que realizan o seu labor no ámbito da comunidade autónoma.
- ▶ Remitir, informadas pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, as solicitudes de participación nestes cursos presentados polos docentes.

No ano 2010 na Comunidade Autónoma de Galicia programáronse 2 cursos no Centro Nacional de Formación Ocupacional de Santiago de Compostela, aos que asistiron docentes do Plan AFD ou de escolas-obradoiro de diversas comunidades do Estado.

5.1.1.7 Plan de calidade en centros de formación profesional para o emprego.

No ano 2004 iniciouse un novo proceso no camiño da

calidade nos centros de formación profesional ocupacio-
nal, que tiña como obxectivo a implantación dun sistema
de xestión de calidade segundo os requisitos da norma
internacional de calidade UNE en ISO 9001:2000.

Esta implantación tivo dous apartados, un para a totali-
dade dos procesos dos seis centros propios da Xunta de
Galicia e en oito centros colaboradores. Outro, para os
procesos operativos dos centros, para os que se fixeron
accións nos seis centros propios e en dúas das unidades
de acción formativa.

Unha vez rematado o traballo pola empresa encargada
de realizar estes labores, logrouse a implantación do sis-
tema, en todos os seus procesos, en cinco dos seis cen-
tros existentes, así como dos procesos clave no Centro
Nacional de Santiago de Compostela e nas unidades de
acción formativa de Monforte de Lemos e Ames. Ao mes-
mo tempo, logrouse a implantación do sistema, en todos
os seus procesos, nos oito centros colaborares que parti-
ciparon neste proceso.

O obxectivo final acadado foi a certificación en calida-
de por parte da Asociación Española de Normalización
e Certificación, AENOR, dos centros de formación profe-
sional ocupacional de Ferrol, Viveiro, Lugo, Santa María
de Europa de Ourense e Coia-Vigo, así como oito dos cen-
tros colaboradores participantes.

No ano 2006 desenvolveuse un proceso de mellora do
sistema de xestión de calidade para gantir o mantemento
e vixencia da certificación en calidade nos cinco centros
que xa a posúan.

Finalizouse tamén a implantación do sistema no Centro
Nacional de Santiago de Compostela, acadando tamén
para este centro a antedita certificación de calidade.

Nos anos 2007, 2008 e 2009 leváronse a cabo distintas
actuacións para, por unha banda, acadar a renovación da
certificación por parte do organismo certificador e, por
outra, desenvolver un proceso de mellora do sistema de

xestión de calidade implantado nos centros, adaptando o
sistema ás necesidades de cada centro e certificando o
centro de Bueu.

No ano 2010 certificouse en calidade o Centro de Novas
Tecnoloxías de Santiago de Compostela.

5.1.2 Formación profesional dirixida prioritariamente
a persoas traballadoras ocupadas

A formación profesional dirixida prioritariamente a ocu-
pados/as, regulada no Real decreto 395/2007, do 23 de
marzo (BOE nº 87 do 11.04.2007 e suplemento en galego
BOE nº 12 do 20.04.2007), ten como finalidade propor-
cionar aos traballadores ocupados a cualificación que
poidan necesitar ao longo da súa vida laboral, co fin de
que obteñan os coñecementos e prácticas axeitados aos
requirimentos que en cada momento precisen as empre-
sas, e permita compatibilizar a súa maior competitivida-
de coa mellora da capacitación profesional e promoción
individual do traballador.

Dentro da formación para o emprego dirixida priorita-
riamente a traballadores/as ocupados/as existen dous
tipos de actuacións: as incluídas dentro do Programa
operativo plurirexional adaptabilidade e emprego, que
englobaría os plans de formación e as accións de apoio e
acompañamento á formación, e as incluídas no Programa
operativo FSE Galicia 2007-2013, que incluíría as accións
formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballa-
doras ocupadas.

5.1.2.1 Plans de formación.

Existen dúas ordes que teñen por obxecto a aprobación
da convocatoria de subvencións para o financiamento de
plans de formación mediante a subscrición de convenios
de ámbito autonómico.

Estas ordes son: a Orde do 23 de setembro de 2009, pola

que se aproba a convocatoria de subvencións para o fi-
nanciamento de plans de formación intersectoriais dirixi-
das prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas
mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómi-
co, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo,
e se establecen as bases reguladoras para a concesión de
subvencións públicas destinadas ao seu financiamento
(DOG nº 192, do 30.09.2009) e a Orde do 26 de outubro
de 2009, pola que se aproba a convocatoria de subven-
cións para o financiamento de plans de formación sec-
toriais dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras
ocupadas mediante a subscrición de convenios de ámbito
autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7
de marzo, e se establecen as bases reguladoras para a
concesión de subvencións públicas destinadas ao seu fi-
nanciamento (DOG nº 211, do 28.10.2009). Ambas as dúas
ordes son plurianuais, correspondendo a súa execución
ao período 2009-2010.

Accións e orzamento

A Orde do 23 de setembro de 2009, pola que se aproba
a convocatoria de subvencións para o financiamento de
plans de formación intersectoriais conta cun orzamento
de **15.690.000 euros**, e deu lugar ás seguintes actua-
cións:

Distribución Plans de Formación Intersectoriais 2009- 2010			
	Entidades	Plans	Accións formativas
Intersectorial	10	10	760
Autónomos	18	18	74
Economía social	3	3	41
Total Intersectorial	31	31	875

A Orde do 26 de outubro de 2009, pola que se aproba
a convocatoria de subvencións para o financiamento de
plans de formación sectoriais conta cun orzamento de
11.600.000 euros, e deu lugar ás seguintes actuacións:

5.1 FORMACIÓN PARA O EMPREGO

Distribución Plans de Formación Sectoriais 2009-2010			
	Entidades	Plans	Accións formativas
Administración e novas tecnoloxías	19	19	128
Comercio, hostalaría e agro- pesqueira	40	40	223
Construcción e madeira	17	17	107
Metal	8	8	120
Servizos á comunidade	36	36	261
Téxtil, vidro, cerámica, artesanía e química e enerxía	9	9	56
Transporte	16	16	46
Total Sectorial	145	145	941

5.1.2.2 Accións de apoio e de acompañamento á for-
mación

Os proxectos obxecto de financiamento nesta convocat-
oria terán como finalidade o desenvolvemento de accións
de investigación e prospección do mercado de traballo
para anticiparse aos cambios nos sistemas produtivos,
a análise da repercusión da formación para o emprego
na competitividade das empresas e na cualificación dos
traballadores, a elaboración de produtos e ferramentas
innovadoras relacionadas coa formación para o emprego
e a determinación das necesidades de formación preci-
sas para coadxuvar no progreso económico dos sectores
produtivos no conxunto da economía.

Aparecen regulados na Orde do 13 de novembro de 2009
pola que se aproba a convocatoria para a concesión de
subvencións públicas destinadas á realización de accións
de apoio e de acompañamento á formación, de ámbito
autonómico, en aplicación da Orde TIN/2805/2008, do
26 de setembro pola que se establecen as bases regu-
ladoras para a concesión de subvencións públicas desti-
nadas ao seu financiamento (DOG nº 225, do 17.11.2009)

Beneficiarios e orzamento

Ao abeiro desta orde, programáronse un total de **37 proxectos** dirixidos ao estudo da formación profesional para o emprego en Galicia. O orzamento foi de **3.626.716 euros**.

5.1.2.3 Accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas

O obxecto desta convocatoria é o financiamento de accións formativas dirixidas á reciclaxe e recualificación das persoas traballadoras dos sectores estratéxicos da Comunidade Autónoma de Galicia: téxtil, alimentación, madeira, construción, metal, agrario, pesqueiro e aqueles outros sectores que como consecuencia da crise económica tivesen unha perda de afiliación á seguridade social superior ao 1%.

Estas accións regúlanse na Orde do 7 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas a persoas traballadoras ocupadas cofinanciadas polo FSE na Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio de 2010. (DOG nº 89, do 12.05.2010)

Beneficiarios e orzamento

Ao abeiro desta orde programáronse un total de **533 accións formativas** dirixidas todas elas a traballadores ocupados, nas que participaron un total de **7.725 alumnos**, cun orzamento de **3.487.939 euros**.

5.2 COLOCACIÓN: O SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO

O Servizo Público de Emprego de Galicia é o organismo que con carácter xeral ordena de xeito integrado a xestión das políticas de emprego nas súas diversas áreas: fomento do emprego, intermediación laboral, orientación profesional e formación ocupacional.



Ver portal de emprego

Polo Real decreto 146/1993, do 29 de xaneiro (BOE nº 54, do 4.03.93) produciuse o traspaso da formación ocupacional á Comunidade Autónoma de Galicia e polo Real decreto 1375/97, do 29 de agosto transferiuse a xestión realizada polo INEM no ámbito do traballo, o emprego e a formación, á comunidade autónoma, que desde ese momento integra o Servizo Público de Emprego na Xunta de Galicia, sendo na actualidade a Consellería de Traballo e Benestar o órgano competente na xestión das políticas activas de emprego.

As recomendacións da OCDE marcan a necesidade de que os servizos públicos de emprego incidan especialmente nas políticas activas de emprego axudando ao traballador a atopar o seu lugar no mercado de traballo.

Así mesmo, outro dos obxectivos do Servizo Público de Emprego debe ser o de ofrecer un servizo de calidade para acadar así unha xestión eficaz dos recursos.

Porén, o obxectivo principal da Xunta de Galicia no ámbito das políticas activas de emprego segue a ser o da creación de emprego. A grande importancia que se lles concede ás políticas activas vén provocada, en gran medida, polas recomendacións que chegan desde a Unión Europea a partir da aprobación do Tratado de Amsterdam, momento no que se pode empezar a falar dunha estratexia europea para o emprego.

Nestas directrices recóllese, a necesidade de substituír medidas pasivas por medidas activas, de xeito que se fomente a capacidade de inserción profesional e inciten aos desempregados a buscar e aceptar un posto de traballo ou unha formación.

O Servizo Público de Emprego de Galicia basea nesta filosofía o seu deseño e organización, ofrecendo un servizo integrado a desempregados e traballadores ao longo da súa vida activa.

É na primeira das directrices europeas, a mellora da capacidade de inserción profesional, na que se enmarca a configuración e funcionamento do Servizo Público de Emprego.

Distribución territorial

O deseño funcional do Servizo Público de Emprego en Galicia baséase nunha estrutura efectiva que posibilita a aplicación dos programas e as medidas das políticas activas de emprego. Así o Servizo Público de Emprego susténtase nun deseño de unidades territoriais, denominado “área funcional”, que toma como referente as concas de


emprego deseñadas polo INEM, e adaptadas na medida do posible á distribución comarcal galega.

Cada área funcional actúa como aglutinante dos programas e actuacións que en materia de emprego se desenvolven na comunidade autónoma, actuando como cabeceira de cada área a oficina ou oficinas de emprego situadas en cada unha delas.

As oficinas de emprego son os eixos sobre os que xiran as demais entidades e institucións que desenvolven programas de formación, orientación, colocación e promoción do emprego; así, en cada área funcional prestan servizos, xunto coas oficinas, centros colaboradores do Servizo Público de Emprego nas áreas de intermediación laboral, información, orientación e busca de emprego.


Distribución provincial

	Nº áreas funcionais	Nº de oficinas
A Coruña	10	14
Lugo	7	11
Ourense	9	10
Pontevedra	10	17
Total	36	52



Distribución provincial: ACoruña

Área funcional	Nº de oficinas
A Coruña	3
Betanzos	1
Boiro	1
Bergantiños	1
Cee	1
Ferrol-As pontes	1
Melide	1
Ordes	1
Santiago de Compostela	2
Total oficinas de emprego	14



Distribución provincial: Lugo

Área funcional	Nº de oficinas
Os Ancares	1
A Mariña	4
Chantada- A Ulloa	1
Lugo	2
Terra de Lemos-Quiroga	1
Sarria	1
Vilalba	1
Total oficinas de emprego	11





Distribución provincial: Ourense

Área funcional	Nº de oficinas
Valdeorras	1
O Carballiño	1
Terra de Celanova	1
Ourense	2
Terra de Trives	1
O Ribeiro	1
Verín	1
Viana do Bolo	1
A Limia	2
Total oficinas de emprego	10

Distribución provincial: Pontevedra

Área funcional	Nº de oficinas
Caldas de Reis	1
O Salnés	2
O Morrazo	1
A Paradanta	1
Tabeirós-Terra de Montes	1
O Deza	1
Pontevedra	1
Ponteareas	1
Baixo Miño	1
Vigo	7
Total oficinas de emprego	17



MELLORA DA EMPREGABILIDADE: PROGRAMAS

Configuradas maioritariamente como unha oferta integral de servizos ás persoas que están en busca activa de emprego, as medidas de mellora da empregabilidade poden resumirse en tres grandes tipos de actuacións:

- As que van dirixidas a incrementar as posibilidades de emprego de cada demandante, incidindo na mellora da súa cualificación profesional, a través de accións formativas de carácter ocupacional.
- As que tentan mellorar o seu coñecemento do mercado de traballo e influír positivamente sobre as súas decisións de busca de emprego, axudándolle na selección dos obxectivos profesionais que mellor poidan adecuarse ás súas características de cualificación e circunstancias persoais, a través de accións personalizadas de orientación laboral para o traballo por conta allea ou, se así o decide o interesado, de asesoramento para o autoemprego.
- As de xestionar coa maior eficacia a demanda de emprego, poñéndoa constantemente en relación coas ofertas de traballo que chegan ao Servizo Público de Emprego, é dicir, facendo unha xestión áxil e profesional da colocación a través da intermediación entre demanda e oferta de traballo.

Das dúas últimas funcións, que polas súas propias características, préstanse baixo a denominación de Servizo Público de Emprego nos ocuparemos neste apartado.

5.2.1 Información, orientación e busca de emprego

A gran prioridade que as directrices europeas sobre emprego outorgan ao píar I, referido á mellora da capacidade de inserción profesional das persoas, está a supoñer un gran desafío para os servizos públicos de emprego. Esta mellora require unha estreita interacción e coordinación entre todas as actuacións levadas a cabo polos SPE: información, asesoramento, intermediación-colocación, así

como a aplicación de medidas especiais de axuste, tales como o sistema de formación ou reciclaxe profesional.

O cambio permanente, froito das evolucións sociais, tecnolóxicas e organizativas, leva unha dificultade engadida para as persoas que buscan un emprego, facendo necesario, a miúdo, procesos de orientación e asesoramento especializados, que presten colaboración ás persoas demandantes de emprego e lles faciliten o camiño cara á súa inserción laboral. Estes procesos de orientación e asesoramento deben basearse con frecuencia na definición de itinerarios personalizados de inserción profesional que permitan combinar distintas medidas activas de emprego, facilitando á persoa demandante o obxectivo final de acceder a un posto de traballo axustado ás súas posibilidades e necesidades.

Hoxe en día espérase que unha persoa sexa capaz de pasar por diferentes postos en diferentes empresas ao longo da súa vida profesional, co que se fai necesaria a continua adaptación ás circunstancias predominantes en cada momento mediante a reciclaxe e a formación ao longo da vida activa. A medida que esa aprendizaxe resulta cada vez máis esencial, os servizos de orientación descubren a súa gran importancia e proxección, de aí que unha orientación profesional efectiva e de calidade estea destinada a xogar un papel esencial entre as medidas activas articuladas polos servizos públicos de emprego.

A este respecto, cómpre sinalar que desde 1998 funciona, de xeito complementario ao Servizo Público de Emprego, unha rede de orientación laboral que contou no período que abarca, desde febreiro de 2010 ata xaneiro de 2011, con 336 técnicos de orientación e 53 auxiliares de apoio. Prestaron os seus servizos a través de 179 entidades colaboradoras, ao abeiro da Orde de 31 de decembro de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego (DOG nº 13, do 21.01.10). Estes

profesionais ofreceron servizos de información, orientación e asesoramento de xeito personalizado, establecendo un plan profesional individualizado que articule as posibilidades e competencias profesionais dos beneficiarios coas posibilidades que ofrecen o mercado laboral e os sistemas de acceso ao emprego.

Os demandantes de emprego ven como se intenta afondar nas súas opcións profesionais para axudalos a configurar ese itinerario persoal de inserción. Así, todos os demandantes son chamados antes do segundo mes de paro, se son menores de 25 anos, e antes do terceiro se son maiores de 25, para realizar unha acción de orientación. Igualmente, a través de centros específicos que forman parte da rede, todos os demandantes de emprego discapacitados reciben a oferta dos servizos de orientación en centros especializados. Durante o ano 2010, o número total accións de orientación ofertados aos demandantes de emprego ascende a 236.288 accións, das cales 120.834 foron ofertadas a homes e 115.445 a mulleres; na Coruña 47.996 homes e 47.289 mulleres, en Lugo 15.086 homes e 14.278 mulleres, en Ourense 14.384 homes e 14.213 mulleres e en Pontevedra 43.377 homes e 39.665 mulleres que ben a través das oficinas de emprego, ben a través dos centros colaboradores, foron axudados no seu proceso de busca de emprego.

Distribución provincial: orientación laboral. Accións


	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	47.996	47.289	95.285
Lugo	15.086	14.278	29.364
Ourense	14.384	14.213	28.597
Pontevedra	43.377	39.665	83.042
Total	120.843	115.445	236.288

Distribución provincial: orientación laboral. Persoas

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	25.821	25.448	51.269
Lugo	7.965	7.489	15.454

Ourense	8.463	8.639	17.102
Pontevedra	19.474	17.829	37.303
Total	61.723	59.405	121.128

5.2.2 Programas integrados para o emprego.



No ano 2005, a Consellería de Traballo e Benestar asumiu o traspaso da xestión dos programas experimentais en materia de emprego (agora denominados programas integrados para o emprego). Con este traspaso ponse a disposición do Servizo Público de Emprego de Galicia unha ferramenta de políticas activas que ten dado resultados moi positivos.

Estes programas teñen por obxecto a posta en marcha de actuacións combinadas de información e orientación, formación, práctica laboral e mobilidade xeográfica, dirixidas á colocación no mercado de traballo das persoas desempregadas, mediante o ensaio de fórmulas experimentais de actuación e tratamento integrado da inserción laboral.

As accións van orientadas, con carácter xeral, á mello-
ra da ocupabilidade e integración dos desempregados
sinalados como prioritarios na definición anual do Plan
de Acción para o Emprego, entre os que se atopan disca-
pacitados, inmigrantes, mulleres con problemas de inte-
gración laboral e traballadores desempregados en risco
de exclusión social, así como os perceptores de subsidios
e prestacións por desemprego e da renda activa de inser-
ción, e os perceptores da renda de integración social de
Galicia, sempre que figuren inscritos como demandantes
de emprego.

Polo que respecta ao período 2010-2011 estes programas
beneficiaron a un total de 10 concellos e 11 entidades sen
ánimo de lucro, o que representa un total de 1.930 des-
empregados/as participantes, e un obxectivo de inser-
ción laboral media do 40%.

As subvencións concedidas ao abeiro da Orde de 29 de
marzo de 2010 (DOG nº 65, do 8.04.10), destinadas a
cubrir os custos salariais e de Seguridade Social do per-
soal necesario para o apoio e a formación dos deman-
dantes de emprego, ata un límite de 42.000 euros por
traballador, máis os gastos xerais materiais e técnicos
derivados do proxecto (cun límite do 25% do custo to-
tal), ascenderon a un total de 872.124,98 euros para a
anualidade 2010 e 951.800 euros para a anualidade 2011
(1.823.924,98 euros en total).

5.2.3 Teléfonos de información do Servizo Público de
Emprego

O Servizo Público de Emprego de Galicia ten a disposi-
ción de todos os seus usuarios dúas liñas telefónicas: o
902 125 000 e o 902 262 902. O horario de atención de
ambos os dous teléfonos é de 8h a 22h de luns a venres
e de 9h a 14h os sábados.

A liña 902 125 000 é o teléfono de información des-

tinado aos demandantes de emprego. As chamadas
telefónicas recibidas pódense clasificar en catro gran-
des grupos:

- Comprobacións de dispoñibilidade: inclúe as chama-
das dos demandantes de emprego que foron prese-
leccionados para unha oferta de traballo e solicitan
información das condicións da oferta.
- Información xeral: inclúe as chamadas nas que os
demandantes solicitan información sobre cursos de
formación ocupacional, orientación laboral, informa-
cións aparecidas en prensa, programas específicos,
etc.
- Solicitud de entrevista ocupacional: chamadas dos
demandantes que solicitan unha entrevista nun cen-
tro asociado para os efectos de completar os datos
do seu currículo.
- Ofertas abertas: chamadas recibidas nas que os de-
mandantes solicitan optar ás ofertas de traballo pu-
blicitadas polo Servizo Público de Emprego.

Durante 2010 recibíronse un total de 29.722 chamadas
cunha media mensual de 2.477 chamadas.

Xaneiro	3.404
Febreiro	3.598
Marzo	3.480
Abril	2.541
Maio	2.462
Xuño	2.437
Xullo	1.932
Agosto	1.831
Setembro	2.203
Outubro	789
Novembro	2.657
Decembro	2.388
Total chamadas 2010	29.722

A liña 902 262 902 é o teléfono de información desti-
nado aos empresarios. Fundamentalmente, as chamadas
recibidas nesta liña telefónica divídense nos seguintes
grupos:

- Introdución de ofertas de traballo: chamadas nas que
un empresario expresa a súa necesidade de cubrir un
ou máis postos vacantes na súa empresa.
- Información xeral: chamadas de solicitude de infor-
mación sobre subvencións destinadas á promoción
do emprego, tipoloxía dos contratos de traballo, xes-
tión das ofertas de traballo, etc.

Durante 2010 recibíronse un total de 4.479 chamadas
cunha media mensual de 373 chamadas.

Xaneiro	281
Febreiro	287
Marzo	327
Abril	298
Maio	283
Xuño	590
Xullo	558
Agosto	374
Setembro	424
Outubro	347
Novembro	408
Decembro	302
Total chamadas 2010	4.479

5.2.4 Intermediación

Outra das grandes liñas de actuación desde o punto de
vista da mellora da empregabilidade ou da capacidade
de inserción dos desempregados, é a xestión eficiente
da demanda de emprego e a súa posta en relación coas
ofertas xeradas polo mercado de traballo. Trátase de ga-
rantir o mantemento do currículo de cada demandante
de emprego actualizado para darlle as maiores oportuni-

dades de colocación a través da incorporación de todos
os aspectos que poidan ser máis relevantes: a súa for-
mación, experiencia profesional, idiomas, coñecementos
informáticos, etc. Trátase tamén de xerar credibilidade
na función intermediadora cara ás empresas garantíndo-
lles a busca de candidatos axeitados nun curto espazo de
tempo con comodidade e confidencialidade.

Do mesmo xeito, débese garantir a igualdade de opor-
tunidades no acceso ás ofertas de traballo a través dun
novo sistema que permita que cada oferta de emprego
cruce co cento por cento das demandas dispoñibles e
viceversa, facilitando a plena mobilidade xeográfica e a
igualdade de oportunidades independentemente do lugar
de residencia.

Con esta filosofía o Servizo Público de Emprego galego
vén traballando desde a transferencia desta función o 1
de xaneiro de 1998. No caso da función de intermediación
entre ofertas e demandas de emprego, a consellería xes-
tora do Servizo Público de Emprego optou por manter a
denominación “Servizo Galego de Colocación” para iden-
tificar este tipo de servizos. Fíxoo, polo tanto, nos seus
propios centros que teñen encomendada a atención das
demandas e das ofertas de traballo, que son as 52 ofici-
nas de emprego, e tamén naqueles centros que desenvol-
ven accións complementarias de esta función por conta e
baixo a coordinación do Servizo Público de Emprego, que
son os denominados centros asociados.

A existencia dunha rede complementaria de centros aso-
ciados permite ampliar o número de accións de atención
á demanda, o tratamento específico de certos grupos
de demandantes como poden ser os discapacitados e a
disposición dun maior número de puntos de recollida de
ofertas de emprego, incrementando a permeabilidade do
Servizo Público e o número de ofertas que se achegan
aos desempregados. A dita rede posibilita tamén a parti-
cipación dos centros asociados nas funcións de interme-
diación de moitas entidades que traballan neste mesmo

eido, como as organizacións sindicais, empresariais ou centros de formación, evitando deste xeito a dispersión dos recursos e garantindo a coordinación de todos os esforzos no mercado de traballo autonómico.

- No ano 2010 o número de postos de traballo xestionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia foi de 31.036

5.2.5 A Rede Eures (European Employment Services) do Servizo Público de Emprego de Galicia

Dende o ano 1998, as competencias en materia de emprego, e polo tanto a Rede EURES, están transferidas á nosa comunidade autónoma; a Rede EURES, que está coordinada a nivel europeo pola unidade EURES da Dirección Xeral de Emprego e Asuntos Sociais da Comisión Europea, depende da Subdirección Xeral de Colocación e coordínase desde o seu Servizo de Xestión e Coordinación.

Para garantir o dereito á libre circulación de traballadores nos países do Espazo Económico Europeo (EEE) , os servizos públicos de emprego do EEE estableceron, no ano 1993, EURES, esta rede de cooperación para facilitar a libre circulación na Decisión da Comisión Europea do 22 de outubro (DOCE L274/32 de 6-11-93), que desenvolve o Regulamento 1612/68, sobre a libre circulación de traballadores. Esta Rede EURES, a través dos seus máis de 700 conselleiros e conselleiras EURES correspondentes en toda Europa, proporciona información sobre mercados de traballo, ofertas de emprego e condicións de vida e traballo nos países do EEE.

A Rede EURES ten dous obxectivos principais; o primeiro é facilitar que os traballadores e traballadoras do EEE exerzan o seu dereito á libre circulación e a vivir e traballar noutro Estado membro, proporcionando información

sobre oportunidades laborais, currículo, condicións de vida e de traballo e asistencia ás persoas de cidadanía comunitaria que buscan emprego e ás empresas que necesitan recrutar persoal a través dos conselleiros e conselleiras EURES dos servizos públicos de emprego.

O segundo obxectivo é apoiar a estratexia europea de emprego e a mobilidade profesional dentro do EEE. Os consellos europeos celebrados en Lisboa no 2000 e en Estocolmo no 2001 concederon unha maior importancia ao papel da mobilidade profesional. As directrices de emprego desde o 2001 centráronse na mobilidade profesional, incluída a súa dimensión europea ao pediren aos Estados membros que incrementasen os seus esforzos co fin de descubrir a existencia de estrangulamentos no mercado de traballo e de evitar a súa aparición. Isto debería acadarse mediante o desenvolvemento da capacidade de intermediación laboral dos servizos de emprego e da elaboración de políticas destinadas a evitar as carencias de persoal cualificado e fomentar a mobilidade profesional e xeográfica. Ademais, debería reforzarse o funcionamento dos mercados de traballo mediante a mellora das bases de datos sobre oportunidades de aprendizaxe e de emprego, que se deberían interconectar a escala europea coas modernas tecnoloxías da información e grazas ás experiencias que xa se posúen a nivel europeo. EURES está concibido para que efectúe unha contribución considerable á consecución dos obxectivos previstos nas políticas.

Ademais, EURES apoia varios piares da estratexia de emprego: permite que mellore a empregabilidade das persoas solicitantes de emprego ao ofrecerlles unha experiencia profesional noutro país, e contribúe a adaptabilidade das empresas, ao darlles acceso a un mercado de traballo máis amplo con maior variedade de cualificacións, culturas de traballo e idiomas.

A Rede EURES do Servizo Público de Emprego de Galicia contou no ano 2010 con 5 conselleiros EURES provinciais

en Ourense, A Coruña, Lugo e Pontevedra e unha conselleira do EURES Trasnfronteirizo Galicia-Norte de Portugal na oficina de Tui.

Os conselleiros e conselleiras EURES que traballan en Oficinas de Emprego, Ourense e Tui, dependen administrativamente dos directores das oficinas respectivas, e funcionalmente das xefaturas de servizo de Formación e Colocación dos seus correspondentes departamentos territoriais. As conselleiras EURES da Coruña, Lugo e Pontevedra traballaron neste período nas súas delegacións provinciais respectivas dependendo dos servizos de Formación e Colocación. Todos eles traballan ademais coa Coordinación EURES da Subdirección Xeral de Colocación da Consellería de Traballo e Benestar.

No ano 2010, os conselleiros e conselleiras EURES do noso Servizo Público de Emprego atenderon un total de 8.067 consultas, cifra que indica que estase a manter o incremento das persoas atendidas sobre os anos anteriores (5.803 no 2009 e 4.977 no 2008).

Neste mesmo período 581 persoas asistiron a sesións de información en grupo, o que supón un certo incremento respecto ao ano anterior (498).

No que respecta ao perfil das persoas atendidas, os conselleiros da rede EURES do SPE de Galicia refiren un aumento significativo de contactos con persoas que contactan con EURES debido a que non conseguen atopar traballo na súa residencia habitual e están a acabar as súas prestacións por desemprego polo que recorren á rede coa intención de ampliar o seu territorio de busca ao resto do Estado español ou a outros países; nun número significativo destes casos, o baixo nivel de competencia noutros idiomas unido a perfís profesionais de baixa cualificación ou en sectores, como a construción, con forte baixada da oferta en toda Europa, dificultan moito o seu éxito na busca internacional. A meirande parte destes casos rediríxense ás redes de orientación profesional

propias ao obxecto de retomar a busca no territorio no que realmente teñen posibilidades.

Este aumento de persoas sen “perfil EURES” xustificaría “per se” o esforzo do SPE de Galicia por mellorar a información e formación do persoal das Oficinas de Emprego no que a EURES se refire; un mellor filtro inicial reducirá o tempo de atención aos demandantes, evitará desprazamentos e esperas pouco útiles e mellorará a eficacia e a eficiencia do noso traballo diario. Pero ademais, a rede EURES do SPE de Galicia pretende mellorar os procedementos dentro das diferentes áreas do Servizo Público de Emprego cara a incrementar a eficacia na xestión incluíndo nos propios documentos de xestión das oficinas de emprego a opción EURES como opción de traballo.

Neste sentido, EURES Galicia participou no ano 2010 na redacción das instrucións internas e na confección de formación interna do SPE de Galicia e estase a preparar documentación básica * para Oficinas de Emprego que axude ao persoal na atención diaria e que poderá estar a disposición desde o noso Portal de Emprego. Ademais, no ano 2010 mantivéronse 4 reunións de coordinación interna para a planificación conxunta do traballo e habilitouse un enderezo electrónico común de acceso á rede (eures.galicia@xunta.es) para mellorar o acceso dos usuarios aos servizos EURES do SPE de Galicia.

A ampla difusión nos medios de comunicación social dunha suposta oferta de emprego para españois en Alemaña e a ausencia de comunicación interna previa, supuxo un pico de consultas nos dous últimos meses do ano e puxo de manifesto a necesidade de revisar a coordinación da Rede EURES España e os procedementos de decisión e comunicación entre a unidade de coordinación estatal, no SEPE, e os SPE das CCAA con competencias de emprego (no momento de redactar este informe, todas agás Ceuta e Melilla).

No relativo á nacionalidade das persoas atendidas, a

maioría delas son nacionais dalgún dos 31 Estados do Espazo europeo de Libre Circulación e, polo tanto, acóllense aos regulamentos comunitarios en materia de Seguridade Social e libre circulación.

Sen embargo, neste ano 2010, mantense o incremento do número de persoas nacionais dos chamados “terceiros países” que teñen permisos de residencia ou traballo en España pero que, debido á situación laboral, acércanse a EURES para tentar buscar traballo noutros países do EEE. Esta situación supón un esforzo engadido á rede por canto EURES non pode máis que informarlles de que o seu dereito ao traballo depende do Estado ao que se queiran dirixir e, só no caso de que sexan “Residentes de longa duración” poderían acollerse á Directiva 109/2003 que só lles proporciona “prioridade” no acceso ao traballo nalgúns países da UE.

No que respecta ao motivo do contacto, a entrada en vigor do novo Regulamento europeo* en materia de Seguridade Social supuxo un forte incremento das consultas á Rede EURES do SPE de Galicia sobre os novos procedementos, dereitos e obrigas, de exportación da prestación por desemprego a outros países do EEE; supuxo tamén un incremento notable dos contactos coas autoridades competentes nesta materia tanto provinciais como nacionais e internacionais.

Ao longo do 2010 evidénciase un aumento das sinerxias da rede EURES do SPE de Galicia coas outras redes comunitarias, como o Día de Europa na Coruña, 12 de maio, ou a participación dos conselleiros EURES do SPE de Galicia na campaña Europa Social na Alameda de Santiago, o 1 de xuño, ademais das habituais intervencións nas feiras de emprego das universidades galegas e a fluída comunicación co Servizo Europa Directo.

Neste ano 2010 fíxose evidente a necesidade de reflexionar sobre a crecente participación da xestión privada nos servizos de emprego, que a Rede EURES está a notar

dende hai anos noutros países. Xunto co papel das redes sociais, o SPE de Galicia, a través da súa rede EURES, está a recibir consultas e propostas de colaboración que se teñen que avaliar dende a competencia e a legalidade dunha administración pública.

O Eures Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal

Dentro da Rede Eures (European Employment Services) atópase o Servizo Eures Transfronteirizo Gailcia-Norte de Portugal. A súa función é a de dar resposta ás necesidades de información ligadas á mobilidade fronteiriza de traballadores e empresarios. Confrontados diariamente coa xustaposición de lexislacións e costumes diferentes, necesitan información sobre as particularidades do país veciño. Neste momento existen en Europa 21 Eures transfronteirizos, sendo o de Galicia-Norte de Portugal o único que hai en España.

A creación do Servizo Eures Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal (TG-NP) o 15 de decembro de 1997, a través da formalización dun convenio marco entre a Comisión Europea, a Xunta de Galicia, o Instituto do Emprego e Formação Profesional de Portugal, os axentes económicos e sociais e as Universidades dos dous lados da fronteira, corresponde ao obxectivo común de mellorar a situación do mercado de traballo de Galicia e o Norte de Portugal, creando un mercado de emprego transparente e desenvolvendo un sistema de colaboración e cooperación entre os dous servizos públicos de emprego (Servizo Público de Emprego de Galicia e Instituto do Emprego e Formação Profesional de Portugal).

O Eures Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal ten a súa oficina de coordinación no Edificio da Antiga Aduana de Valença do Minho (Portugal). Está composta pola coordinadora e unha técnica administrativa. Aquí, ademais de realizar as tarefas propias da xestión do plano de actividades anual, préstase un servizo de información e asesoramento sobre oportunidades de emprego, de-

reitos e deberes laborais, fiscais e de seguridade social relacionadas coa mobilidade transfronteiriza.

No ano 2010 foron rexistradas 1.915 persoas atendidas nesta oficina de coordinación do Eures-T Galicia-Norte de Portugal. Como en anos anteriores, a porcentaxe maior (70%) corresponde a usuarios que demandan información sobre oportunidades de emprego no outro lado da fronteira, aos que se lles informa tamén sobre os dereitos e deberes dos traballadores transfronteirizos Os restantes solicitaron información sobre dereitos e deberes dos traballadores e dos empregadores en materia laboral, prestacións da Seguridade Social, asistencia sanitaria, pagamento de impostos, prestacións de desemprego, homologación de títulos profesionais. A porcentaxe de consultas tramitadas por empresarios que desexaban tramitar ofertas de emprego transfronteirizas diminuíu con relación ao ano precedente, situándose nun 1.5%. Cabe destacar tamén o papel desenvolvido polo EURES-T G-NP como “ponte” entre os servizos de Seguridade Social de Galicia e Portugal no que respecta a facilitar a posta en contacto das dúas administracións, para a resolución de situacións que afectan ao exercicio dos dereitos dos traballadores transfronteirizos e desprazados nesta materia.

Cabe destacar o incremento de solicitudes de información sobre tramitación de prestacións de desemprego como consecuencia da finalización de contratos de traballo, despedimentos ou expedientes de regulación de emprego nos que se viron afectados traballadores transfronteirizos.

Unha parte moi importante da actividade de asesoramento da oficina de coordinación do Eures-T Galicia-Norte de Portugal está dedicada á información solicitada con relación ao desprazamento de traballadores no ámbito dunha prestación de servizos. A información é solicitada tanto polos traballadores que se van desprazar como polos empresarios que os desprazan.

Durante o ano 2010, cabe destacar tamén algunhas actividades organizadas pola oficina de coordinación en colaboración cos organismos socios como o “Foro de Emprego Universitario Galicia-Norte de Portugal” das Universidades de Vigo e do Minho no que participaron mais de 800 alumnos destas universidades; participación nos “días europeos do emprego 2010” organizados polo Instituto do Emprego e Formação Profesional de Portugal; participación nos “encontros sectoriais transfronteirizos” organizados polo Consello Sindical Interrexional Galicia-Norte de Portugal no que participaron máis de 200 delegados sindicais de Galicia e o Norte de Portugal do sector naval, automoción, construción e téxtil; participación nas “Xornadas de Comunicación con Empresarios da Eurorrexión” organizados pola Confederación de Empresarios de Galicia e pola Associação Industrial do Minho, nos que participaron ao redor de 150 empresarios de Galicia e do Norte de Portugal; colaboración na realización do “Informe de Indicadores de Mobilidade Transfronteiriza 2010” e no “Boletín EURES-T NP-G” elaborados pola Confederación de Empresarios de Galicia; colaboración na campaña “Sabe o que a Europa Social pode facer por vostede?” organizada pola Xunta de Galicia en colaboración coa Comisión Europea, organización do “Grupo de traballo de obstáculos á mobilidade en materia de seguridade social” que reuniu a destacados profesionais deste organismo en Galicia e Portugal.

5.3 INSTITUTO GALEGO DAS CUALIFICACIÓNS

O Instituto Galego das Cualificacións creado polo Decreto 93/1999, do día 8 de abril (DOG nº 73, do 19.4.1999), como instrumento de carácter técnico encargado de garantir a implantación efectiva do Sistema Nacional das Cualificacións nesta comunidade autónoma, en coherencia coas características socio-laborais e produtivas galegas.

Conta no seu organigrama cos servizos: de Observatorio Ocupacional e de Deseño e Acreditación das Cualificacións, que teñen funcións complementarias na busca da mellor cualificación da poboación traballadora da Galicia.

As actividades levadas a cabo polo Instituto no ano 2010 xiran arredor das seguintes áreas de actuación:

- ▶ **Área de observación do mercado laboral**
- ▶ **Área de cualificacións profesionais**
- ▶ **Área de formación profesional**
- ▶ **Área de acreditación da competencia profesional**
- ▶ **Área de profesións e actividades reguladas**
- ▶ **Área de informática**
- ▶ **Actividades formativas e informativas**

5.3.1 Área de observación do mercado laboral

5.3.1.1 Estudo e análise do mercado laboral de Galicia: publicacións

Ao longo do ano 2010 publicáronse os seguintes estudos e informes có obxecto de reflectir o comportamento xeral do mercado laboral de Galicia e en especial os dos principais colectivos de traballadores da nosa comunidade autónoma.

▶ **Estudo do mercado laboral. Galicia 2009**

Trátase dun informe de periodicidade anual que se publica ininterrompidamente desde o ano 2001 e que informa sobre as principais variables do tecido empresarial e laboral: o paro rexistrado, a demanda, a contratación e a afiliación á Seguridade Social que determinan o mercado laboral na Comunidade autónoma galega no seu conxunto.

▶ **Evolución dos filóns de emprego en Galicia.**

Estudo que o Instituto vén desenvolver sobre o mercado laboral galego. Nel confírmase a solidez dos cambios demográficos, sociais e económicos ocorridos desde a aparición do termo “Novos filóns de emprego” e a primeira análise do tema no Instituto no 2002.

▶ **Informe da situación dos traballadores autónomos no mercado laboral galego**

Este estudo permite poder contar cun instrumento que, partindo de datos oficiais, facilita un mellor coñecemento dos parámetros máis significativos e permite analizar o impacto laboral da presenza deste colectivo de traballadores autónomos na realidade do noso mercado de traballo.

A análise está baseada nos datos elaborados por fontes de información estatística: a Oficina de Estatística da Unión Europea, o INE, e o IGE, ademais dos propios do SPEG. Continúa a serie de monográficos iniciada no 2006 sobre colectivos de interese no mercado laboral galego. É un informe completo que inclúe ámbitos territoriais, xénero, actividade económica, nacionalidade etc.

▶ **Informe da situación da mocidade no mercado laboral galego**

Partindo dos mesmos datos oficiais que o estudo ante-

rior, búscase acadar un mellor coñecemento da situación das persoas máis novas no mercado laboral galego nun momento de agravamento da problemática xeral e dunha maior repercusión no sector servizos onde se concentra o 81% da contratación xuvenil.

▶ **Informe da situación da muller traballadora no mercado laboral galego**

Neste caso é a situación da muller a que se estuda no mercado de traballo galego á luz dos datos do SPEG, o IGE, os do INE estatal e a Oficina Estatística da Unión Europea. Nun momento no que a incorporación das mulleres ao mercado de traballo é a meirande fonte de traballo, debería contrarrestar a falla de man de obra, froito do envellecemento da poboación; malia que a ocupación feminina se resinte máis en tempos de crise e ten maiores dificultades para volver aos índices iniciais de actividade.

▶ **Boletín do Instituto Galego das Cualificacións**

Pretende achegar as novas do instituto e difundir a información máis relevante que xeran as nosas actividades. De periodicidade cuatrimestral, está accesible na internet. No 2010 foron publicados os números 3,4 e 5.

5.3.1.2 Portal do instituto

Este portal foi renovado no ano 2009 coa finalidade de dar resposta ás múltiples e diversas peticións de informes por parte de técnicos, entidades e cidadanía en xeral.

No 2010 recibiu 56.245 consultas.

Ver portal do instituto



Nel podemos atopar as seguintes aplicacións:

▶ **Mobilidade dos traballadores**

Aplicación web sobre mobilidade xeográfica de traballadores a través da información extraída dos contratos rexistrados polo Servizo Público de Emprego.

O obxectivo desta aplicación é describir os desprazamentos dos traballadores que cambian de residencia por motivos de traballo e os fluxos que se establecen entre as distintas comunidades autónomas, provincias e concellos galegos. A partir da información que presenta un contrato, considérase que hai mobilidade cando non existe coincidencia entre o municipio de domicilio do traballador e o municipio de domicilio da empresa que o contratou. A aplicación vai subministrar datos de contratos e de traballadores contratados. A aplicación está a disposición do usuario na rede.

▶ **Indicadores do mercado laboral**

Novo concepto e renovación da aplicación informática do Instituto Galego das Cualificacións. Esta ferramenta informática en rede, creada no ano 2006, ten por obxecto facela accesible ás persoas con discapacidade. Contén unha selección de informes elaborados con datos do paro rexistrado. Estase a traballar no desenvolvemento dunha aplicación interactiva dos indicadores do mercado laboral en base a tecnoloxía DATAWAREHOUSE. O investimento no 2010 ascende a 67.614 euros. Cando estea operativa, ao longo do 2011, os usuarios poderán elaborar os seus propios informes e gráficas con datos a partir de xaneiro de 2011.

Estudos do comportamento das ocupacións no mercado de traballo: publicacións

▶ **Saídas profesionais comarcais 2010**

Informe de periodicidade anual que segue as mesmas pautas e criterios metodolóxicos que o editado nos anos anteriores. Publicouse no ano 2010, no camiño de acadar o coñecemento da dinámica do mercado laboral galego, nos seus ámbitos territoriais, coa finalidade de comprobar cales son as ocupacións máis representativas, e proporcionar esta información aos profesionais do emprego, formación e orientación laboral.

Información sobre as ocupacións no mercado de traballo: aplicacións informáticas

A miña profesión

Aplicación informática “A miña profesión”. Consta de tres apartados que permiten obter unha información integral acerca dunha ocupación (segundo a codificación do SISPE).

O primeiro apartado, que permite obter información sobre as variables máis representativas do mercado laboral, está rematado.

O segundo apartado desenvolve o perfil profesional da ocupación consultada. Para levar adiante os perfís aplicamos unha metodoloxía consistente en establecer unha relación, máis ou menos directa, entre as cualificacións profesionais aprobadas e as ocupacións SISPE.

O terceiro apartado fai referencia á formación asociada coa ocupación. Estase tratando de establecer unha metodoloxía que sirva de base para a articulación da antedita relación.

5.3.1.3 Informes e colaboracións con outros departamentos e organismos

Diferentes departamentos da Xunta de Galicia e outros organismos e entidades da nosa Comunidade autónoma solicitan informacións de ámbito laboral sobre os traballadores e os distintos sectores económicos da nosa

comunidade. Para iso, utilízanse as bases de datos que obran no Instituto Galego das Cualificacións sobre demandas, ofertas e contratos. Estas consultas pódeas facer directamente o interesado a través da aplicación web “Indicadores do mercado laboral”. Esta colaboración esténdese a organismos de nivel estatal.

Plan Galego de Estatística 2007-2011.

Tras a aprobación do Plan Galego de Estatística 2007-11, o Instituto Galego das Cualificacións está incluído no grupo denominado “mercado de traballo activo”, un grupo de traballo que se ocupa de aspectos relacionados co seguimento deste plan.

- Colaboración co INE para a elaboración do novo CNO-2011.

Continuouse a colaboración establecida co Instituto Nacional de Estadística (INE) para elaborar a nova Clasificación Nacional de Ocupacións que entra en vigor no ano 2011. Foi publicado o 17 de decembro do 2010

- Informe de profesións con subrepresentación feminina.

En cumprimento do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego (DOG nº 35, do 19.02.09), o Instituto Galego das Cualificacións elaborou o informe das profesións con subrepresentación feminina no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia aos efectos establecidos no antedito decreto.

- Rede de observatorios das comunidades autónomas. Xornadas técnicas da rede de observatorios.

Esta rede creada no ano 2004 é un proxecto que ten como obxecto regular e ordenar a colaboración entre departamentos en materia de información, metodoloxías, proxectos e procesos formativos comúns. Véñense ce-

lebrando encontros anuais monográficos denominados xornadas técnicas da rede de observatorios do mercado de traballo. No ano 2010 o Servizo de Observatorio Ocupacional participou nas oitavas xornadas técnicas da rede de observatorios, os días 20 21 e 22 de outubro en Pamplona. A temática central versou sobre a avaliación das políticas activas de emprego.

Traballos co Servizo Público de Emprego Estatal (SPEE).

Anualmente desenvólvense diversos traballos de colaboración a petición do SPEE. No ano 2010 continuou a colaboración para a elaboración da nova clasificación de ocupacións do Sistema de Información dos Sistemas Públicos de Emprego (SISPE).

- Grupo de traballo para a elaboración da nova clasificación de ocupacións do SISPE.

Actualmente estase a traballar xunto aos servizos centrais do SPEE-INEM para levar a cabo a adecuación e actualización da táboa de ocupacións (SISPE) á nova CNO-2011 (aínda pendente da aprobación definitiva do INE). Esta tarefa desenvólvese coa participación de todos os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas.

As ocupacións distribuíronse en función do sector asignado a cada comunidade autónoma, no noso caso: madeira, moble e cortiza; e marítimo pesqueira.

Catálogo de ocupacións de difícil cobertura.

Trimestralmente elabórase un informe para as catro provincias galegas onde se establecen uns indicadores que serven de apoio para a elaboración dos catálogos provinciais de difícil cobertura que, á súa vez, pasarán a integrarse no Catálogo de Ocupacións de Difícil Cobertura aprobado polo Servizo Público de Empleo Estatal, en cumprimento do Regulamento de desenvolvemento da

Lei orgánica 04/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social (BOE nº 10, do 12.01.2000 e suplemento en galego BOE nº 3, do 09.02.2000).

Proxecto IBERMOVILITAS: Interreg IV de cooperación transfronteiriza entre España e Portugal.

O proxecto IBERMOVILITAS ten como obxectivo impulsar a mobilidade laboral dos cidadáns que residan en ambos os dous lados da fronteira e deseñar para iso políticas activas de emprego que contribúan a paliar as barreiras existentes na mobilidade.

Este proxecto, cuxo xefe de fila é a Dirección Xeral de Formación e Colocación, conta coa participación dos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas de Castela e León, Estremadura e Andalucía e do Instituto de Emprego e Formación de Portugal. Ten como obxectivo principal posibilitar a mobilidade laboral nas zonas transfronteirizas, determinando:

- As necesidades de cualificación e posibles carencias formativas dos traballadores.
- A oferta formativa que sexa relevante para os sectores e ocupacións transfronteirizos.

O instituto realizou funcións de control, seguimento e orientación no desenvolvemento deste proxecto. No ano 2010, levouse a cabo a creación do centro de referencia deste proxecto, accións formativas en Galicia e Portugal e accións formativas en liña.

O investimento total ascende a **232.622'51** euros.

Outras colaboracións

Ao longo do ano 2010, o Instituto Galego das Cualificacións recibiu diversas peticións de informes e datos de diferentes tipos de organismos con relevancia nas accións

do emprego e a formación. É o caso da Secretaría Xeral de Igualdade, así como da Presidencia da Xunta. Tamén se elaboraron unha serie de informes para o Gabinete de Prensa.

5.3.2. Área de cualificacións profesionais

5.3.2.1 Contraste externo das cualificacións do Catálogo Nacional de Cualificacións na comunidade autónoma

Unha vez rematada a elaboración das cualificacións profesionais por parte dos diferentes grupos de traballo, e como paso previo á súa aprobación polo Consello Xeral da Formación Profesional deben someterse a un proceso de contraste externo, por medio de profesionais cualificados das organizacións empresariais, sindicais e administracións e, de ser o caso, cos organismos e asociacións profesionais máis significativos do sector.

O Instituto Galego das Cualificacións leva a cabo, a nivel autonómico, este proceso. Para iso remite as cualificacións a aquelas organizacións: profesionais, sectoriais, comisións sectoriais colaboradoras de cualificacións e formación profesional.

Ao longo do ano 2010 recibíronse cualificacións para realizar o contraste en catro quendas, abril, xuño, setembro e decembro. Correspóndense coas seguintes familias profesionais: electricidade e electrónica; Enerxía e auga; Actividades físico deportivas; Têxtil, confección e pel; Transporte e mantemento de vehículos; Servizos socioculturais e á comunidade; Artes e artesanías; Artes gráficas; Edificación e obra civil; e Química.

5.3.2.2 Cooperación con organismos e institucións da Administración xeral do Estado

A nosa comunidade autónoma está representada polo

Instituto Galego das Cualificacións nos seguintes órganos da Administración xeral do Estado:

- Comité Técnico de Coordinación do Repertorio de Certificados de Profesionalidade

Neste comité técnico están presentes: o Servizo Público de Emprego Estatal e as comunidades autónomas, constituíndose diferentes grupos de traballo para implantar o novo repertorio de certificados de profesionalidade elaborados a partir das cualificacións do catálogo nacional.

No ano 2010 realizáronse reunións deste grupo de traballo en Madrid, Zaragoza, Cartaxena, Murcia, e Santander.

- Consello Nacional de Formación Profesional

A nosa comunidade autónoma participa, a través do Instituto galego das Cualificacións, no grupo de traballo denominado “Implantación del sistema”, do Consello Xeral de Formación Profesional, que se encarga do desenvolvemento dos elementos básicos do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación e, neste ano 2010, levou a cabo unha análise do estado actual dos centros integrados de formación profesional coas correspondentes propostas de mellora.

Instituto nacional das cualificacións

No ámbito do R. D. 1224/2007 do 17 de xullo encádrase a participación do Instituto Galego das Cualificacións (IGC) na elaboración dos instrumentos de apoio ao procedemento de recoñecemento de experiencia laboral.

Un equipo de traballo formado por representantes do Instituto Nacional das Cualificacións e de distintas comunidades autónomas, entre eles un técnico/a do IGC, elaborou o manual do procedemento. Instrumento de uso tanto para os participantes como para os técnicos, comprende: a guía do candidato, a guía do asesor e a guía do

avaliador.

O Instituto participou, por outra parte, na elaboración das guías de evidencia e dos cuestionarios de autoavaliación nas seguintes cualificacións profesionais:

- Confección e montaxe de artes e aparellos.
- Construción de tubaría industrial

Servizo Público de Emprego Estatal (Programa Acredita-T)

Noutro ámbito o Instituto Galego das Cualificacións participou no programa do Servizo Público de Emprego Estatal, Acredita-T que ten como finalidade a formación necesaria do persoal que vai participar no procedemento de acreditación da competencia profesional regulado no art.9.

Participouse en dúas edicións do programa Acredita-T. A primeira, de carácter presencial, tivo lugar en Madrid e participaron dous técnicos/as do IGC que foron como formados/as e como titores/as. Na segunda edición estes dous técnicos/as do IGC foron os responsables da formación dos asesores e avaliadores da área de atención sociosanitaria e quedaron habilitados para exercer no procedemento de recoñecemento da competencia profesional.

5.3.3. Área de formación profesional

Participación na elaboración do novo repertorio de certificados de profesionalidade

Os certificados de profesionalidade son o instrumento de acreditación oficial das cualificacións profesionais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais no ámbito da administración laboral. Están regulados polo Real decreto 34/2008 (BOE nº 27, do 31.01.08), e polo Real decreto 1675/2010 (BOE nº 318, do 31.12.10).

Coordenados polo Servizo Público de Emprego Estatal (SPEE), constituíronse grupos de traballo nos que participaron as comunidades autónomas para levar a cabo a actualización dos certificados a esta normativa.

A nosa comunidade autónoma é a encargada da elaboración dos certificados de profesionalidade na área de pedra natural pertencente á familia profesional de industrias extractivas, na área forestal da familia agraria e nos certificados de profesionalidade de familia profesional marítimo-pesqueira.

Os grupos de traballo están constituídos por expertos tecnolóxicos e formativos, un coordinador metodolóxico, un xefe de grupo e, de ser o caso, un técnico do INCUAL. Na nosa comunidade autónoma actuaron como xefes de grupo os técnicos do IGC.

Os certificados de profesionalidade elaborados durante este ano foron:

Familia profesional agraria (área profesional forestal):

- Xestión de aproveitamentos forestais (N3).
- Familia profesional marítimo-pesqueira (área profesional acuicultura):
- Produción en criadeiro de acuicultura (N2)
- Xestión da produción de engorde en acuicultura (N3)

Familia profesional marítimo-pesqueira (área profesional pesca):

- Actividades de pesca con artes de enmalle e marisqueo e de transporte marítimo (N1).
- Actividades en pesca de palangre, arrastre, cerco e en transporte marítimo (N1)

- Amarre de porto e monoboias (N1)
- Operacións en transporte marítimo e pesca de baixura (N2)
- Navegación en augas interiores e próximas á costa (N2)

Desenvolvemento do procedemento de avaliación en competencias clave para o acceso aos novos certificados de profesionalidade

Estas probas están dirixidas a quen desexe cursar a formación correspondente aos novos certificados de profesionalidade e non cumpra os requisitos de acceso. As competencias clave inclúen un feixe de contidos xerais de formación básica en diferentes áreas de coñecemento e aseguran aos alumnos os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento os certificados.

A Orde do 26 de novembro de 2009, estableceu os requisitos formativos que deberán dispor os alumnos que vaian cursar a formación asociada aos novos certificados de profesionalidade dentro da nosa comunidade autónoma.

Cada competencia contén dous niveis diferentes de dificultade, en función de se corresponde a un certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3.

Durante o ano 2010 realizáronse dúas convocatorias de competencias claves.

1º- Convocatoria probas febreiro-marzo 2010

Estas probas tiveron lugar, por primeira vez en Galicia, os días 26 e 27 de febreiro para as competencias clave de nivel 2 e os días 5 e 6 de marzo para as de nivel 3. As probas realizáronse en centros propios da Consellería de Traballo e Benestar, nas catro provincias galegas.

Un total de 991 persoas solicitaron participar nas probas. Cada persoa podía solicitar a realización de probas, nun-

ha ou en varias das 9 competencias clave que se convocaban en cada nivel de cualificación, polo que suman un total de 4.343 solicitudes de probas. Tras o proceso de tramitación e análise das solicitudes, publicáronse os listados provisionais de admitidos e excluídos, quedando inscritos 854 persoas para un total de 4.248 probas en competencias clave.

Deste total de inscricións, finalmente realizáronse 2.916 probas, polo que a porcentaxe de presentadas foi dun un 68,64%.

Por centros, o total de inscricións e probas realizadas foi o seguinte:

Centros	Inscricións	Probas realizadas
Centro Nacional de FPO de Santiago	1.742	1.163
Centro de FPO de Lugo	189	144
Centro de FPO Sta. María de Europa de Ourense	1.165	899
Centro de FPO de Coia- Vigo	1.152	710
Totais	4.248	2.916

A meirande parte das inscricións corresponden ás competencias clave de nivel 2, que suman un total de 3.821, e só 427 corresponden ao nivel 3. No nivel 2 realizáronse 2.676 probas, e no nivel 3 foron 240 probas. A porcentaxe de presentadas no nivel 2 foi dun 70%, moi superior ao nivel 3, que foi dun 56%.

Con diferenza, as competencias clave máis solicitadas foron as de lingua castelán, lingua galega e matemáticas, con cerca de mil solicitudes cada unha. Isto é debido, a que son as competencias clave requiridas para realizar os cursos correspondentes aos certificados de profesionalidade nas ocupacións de Atención sociosanitaria a persoas no domicilio e de Atención sociosanitaria de persoas dependentes en institucións sociais, xa que pola normativa derivada da Lei 39/2006 da dependencia (BOE nº 299, do 15.12.06), estes certificados serán unha acreditación necesaria para poder traballar nestas ocu-

pacións. No caso de Atención sociosanitaria a persoas no domicilio a partir de 2012, e no caso de Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións, os centros asistenciais deberán cubrir determinadas porcentaxes de persoal a partir de 2012 e ata o 2015 en que será do cen por cento.

2º Convocatoria xullo 2010.

Mediante a Resolución do 26 de abril de 2010, da Dirección Xeral de Formación e Colocación (DOG nº 85, do 6.05.10), convocáronse as segundas probas de avaliación en competencias clave. Nesta convocatoria, e ante as limitacións de espazo dos centros propios onde se realizaran na primeira convocatoria, acordouse facelas no recinto feiral de Silleda. As de nivel dous realizáronse os días 2 e 3 de xullo e as de nivel 3, os días 9 e 10 do mesmo mes.

Un total de 1.381 persoas solicitaron participar nas probas de nivel 2. Quedaron inscritas 1351 persoas para un total de 5.662 probas nas diferentes competencias clave. Deste total, finalmente as persoas presentadas foron 938 e realizáronse 3.389 probas, polo que a porcentaxe de presentadas foi dun 69,43%.

Ao igual que na primeira convocatoria, as competencias clave máis solicitadas, foron as de lingua castelá, lingua galega e matemáticas, que sumaron cada unha máis de 1.100 solicitudes.

Unhas 160 persoas solicitaron participar nas probas en competencia clave de nivel 3. O total de solicitudes foi de 836, quedando inscritas 156 persoas para un total de 821 probas nas diferentes competencias clave. Deste total de inscricións finalmente presentáronse 69 persoas e realizáronse un total de 332 probas, polo que a porcentaxe de presentadas foi dun 44, 23 %.

Finalmente hai que indicar que, a todas as persoas que participaron nas probas de avaliación se lles expediu un

documento acreditativo que certifica o resultado obtido en cada unha das competencias clave ás que se presentou. Esta certificación ten validez en todo o territorio estatal e permite acceder a calquera dos módulos formativos asociados.

Tramitación de solicitudes para a expedición de certificados de profesionalidade

Na disposición transitoria primeira do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade (BOE nº 27, do 31.01.08 e suplemento en galego BOE nº 1, do 1.02.08), establécese a expedición de certificados de profesionalidade pola realización de determinadas accións formativas.

Ao abeiro desta disposición, o Instituto Galego das Cualificacións tramitou máis de 5.300 solicitudes de certificados de profesionalidade.

Ademais, comunícaselles a todas aquelas persoas que tivesen cursado accións formativas do Plan FIP (hoxe AFD) correspondentes aos certificados que se van derogando, do prazo que contan para efectuar a súa solicitude, polo que desde o instituto enviáronse este ano máis de 5.512 cartas por este motivo.

Colaboración coa Subdirección de Formación para o Emprego

O Instituto Galego das Cualificacións colabora coa Subdirección de Formación para o Emprego mediante a realización de diversos informes e alegacións á normativa elaborada por esa subdirección.

Anexo para a orde que regula as accións de formación preferentemente destinadas a desempregados

A proposta de Anexo elaborada polo Instituto Galego das Cualificacións parte da análise das táboas de cursos presentados como prioritarios o ano anterior e a posterior aplicación dunha metodoloxía elaborada para tal fin.

Utilízanse os mesmos indicadores que sustentan a realización do estudo Saídas Profesionais Comarcais (do que existe unha publicación), proxecto técnico incluído no vixente Plan Galego de Estatística, no que aparecen determinados os grupos ocupacionais que presentan unhas mellores perspectivas de emprego nas 53 comarcas galegas integrantes.

Unha vez seleccionados os grupos ocupacionais, revísanse os cursos de catálogo que mellor se adaptan á formación nas ocupacións recollidas en cada grupo. Así mesmo, tense en conta a publicación de novos certificados de profesionalidade, entendendo que estes teñen unha prioridade formativa á hora de programar cursos para desempregados.

Outras colaboracións

Outras colaboracións centráronse na proposta de novos proxectos para a súa inclusión no anexo I da convocatoria de accións de apoio e de acompañamento á formación, de ámbito autonómico, correspondentes ao exercicio do ano 2010.

5.3.4. Área de acreditación de competencias

Procedemento de recoñecemento da experiencia profesional

Unha vez publicada a norma estatal que regula o procedemento para acreditar a experiencia laboral e a formación non formal dos traballadores, mediante o Real Decreto 1224/2009 do 17 de xullo (BOE nº 205, do 25.08.09), a nosa Comunidade autónoma ten que implantar a nivel autonómico este procedemento de avaliación e acreditación da cualificación das persoas.

A Consellería de Traballo e Benestar ten previsto poñer en marcha este procedemento para os colectivos de traballadores/as de atención sociosanitaria tanto en domici-

lios como en institucións para o ano 2011. Convocaranse 500 prazas para o certificado de Atención sociosanitaria de persoas no domicilio e 300 prazas para o certificado de Atención sociosanitaria de persoas dependentes en institucións sociais. Para poder poñer en marcha esta convocatoria no 2011, o Instituto Galego das Cualificacións realizou no 2010 toda unha serie de actividades formativas e de difusión.

Neste sentido procedeuse ao deseño dunha imaxe gráfica dentro do portal da Consellería de Traballo e Benestar, que recolle, de forma puntual, toda a información relativa a este procedemento.

http://traballo.xunta.es/portal/contenidos/gi/menu_transversal/formacion_cualificaciones/rexp



Actividades de difusión

Por outra banda, o instituto realizou durante o mes de novembro do 2010 varias charlas informativas dirixidas a todas aquelas persoas -persoal das oficinas de emprego, das delegacións territoriais e dos centros de formación ocupacional- que debían actuar como informantes nos puntos de información designados pola consellería. Estas actividades informativas desenvolvéronse nas catro provincias.

Curso orientadores avaliadores

Para aplicar este procedemento de avaliación é preciso tamén, formar e habilitar os asesores e os avaliadores, polo que o instituto puxo en marcha un curso que se desenvolveu entre o 25 de maio e o 29 de xuño, dirixido a 30 asesores/as e 30 avaliadores/as que actuaron no ámbito

de atención sociosanitaria a persoas en institucións e no domicilio.

A modalidade do curso foi semipresencial, con cinco sesións presenciais e unha proba de avaliación final tamén presencial. O curso contou en todo momento co apoio docente de 6 titores/as, dous deles técnicos do instituto.

Recoñecemento da acreditación da competencia naval

O sector naval no é alleo á necesidade de que os seus traballadores posúan unha acreditación oficial das competencias profesionais. Na nosa comunidade autónoma as Consellerías de Industria e Innovación, de Traballo e Benestar e de Educación e Ordenación Universitaria xunto coa Xerencia do sector naval, acordaron poñer en funcionamento o procedemento de recoñecemento da experiencia laboral na cualificación profesional de Fabricación e montaxe de instalacións de tubaría industrial para o próximo ano 2011. Deste xeito pretendíase que os traballadores que pasasen por este procedemento e vesen recoñecidas as unidades de competencia da cualificación antes mencionada, puidesen obter un certificado de profesionalidade.

Certificación en competencias dixitais en Galicia

A Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza emprendeu o proxecto de establecer un mecanismo normalizado de certificación das competencias dixitais en Galicia (Ofimática).; en primeiro lugar no ámbito dos empregados públicos, coa intención de estendelo, despois, á cidadanía en xeral.

O Instituto Galego de Cualificacións propuxo utilizar o procedemento de recoñecemento da competencia profesional (RD 1224/2009), xa que constitúe un sistema propio das administracións públicas. A través dun proceso normalizado de asesoramento e avaliación, no que está garantida a calidade, acadábase unha acreditación

oficial, a nivel estatal, con efectos académicos e profesionais recoñecidos pola lexislación vixente.

A proposta foi aceptada e durante o ano 2010 iniciáronse os traballos para poñer en marcha esta certificación. Tomouse como referencia a UC do Catálogo Nacional de Cualificacións, así como o módulo “Ofimática” da FP para o emprego.

5.3.5 Área de profesións e actividades reguladas

No ano 2010 continuáronse os traballos de actualización do repertorio de profesións e actividades reguladas. Ao longo de todo o ano, revisouse, analizouse, e incorporouse ao informe que elabora o instituto, toda a normativa publicada sobre actividades e profesións reguladas, especialmente no que atinxe á relación desta normativa, cos cursos de formación ocupacional.

Os principais cambios producidos no ano 2010 son os que afectan a profesións reguladas, competencia da Consellería de Economía e Industria. Con estes cambios dáse cumprimento á Directiva de Servizos europea, coñecida como Lei ómnibus en España. A normativa comunitaria implica modificacións en todos os regulamentos de seguridade industrial nos que están baseados os distintos carnés profesionais e, en particular, no que se refire aos procedementos para a súa obtención; en concreto, o Real decreto 560/2010 de 7 de maio (BOE nº 125, do 22.05.10) e Real decreto 249/2010, de 5 de marzo, mediante os que se adapta a normativa de seguridade industrial, enerxía e minas (BOE nº 67, do 18.03.10).

Estes reais decretos eliminan a meirande parte dos carnés profesionais e os substitúe pola obriga de posuír os coñecementos requiridos que se poderán acreditar mediante titulación, formación, experiencia profesional ou exame de coñecementos na materia.

5.3.6 Área informática

O instituto está a desenvolver novas formas de acceso á información na procura de acadar novas vías para comunicarse co cidadán. A implantación destes soportes telemáticos implica a necesidade de contar cunha área específica onde o persoal informático desenvolva as tarefas necesarias para a implantación e mantemento de infraestrutura.

No ano 2010 desenvolvéronse as seguintes tarefas na área informática:

Elaboración de informes internos e externos

- Actualización e mantemento das bases de datos do instituto
- Xeracións de mapas e gráficas
- Elaboración da aplicación informática de gesetiquetas
- Aplicación de xestión de fondos documentais

5.3.7 Actividades formativas e informativas

O instituto organiza xornadas e actividades de difusión para dar a coñecer o Sistema de Cualificacións e Formación Profesional en Galicia, así como os cambios que se están a producir en todo o Sistema de Formación Profesional. Tamén participa en xornadas técnicas, seminarios, congresos e talleres de traballo e no intercambio de experiencias con outros institutos ou organismos interesados no sistema de cualificacións tanto doutras comunidades autónomas como da Unión Europea.

Destaca a súa participación en:

- Ponencia “O mercado laboral e os certificados de profesionalidade”. Xornadas CECAP de Formación para o Emprego. Ourense 5 e 6 de febreiro.

- Relatorio “Sistema Nacional de Cualificacións, Certificados de Profesionalidade e Acreditación de Competencias”. Persoal técnico da Fundación Formación para o Emprego. Santiago de Compostela, 12 de febreiro.

- Relatorio “Certificados de profesionalidade e competencias clave”. Xornadas Confederais de Formación de UGT – A Coruña, 17 de marzo.

- Relatorio “Cualificacións profesionais – Certificados de profesionalidade – SISREVAL”. Xornada de Formación Secretariado Xitano. Santiago de Compostela. 7 de abril.

- Relatorio “O Certificado de Profesionalidade de Redeira”, Santiago de Compostela, EGAP, 25 de xuño.

- Relatorio sobre Mobilidade e emprego transfronteirizos: Proxecto Ibermovilitas. Zamora, 2 de xuño.

- Relatorio “A obtención dos certificados de profesionalidade”, Feira do Moble da Estrada, 15 de setembro.

- Relatorio sobre “Acreditación profesional dos coidadores familiares” Proxecto COSAFAMIE Santiago de Compostela, 17 de setembro.

- Relatorio “A obtención dos certificados de profesionalidade”. Xornadas: A Coruña emprega”. A Coruña 24 de setembro.

- Relatorio “Acreditación da experiencia profesional”. Congreso Federal de Redeiras. O Peirao, Santiago de Compostela, 26 de novembro.

- Relatorio “O recoñecemento da competencia profesional en Galicia”. VI Xornadas de Emprego CRMF de Lardero, Logroño, 28 e 29 de novembro.

- Relatorio “A acreditación da experiencia profesional, pedra de toque no futuro da formación profesional”. I Xornadas de Formación para o Emprego da FGFT, Santiago de Compostela 22, 23 e 24 de novembro.

- Relatorio “A acreditación da experiencia profesional”. Plan de Inclusión Social. Santiago de Compostela, EGAP, 3 de decembro

Así mesmo participouse en:

- II Congreso Nacional de Aprendizaxe ao Longo da Vida. Madrid, 24, 25 e 26 de novembro.

6.1. DEPENDENCIA

6.1. DEPENDENCIA

6.1.1 Descrición da área de actuación

O Sistema para a Promoción da Autonomía Persoal e Atención á Dependencia, en aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (BOE nº 299, do 15.12.2006) pretende configurar un novo desenvolvemento dos servizos sociais que complemente a acción protectora e poida dar resposta ás necesidades de atención das persoas en situación de dependencia.

O proceso de valoración da dependencia e a elaboración do programa individual de atención, recollido no Decreto 15/2010, do 4 de febreiro (DOG nº 34, do 19.02.2010) e na Orde do 17 de decembro de 2007 (DOG nº 246, do 21.12.2007), comprende todas as actuacións relativas ao procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema, a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, así como outras actividades complementarias, tales como o apoio e supervisión das valoracións, depuración de datos, coordinación dos equipos de valoración, etc.

Estrutura orgánica e unidades implicadas no desenvolvemento da Lei 39/2006, do 14 de decembro (BOE nº 299, do 15.12.2006), en Galicia. Deseño do proceso de valoración da situación de dependencia na nosa comunidade.

A través do Decreto 335/2009, do 11 de xuño (DOG nº 123, do 25.06.2009), modificado polo Decreto 9/2011, de 20 de xaneiro (DOG nº 24, do 04.02.2011), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, créase a Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal e, dentro da súa estrutura, créanse tres novas subdireccións xerais, coa filosofía e espírito da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (BOE nº 299, do 15.12.2006). No que afecta ao procedemento de recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema, correspóndelle á Subdirección Xeral da Dependencia, a través do Servizo de Atención á Dependencia e a Unidade de Coordinación da Dependencia, a coordinación e apoio ás xefaturas territoriais nos procedementos de acceso ao recoñecemento de grao e nivel de dependencia en coordinación co sistema de servizos sociais establecido na Lei13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e asegurar a elaboración dos correspondentes programas individuais de atención.

Asemade, neste decreto de estrutura orgánica, créanse os servizos de dependencia e autonomía persoal, dependentes das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, encargados da xestión do procedemento de acceso ao recoñecemento de grao e nivel de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema e no que se encadran os órganos de valoración e asesoramento da dependencia.

Normativa de aplicación

- Decreto 335/2009, do 11 de xuño, modificado polo Decreto 9/2011, do 20 de xaneiro (DOG nº 24, do 4.02.2009), polo que se regula a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, (DOG nº 123, do 25.06.2009).
- Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á persoas en situación de dependencia (BOE nº 299, do 15.12.2006).
- Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes (DOG nº 34, do 19.02.2010).
- Orde do 17 de decembro de 2007, pola que se establecen os criterios para a elaboración do Programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de compatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 246, do 21.12.2007).
- Orde do 18 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de axudas

individuais destinadas á promoción da autonomía persoal e á accesibilidade e se procede a súa convocatoria (DOG nº 80, do 22.04.2010).

A estrutura dos equipos de valoración de dependencia: composición e funcionamento

Existen sete órganos de valoración da dependencia, dependentes das catro xefaturas territoriais, emprazados nas sete grandes cidades galegas e constituídos de conformidade coas previsións contidas nos artigos 27, 28 e demais concordancias da Lei 39/2006 (BOE nº 299, do 15.12.2006), e en aplicación do baremo aprobado mediante o Real decreto 504/2007 (BOE nº 96, do 21.04.2007), e posteriores acordos do Consello Territorial en relación coa composición e actuación (cabe destacar a Resolución do 4 de febreiro de 2010 da Secretaría General de Política Social y Consumo, en materia de órganos e procedementos de valoración da situación de dependencia), no que se refire a criterios básicos do procedemento de valoración e das súas características.

De conformidade co regulado na Lei 39/2006 (BOE nº 299, do 15.12.2006) e o Decreto 15/2010 do 4 de febreiro (DOG nº 34, do 19.02.2010), polo que se regula o procedemento para o recoñecemento das situacións de dependencia, a Comunidade Autónoma de Galicia determinou os órganos de valoración e asesoramento da dependencia constituídos por profesionais con perfil social e sanitario, e compostos como mínimo por un médico/a, un psicólogo/a, un traballador/a social e, de ser o caso, un terapeuta ocupacional, que presten o seu servizo na Administración autonómica. Estes profesionais, que conforman o órgano de valoración para acceso ao Sistema para Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), emiten os ditames proposta do grao e nivel de dependencia e do plan individual de atención.


Funcións dos técnicos de valoración da dependencia

Os profesionais técnicos de valoración da dependencia, con perfil social e sanitario, dependen funcionalmente do Órgano de valoración da dependencia e organicamente da xefatura territorial da consellería e realizan as seguintes funcións:

- Aplicar os baremos para a valoración da dependencia establecidos normativamente.
- Examinar a situación socioeconómica de acordo co informe social e o resto da documentación relativa ao contorno no que vive o solicitante, e no seu caso, a súa elaboración.

- Darlle traslado ao Órgano de Valoración e Asesoramento da Dependencia da necesidade de solicitar informes e/ou probas complementarias necesarias para cumprimentar a valoración, así como da existencia de causas no expediente que requiran da súa valoración para determinar o carácter de emerxencia.
- A análise da modalidade de recurso que, dentro do catálogo de servizos e prestacións, mellor se adecúe ás necesidades do solicitante.
- Orientar e asesorar os usuarios do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

Coordinación e planificación técnica do SIGAD (Subdirección Xeral da Dependencia-Unidade de Coordinación da Dependencia)



6.1.2 Proxectos normativos.

6.1.2.1 Proxectos normativos aprobados durante o ano 2010

O 19 de febreiro de 2010 publícase o Decreto 15/2010, do 4 de febreiro (DOG nº 34 do 19.02.2010), polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Á vista da evolución da implantación do sistema de atención á dependencia na Comunidade Autónoma e das súas dificultades, o decreto, a proposta da Consellería de Traballo e Benestar, ten por obxecto avanzar no desenvolvemento da atención e prevención da situación de dependencia, adaptarse aos últimos cambios normativos, consolidar os dereitos das persoas con grao e nivel de dependencia, así como de todas aquelas persoas que xa eran usuarios do Sistema Galego de Servizos Sociais con anterioridade á entrada en vigor da normativa específica en materia de dependencia, e garantir a máxima axilidade e eficacia nos procedementos de valoración da dependencia e da elaboración do Programa Individual de Atención.

Pódense destacar, entre outras, as seguintes novidades:

- Redución do prazo global de 12 a 6 meses, en sintonía cun procedemento máis áxil cumprindo cos requisitos legais establecidos. Deste xeito, evítase unha excesiva burocratización co fin de dar unha resposta máis rápida ao interesado.
- Destaca a regulación dun procedemento de emerxencia, para atender aqueles supostos nos que o aconsellen razóns de interese público debidamente documentadas e obxectivadas.

- Regúlase o recoñecemento e a efectividade do dereito ás prestacións económicas dos solicitantes falecidos, sempre que se acrediten os requisitos establecidos na norma, que se poida probar coa documentación que obra no expediente o grao e nivel de dependencia e que se acredite un gasto efectivo soportado.
- Ábrese a posibilidade da utilización de medios telemáticos, informáticos e electrónicos, no obxectivo da mellora continua.
- Regúlase, xa que era necesario introducir certas modificacións, as intensidades das libranzas do servizo de axuda no fogar, de centro de día e de asistente persoal, á vez que se establece respecto a esta última un complemento adicional da Comunidade autónoma (ata 1.300 € para a libranza de asistente persoal).
- Outórgase un papel fundamental aos concellos, por ser a administración máis próxima ao cidadán e de onde, preferentemente, partirán as distintas solicitudes de valoración.
- Destácase a petición de toda a documentación necesaria xa no momento da iniciación do procedemento, na liña de facilitar a súa resolución coa maior axilidade posible, sen ter que reclamar a intervención do interesado salvo naqueles casos en que sexa estritamente necesario, incorporando ao expediente desde o inicio o informe social coa valoración do recurso idóneo feita polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do domicilio do interesado, ou de ser o caso do/a traballador social do sistema de saúde ou dos servizos especializados, xunto coa consulta ao interesado sobre a súa preferencia de cara á intervención.
- Asemade ábrese a posibilidade de que, a través dos acordos oportunos, outros profesionais da rama sanitaria, co obxectivo da aplicación transversal da lei,

poidan valorar o interesado aplicando os baremos para a valoración da dependencia establecidos normativamente, para poder darlle unha óptima e pronta resposta.

- Establécese a orde de prelación dos expedientes, non por rigorosa orde de entrada, senón en función do seu calendario de implantación e atendendo á orde de prioridade establecida na lei, co obxecto de atender, en primeiro lugar, os solicitantes cun grao de dependencia máis elevado.
- As modalidades de intervención encamiñanse á prestación de servizos, establecendo como recurso subsidiario ás prestacións económicas cando non exista dispoñibilidade destes, e regulando a prestación para coidados no contorno co seu carácter excepcional.
- Créase o programa de asignación de recursos nos supostos de que non sexa posible o acceso a un servizo público, establecendo os criterios de prelación na incorporación das persoas aos ditos servizos.
- A efectividade do acceso ao servizo deberá de producirse, neste suposto, nun prazo non superior a 3 meses dende a resolución do PIA, transcorrido o cal, e de non producirse o acceso ao servizo, o beneficiario poderá solicitar unha modificación do seu PIA para obter unha prestación económica (libranza de servizos).
Mediante este programa garántese a aplicación de criterios obxectivos para o acceso dos beneficiarios aos recursos dispoñibles, sendo a súa consulta pública para aqueles que ostenten a condición de interesado.
- Regúlase o pago e a xustificación das libranzas, no senso de facilitar a súa xestión e procurar maior axilidade de cara ao beneficio dos cidadáns.
- Regúlase un procedemento para o reintegro das can-

tidades percibidas indebidamente e a devolución dos ingresos indebidos, aos efectos dun seguimento e control exhaustivo das prestacións concedidas e na busca e detección de posibles actuacións fraudulentas. Asemade, regúlase un procedemento de reintegro a través de descontos nas prestacións de cara a facilitar a devolución do percibido indebidamente, conseguindo deste xeito que actuacións fraudulentas non prexudiquen a facenda galega e, en consecuencia, a todos os cidadáns.

- Regúlase o réxime transitorio do programa do cheque asistencial en conexión coa derogación do decreto que o regula, establecida na disposición derogatoria, mantendo ou mellorando o réxime económico dos usuarios. Deste xeito posibilitase a integración dos actuais beneficiarios deste programa no sistema de atención á dependencia e converte a súa prestación nun dereito subxectivo.

6.1.2.2 Proxectos normativos en desenvolvemento.

Ao longo do ano 2010 elaboráronse as seguintes disposicións normativas:

- O borrador do proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, en base ás modificacións operadas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, e no Real decreto lei 8/2010, de 20 de maio (BOE do 24.05.2010), polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.
- Borrador da orde pola que se desenvolve o Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, que regula o procedemento

para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

6.1.3 Implementación do sistema de información.

Estance a desenvolver diversas aplicacións que permitirán aumentar a eficiencia das diferentes fases do procedemento, no obxectivo da mellora continua a través da utilización de medios telemáticos, informáticos e electrónicos.

No mes de xullo implementouse una nova **aplicación informática de xestión (SIGAD)** do procedemento dun xeito integral e con novos módulos de xestión que desen resposta a todas as necesidades.

A finais do ano iniciáronse os traballos para poñer en marcha o módulo “extranet” implementado na aplicación SIGAD para a posta a disposición dos/as traballadores/as sociais de servizos sociais comunitarios e de saúde do sistema de información necesario para un óptimo desenvolvemento do SAAD en Galicia. A través deste módulo porase a disposición dos profesionais a información sobre o estado de tramitación administrativa dos expedientes e do contido da resolución do Pia. Os concellos canalizarán a xestión do programa de asignación de recursos en canto ao servizo de axuda a domicilio; tamén actuará como vínculo de comunicación entre estes profesionais e a Administración autonómica no que ao SAAD se refire e no que se irán implementando novas funcionalidades (explotación estatística dos datos da súa zona de influencia...).

Un dos proxectos nos que este departamento puxo maiores esperanzas foi no “expediente dixital”. Este proxecto comezou a súa andaina no mes de novembro deste ano e

permitirá nas súas distintas fases a consecución da sede electrónica da consellería para a área de dependencia e un sistema de catalogalización e dixitalización dos expedientes de dependencia.

Un dos puntos débiles do sistema residía na calidade dos datos existentes. Debido a isto, realizouse unha auditoría de calidade dos datos do sistema e definíronse distintas actuacións e grao de prioridade de cara á consecución dunha calidade óptima dos datos do sistema. A auditoría finalizou no mes de setembro e as accións derivadas desta auditoría desenvolvéronse durante o ano 2010 e seguirán no ano 2011 en función das prioridades marcadas.

6.1.4 Mellora da coordinación.

Unha adecuada coordinación, colaboración e a suma de todos os esforzos dos actores que interveñen no sistema (administracións, distintos departamentos e profesionais), é fundamental no obxectivo de mellorar a calidade de atención ás persoas en situación de dependencia e de conseguir unha xestión integral de todo o procedemento dunha lei, de seu, transversal.

Coa intención de mellorar a coordinación existente entre as xefaturas territoriais da consellería e os servizos sociais comunitarios e de saúde, creáronse 4 comisións provinciais (unha por provincia) entre técnicos da consellería e traballadores/as sociais de servizos sociais comunitarios e de saúde co obxectivo de analizar as deficiencias detectadas, mellorar a coordinación existente e propoñer accións de mellora do sistema.

Asemade, en colaboración directa co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, elaborouse un manual que recolle os procedementos e documentos técnicos do SAAD no ámbito dos servizos sociais comunitarios e de saúde de Galicia, que pretende ser un elemento útil, eficaz, fiable e eficiente para as xestións que lles son propias dentro do sistema para a autonomía e atención á dependen-

cia (<http://benestar.xunta.es/web/portal/guias>). Xunto con este manual o colexio levou a cabo 4 talleres formativos sobre o seguimento dos programas individuais de atención, formando a 120 profesionais.

A primeiros do ano púxose en marcha o Rexistro Unificado de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS), xestionado pola Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais dependente da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, proporcionándolle acceso directo aos/ás traballadores/as sociais de servizos sociais comunitarios, de saúde e especializados co obxectivo dun adecuado coñecemento dos recursos sociais e o seu nivel de ocupación da área de traballo.

Por último, a finais do ano 2010, iniciouse a posta en marcha do módulo “extranet” implementado na aplicación SIGAD para a posta a disposición dos/as traballadores/as sociais de servizos sociais comunitarios e de saúde, do sistema de información necesario para un óptimo desenvolvemento del SAAD en Galicia, actuando dunha forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizacionais de cada administración. A través deste módulo, do que se prevé a súa implantación definitiva no primeiro semestre do ano 2011, porase a disposición dos/as traballadores/as sociais información sobre o estado de tramitación administrativa dos expedientes e do contido da resolución do PIA. Os concellos canalizarán a xestión do programa de asignación de recursos no relativo ao servizo de axuda a domicilio. (<http://sigadconcellos.benestar.xunta.es>).

6.1.5 Implementación de instrumentos de xestión da calidade

No mes de setembro iníciase un proceso de cara á descrición, análise e simplificación do procedemento, co obxectivo de definir os procesos na xestión da tramitación do procedemento de dependencia e que dará como resultado:

- Manual de Procesos.
- Manual de normativas e estándares.
- Catálogo de modelos de documentos.
- Manual de metodoloxías.
- Documento de directrices e políticas de calidade.
- Documento de auditoría interna e protocolo de aplicación.

Unha das áreas básicas para conseguir mellorar as aptitudes dos profesionais en materia de dependencia pasa por proporcionar unha formación adecuada e continua que busque a excelencia dos nosos profesionais. É por iso polo que a Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal dentro do seu plan de formación asinou un convenio de colaboración coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para actuar conxuntamente na formación dos profesionais da dirección xeral e elaborar un estudo das súas necesidades formativas.

Impartíronse accións formativas específicas na área de dependencia sobre:

- A Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- O sistema galego de atención á dependencia.
- Procedementos e sistemas de información.
- Sistemas de información.
- Programa training “Dirección & Xestión Relacional” dirixido a xefes de servizo, xefes de sección e coordinadores técnicos.
- Acción formativa en fase de planificación: O baremo de dependencia tras a súa modificación pola

Resolución do 29 de xuño de 2010.

Por último, un grupo formado por persoal propio da dirección xeral e das xefaturas territoriais, iniciou a elaboración da carta de servizos, como instrumento de xestión da calidade que promove un proceso de análise e mellora dos servizos dunha organización e como vehículo de comunicación ao cidadán, dos dereitos así como dos niveis estándar e do compromiso da calidade que se axustará á prestación dos ditos servizos.

6.1.6 Planificación

Durante o ano 2010 avanzouse na consecución de ferramentas de análise e planificación. Neste eido colabórase coa Universidade de Santiago de Compostela, a través do Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA), e coa Fundación Caixa Galicia, a través do Centro de Investigación Económico e Financeiro de Galicia (CIEF), nun proxecto denominado “Observatorio Social”. Así, o 9 de decembro asínase un convenio de colaboración entre as tres entidades coa finalidade de fomentar a investigación, fixar e analizar indicadores que permitan afondar no coñecemento da realidade socioeconómica e territorial de Galicia no campo dos servizos sociais, especialmente no que atinxe aos aspectos relativos á mellora da calidade, eficacia e eficiencia na prestación dos servizos de atención ás persoas maiores, persoas con discapacidade e/ou dependencia, de atención aos nenos e nenas menores de tres anos e demais servizos sociais comunitarios e especializados.

6.1.7 Balance de xestión

Xestión das valoracións das situacións de dependencia e aprobacións de programas individuais de atención


O art. 26.1 da Lei 39/2006 de promoción de autonomía persoal define tres graos de dependencia (grao I ou mo-

derada, II ou severa, III ou gran dependencia) segundo as necesidades de apoio nas que o solicitante precisa doutra persoa, para desenvolver as actividades básicas da vida diaria (ABVD), dependendo dunha valoración integral onde se ten en conta de maneira obrigada e fundamental a aplicación do BVD ou EVE (baremos aprobados no Real decreto 504/2007), o informe de saúde e o informe social. A data 31 de decembro de 2010, un total de 87.975 persoas solicitaron o recoñecemento da situación da dependencia, sendo as provincias da Coruña e Pontevedra as que maior demanda rexistraron.

► Solicitudes activas: **87.975**

Do total de solicitudes rexistradas foi recoñecido o grao e nivel de dependencia ao 82,14% (72.267) do total de solicitudes activas, e 53.828 persoas contan co recoñecemento dunha situación de dependencia que dá acceso aos servizos e prestacións da carteira de servizos do sistema para a promoción da autonomía persoal e atención á dependencia segundo o calendario de implantación progresiva da lei.

Grao e nivel	nº	%
Grao III nivel 2	15.488	21,43%
Grao III nivel 1	16.471	22,79%
Grao II nivel 2	10.177	14,08%
Grao II nivel 1	11.692	16,18%
Grao I nivel 2	5.976	8,27%
Grao I nivel 1	7.174	9,93%
Sen grao	5.289	7,32%
Total	72.267	100%



Finalmente, das persoas que tiñan acceso á carteira de servizos do Sistema para a Autonomía e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, 32.572 beneficiarios están a percibir o servizo/prestación cun total de 33.695 prestacións do sistema.

Resolucións de PIA	
Total de beneficiarios activos	32.572
Prevención e Promoción	70
Residencia	4.723
Teleasistencia	192
Centro de día	1.986
Axuda no fogar	5.895
Coidadores	18.410
Libranza vinculada a servizo	2.383
Libranza de asistente persoal	36
Total	33.695

► Información histórica acumulada desde o 01/01/2007

Solicitudes	107.547
Ditames	86.079
Persoas beneficiarias con dereito a prestación	66.352
Prestacións	40.874

6.1.8 Programa de formación non formal e de apoio ao/á coidador/a non profesional.

O plan de formación de coidadores/as non profesionais da Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal, é o mecanismo elixido para coordinar e materializar as actuacións destinadas á consecución dunha maior e mellor atención das persoas en situación de dependencia co fin de difundir novas ferramentas e técnicas de intervención no coidado de persoas en situación de dependencia, crear novos canles de comunicación e preparar as persoas coidadoras do sistema.

A mediados do ano 2010 a consellería presentou, en colaboración coa Sociedade Galega de Médicos Xerais de Familia o Manual de Formación para os Coidadores non Profesionais, que pretende converterse nun aliado práctico e útil para o labor diario das persoas non profesionais que atenden as persoas en situación de dependencia. Un documento que ten como obxectivo achegar consellos, solucións e suxestións para a procura dunha mellor calidade de vida e autonomía persoal dos dependentes e fixar uns criterios homoxéneos e validados por profesionais do sector co obxectivo de que a formación que se imparta neste eido sexa a máis óptima dende o punto de vista da súa calidade técnica.

Este manual é o punto de partida dun proxecto máis amplo “Xuntos nos coidados”, co que se pretende conseguir un apoio integral aos coidadores non profesionais e a mellora da calidade da atención ás persoas en situación de dependencia.

Asemade a finais do ano iníciase a elaboración de dous manuais especializados para coidadores de persoas con enfermidade de alzhéimer, en colaboración coa Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzhéimer (FAGAL), e para persoas con enfermidades mentais, en colaboración coa Federación de Persoas con Enfermidade Mental-Feafes Galicia.

A través destas accións formativas, e tendo en conta o plan de formación non formal para persoas coidadoras non profesionais na que se enmarcan estas accións, perséguese os seguintes obxectivos:

- Mellorar a calidade do servizo e da atención que prestan proporcionándolles información que permitan os mellores coidados posibles segundo as características e situación da persoas en situación de dependencia.
- Ao mesmo tempo, poñer a disposición das persoas coidadoras unha formación que sirva de ferramenta

na atención dirixida ás persoas en situación de dependencia.

- Especial importancia tamén acada a futura inserción laboral, e, neste ámbito, están a traballar conxuntamente as áreas de traballo e benestar deste departamento. Trátase de acadar unha meta que estamos convencidos é un importante nicho de mercado neste século

Durante o ano 2010 desenvolvéronse 51 accións formativas en 43 concellos de toda a Comunidade Autónoma de Galicia, formándose a un total de 1.275 coidadores e coidadoras.

nº de cursos	
A Coruña	17
Lugo	11
Ourense	9
Pontevedra	14
Total	51

6.1.9 Servizo de teleasistencia

O servizo de teleasistencia xestiónase en coordinación coa Cruz Vermella, entidade prestadora do servizo a través dun contrato de xestión. É un servizo de atención profesional telefónica ininterrompida, cun equipamento de comunicacións e informática específicos. O sistema consta de:

- unha unidade de alarma que leva a persoa
- un terminal telefónico
- e unha central informatizada, receptora de chamadas, situada no Centro de Atención.

Permite ás/aos usuarias/os ante calquera situación de emerxencia e con tan só premer un botón, comunicarse coa central, atendida por persoal especializado, para dar resposta á crise presentada.

O servizo, atendido por profesionais especializados, préstase dende unha central de atención tratando as distintas situacións coa intervención do persoal do propio centro, ou mobilizando os recursos de acceso público dispoñibles na zona ou recursos persoais do usuario.

Datos actualizados da xestión do servizo:

	Solicitudes	Resolucións	
		Aprobadas	Denegadas
A Coruña	1.249	428	179
Lugo	493	453	2
Ourense	199	150	7
Pontevedra	575	681	1
Total	2.516	1.712	189

6.2 Equipamentos e servizos para persoas maiores e persoas con discapaciade

6.2.1 Equipamentos e servizos para maiores

6.2.1.1 Centros residenciais de atención a persoas maiores

Son centros destinados a vivenda permanente e común nos que se presta unha atención integral e continuada ás persoas maiores que non contan co apoio social ou familiar ou este é insuficiente para cubrir as atencións que necesitan.

Os centros residenciais poden contar con prazas para a atención a persoas maiores que se atopan en situación de dependencia ou a persoas maiores con autonomía:

- **Prazas de atención a persoas maiores en situación de dependencia:** prazas destinadas a vivenda permanente e común nas que se presta unha atención integral e continuada a persoas maiores que por razóns ligadas á falta ou perda de autonomía física ou psíquica ten necesidade de asistencia para a realización das actividades correntes da vida diaria.
- **Prazas de atención a persoas maiores con autonomía:** prazas destinadas a vivenda permanente e común de persoas maiores que posúen unhas condicións físicas e psíquicas que lles permiten a realización por si mesmas das actividades de autocoidado.
- **Apartamentos tutelados:** son un conxunto de vivendas independentes que están agrupadas para a prestación en común dunha serie de servizos colectivos. Cada apartamento alberga a unha ou dúas persoas maiores autónomas, tratando sempre de potenciar a súa autonomía e privacidade. Concíbense como un sistema de aloxamento e convivencia alternativo ao tradicional internamento en residencias.


A Xunta de Galicia conta con prazas residenciais en centros de titularidade propia e en centros de titularidade privada ou municipal, pola vía de contrato. Os centros de titularidade propia poden estar xestionados directamente pola Xunta de Galicia ou por unha entidade xestora externa.

Centros residenciais de titularidade propia

A Xunta de Galicia conta con 3.448 prazas distribuídas en 30 centros residenciais de titularidade propia. Dos centros propios, 19 están xestionados directamente pola Xunta de Galicia, mentres que os 11 restantes son xestionados por empresas externas.

En 2010 entrou en funcionamento o centro residencial Fundación Jose Otero Carmela Martínez con 150 prazas para maiores dependentes.

Xestión:	Prazas con autonomía	Prazas con dependencia	Total
Propia	1.110	1.077	2.187
Externa	24	1.237	1.261
Total	1.134	2.314	3.448



Centros residenciais con prazas concertadas


A Xunta de Galicia ten prazas concertadas en 68 centros. Hai prazas concertadas en 3 centros de titularidade municipal, 32 centros de titularidade privada con ánimo de lucro e 33 centros de iniciativa social. O total de prazas concertadas é de 3.203; 31 son prazas con autonomía e 3.172 son prazas con dependencia.

O número de prazas residenciais concertadas que se puxeron en marcha ao longo do 2010 ascende a 739 en 12 localidades.

	Prazas con autonomía	Prazas con dependencia	Total
Total	31	3.172	3.203

Distribución provincial das prazas públicas da Xunta de Galicia

	Prazas con autonomía	Prazas con dependencia	Total
A Coruña	368	1.879	2.247
Lugo	410	1.059	1.469
Ourense	96	1.139	1.235
Pontevedra	291	1.409	1.700
Total	1.165	5.486	6.651



Evolución de prazas residenciais da Xunta de Galicia

	Prazas en centros propios	Prazas en centros concertados	Total
2004	3.078	862	3.940
2005	3.098	1.581	4.679
2006	3.179	2.110	5.289
2007	3.329	2.101	5.430
2008	3.333	2.226	5.559
2009	3.324	2.467	5.791
2010	3.448	3.203	6.651

Centros xestionados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

O Consorcio é o organismo xestor de diversos equipamentos para a atención integral a persoas maiores pos-

tos en marcha por todo o territorio galego. En canto ás prazas residenciais, o Consorcio xestiona 5 fogares residenciais, 1 miniresidencia e 4 vivendas comunitarias.

- **Fogares residenciais**, son equipamentos que proporcionan, con carácter permanente, unha atención integral nun ambiente personalizado ás persoas maiores que no momento do seu ingreso presentan unha situación de dependencia leve ou moderada.
- **Vivendas Comunitarias**, este recurso está dirixido a persoas cun alto grao de independencia. Defínense como vivendas independentes, agrupadas para a prestación en común de servizos colectivos, e con capacidade para albergar a unha ou a dúas persoas cun alto grao de autoalemento. Este sistema de aloxamento pretende potenciar a autonomía e privacidade dos usuarios garantíndolles ao mesmo tempo a seguridade e seguimento periódico da súa situación.

	Prazas con dependencia leve e/ou moderada	Prazas con gran dependencia	Total
A Coruña	40	62	102
Lugo	44	0	44
Ourense	53	17	70
Pontevedra	13	5	18
Total	150	84	234

6.2.1.2 Centros de día

Centros de día de atención social a persoas con alzhéimer e outras demencias

Trátase de equipamentos que proporcionan un servizo multidisciplinar de atención diúrna e de carácter especializado ás persoas que teñen diagnosticado alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas.

Estes centros prestan unha asistencia social integral ás persoas que padecen estas demencias de acordo coas súas necesidades básicas, terapéuticas e psicosociais,

contando coa participación activa dos seus familiares e promovendo o mantemento da súa autonomía persoal e a permanencia no seu contorno habitual.

Ao longo do 2010, a Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal puxo en marcha 130 novas prazas de atención diúrna para atender persoas con problemas de alzhéimer, nas localidades de Monforte de Lemos, Ferrol, Ourense e Ribeira.

Centro	Prazas
Centro de Día de Alzhéimer Bembrive (Vigo)	20
Centro de Día de Alzhéimer Volta do Castro (Santiago)	40
Centro de Día de Alzhéimer de Vigo (Vigo)	64
Centro de Día de Alzhéimer de Lugo (Lugo)	40
Centro de Día de Alzhéimer da Coruña (A Coruña)	25
Centro de Día de Alzhéimer Celeiro-Viveiro (Viveiro)	30
Centro de Día de Alzhéimer de Moaña (Moaña)	40
Centro de Día de Alzhéimer de Lalín (Lalín)	25
Centro de Día de Atención á Dependencia das Gándaras (Lugo)	20
Centro de Día de Atención á Dependencia de Burela (Burela)	40
Centro de Día de Alzhéimer de Monforte (Monforte)	30
Centro de Día de Alzhéimer de Ferrol (Ferrol)	40
Centro de Día de Alzhéimer de Ourense (Ourense)	30
Centro de Día de Alzhéimer de Ribeira (Ribeira)	30
Total	474

Centros de día xestionados polo Consorcio

Os Centros de día do consorcio defínense como centros xerontolóxicos socioterapéuticos e de apoio ás familias que durante o día prestan atención terapéutica integral e plural ás persoas maiores con dependencia ou en grave

risco de padecela, promovendo a súa autonomía persoal, a actividade relacional e a permanencia no contorno habitual.

A través do seu Departamento de Xerontoloxía, o consorcio xestiona 36 centros de día, coa seguinte distribución provincial:

	Nº de centros	Prazas
A Coruña	10	359
Lugo	8	248
Ourense	8	216
Pontevedra	10	350
Total	36	1.173

En 2010 entraron en funcionamento novos centros en Culleredo, San Sadurniño, Rois, Begonte, Cospeito, Vilar de Barrio, Xinzo de Limia, Mondariz, Tomiño, O Porriño e Vigo.

6.2.2 Centros de atención a persoas con discapacidade

Un dos obxectivos fundamentais da Consellería de Traballo e Benestar é a de prestar unha atención integral ás persoas con discapacidade. A atención máis idónea para as persoas con discapacidade é aquela que se presta no seu contorno natural, preto dos seus, combinando a convivencia na súa familia coa asistencia a centros nos que se traballa no seu desenvolvemento persoal.

Cando a relación entre estas dúas realidades non se conxuga en termos que permitan garantir a maior calidade de vida e o maior grao de desenvolvemento persoal da persoa con discapacidade, debe entrar en xogo a institucionalización en centros, configurada como un contorno natural alternativo. Establécese un novo sistema que posibilita unha axeitada atención ás persoas en situación de dependencia e reforza a obrigatoriedade para as administracións públicas de subministrala.

Este sistema de carácter público está actualmente constituído por 4.879 prazas distribuídas entre centros residenciais e centros de atención diúrna: centros ocupacionais e centros de día, das que 4.186 (85,79%) están concertadas ou conveniadas coas entidades de iniciativa social.

A través deste sistema público dáse resposta ás necesidades das persoas cunha discapacidade moderada (grao de discapacidade igual ou superior ao 33% sen necesidade de axuda de 3ª persoa) a través dunha formación de carácter ocupacional que favoreza a súa integración sociolaboral, e ás persoas dependentes cun maior grao de discapacidade (grao de discapacidade igual ou superior ao 75% e necesidade de axuda de 3ª persoa), e/ou dependencia recoñecida, a través dunha atención cun carácter máis asistencial e rehabilitador.

6.2.2.1 Poboación con discapacidade

A poboación con discapacidade recoñecida en Galicia con data de decembro do 2010 é de 216.772 persoas coa seguinte distribución provincial:

	Nº
A Coruña	93.404
Lugo	20,955
Ourense	25287
Pontevedra	77,126
Total	216.772

A distribución por tipo de discapaciade é a seguinte:

	Física	Sensorial	Psíquica	Total
A Coruña	72.095	16.962	33.148	122.205
Lugo	15.641	4.773	9.502	29.916
Ourense	12.521	3.514	6.951	22.986
Pontevedra	57.529	14.184	26.660	98.373
Total*	157.786	39.433	76.261	273.480

* Os datos totais da poboación discapacitada que se sinalan na primeira táboa non coinciden cos datos totais da segunda táboa, debido a que unha mesma persoa pode ter recoñecidos distintos tipos de discapacidade.

6.2.2.2 Centros de atención a persoas con discapacidade

A Rede galega de centros de atención a persoas con discapacidade está integrada por diferentes tipos de centros.

	Nº de centros
Centro ocupacional	37
Centro de día	30
Residencia adultos con centro ocupacional	23
Residencia dependentes con centro de día	29
Vivendas e pisos tutelados	6
Centro educación especial	1
Total	126

Prazas concertadas en centros con entidades de iniciativa social

A distribución provincial das prazas concertadas con centros dependentes da iniciativa social e os orzamentos son os seguintes:

	Prazas	Orzamento
A Coruña	1605	14.793.987,05
Lugo	598	6.406.878,61
Ourense	595	5.681.913,57
Pontevedra	1388	12.744.542,11
Total	4.186	39.627.321,34

Evolución

Desde 2005 as prazas concertadas incrementáronse nun 21,58% ao pasar das 3.428 a 4.168 en 2010. A evolución das prazas concertadas e dos orzamentos son os seguintes:

	Prazas	Orzamento
2005	3.428	20.752.495,32
2006	3.683	25.707.291,70
2007	3.732	28.765.382,40
2008	3.854	31.640.533,00
2009	4.141	33.563.037,01
2010	4.168	39.627.321,34

Distribución provincial das prazas por tipoloxía:

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
Centro ocupacional	679	95	109	325	1.208
Centro de día	250	39	55	289	633
Residencia adultos con centro ocupacional	258	261	241	445	1.205
Residencia dependentes con centro de día	380	196	190	316	1.082
Vivendas e pisos tutelados	38	7	-	13	58
Total	1.605	598	595	1.388	4.186

En 2010 a Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal, concertou 79 prazas públicas.

Centros propios

No ano 2010 púxose en marcha o Centro de titularidade propia “Souto de Leixa” en Ferrol, con 172 prazas. En total a Consellería de Traballo e Benestar está a xestionar cinco centros públicos, con 693 prazas:

Centro	Capacidade		Persoas beneficiarias
	Internado	Media pensión	
Centro de asistencia e educación especial “Santiago Apóstol” (A Coruña)	80	120	Persoas con discapacidade intelectual maiores de 3 ou 6 anos, segundo a modalidade de ingreso (media pensión ou internado) ata os 18 anos ou ata os 24 anos con carácter excepcional.
CAPD de Sarria (Lugo)	120	20	Maiores de 16 anos con discapacidade intelectual, asociada ou non á discapacidade física ou sensorial, que necesitan axuda de terceira persoa para as actividades básicas da vida diaria.
CAPD de Redondela (Pontevedra)	120	20	
Centro ocupacional “O Saiar” Caldas de Reis (Pontevedra)		41	Persoas con discapacidade intelectual maiores de 18 anos. (Unidade ocupacional: 36 prazas ¹ . Unidade asistencial: 5 prazas ²)
Souto de Leixa - Ferrol (A Coruña)	68	32	Persoas con discapacidade intelectual maiores de 18 anos e con certa autonomía para as actividades da vida diaria
	25	47	Maiores de 16 anos con discapacidade intelectual, asociada ou non á discapacidade física ou sensorial, que necesitan axuda de terceira persoa para as actividades básicas da vida diaria

(1) Persoas autónomas para a realización das actividades básicas da vida diaria.
(2) Persoas dependentes para a realización das actividades básicas da vida diaria.

6.2.3 Proxectos normativos e estudos.

- **Orde do 20 de xullo de 2010, pola que se modifica a Orde de 18 de abril de 1996, relativa á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores. (DOG nº145, do 30.07.2010)**

Esta modificación redefine os requisitos e condicións de acceso ás vivendas comunitarias, en canto equipamentos que viñan albergando persoas “preferentemente cun alto grao de autovalemento”, pero que agora, tras o cambio operado na orde, poderán ingresar persoas que “sendo autónomas ou tendo unha dependencia moderada de grao I, niveis 1 e 2, non presenten graves problemas de mobilidade”.

Conséguese deste xeito ampliar o campo de acción das vivendas comunitarias, ao tempo que se garante un uso máis eficiente, co fin de contar cun maior número de recursos cos que facer fronte ás necesidades creadas coa posta en marcha da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

A casuística que se foi xerando nestes últimos anos en relación coas vivendas comunitarias, pon de manifesto un desaproveitamento evidente deste tipo de equipamentos debido á súa vinculación só ao ámbito da autonomía, o que supuxo un aproveitamento moi limitado no que á súa funcionalidade se refire. Este corríxese agora sen alterar as condicións arquitectónicas que garanten a calidade na prestación do servizo e a correcta asistencia ás necesidades do usuario.

- **Realización dun estudo para definir a carteira de servizos sociais de atención a persoas con dependencia en Galicia.**

Dende xuño ata decembro de 2010, a Dirección Xeral da

Dependencia e Autonomía Persoal estivo a desenvolver os traballos para definir a carteira de servizos sociais de atención ás persoas con dependencia en Galicia, as esixencias para a súa prestación e a planificación da súa implantación.

Trátase dun estudo que reportará futuros cambios normativos neste sector e que se levou a cabo da man dos profesionais, entidades, centros, usuarios e potenciais usuarios de servizos sociais en Galicia.

Como paso previo á definición da nova carteira realizouse, en primeiro lugar, unha diagnose do sector, na que se analizou a oferta e a demanda, por colectivos diferenciados; de tal xeito que isto posibilitase, así mesmo, unha planificación dinámica e unha implantación ordenada dos novos servizos.

Definíronse os servizos por colectivos específicos, tendo en conta as necesidades particulares de cada un deles.

Os resultados deste traballo, que suporá un cambio importante no modo de entender a prestación de servizos sociais de atención a persoas dependentes en Galicia, conclúen a necesidade de definir servizos en atención ao grao de dependencia dos usuarios e partindo da necesaria autorización, non dos centros, senón dos servizos que se presten neses centros.

Así mesmo, parte da necesidade de romper as barreiras ligadas á idade para acceder aos servizos, de tal modo que a idade serva para definir, pero non para excluír o acceso.

Finalmente, este traballo orienta cara ao establecemento dun sistema de copagamento baseado na intensidade dos servizos recibidos, en función do grao de dependencia de cada usuario.

- **Realización dun diagnóstico de necesidades formativas do persoal adscrito á Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal.**

Esta análise ten como punto de partida a posta en marcha e desenvolvemento da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, que supón unha transformación da tradicional visión da atención a persoas dependentes, que diferenciaba os ámbitos exclusivamente sanitario e os de atención social. O novo enfoque de atención sociosanitaria precisa da creación de novas infraestruturas e, xunto con elas, a necesidade de contar con profesionais competentes e coñecedores das demandas que, a nivel físico, psicolóxico e social, amosan estes colectivos.

O profundo cambio na concepción do que debe ser a atención á dependencia no momento actual, esixe que se amplíe o concepto tradicional de necesidade formativa, de maneira que a formación se expoña non só coma un medio para corrixir carencias formativas, senón como o instrumento que permita afrontar os cambios que poidan darse no desenvolvemento do labor profesional.

Nesta liña, o estudo pretende pór de manifesto as necesidades formativas dos profesionais implicados na atención á dependencia en centros e servizos adscritos á Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal da Xunta de Galicia, en función dos diferentes niveis de cualificación profesional e partindo do estudo e da valoración das súas funcións dentro da organización para a que prestan os seus servizos, todo isto, co fin de abordar a posteriori a execución das accións formativas necesarias para dar satisfacción ás necesidades detectadas.

6.3 PROGRAMAS, AXUDAS E SUBVENCIÓNS

6.3 Programas, axudas e subvencións

6.3.1 Programas de ocio e tempo libre

6.3.1.1 Área de maiores

- **Programa de Turismo Social**

A Xunta de Galicia vén desenvolvendo desde hai anos o programa de Turismo Social para as persoas maiores como un xeito de dar resposta ás necesidades de ocio, saúde, convivencia e comunicación deste colectivo.

O programa contemplou no ano 2010 dúas novidades importantes:

Ofertáronse por primeira vez dentro da modalidade de Turismo Termal, 100 prazas para persoas con discapacidade (50 no balneario de Cuntis e outras 50 no da Arnoia) cunha estada de 4 días e que foron xestionadas desde as federacións ou asociacións de persoas con discapacidade.

Ofertáronse 260 prazas para membros de asociacións de persoas maiores que estaban interesadas en conmemorar o Ano Santo Xacobeo 2010 (20 prazas para membros de asociacións da nosa Comunidade autónoma na Residencia de Tempo Libre do Carballiño e 240 prazas para membros de asociacións do resto do estado, na residencia de Tempo Libre de Panxón).

Séguese apostando pola consolidación da modalidade de Turismo Termal na que participaron 17 balnearios galegos. Mantívose a modalidade de Turismo de Intercambio con Portugal e retomouse a modalidade de Turismo de Praia na residencia de Tempo Libre de Panxón, por considerar que para moitos maiores esta é a única oportunidade que teñen de beneficiarse duns días de descanso en zona de praia.

Mantense ademais as dúas modalidades ofertadas en anos anteriores:

- Modalidade de turismo termal, ofertáronse dúas opcións:
 - Modalidade de “todo incluído” que comprende transporte, aloxamento, manutención, tratamento termal, animación sociocultural e póliza colectiva de seguros: 2.189 prazas
 - Modalidade “só tratamento termal” que inclúe unicamente o tratamento termal, mentres que o desprazamento e o aloxamento son por conta do beneficiario: 500 prazas
- Modalidade de turismo de intercambio: fíxose intercambio con Portugal. Ofertáronse 120 prazas con viaxe e aloxamento, e de Portugal viñeron a Galicia outros tantos beneficiarios que se aloxaron na Residencia de Tempo Libre do Carballiño..

Beneficiarios e orzamento:

Neste programa investiuse un total de 305.193 euros e beneficiáronse 2.752 persoas

Neste ano ofertáronse 40 prazas gratuítas para as persoas que acreditaron unha situación de precariedade económica que lles impide sufragar o custo da praza, así como 50 prazas cunha subvención do 50% para as parellas que cumpriron as vodas de ouro neste ano.

Modalidade	Nº de beneciaríos
Termal	1.999
Intercambio	202
Praia	214
P. discapacidade	77
Xacobeo	260
Total	2.752

Xuntanzas de maiores

O día 12 de xuño de 2010 celebrouse a XXXII Xuntanza dos Maiores no parque municipal do Carballiño. Nesta xuntanza participaron maiores procedentes dos 45

centros sociocomunitarios dependentes da Xunta de Galicia, que coordinaron os autobuses procedentes dos concellos limítrofes.

Participaron maiores das comunidades autónomas limítrofes para compartir un día de festa cos maiores galegos. Participaron máis de 20.000 persoas.

Este encontro pretende acadar a participación dos nosos maiores en actividades de ocio, constituír un lugar de encontro das institucións e entidades que traballan con este colectivo, fomentar o intercambio de experiencias e outras alternativas de tempo libre.

Beneficiarios e orzamento:

No ano 2010 destinouse a estas xuntanzas un orzamento de 170.569,16 euros

Campaña de Nadal

Dentro desta Campaña, como en anos anteriores, leváronse a cabo dous programas ao longo das datas do Nadal:

Xuntos polo Nadal

A Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal convocou para as datas do Nadal un programa de convivencia na Residencia de Tempo Libre do Carballiño (Ourense) e de Panxón en Nigrán (Pontevedra), cun total de 240 prazas gratuítas para persoas maiores que se atopan soas nestas datas.

Este programa desenvolveuse nas datas comprendidas entre o 24 de decembro e o 1 de xaneiro de 2011.

Beneficiarios e orzamento:

Participaron 60 persoas de A Coruña, 35 de Lugo, 56 de Ourense e 71 de Pontevedra. Este programa tivo un custo de 40.000 euros.

Celebrando o Nadal

Dentro deste programa contéplase nos 45 centros sociocomunitarios de benestar dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, a realización de actividades de dinamización e participación social para tódolos cidadáns e nas que se promove a participación, a autonomía persoal e a convivencia interxeracional.

Beneficiarios e orzamento:

Para levar a cabo este programa destinouse no 2010 unha partida 65.000 euros.

Programa “ Xacobeo 2010. Os camiños de Santiago”

Con motivo do Xacobeo 2010, invitouse a todos os centros sociocomunitarios dependentes da Consellería de Traballo e Benestar a percorrer tramos do Camiño de Santiago, acompañados por un voluntario da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Beneficiarios e orzamento:

Participaron un total de 185 persoas das catro provincias que fixeron por etapas distintas rutas do camiño de Santiago.

O orzamento destinado a este programa foi de 21.435 euros cos que se pagaron gastos de manutención dos participantes.

6.3.1.2 Área de persoas con discapacidade

Campamentos de verán en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

Ten como finalidade acadar a integración social de xuventude con discapacidade mediante a súa participación nas quendas dos campamentos de verán

que organiza anualmente a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Ofertáronse 250 prazas na modalidade de campamentos específicos para persoas con discapacidade e 77 prazas na modalidade de integración.

Quendas de vacacións para persoas con discapacidade

- **Para persoas con discapacidade física**, programa dirixido a maiores de 30 anos e menores de 60, en quendas dunha semana de duración e en pisos adaptados da Asociación Aixiña en Sanxenxo (Pontevedra).

Para a xestión do programa existe un convenio de colaboración coa Confederación Galega de Minusválidos (COGAMI), que presta os servizos de coordinación e asistencia técnica necesarios.

Para persoas con discapacidade intelectual:

- Programa dirixido a maiores de 18 anos con necesidades de apoio extenso e xeneralizado, en quendas dunha semana de duración no albergue AGUAMAR nas Sinas, Vilanova de Arousa (Pontevedra)

Na xestión do programa: colaboran a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade e a Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal da Consellería de Traballo e Benestar.

Resultaron beneficiarias 50 persoas dos centros dependentes da Consellería de Traballo e Benestar: CAPD de Sarria e CAPD de Redondela, 25 persoas de cada centro.

- Programa dirixido a maiores de 18 anos con necesidades de apoio límite e intermitente no albergue Mariña Española, en Gandarío, Sada (A Coruña).

Na xestión do programa: colaboran a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e a Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal da Consellería de Traballo e Benestar.

Foron beneficiadas 27 persoas con discapacidade intelectual do centro ocupacional O Saiar de Caldas de Reis (Pontevedra).

► **Actividades de formación, ocio e deportivo terapéuticas para persoas con discapacidade intelectual de Galicia e as súas familias**

Teñen como finalidade prestar atención ás persoas con discapacidade intelectual nos eidos da animación sociocultural, da potenciación da creatividade como medio de integración e do fomento da súa participación nas actividades recreativas e deportivas.

Para a xestión do programa existe un convenio de colaboración coa Asociación de Pais, Profesionais e Amigos das Persoas con Atraso Intelectual de Galicia -SPECIAL OLYMPICS-GALICIA.

► **Beneficiarios e orzamento:**

O importe investido foi de 220.000 euros e 7.242 (persoas con discapacidade intelectual e as súas familias) resultaron beneficiarias.

► **Cursos de integración na náutica, para obter o título de goberno de embarcacións accesibles de recreo**

Ten como obxectivo a eliminación de todo tipo de barreiras que impidan o acceso á náutica para o colectivo de persoas con discapacidade física.

A Asociación SODINAUTICA xestiona o programa e dispón de embarcacións accesibles. Investíronse 2.000 euros e 15 foron as persoas con discapacidade física

beneficiarias. Os cursos impártense nas rías da Coruña, Vigo e Pontevedra.

6.3.2 Programas de promoción da saúde

A Consellería de Traballo e Benestar ten entre as súas competencias ofrecer a súa colaboración cos departamentos de saúde para que os maiores poidan levar unha vida sá, activa e duradeira nas mellores condicións posibles.

► **Programa de podoloxía**

Para acadar este fin levouse a cabo un programa de atención podolóxica en centros dependentes da Consellería de Traballo e Benestar (centros sociocomunitarios e residencias de maiores), que está orientado a previr e retrasar as perdas provocadas polo envellecemento, contribuír a manter e estimular as capacidades de actividades da vida diaria e a manter a saúde das persoas maiores retrasando no posible a dependencia.

Os usuarios deste servizo pagan directamente ao podólogo 4 euros sendo e a Consellería de Traballo e Benestar subvenciónao con 6 euros.

► **Beneficiarios e orzamento:**

Durante o ano 2010 fixéronse arredor de 7.000 actos podolóxicos e o investimento neste programa foi de 75.823,08 euros.

► **Programa de Cachibol**

No ano 2010 púxose en marcha, de novo, o programa do Cachibol, tendo en conta a boa aceptación que tivo en edicións anteriores.

A Consellería de Traballo e Benestar, seguindo na liña

de fomentar a autonomía das persoas maiores e previr a dependencia, levou a cabo este programa de actividade física en 50 centros da súa titularidade aos que acoden persoas maiores que se atopan en condicións físicas de practicar esta actividade. Nos centros participantes practicaban esta actividade todas as semanas e no mes de novembro fíxose un encontro autonómico en Vilalba coa asistencia de máis de 500 persoas.

► **Beneficiarios e orzamento:**

O orzamento xestionado para este programa foi de 83.751 euros.

6.3.3 Programas de apoio a familias con persoas maiores, persoas con discapacidade e/ ou en situación de dependencia

► **Programa de acollemento familiar de persoas maiores e persoas con discapacidade.**

O acollemento familiar é un programa que pretende facilitar a integración de persoas maiores e persoas con discapacidade (cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 65%) no seo dunha familia alternativa que atenda as necesidades derivadas da súa avanzada idade e/ou discapacidade.

O fin primordial do acollemento familiar consiste no mantemento da persoa maior ou con discapacidade no seu medio habitual, paliando deste xeito situacións persoais e sociais críticas tales como soidade e illamento que agudizan o deterioro físico e psíquico, así como evitar ou retrasar no posible o ingreso en centros residenciais.

As solicitudes para acollerse a este programa e as axudas económicas destinadas a sufragalo tramítanse nos concellos, sendo os departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, os encargados de seleccionar os beneficiarios da axuda económica e de

6.3 PROGRAMAS, AXUDAS E SUBVENCÍONS

asignar a contía adecuada, tendo en conta os ingresos mensuais líquidos dos solicitantes e as contías fixadas na orde reguladora destas axudas.

- **As persoas acollidas**
Os destinatarios deste programa poden ser persoas maiores de 65 anos, diferenciando as axudas se son persoas con autonomía ou con dependencia; e persoas con discapacidade entre 18 e 65 anos, diferenciando se teñen máis do 65% de minusvalía ou máis do 75% e precisan axuda de terceira persoa.

A contía das axudas tamén varía se o acollemento se leva a cabo na vivenda do acolledor ou na vivenda do acollido.

- **As familias acolledoras**
As familias acolledoras deberán ter o seu fogar nalgún concello de Galicia e polo menos un dos compoñentes desta familia terá unha idade comprendida entre os 18 e 65 anos, deberá gozar de boa saúde e non padecer limitacións físicas ou psíquicas que lle impidan atender as tarefas domésticas normais.

As contías das axudas oscilan entre os 421 euros/ mes para persoas maiores con autonomía e 700 euros/mes para persoas maiores en situación de dependencia ou persoas con discapacidade que necesitan doutra persoa para a realización das actividades da vida diaria.

► **Beneficiarios e orzamento:**

No exercicio 2010 destinouse un orzamento de 1.056.256.18 euros o que posibilitou atender ao longo do ano un total de 270 persoas maiores e 35 persoas con discapacidade.

► Programa de estadías temporais

As estadías temporais pretenden ofrecer unha alternativa de coidado institucional temporal ás persoas maiores dependentes para posibilitar a súa permanencia no fogar e colaborar, se é o caso, coas familias que os atenden cando por unha serie de motivos non poidan prestarlles os debidos coidados.

O Programa de estadías temporais, regulado a través dunha circular interna, ten concertadas prazas en centros de maiores de titularidade pública e as solicitudes valóranse nos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar mediante o baremo establecido.

As estancias nos centros poden ser quincenais, mensuais e poden permanecer como máximo dous meses no ano.

No ano 2010 beneficiáronse un total de 285 persoas.

Centro	Nº de prazas
Residencia asistida Oleiros	10
Residencia de Laraxe	3
Residencia de Ferrol	2
Residencia de Ribeira	1
Residencia Concepción Arenal	2
Residencia Castro de Ribeiras de Lea	5
Residencia asistida de Vigo	6
Centro Residencial Bembrive	2
Residencia Nosa Sra. dos Milagres	1
Total	32

► Programa de apoio social

É un programa destinado fundamentalmente a persoas maiores con dependencia, e consiste na estancia temporal nunha residencia para persoas con dependencia. As prazas que se ofertan neste programa están concertadas en residencias de titularidade privada nas catro provincias, dotadas dos recursos necesarios para a atención integral de persoas maiores con dependencia.

Existen dúas modalidades dentro do programa:

• Modalidade de estadías quincenais:

A presentación de solicitudes poderá facerse durante todo o ano, e as estadías terán dunha duración de 15 ou 29 días en calquera mes do ano.

O coidador habitual poderá acompañar, se o desexa, ao beneficiario durante a súa estancia na residencia. As residencias participantes nesta modalidade durante o ano 2010 foron:

- Provincia da Coruña: Residencia Abrente Ferrol e Abrente Noia
- Provincia de Lugo: Residencia Carlos IV (Outeiro de Rei) e Residencia A Veiga (Láncara).
- Provincia de Ourense: Residencia Xeriatros (Barbadás), Residencia O Mosteiro (Ramirás) e Residencia Os Pinos (A Rúa)
- Provincia de Pontevedra: Doral residencias (Mos), Residencia Ballesol (Poio), Residencia Salvaterra (Salvaterra de Miño) e Residencia Nueva Vida (Vilaboa).

• Modalidade de fins de semana:

Esta modalidade funcionará cun horario permanente desde as 9:00 horas da mañá do sábado ata as 20:00 horas do domingo. O réxime de permanencia dos maiores no centro poderá ser de xornada completa con ou sen noite, só de mañá ou só de tarde.

Para acceder a estas estadías de fin de semana é requisito indispensable figurar previamente como usuario/a desta modalidade.

Os usuarios desta modalidade presentan ante o centro solicitado, cunha semana mínima de antelación, a petición das datas concretas nas que desexan participar.

6.3 PROGRAMAS, AXUDAS E SUBVENCÍONS

As residencias participantes nesta modalidade durante o ano 2010 foron:

- PProvincia da Coruña: Residencia Geriatros Ferrol, Geriatros Noia e Residencia Concepción Arenal (A Coruña).
- Provincia de Lugo: Residencia Carlos IV (Outeiro de Rei) e Residencia A Veiga (Láncara).
- Provincia de Ourense: Residencia Xeriatros (Barbadás), Residencia O Mosteiro (Ramirás) e Residencia Os Pinos (A Rúa).
- Provincia de Pontevedra: Doralresidencias (Mos) e Residencia Nueva Vida(Vilaboa).

Case o 50% do custo da praza é asumida pola Consellería de Traballo e Benestar, pagando o usuario o resto. Existe unha reserva de prazas de precariedade económica que son costeadas na súa totalidade pola Consellería.

► Beneficiarios e orzamento:

No ano 2010 o orzamento destinado a este programa foi de 101.000 euros o que permitiu 3267 estadías quincenais e 140 de fins de semana.

► Cheque asistencial

O Programa cheque asistencial concede axudas económicas destinadas a cofinanciar a compra de servizos para a atención de maiores dependentes que precisan doutra persoa para desenvolverse na vida cotiá e teñen gastos extraordinarios derivados da súa atención e coidado, ampliándose e diversificándose o sistema público de protección social.

A finalidade do programa é acadar unha mellor calidade de vida e atención para estas persoas, así como apoiar as súas familias no seu coidado.

Este programa permite que os maiores e as súas familias poidan acceder á atención no fogar, aos centros de día, ás estadías temporais, a programas de respiro ou a unha residencia, en calquera parte do territorio galego, cofinanciando o gasto.

Tanto os centros que prestan o servizo como as empresas de axuda a domicilio, teñen que contar coa acreditación previa da Consellería de Traballo e Benestar e deben someterse as inspeccións e actuacións de comprobación da calidade.

Modalidades:

- Cheque residencia
- Cheque centro de atención diúrna
- Cheque atención de axuda no fogar

A documentación preséntase nos servizos sociais comunitarios municipais, que remiten cada expediente completo ao departamento territorial correspondente da Consellería de Traballo e Benestar.

O baremo regulador publicado na orde, ten en conta a situación persoal e sociofamiliar, o estado de dependencia e necesidade de coidados, así como a existencia de situacións de emerxencia dos solicitantes e da súa familia.

► Beneficiarios e orzamento:

No ano 2010 xestionouse para este programa un orzamento de 9.731.342,27 euros que posibilitou a atención a un total de 1.728 maiores en situación de severa e gran dependencia.

Modalidade	nº de beneficiarios
Cheque residencia	439
Axuda no fogar	1.163
Centro de día	126
Total	1.728

► **Servizo de localización e control de persoas en situación de especial vulnerabilidade: ACOMPÁÑOTE**

A finais do ano 2006 iniciouse a instalación dunha nova plataforma tecnolóxica que posibilitou o mantemento dun servizo de localización permanente de persoas maiores, menores e con discapacidade, que debido ás súas condicións de saúde ou limitacións persoais, se atopan nunha situación de especial fraxilidade ou vulnerabilidade e require a utilización de dispositivos de localización ou control.

► **Beneficiarios e orzamento:**

No ano 2010 a xestión deste programa fíxose a través da Cruz Vermella, e beneficiáronse un total de 200 persoas.

Este programa tivo un custo económico de 187.050 euros.

► **Programa de integración social de lesionados medulares**

Ten como finalidade o desenvolvemento dun programa de integración social precoz para pacientes da Unidade de Lesionados Medulares da Fundación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña que, entre outros aspectos, incluíu a obtención do carné de conducir, o desenvolvemento de actividades de ocio e cultura, actividades deportivas e a edición dun boletín informativo.

Para a xestión do programa existe un convenio de colaboración coa Fundación CHUAC (25.000 euros).

► **Programa de atención a lesionados medulares de Galicia**

O programa facilita a adaptación da persoa lesionada medular e da súa familia á nova situación na que se atopa (psicosocial, familiar, laboral,...), mediante a axuda dunha persoa lesionada medular veterana e a intervención dun

equipo multidisciplinar (titorías). Así mesmo facilita o acceso á universidade dos estudantes con necesidades especiais, a través dun servizo de transporte adaptado.

Para a xestión do programa existe un convenio de colaboración con ASPAYM (51.500 euros).

► **Programa de respiro familiar para familias con persoas con discapacidade**

Oferta ás familias un período de descanso necesario para reducir a carga emocional e física á que se ven sometidas.

Apoia as familias con persoas discapacitadas ao seu cargo, contribuíndo a evitar ou atrasar o seu internamento nun centro.

Pretende acadar un programa de ocio socializador e integrador para as persoas usuarias do programa.

Este apoio realízase en réxime de internado de fins de semana en centros residenciais de persoas con discapacidade.

O número de prazas concertadas con entidades de iniciativa social ascende a 58.

► **Programa de respiro para tutelados da FUNGA**

A súa finalidade é a atención durante os períodos vacacionais dos centros nos que están ingresadas as persoas con discapacidade, tutelados pola Funga, carentes de apoio familiar.

No ano 2010 beneficiáronse un total de 15 persoas.

► **Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (SGAMP 065)**

O Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (SGAMP 065) é un servizo público de carácter social que, mediante vehículos de transporte adaptados, facilita desprazamentos programados e non urxentes a

persoas en situación de dependencia, de discapacidade ou con dificultades de mobilidade. O servizo ten que ser solicitado cunha antelación de 96 horas, chamando ao teléfono gratuito 065.

As persoas beneficiarias do SGAMP 065 deben reunir os seguintes requisitos: residir en Galicia, ter recoñecida a súa situación de dependencia, en calquera dos seus graos ou de discapacidade, a partir do 65 por cento, e acreditar a imposibilidade para utilizar os medios de transporte colectivos.

Os desprazamentos que cubre o servizo, por orde de prioridade son os seguintes:

- Acudir a consultas ou tratamentos do sistema sanitario cando o desprazamento non sexa competencia do devandito sistema.
- Traslados a/ou desde as residencias, centros de día ou a outros equipamentos sociais do sistema galego de benestar ou de carácter privado.
- Traslados para a realización de actividades básicas da vida diaria que favorezan a autonomía e o desenvolvemento persoal.
- Traslados para realización de actividades de carácter formativo e educativo.

O servizo inclúe a asistencia dunha persoa acompañante en cada vehículo que será a responsable de recoller a cada persoa usuaria no punto máis próximo ao seu domicilio ou lugar de recollida, tanto no inicio como na finalización do servizo.

Para seren beneficiarios do SGAMP 065 teñen que presentar unha solicitude, segundo o modelo recollido no anexo do Decreto 195/2007, do 13 de setembro, acompañada da seguinte documentación: copia do DNI; certificado de residencia; certificado do recoñecemento do grao de discapacidade e/ou da situación de

dependencia, ou no seu caso, un informe dos servizos sociais de atención primaria do concello de residencia sobre a imposibilidade de utilización de transportes colectivos. A solicitude e máis a documentación preséntanse no departamento territorial.

O servizo é gratuito para as rendas máis baixas; no resto dos casos, calcúlase a participación no pagamento en función do prezo por quilómetro e do número de quilómetros percorridos, tendo en conta a renda das persoas usuarias do servizo. Estas disporán dunha tarxeta electrónica da cal se descontará o custo do servizo demandado, no momento de acceder ao vehículo.

Este servizo público regúlase pola seguinte normativa: Decreto 195/2007, do 13 de setembro (DOG nº 202, do 18.10.2007); e Orde do 9 de setembro de 2008 (DOG nº 179, do 16.09.2008), pola que se desenvolve o Decreto 195/2007.

O SGAMP 065 foi creado no ano 2008, cun orzamento de 3,5 millóns de euros e a posta en servizo de 44 vehículos de transporte adaptado, nunha área xeográfica de 130 concellos.

Durante o ano 2010 o número de persoas usuarias recoñecidas foi de 6.364 e o número de servizos realizados foi de 476.839 contando para o desenvolvemento deste servizo cun orzamento de 15 millóns de euros.

6.3.3 Outros programas

► **O Programa “xantar na casa”**

Situándonos no ámbito da nosa Comunidade autónoma, atopámonos nun territorio de dispersión xeográfica e poboación envellecida no que se fai necesario a aplicación de políticas e servizos homoxeneizadores que permitan o acceso da poboación a estas medidas, nas mesmas condicións, independentemente do lugar onde residan,

tanto sexa nun área urbana, metropolitana, rural ou de elevada dispersión. Acadar este obxectivo acércanos ao principio de igualdade nos criterios de calidade do servizo.

Neste contexto, o “Xantar na casa” xorde como un programa de atención alimentaria no domicilio das propias persoas, integrado no Sistema de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia. É un programa que pode ser complementario doutros recursos sociais como o Servizo de Axuda no Fogar ou a Teleasistencia.

Desde este programa intervense de xeito directo na nutrición das persoas maiores da comunidade, mellorando os hábitos alimenticios e, polo tanto, de xeito global, a súa saúde e calidade de vida. Non é obxecto deste programa dar de comer senón alimentar, e facelo a un segmento de poboación cuns costumes alimenticios moi arraigados e moitas veces pouco saudables.

“Xantar na Casa” artéllase a través da xestión por parte do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar e cos concellos adheridos ao programa. Esta colaboración formalízase mediante a sinatura dos correspondentes convenios de colaboración, quedando a financiación do seguinte xeito:

Aportación usuario/a	1,87 euros
Aportación Concello	1,87 euros
Aportación Xunta	3,26 euros
Prezo menú/día	7 euros


Oobxectivo principal deste servizo de atención alimentaria no propio domicilio é facilitar e garantir unha nutrición equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades das persoas maiores de 60 anos ou menores en situación de dependencia e/ou en situación de exclusión ou en risco de estalo. Os destinatarios son persoas con déficit de autonomía para cubrir as súas necesidades básicas

relacionadas coa compra e elaboración dos menús. A comida, que se entrega nun único día á semana nos domicilios, supón un apoio para eles/as e as súas familias. Ademais, cando se fai a entrega no domicilio preténdese facer un seguemento individualizado dos/as usuarios/as do programa por parte dos profesionais do reparto.

Beneficiarios e orzamento:

A achega da Xunta e dos respectivos concellos para o Programa “Xantar na casa” ao longo de todo o ano 2010 ascendeu a 2.379.672 euros.

A evolución do número de usuarios durante o ano foi a seguinte:



6.3.4 Axudas e Subvencións

6.3.4.1 Axudas individuais destinadas á promoción da autonomía persoal e á accesibilidade.

Orde do 18 de marzo de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de axudas

individuais destinadas á promoción da autonomía persoal e á accesibilidade e se procede a súa convocatoria (DOG nº 64 do 07.04.2010).

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras da convocatoria pública para a concesión de axudas individuais en réxime de concorrencia competitiva, de carácter non periódico, para persoas maiores, persoas con discapacidade e persoas en situación de dependencia recoñecida en grao III e II.

A finalidade destas axudas é a de colaborar en determinados gastos, con efectos do 1 de xaneiro de 2010. Están destinadas a apoiar a persoas con axudas e produtos de apoio para o normal desenvolvemento da vida diaria, a facilitar as adaptacións funcionais do fogar e a eliminación de barreiras arquitectónicas e de comunicación no interior da vivenda e á adquisición de próteses dentais e audífonos que compensen as limitacións funcionais.

Poderán ser beneficiarios das axudas reguladas nesta orde:

- Persoas maiores de 65 anos na data de publicación desta orde, que acrediten a necesidade dunha axuda que non estea incluída no ámbito doutras liñas de protección social ou sanitaria.
- Persoas con discapacidade menores de 65 anos na data de publicación desta orde, que teñan recoñecido un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%.
- Persoas que teñan recoñecida a situación de dependencia polo órgano de valoración de dependencia no grao III nivel 1 e 2, e grao II nivel 1 e 2.

Contías máximas subvencionables

- Adaptación funcional do fogar: 3.000 euros
- Supresión de barreiras arquitectónicas e de

6.3 PROGRAMAS, AXUDAS E SUBVENCÍONS

comunicación no interior da vivenda: 3.000 euros

- Próteses dentais: 500 euros
- Audífonos non previstos no sistema sanitario: 800 euros
- Adquisición de axudas técnicas ou produtos de apoio: 2.500 euros.

Beneficiarios e orzamento:

	Maiores	Dependencia	Discapacidade	Orzamento
A Coruña	161	137	136	467.218
Lugo	79	90	65	240.045
Ourense	89	153	82	163.297
Pontevedra	85	94	111	409.797
Total	414	474	394	1.280.357

6.3.4.2 Axudas a entidades de iniciativa social para mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais

Orde do 20 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases que rexeran a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais nos ámbitos de persoas maiores e persoas con discapacidade e se procede a súa convocatoria (DOG nº 141, do 26.07.2010).

Os tipos de subvencións son os seguintes:

- De mantemento de centros, equipamentos e servizos sociais especializados nos ámbitos de atención ás persoas con discapacidade ou ás persoas maiores.
- De promoción de actividades básicas e complementarias no ámbito dos servizos sociais especializados na atención ás persoas con discapacidade ou ás persoas maiores.

Subvencións para mantemento e promoción de actividades na área de maiores

	Mantemento	Promoción de actividades	Total
Ámbito supra provincial	16.081	121.831	137.912
A Coruña	33.440	29.560	63.000
Lugo	22.715	57.715	80.430
Ourense	21.706	27.000	48.706
Pontevedra	3.500	42.520	46.020
Total	97.442	278.626	376.068

Subvencións para mantemento e promoción de actividades na área de persoas con discapacidade

	Mantemento	Promoción de actividades	Total
Ámbito supra provincial	123.000	44.358	167.358
A Coruña	70.500	52.500	123.000
Lugo	18.358	31.827	50.185
Ourense	15.500	25.400	40.900
Pontevedra	103.675	3.430	107.105
Total	331.033	157.515	488.548

6.3.4.3 Axudas a entidades de iniciativa social para investimento


Orde do 1 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento en servizos sociais especializados na área de atención a persoas con discapacidade e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 128, do 7.07.2010).

Subvencións para investimento

	Importe concedido
A Coruña	91.152
Lugo	670.000
Ourense	350.733
Pontevedra	725.000
Total	1.836.885,00

Total axudas área de maiores e de persoas con discapacidade:

	Investimento	Mantemento	Promoción de actividades	Total
Ámbito supra provincial		139.081	166.189	305.271
A Coruña	91.152	103.940	82.060	277.152
Lugo	670.000	41.073	89.542	800.614
Ourense	350.733	37.206	52.400	440.339
Pontevedra	725.000	107.175	45.950	878.125
Total	1.836.885	428.475	436.141	2.701.501



6.3.4.4 Prazas de bolseiros

Convocatoria de 3 prazas de bolseiros, polo réxime de concorrencia competitiva no Centro de Asistencia e Educación Especial Santiago Apóstolo. Os beneficiarios destas bolsas teñen dereito ao aloxamento e mantenza gratuíta nel durante o curso escolar 2009-2010 (Orde do 10 de setembro de 2009, DOG nº 191, do 29.09.2009 e corrección de erros no DOG nº 201, do 14.10.2009).

6.4 Liñas de colaboración

6.4.1 Convenios na área de maiores

► Formación permanente de adultos-aulas da 3ª idade

O convenio asinado entre a Consellería de Traballo e Benestar e as Aulas da 3ª idade da Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos posibilita a realización de actividades socioculturais e educativas necesarias para evitar o illamento e facilitar a participación activa na sociedade do colectivo de maiores.

As aulas están situadas en Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Padrón, Ourense, Lugo, Monterroso, Vilalba e Vigo.

As actuacións levadas a cabo durante o ano 2010 con cargo aos orzamentos asinados neste convenio centráronse na realización de conferencias-coloquio, mesas redondas, visitas culturais, proxección de películas, audicións musicais, etc. Así mesmo realizáronse talleres e seminarios relacionados con distintas áreas, cultural, ocupacional e de saúde e outras actividades de biblioteca, manualidades, mostras de pintura, etc.

► Beneficiarios e orzamento:

A Consellería de Traballo e Benestar destinou este ano un orzamento de 255.686 euros o que permitiu a participación de máis de 2.000 persoas

► Convenio de colaboración coa Fundación “La Caixa”

A Xunta de Galicia e a Fundación “La Caixa” subscribiron un convenio de colaboración no ano 1997. Este acordo permitiu que 23 centros de maiores de titularidade da Xunta de Galicia se beneficiasen das diferentes liñas de

actuación da fundación.

Os centros sociocomunitarios incluídos neste convenio de titularidade da Consellería de Traballo e Benestar son: A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Carballo, As Pontes de García Rodríguez, A Pobra do Caramiñal, Vilalba, Pontepelamios, Xinzo de Limia, Verín, Maceda, Redondela, Marín, Bouzas, Calvario e Coia.

Tamén están incluídos tres centros de titularidade municipal: Serra de Outes, Ortigueira e Monforte.

Os centros adheridos a este convenio son beneficiarios de varias liñas de actuación:

- Programa de ciberaulas: as ciberaulas de La Caixa están funcionando en 15 centros e xa se beneficiaron máis de 10.000 maiores.
- Fomento de actividades: desde o inicio da colaboración os centros adheridos son beneficiarios dun plan de actividades organizado e deseñado pola propia fundación, conferencias, dinamización de voluntarios, programa interxeracional con nenos e maiores lectores. Xunto co impulso de actividades deseñadas pola propia entidade, a Obra Social “La Caixa” tamén contribúe economicamente ao desenvolvemento de actividades propostas polos propios centros (musicoterapia, taichi, ioga, memoria, manualidades).
- Programa “Maiores lectores” que se levou a cabo en 8 dos centros conveniados e no que participaron un total de 122 persoas
- Inversións para a reforma de elementos estruturais e instalación de aulas de informática nos propios centros. Desde o inicio da colaboración a fundación realizou diversas obras de reformas nos centros, así como instalación de ciberaulas .
- Programa de prevención da dependencia: o Programa de prevención da dependencia consiste nunha serie de talleres interactivos que abordan aspectos

de educación sanitaria, exercicios de aprendizaxe e espazos de expresión creativa que inclúen estimulación sensorial, motora e cognitiva. Así mesmo, o programa foi concibido para que o usuario poida realizar as actividades de forma autónoma na súa casa, polo que se entrega aos participantes un conxunto de materiais de apoio. Este programa leva incorporado o servizo de transporte adaptado que os leva desde o seu domicilio ata o centro no que se realiza o taller. No ano 2010 os centros participantes neste programa foron: Vilalba, Ribadeo, Lugo, Mondoñedo, Ourense, A Coruña, Carballo, Pontevedra, Redondela, Coia, Teis; Cangas, O Porriño e as residencias de Monforte e Ferrol.

► Beneficiarios e orzamento:

Durante todo o ano 2010 participaron nestes talleres máis de 1200 persoas. Este convenio non supuxo ningún custo para a Consellería de Traballo e Benestar.

► Convenio de colaboración coa Obra Social de Caja Madrid

A Consellería de Traballo e Benestar asinou no 2010 un Convenio coa Obra Social Caja Madrid para poñer en marcha en Galicia o programa “Saber envejecer. Prevenir la dependencia” co obxectivo prioritario de promover a autonomía das persoas maiores e previr a dependencia, facilitándolles ferramentas e recursos para mellorar a vivencia da vellez.

O programa de Caja Madrid levouse a cabo en 23 centros dependentes da Consellería de Traballo e Benestar (centros sociocomunitarios de Benestar e residencias de maiores) e a duración foi de 30 horas lectivas distribuídas en 20 sesións de traballo,

A Obra Social Caja Madrid asumiu todos os gastos dos formadores que impartiron os talleres que se distribuíron

en tres módulos: “Coidar a saúde”, “Vivir ben” e “Sentirse ben”.

Distribuíse tamén material didáctico entre os asistentes para traballar nos talleres nos que eles foron os principais axentes implicados.

► Beneficiarios e orzamento:

Este programa non supuxo ningún custo para a Consellería de Traballo e Benestar.

► Colaboración coa Fundación MAPFRE

A Xunta de Galicia e a Fundación MAPFRE presentaron a campaña “Con Mayor Cuidado”, co obxecto de informar as persoas maiores e os profesionais que traballan con eles de cales son os principais riscos que poden existir no fogar.

Dentro desta campaña fíxose un acto en Vigo no mes de xuño, no que participaron unhas 800 persoas dos centros e residencias da provincia de Pontevedra, e neste presentouse a campaña e fíxose distribución de folletos informativos entre os maiores e os profesionais.

No mes de outubro e ao longo dunha semana fixéronse estas charlas en 10 centros sociocomunitarios das catro provincias nas que participaron arredor de 500 persoas maiores e profesionais que traballan neste sector e tamén se fixo entrega de manuais de prevención de accidentes no fogar dirixido a persoas maiores e a profesionais.

► Beneficiarios e orzamento:

Esta actuación non supuxo custo ningún para a Consellería de Traballo e Benestar.

Colaboración coas Universidades Galegas

Universidade de Santiago de Compostela

► Programa de atención odontolóxica

A Consellería de Traballo e Benestar estableceu unha liña de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, a través do seu Departamento de Estomatoloxía, para o desenvolvemento dun programa de atención odontolóxica a usuarios de centros residenciais de atención a persoas maiores de titularidade da Xunta de Galicia.

► Beneficiarios e orzamento:

Durante o ano 2010 este programa desenvolveuse na residencia de Maiores de Oleiros (A Coruña). O orzamento investido ascende a 25.000 euros.

► Máster en xerontoloxía

Este convenio ten por obxecto colaborar e facilitar a consolidación do Máster Universitario en Xerontoloxía.

O Máster Universitario de Xerontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, integra tarefas de investigación académicas e de integración e reciclaxe de cara ao mercado laboral.

► Beneficiarios e orzamento:

O orzamento destinado a este convenio foi de 25.000 euros.

► IV Ciclo Universitario

Este convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Universidade de Santiago de Compostela para facilitar a consolidación destes estudos. O primeiro ciclo, fundamentalmente, de tipo formativo dá lugar á Diplomatura Señor, que se alcanza ao lograr 27 créditos. O segundo ciclo, de especialización, dá lugar a Licenciatura Señor, que se obtén ao superar 18 créditos. O terceiro ciclo dá lugar ao Excel-

sor que se acada a partir da realización dun traballo de investigación dirixido por algún profesor da universidade.

► Beneficiarios e orzamento:

O orzamento destinado ao mantemento deste convenio foi de 25.000 euros.

► Máster Universitario en Psicoxerontoloxía

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Universidade de Santiago de Compostela cara o desenvolvemento dun Máster interuniversitario en Psicoxerontoloxía. Este máster está deseñado conforme á nova lexislación dos estudos universitarios no marco do Espazo Europeo de Educación Superior, sendo a súa duración de 90 créditos. O máster desenvolverase durante o curso académico 2010-2011.

O Programa Oficial de Posgrao Interuniversitario en Psicoxerontoloxía ten por obxecto formar titulados cun nivel de excelencia na área da Psicoloxía do envellecemento e das persoas maiores, e preténdese que os/as titulados:

- Posúan coñecementos de nivel avanzado nas distintas disciplinas desta área e nos problemas teóricos e prácticos que se lles presenten.
- Coñezan, diferencien e avalíen criticamente as distintas correntes e tradicións da Psicoxerontoloxía.

- Adquiran competencias profesionais e investigadoras para o desenvolvemento de tarefas de avaliación, intervención psicolóxica e/ou investigación coas persoas maiores sans, con deterioro cognitivo ou con outras psicopatoloxías en distintos ámbitos familiares e institucionais.

► Beneficiarios e orzamento:

O orzamento destinado ao mantemento deste convenio foi de 7.000 euros

Universidade de Vigo

► Aulas de Formación aberta

A Consellería de Traballo e Benestar e a Universidade de Vigo colaboran na actuación “Programas para Maiores” da Universidade de Vigo que se configura a partir de dous programas ou ciclos: CICLO INTENSIVO cunha duración de 54 créditos e tres anos académicos. A súa superación dará lugar ao título propio da Universidade de Vigo de Graduado Universitario Senior. O CICLO DE ESPECIALIZACIÓN cunha duración de 36 créditos e dous anos académicos e a súa superación dará lugar ao título propio da Universidade de Vigo de Graduado Superior.

As ensinanzas enfócanse cara ao desenvolvemento persoal nos seus diferentes aspectos: intelectuais, sociais e de relación, orientando a aplicabilidade ou funcionalidade das aprendizaxes cara un mellor aproveitamento das ofertas culturais do contorno, así como cara á proxección na sociedade dos valores asumidos criticamente.

► Beneficiarios e orzamento:

O orzamento destinado ao mantemento deste convenio foi de 25.000 euros.

Universidade da Coruña

► Universidade Senior

Consiste en estudos universitarios destinados a un sector da sociedade maior de 50 anos que concluíu a súa vida laboral e demanda un novo tipo de formación actualizada e adecuada ás súas inquietudes formativas e intereses culturais.

A Universidade Señor como programa de estudos universitarios, consta dun plan docente distribuído en catro cursos académicos. Os alumnos que completen os catro cursos, poderán conseguir o Título Propio de Graduado

Señor. Desenvólvese nos dous campus da Universidade da Coruña e no de Ferrol.

► Beneficiarios e orzamento:

O orzamento destinado a este convenio foi de 25.000 euros.

► Máster en Xerontoloxía

Este convenio tivo por obxecto colaborar coa Universidade da Coruña na realización de diferentes tarefas docentes e de investigación que inclúen:

No ámbito docente orientado aos profesionais, o Máster Universitario en Xerontoloxía, que integra tarefas de investigación, académicas e de integración e reciclaxe de cara o mercado laboral

A posta a disposición da Consellería de Traballo e Benestar do material elaborado a partires da liña de investigación nese ámbito.

► Beneficiarios e orzamento:

O orzamento destinado a este Convenio foi de 25.000 euros.

► Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Universidade da Coruña para a realización de Prácticas do Máster en Dependencia e Xestión de Servizos Sociais.

Con este convenio establécese un programa de formación práctica dos/as estudantes do máster en dependencia e xestión de servizos sociais, nos centros e unidades dependentes da Consellería de Traballo e Benestar ou de organismos adscritos, baixo a titorización dun profesional titulado e que desenvolve funcións propias da súa profesión.

Este convenio non tivo custo para a Consellería de Traballo e Benestar.

6.4.2 Convenios na área de persoas con discapacidade

► Convenio con COGAMI

Convenios financiados polo Fondo Social Europeo, dentro do seu programa operativo 2007-2013, e a Consellería de Traballo e Benestar, promovidos por entidades públicas de iniciativa social, que tiveron como obxectivo fomentar as medidas para a mellora da formación e o acceso ao mercado de traballo das persoas con discapacidade física residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

Convenio para contribuír, por un lado, ao financiamento do Programa de formación ocupacional que se imparte no centro de Fingoi (Lugo), dirixido a persoas con discapacidade gravemente afectadas e, por outro, ao programa de formación profesional das persoas con discapacidade.

► Beneficiarios e orzamento:

A achega da Consellería de Traballo e Benestar é de 584.016,00 euros.

Realizáronse 21 cursos de formación profesional e 9 cursos de formación ocupacional.

As persoas beneficiarias son: 285 nos cursos de formación profesional e 24 persoas nos cursos de formación ocupacional.

► Convenio de colaboración con AGAT

CCon data 12 de abril de 2010 asinouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT), para contribuír ao financiamneto dun servizo social comunitario específico de atención temperá a nenos/as con discapacidade e ás súas familias.

► Beneficiarios e orzamento:

Para a realización das actividades obxecto do convenio a Xunta achegou unha contía de 200.0000 euros.

As persoas beneficiarias deste convenio son nenos e nenas de 0-16 anos con déficits que xeran alteracións discapacitantes ou con risco de padecelos.

Nas seguintes comarcas: comarca do Deza, cunha poboación de 45.043 habitantes, e na do Salnés, con 107.618 habitantes, atendéronse no ano 2010 unha media por mes de 93 familias e realizáronse 33 consultas diagnósticas así como 271 sesións de apoio. Estímase unha previsión de atención de 100 familias, coas consultas que delas se derivan, e a continuidade nos casos xa iniciados. Dáse un aumento importante do nº mensual de familias atendidas e de sesións de apoio respecto do ano 2009.

Para o desenvolvemento das actuacións nas distintas fases (preparatoria, asistencial e avaliación), cada unha das unidades conta con dous profesionais especialistas en desenvolvemento infantil e atención temperá, un logopeda e un auxiliar administrativo. Ambas as dúas unidades contan coa supervisión dun coordinador especialista en desenvolvemento infantil e atención temperá.

6.4.3 Participación e representación

► Comisión Técnica de Accesibilidade (CTA)

A Comisión Técnica de Accesibilidade (CTA), creada pola Lei 8/1997, do 20 de agosto (DOG nº 166, do 29.08.1997), ten como obxectivo impulsar o cumprimento da normativa nesta materia, ocupándose da resolución das dúbidas que poidan xurdir sobre a interpretación de calquera aspecto da normativa, emitindo ditames ao respecto. Así mesmo, a CTA é o órgano competente para a tramitación dos expedientes sancionadores e fai as propostas de resolución de sancións aos órganos colexiados competentes, de acordo co disposto no Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro (DOG nº 41, do 29.02.2000).

Durante o ano 2009 a Comisión Técnica de Accesibilidade nas súas reunións periódicas mensuais atendeu 82 solicitudes de ditames e 16 denuncias.

Calquera persoa, entidade, institución ou asociación representativa dos colectivos de persoas afectadas pode solicitar información, consultar dúbidas ou presentar denuncias ante a Comisión Técnica de Accesibilidade.

Está adscrita funcionalmente ao Servizo de Promoción da Accesibilidade, e integrada polos seguintes membros: o subdirector xeral de Promoción da Autonomía Persoal, que actúa como presidente, o xefe de servizo de Promoción da Accesibilidade, unha letrada, pertencente á escala de letrados da Xunta de Galicia, que actúa como asesora xurídica, un arquitecto, e unha licenciada en dereito, que actúa como secretaria.

Ofrécense accións de promoción da accesibilidade, orientadas :

- Ao impulso do cumprimento da normativa sobre accesibilidade e supresión de barreiras.
- Á promoción da divulgación, información e estudo da accesibilidade e supresión de barreiras.
- Ao asesoramento a responsables institucionais, profesionais e entidades implicadas en programas de accesibilidade e supresión de barreiras.
- Ao apoio técnico e administrativo á Comisión Técnica de Accesibilidade.

Atendéronse en torno a 900 consultas de particulares e profesionais sobre o cumprimento da normativa sobre accesibilidade. Estas consultas son resoltas telefonicamente, mediante visitas ou mediante correo electrónico, co apoio do persoal do servizo e da información publicada no apartado de accesibilidade da páxina web.

As consultas máis frecuentes versan sobre a interpretación da normativa de accesibilidade, sobre a existencia

de axudas para a eliminación de barreiras en inmobles e tamén das obrigas das comunidades de propietarios onde vivan persoas con discapacidade ou maiores de 70 anos, de adaptar os elementos comúns.

Ofrécese asesoramento a través da divulgación do libro “Accesibilidade. Normativa” que inclúe a normativa galega para a supresión de barreiras nos espazos urbanos, nos edificios de uso público e residencial, así como nos medios de transporte e no eido da comunicación. Recolle a Lei 8/1997 (DOG nº 166, do 29.08.1997) e o Decreto 35/2000 (DOG nº 41, do 29.02.2000) que a desenvolve, así como na Lei estatal 51/2003, de 2 do decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (BOE nº 289, do 03.12.2003). Tamén se incorpora unha relación da normativa autonómica, estatal e internacional relacionada coa promoción da accesibilidade, o deseño para todos e a eliminación de barreiras, así como coa promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas con dependencia funcional.

Ofrécese información na rede, a través da páxina web da Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar, área actuación Discapacidade-Accesibilidade. Nela pódese atopar información específica sobre normativa, convocatoria de axudas, presentación de denuncias, etc.

► Rede Galega de Centros Sociocomunitarios de Benestar

Trátase dun servizo social dirixido a desenvolver accións de participación, integración social e convivencia interxeracional e a proporcionar información e orientación sobre os programas, recursos e actividades que se ofertan dende a Consellería de Traballo e Benestar .

Son funcións da Rede Galega de Centros Sociocomunitarios de Benestar todas as relacionadas coa potenciación da participación e o diálogo grupal, a transferencia de experiencias, o fomento da autonomía e o envellecemento

activo, o desenvolvemento dunha vida social saudable, facilitar a conexión telemática entre os distintos centros da rede, etc.

De conformidade co establecido no capítulo V da Orde de 18 de agosto de 2000, pola que se aproba o estatuto básico dos centros de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 177, do 12.09.2000), a participación das persoas usuarias nos centros sociocomunitarios de benestar dependentes da Consellería de Traballo e Benestar realízase a través dos seguintes órganos: a Asemblea Xeral e o Consello de Persoas Usuaris. Teñen como finalidade favorecer a integración das persoas usuarias nos centros a través da súa participación na programación e desenvolvemento de actividades.

Os representantes do consello son elixidos de forma libre, directa e secreta polo conxunto das persoas socias do centro, cada tres anos.

Son funcións do consello a realización do programa anual de actividades, a constitución de comisións de traballo participativas. Así mesmo deberá colaborar no cumprimento dos dereitos e obrigas das persoas usuarias, estimular a solidariedade entre os usuarios/as, elaborar unha memoria anual de xestión das actividades realizadas polo consello.

A Rede Galega de Centros Sociocomunitarios de Benestar conta cun total de 44 centros, distribuídos entre as catro provincias.

En todos estes centros leváronse a cabo ao longo do ano cursos, talleres, charlas informativas e programas elaborados desde o Servizo de Programas de Promoción da Autonomía Persoal (Podoloxía, Cachibol, Os camiños de Santiago...) así como programas feitos en colaboración con outras entidades

Na actualidade en Galicia hai un total de 44 centros sociocomunitarios de benestar, distribuídos entre as provincias do seguinte xeito:

- A Coruña: 12 centros
- Lugo: 4 centros
- Ourense: 11 centros
- Pontevedra: 17 centros.

6.5 Actividades formativas e informativas

6.5.1 Actividades formativas

En 2010 organizáronse os seguintes cursos:

- ▶ Negociación e resolución de conflitos.
Forma parte do Plan de Formación anual da EGAP. Tivo unha duración de 20 horas e participaron 20 profesionais de centros sociocomunitarios e residencias dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.
- ▶ Unificación de criterios da valoración social dos EVOS.
Integrado no Plan de Formación anual da EGAP, tivo unha duración de 12 horas e nel participaron 25 traballadores sociais dos equipos de valoración de discapacidade.
- ▶ Curso de formación para asistentes persoais.
Beneficiáronse 210 persoas de 14 zonas das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia, interesadas no desempeño da asistencia persoal como actividade profesional, durante 16 horas lectivas en cada unha das 14 edicións.
- ▶ Curso de dirección de centros xerontolóxicos e de persoas con discapacidade.
Beneficiáronse 125 responsables ou persoal directivo dos centros residenciais de atención diúrna destinados a persoas maiores e a persoas con discapacidade, en 5 localidades de Galicia (Santiago, A Coruña, Vigo, Lugo e Ourense), durante 120 horas, das cales 60 foron presenciais e 60 a distancia en cada unha das 5 edicións.

6.5.2. Información ao cidadán: Teléfono Social

Consiste nun servizo de información que contribúe a apoiar e manter informados aos cidadáns, especialmente a aqueles colectivos máis vulnerables como son os maiores, menores e persoas con discapacidade, respecto de todas as posibilidades e recursos que se ofertan para a súa atención, participación e integración social, servindo ademais de medio para detectar, previr e intervir en situacións de risco, abandono ou maltrato, de xeito inmediato. A xustificación do mantemento deste recurso vén reforzada, se temos en conta a poboación á que vai dirixida, con frecuentes problemas de mobilidade debido á súa avanzada idade ou discapacidade e á gran dispersión poboacional da nosa comunidade.

Por outra banda, ao ser un servizo que se presta de xeito personalizado e nun horario amplo, constitúe un instrumento moi útil para romper a sensación de soidade de moitos maiores e persoas con discapacidade, reafirmar a súa seguridade, potenciar a comunicación co seu contorno e, en resumo, favorecer a súa autonomía.

Trátase dun servizo de atención personalizada, cun horario ininterrompido de 24 horas de luns a domingo, permanente e gratuíto. As chamadas son atendidas por persoal con titulación no ámbito social e debidamente formado.

Prestacións básicas do Teléfono Social

- ▶ Atención personalizada
- ▶ Información e orientación sobre recursos sociais
- ▶ Intervención en casos de risco, maltrato ou abandono, mediante a remisión de petición de informe social aos servizos sociais do concello correspondente.
- ▶ Derivación e canalización, se é o caso.


Orzamento

É un recurso dependente da Consellería de Traballo e Benestar, xestionado pola empresa CallCenter por un importe de **178.905,84 euros**.

Estatísticas das consultas

En 2010 o teléfono social recibiu un total de **6.285 chamadas** coa seguinte distribución por áreas:

	Nº de servizos	Consultas sobre dependencia
Infancia	1.924	
Maior	1.811	661
Discapacidade	462	91
Non relacionadas	714	
Total	4.911	752



Consultas dos maiores

A área con maior número de consultas foron as relacionadas co sector de persoas maiores, con 1.811 chamadas o que supón o 37% do total das chamadas.

As consultas que máis repercusión tiveron no servizo foron as encadradas baixo a categoría de “recursos xerais” cun 41% do total (736). A principal causa son as consultas relacionadas con dependencia que se encadran baixo

este epígrafe.

Outros focos de interese para os usuarios do servizo, e que tamén se encadran baixo o mesmo epígrafe son os que seguen:

- Información sobre as pensións tanto contributivas como non contributivas.
- Outras prestacións socioeconómicas. Complemento para o alugueiro ás pensións non contributivas, etc.
- RISGA e axudas de emerxencia.
- Teléfonos e enderezos de interese da Administración.

Recursos asistenciais	196	10,82%
Recursos xerais	736	40,64%
Recursos específicos	721	39,81%
Maltrato físico	3	0,17%
Maltrato psíquico	2	0,11%
Abuso material	2	0,11%
Neglixencia	12	0,66%
Abandono	6	0,33%
Abuso sexual	0	0,00%
Reclamacións ou queixas	24	1,33%
Urxencias	4	0,22%
Outros	104	5,74%
Sen clasificar	1	0,06%
Total	1.811	

Consultas discapacidade

Con respecto ás consultas relacionadas coa área de discapacidade mantén un número menor con 462, un 9% do total.

As categorías que mais destacan polo número de rexistros foron para o ano 2010 as que seguen.

- A categoría de “programas específicos” cun 26%
- A categoría de “prestacións socio-económicas”. cun 23%
- A categoría de “dependencia” cun 20%
- O cuarto lugar, corresponde á categoría de “grao de discapacidade”, co 10% do total de rexistros.

Grao de discapacidade	47	10,17%
Dependencia	91	19,70%
Beneficios fiscais	8	1,73%
Educación	0	0,00%
Emprego	0	0,00%
Prestación socioeconómica.	106	22,94%
Programas específicos	122	26,41%
Vivenda/centros	18	3,90%
Accesibilidade	34	7,36%
Información	22	4,76%
Denuncia	2	0,43%
Queixa ou reclamación	4	0,87%
Outros	8	1,73%
Total	462	

Consultas dependencia

Os datos que de seguido analizamos son a suma, por un lado das consultas relativas á dependencia recollidas dentro da páxina Web -na que se volcan os datos de maior- e; por outro, dos rexistros relacionados coa dependencia, recollidos na base de datos de elaboración propia da área de discapacidade.


No caso do maior os datos relativos á dependencia encádranse baixo a categoría de “recursos xerais” no caso de discapacidade dentro da categoría de “Dependencia”.

O total de chamadas relacionadas coa Lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, ascendeu a 752, ao longo do ano 2010.

O número de consultas en relación á dependencia foi á baixa. Neste intre, e cada vez con máis frecuencia, o acceso á dita información resulta máis accesible e comprensible ao cidadán.

Non obstante, o numero de consultas segue a ser elevado. Supoñen o 36% das chamadas relacionadas co colectivo de maiores e do 20% dentro da área de persoas con discapacidade.

	Nº de servizos	Consultas sobre dependencia
Maior	1.811	661
Discapacidade	462	91
Total	4.911	752



En xeral, as consultas máis habituais en relación á dependencia buscan a procura de información ao redor do procedemento de recoñecemento de grao de dependencia, estado do expediente, requisitos que hai que cumprir para iniciar o procedemento, documentación que se debe achegar, etc.

Por outra banda, tamén se recollen as posibles queixas ou incidencias relativas á dependencia. Neste punto débese aclarar que como norma xeral os usuarios do servizo expresan o seu malestar con respecto á tardanza nos prazos de resolución e concesión de recursos ou prestación recollidas ao abeiro da Lei de promoción e autonomía persoal.

Pola estrutura da información no aplicativo Web, é preciso presentar unha relación das consultas máis habituais no servizo, ao longo do ano 2010 con respecto da dependencia.

Consultas habituais no servizo en referencia a Lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal.

- Información xeral:
 - a. Procedemento para a solicitude de valoración de grao de dependencia.
 - b. Como descargar a solicitude dende a internet.
 - c. Quen pode solicitar a valoración de grao e quen non.
 - d. Documentación que se debe achegar xunto coa solicitude.
 - e. Lugar de presentación da solicitude.
- Prazos das resolucións de Grao de dependencia e do Plan Individual de Atención (PIA).
 - f. Como proceder logo da notificación de grao de

dependencia ou da resolución do Plan Individual de Atención.

g. Estado do expediente.

- Seguridade Social.

h. Quen pode subscribir convenio especial e quen non.

- Libranzas e Servizos:

i. Compatibilidades e incompatibilidades.

j. Diferenzas e características destes/as.

k. Contía das prestacións segundo o grao. Posibles deducións de prestacións análogas.

l. Funcionamento do SAF. Gratuidade do servizo, nº de horas de servizo segundo o grao recoñecido, custo do mesmo.

- Calendario de implantación da Lei de dependencia.

- Información sobre o estado de expedientes de grao e PIA.

- Asesoramento sobre as dificultades presentadas durante o procedemento.

- Queixas. Con respecto aos prazos e aos retrasos nas resolucións.

- Enderezos e teléfonos de interese.

7 XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

[Ver portal](#)

Portal web xuventude.net

Introdución

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, como órgano superior da Consellería de Traballo e Benestar desenvolve as súas funcións en coordinación coa Secretaría Xeral de Familia e Benestar; realizando actuacións en materia de Xuventude e Voluntariado.

Na Área de xuventude establécense e desenvólvense políticas xuvenís de carácter interdepartamental. Ademais, foméntase a participación da xuventude na vida social a través da elaboración e programación de distintas actividades que se realizan, ben directamente, ben en colaboración con outras institucións ou entidades.

Na Área de voluntariado as accións desenvolvidas concrétnanse na elaboración e seguimento do Plan Galego de Fomento e Promoción da Acción Voluntaria, na xestión do sistema de rexistro autonómico das entidades de acción voluntaria e todas aquelas referenciadas segundo o disposto na Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia (DOG nº 250, do 28.12.2000).

A información de toda a política levada a cabo pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado canalízase a través de:



Desde o ano 2007, ano da súa creación, se está a traballar neste portal co fin de facilitar á mocidade o acceso a temas do seu interese e fomentar a súa participación directa na web coa introdución de novos contidos.

Destaca o bo funcionamento do apartado dedicado ao emprego e o das consultas á emancipación e ao asociacionismo. Durante o 2010 potenciouse a utilización das redes sociais dentro da Web como facebook, tuenti e twitter ata chagar a uns 4000 seguidores a finais de ano.

O número de usuarios e colaboradores foi en aumento, dada a posibilidade que lles dá de enviar currículos, subir as súas obras audiovisuais e relatos ou utilizar o taboleiro de anuncios.

Portal do Voluntariado.



O portal www.voluntariadogalego.org naceu coa finalidade de contar cun portal activo que permitise un continuo fluxo de información e comunicación entre a Administración autonómica e as entidades de acción voluntaria para, deste xeito, lograr un contacto permanente entre ambas e poder dotar a estas últimas de ferramentas informativas actualizadas. O número de visitas seguiu aumentando desde a súa posta en funcionamento en 2007, con 258.879 visitas en 2010.

As entidades rexistradas actualizaron a súa propia sección dentro da rede mediante a introdución das iniciativas que se fan desenvolver, os cambios producidos e as novas salientables. Ademais, a través do portal puideron presentar as súas propostas para o programa de formación.

Os particulares, pola súa banda, puideron acceder a través do portal a toda a información relativa á programación en cada momento da dirección xeral en materia de voluntariado.

A través da web e do Teléfono Solidario 900 400 800 inscribíronse os voluntarios e voluntarias nos distintos programas da subdirección desenvolvidos ao longo de 2010.

O anel solidario é un ‘banner’ creado para que todas as entidades con web propia a colguen e, deste xeito, crear unha rede de entidades conectadas virtualmente a un mesmo punto de referencia.

A sección do portal Punto de encontro pretende ser un lugar que canalice as demandas de voluntariado por parte das entidades para os seus programas e proxectos, e onde as persoas voluntarias que desexen colaborar poidan manifestar o seu interese e unirse aos ditos programas e proxectos.

7.1 Programas e actuacións no ámbito da xuventude

7.1.1 Plan de formación

7.1.1.1 Escolas de tempo libre (ETL)



As escolas de tempo libre, como centros de formación especializada, están orientadas á ocupación do tempo libre da infancia e da mocidade, prestando os seguintes servizos:

- ▶ Información e orientación sobre a constitución de escolas.
- ▶ Estudo, valoración e informe dos seus expedientes de constitución.
- ▶ Rexistro.
- ▶ Rexistro de actas de cursos de monitores/as de actividades de tempo libre, directores/as de actividades de tempo libre e directores/as de campos de traballo.
- ▶ Emisión de títulos de tempo libre.
- ▶ Control de cursos impartidos polas ETL. Recepción e catalogación de informes de inspección.
- ▶ Xestión de prácticas de alumnos/as de ETL en activida-

[Ver portal](#)

des da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

- ▶ Elaboración de estatística anual de cursos, nº de alumnos, nº de títulos/escola e totais. Gráficos.
- ▶ Programas de formación.

Neste ámbito organizáronse diferentes niveis de ensinanza

- ▶ 56 cursos de monitores de actividades de tempo libre
- ▶ 5 cursos de directores de actividades de tempo libre
- ▶ 1 curso de directores de campos de traballo.

Na actualidade existen 35 escolas de tempo libre de ámbito galego, das cales dúas se recoñeceron como de nova creación no ano 2010, son a “Escola de Tempo Libre Actex” e a “Escola de Tempo Libre Devagar”.

7.1.1.2 Plan de formación continua de tempo libre 2010

Este plan de formación quixo ofrecer aos/ás monitores/as e directores/as de tempo libre galegos/as unha posibilidade real e aberta de ampliar e mellorar os seus coñecementos e recursos a través dunha serie de módulos de formación, actualización e perfeccionamento nalgunhas das diferentes técnicas máis frecuentes no tempo libre, así como na planificación transversal da vida campamental. Estivo dirixido, en xeral, a todas e todos os directores e monitores de tempo libre titulados, e especialmente, a aqueles que forman parte da Campaña de Verán da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Prímanse os contidos que axudan a garantir a seguridade no desenvolvemento das actividades e por outro lado aqueles que amplían a gama de recursos dispoñibles para o desenvolvemento do traballo educativo dos equipos.

O desenvolvemento destes cursos foi nos meses de marzo, abril e maio de 2010.

Os cursos, de carácter activo e participativo, están sempre baseados no traballo en grupo. Entre os realizados no

ano 2010 destacan os relacionados con temas tan diversos como teatro, deporte, natureza, novas tecnoloxías, patrimonio, etc.

7.1.1.3 Formación ao persoal da RIX e para a mocidade.

Desde o Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil prográmanse os distintos cursos e actividades para a formación tanto do persoal da RIX, como de persoas interesadas.

Este ano realizáronse 13 cursos dos que algúns tiñan varias edicións:

Nome do curso	Edicións	Nº participantes	Duración
Curso de hábitos de saúde no deporte, hábitos alimenticios e actividade física	1	25	75 h
Curso de formación en técnicas de investigación social no ámbito da mocidade	1	20	20 h
Curso de mantemento de redes informáticas	1	20	80 h
Curso de formación básica en Información, orientación e asesoramento á xuventude	1	25	80
Curso de formación en estudos sobre a xuventude, metodoloxía para a produción e análise de datos	1	25	150
Curso de formación en emancipación xuvenil e orientación laboral	2	50	90
Curso de formación en Modelos teóricos para a comprensión da mocidade	1	25	80
Curso de emancipación xuvenil a distancia nas casas de xuventude	6	30	50
Curso de formación básica en información xuvenil	5	20	60
Curso medio de protección de datos	1	50	25
Curso de folia de cálculo Excell básico	1	50	25
Curso de PowerPoint	1	50	25
Curso de procesador de textos avanzado	1	50	25

*O nº de participantes e horas refírese a cada edición

7.1.1.4 Cursos de idiomas

Cursos dirixidos a persoas entre 16 e 30 anos que desexan aprender ou mellorar os coñecementos do idioma elixido. Inclúe o ensino, o aloxamento e as comidas, na maioría das veces. Ademais, realízanse actividades sociais e deportivas. Existen distintas variedades de aloxamento; a máis común é aloxarse en familia aínda que tamén pode ser en residencias ou pisos de estudantes. Os idiomas que se ofertan son o inglés (Gran Bretaña, Irlanda, Canadá, Malta, Australia e Estados Unidos), alemán francés e cursos de chinés, ruso, portugués e italiano.

7.1.1.5 Plan de Formación e Cooperación-Training Cooperation Plan (TCP)

Dentro do programa Xuventude en acción, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado presentou tres proxectos dentro da Acción 4.3 co obxectivo de difundir, dar máis visibilidade e dedicar máis atención aos aspectos de calidade na planificación e implantación de proxectos europeos.

- Importe subvencionado: 29.714 euros.
- Participantes: 297

7.1.2 Actividades programadas

7.1.2.1 Acción de verán 2010



A Campaña de Verán 2010 abrangue unha oferta de actividades de lecer e tempo libre para os mozos e mozas galegos durante o período de tempo comprendido entre o 15 de xuño ata o 30 de setembro do ano 2010, incluíndo actividades tanto en Galicia como noutras comunidades autónomas.

A finalidade perseguida foi ofertar un ocio saudable e comprometido coa natureza, a tolerancia, a solidariedade, a cultura e a igualdade, constituíndo unha oferta lúdica que complementa a educación regrada da mocidade.

Os programas ofertados foron os seguintes:

- Programa de actividades realizados en Galicia: 68 campamentos de verán que se desenvolveron en 27 instalacións xuvenís (17 propias, 10 concertadas) con accións relacionadas co mar, a bicicleta, os deportes náuticos, campamentos de teatro, aventuras na natureza e outros.
- Programa de intercambios bilaterais con outras comunidades autónomas: 16 campamentos noutras comunidades autónomas relacionados coa multiaventura, a náutica e outras actividades de montaña, natureza e mar.

Ofertáronse un total de 8.881 prazas, delas 8.444 corresponderon a prazas do programa de actividades realizados en Galicia e 437 a intercambios con outras comunidades autónomas.

No referente aos programa de actividades desenvolvidas hai que diferenciar entre:

- **Actividades promovidas desde a dirección xeral en instalacións galegas:**

Actividades que inclúen aloxamento (en albergues, residencias ou campamentos xuvenís), material necesario para cada actividade, equipo técnico especializado, atención sanitaria e seguro de responsabilidade civil.

Existen dúas modalidades:

- Actividades para rapaces e rapazas de 9 a 17 anos en instalacións da Galicia costeira e interior.
- Para maiores de 18 anos con actividades tan diversas como: fotografía, mergullo, multiaventura, kaiak, embarcacións tradicionais...

- **Oferta concertada:** 1.625 prazas para que as asociacións, escolas de tempo libre, corporacións locais ou outras entidades públicas ou privadas que realicen actividades asistenciais, poidan utilizar as instalacións xuvenís da dirección xeral e desenvolver os seus propios programas de actividades.
- Prazas ofertadas: 20 quendas distribuídas en 12 instalacións.

- Servizos ofertados:
 - Servizos de auga, luz, electricidade e alimentación en réxime de pensión completa.
 - Material (excepto o correspondente ás actividades específicas) que, no caso dos campamentos, comprende tamén as tendas de campaña, colchóns e mantas.
 - Xerencia e persoal de servizo.

A Orde do 23 de febreiro de 2010, establecía uns criterios de adxudicación, dando prioridade:

- Ás entidades que solicitaran un maior número de prazas e/ou días ata o tope máximo de cada instalación.
- Ás solicitudes das entidades que cubriran as prazas por convocatoria aberta e non reservadas exclusivamente aos seus membros ou asociados.
- Ás entidades domiciliadas na Comunidade autónoma galega.

- Ás entidades que solicitaran instalacións das que non gozaran nos dous últimos anos.
- Ás que subvencionaran o total ou parte da cota que tiveran que pagar os participantes.

Dende o punto de vista procedimental, as solicitudes foron examinadas por unha comisión de valoración que elevou a súa proposta de resolución ao director xeral de Xuventude e Voluntariado e que se notificou a todos os solicitantes nun prazo máximo de dous meses, contados desde a publicación da orde no Diario Oficial de Galicia.

7.1.2.2 Campos de traballo 2010

Os campos de traballo son unha proposta para mozos e mozas de entre 18 e 30 anos que ao longo do verán, en períodos de quince días, coñecen outras realidades e vivencias a través da súa colaboración desinteresada en tarefas de índole social (nenos, anciáns, persoas en risco de exclusión social...), cultural (coñecemento de tradicións ou colaboración na organización de actividades lúdicas), ambientais (recuperación de camiños, espazos naturais), de construción e restauración (recuperación de edificios ou espazos públicos) ou arqueolóxicas (estudo e conservación de xacementos ou monumentos). Como contrapartida á súa colaboración a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado ofrécelles a posibilidade de coñecer Galicia, practicar deportes como o piragüismo, o ciclismo, a escalada ou gozar das rutas a cabalo.

Os campos de traballo non se limitan a Galicia; os mozos e mozas poden acudir a campos de traballo no estranxeiro e a campos de traballo doutras comunidades autónomas, mediante o intercambio de prazas e deste xeito coñecer outros lugares e dar a coñecer Galicia ao resto do mundo.

No ano 2010 a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado organizou 6 campos de traballo distribuídos en 10

quendas durante os meses de xullo e agosto, cun total de 220 prazas distribuídas do seguinte xeito: 50 prazas para voluntarios e voluntarias procedentes do estranxeiro, 2 prazas para integración, 40 prazas para mozos e mozas da Galicia exterior, 36 prazas para mozos e mozas de Galicia e 92 prazas repartidas entre as distintas comunidades autónomas.

Os voluntarios e voluntarias puideron asistir aos campos de traballo de Rois (contido arqueolóxico), Fisterra, O Pino e Palas de Reis (animación sociocultural), Illas Cíes (contido ambiental) e Ourense (contido social).

Como contrapartida, os voluntarios e voluntarias de Galicia tiveron a posibilidade de acudir ao estranxeiro (países como Francia, Alemaña, Xapón, Turquía, Togo, Suíza, Austria, Eslovaquia, Corea, Portugal... cunha oferta de 66 prazas e ao resto de comunidades autónomas de España cunha oferta inicial de 115 prazas.

A ocupación final de campos de traballo en Galicia foi de 205 prazas (un 93,18% das prazas ofertadas) e acudiron voluntarios e voluntarias de Galicia, de países como Alemaña, Francia, Eslovaquia, Grecia, Turquía, Corea do Sur, Rusia, Estados Unidos, Italia, Uruguai, Arxentina, Brasil, Venezuela, e de comunidades autónomas como Andalucía, Aragón, Murcia, Valencia, País Vasco, Castela e León, Cataluña, Madrid, Canarias...

Un total de 67 mozos e mozas galegos e galegas foron a países estranxeiros como Portugal (14), Alemaña (7), Francia (10), Italia (6), Turquía (7), Corea do Sur (2), Islandia (2), Grecia (2)...

Nas comunidades autónomas os voluntarios e voluntarias de Galicia foron a campos de traballo en Andalucía (23), Estremadura (12), País Vasco (5), Murcia (8), Cataluña (4) Valencia (10), Canarias (4), Cantabria (7), Aragón (5), Castela A Mancha (1), A Ríoxa (4), e un participante á cidade autónoma de Ceuta.

Estiveron en Cáceres para coñecer as novas técnicas

e dinámicas do mundo do circo; en Barcelona, Almería, Cádiz, Cuenca, ou Ceuta para colaborar na animación do tempo de lecer de nenos e mozos en risco de exclusión social, anciáns e discapacitados; no Mar Menor en tarefas de seguimento de cetáceos nun veleiro de época ou en Mallorca colaborando na montaxe dunha obra de teatro.

7.1.2.3 Na terra e no mar

Programa de educación ambiental para dar a coñecer o hábitat mariño e o eido ecuestre. Dirixido ao alumnado do primeiro e segundo ciclo da ESO, pretendía sensibilizar os rapaces sobre a importancia de conservar e respectar tanto os recursos do medio mariño como os do medio natural, para unir deste xeito a mocidade co mar e coa terra.

O programa tiña como obxectivos:

- Achegar a mocidade galega á realidade mariñeira e ecuestre da nosa xeografía.
- Poñer en valor o noso medio mariño e terrestre.
- Promover o coñecemento do medio natural e do patrimonio marítimo e ecuestre.
- Concienciar da necesidade da recuperación do contorno natural.

Dividiuse en dúas opcións ou bloques de participación:

- BLOQUE I: desenvolvido no Concello do Grove, nas instalacións do Acuario.
- BLOQUE II: realizado no Centro do Cabalo Galego de Sergude (Boqueixón) e no Pico Sacro.

Organizouse en quendas de 1 día de duración (de luns a venres), nos meses de marzo, abril e maio, cun máximo de 100 alumnos por quenda.

7.1.2.4 Translatio

Programa de actividades etnográficas, patrimoniais e ambientais enmarcado no ámbito cultural da Ruta Xacobe Arousá, dirixido ao alumnado de 3º e 4º curso da educación secundaria obrigatoria (ESO) e 1º curso de bacharelato, procedente dos centros de ensino galegos

Entre os seus obxectivos podemos destacar:

- Identificar e valorar os recursos do contorno, o patrimonio natural e etnográfico da ría de Arousa, e o fomento da protección do medio.
- Propiciar coñecementos sobre a xénese da historia relativa ao Xacobeo.
- Aprender o manexo de elementos de cartografía e orientación tanto no medio terrestre como marítimo.

O programa incluía actividades marítimo-pesqueiras abordo dun barco; percorrido dende Cortegada ata Pontecesures nun Drakkar Vikingo; visitas culturais e rutas ambientais en bicicleta.

Ofertáronse 450 prazas distribuídas en 9 quendas de xaneiro a marzo de 2010.

7.1.2.5 Planeta mar

Programa de educación ambiental e ecoloxía mariña, organizado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado en colaboración coa Consellería do Mar, dirixido ao alumnado do segundo ciclo da educación secundaria obrigatoria (3.º e 4.º ESO), 1.º curso de bacharelato e 1.º ciclo formativo de grao medio

O programa tiña como finalidade chegar a mocidade galega ao coñecemento das relacións que se establecen entre o home e o mar para garantir a conservación do patrimonio natural mariño, a súa riqueza e o desenvolvemento sostible.

Entre os seus obxectivos incluíanse os seguintes:

- Permitir o achegamento ao mundo mariño, nas vertentes ecolóxica e etnográfica e mostrar as embarcacións antigas e tradicionais, as actividades extractivas no mar, a complexidade do ecosistema acuático e a biodiversidade mariña.
- Promover a sensibilización e o respecto ambiental e transmitir actitudes positivas para conservar o patrimonio natural e cultural, a biodiversidade e a etnografía marítima; divulgar a situación actual do mar e fomentar os hábitos de vida saudable.
- Promover diferentes situacións multiculturais e de intercambio de experiencias, fomentar o respecto pola identidade cultural galega e promover o enriquecemento persoal a través da vivencia de experiencias compartidas e da aprendizaxe non formal

Estruturouse en dous módulos diferenciados:

- PLANETA LITORAL, dirixido ao alumnado do 2.º ciclo da ESO (3.º e 4.º).
- EXPEDICIÓN NEPTUNO, dirixido ao alumnado do 1.º curso do bacharelato e 1.º ciclo formativo de grao medio.

O Programa Planeta Mar desenvolveuse desde o 10 de maio ata o 4 de xuño, en catro quendas de cinco días de duración, ofertándose 100 prazas en cada quenda.

7.1.2.6 Xuventur. Turismo no rural para a mocidade galega



Programa de actividades de lecer e tempo libre realizado en diferentes casas rurais de toda Galicia, organizado conxuntamente pola Dirección Xeral de Xuventude

e Voluntariado e pola Secretaría Xeral para o Turismo-TURGALICIA.

Estivo dirixido a persoas de entre 18 e 35 anos e realizou-se durante os fins de semana dos meses de abril, maio e xuño do 2010 (agás Semana Santa).

O programa tiña como obxectivos:

- Facilitar o coñecemento da xeografía e patrimonio natural, cultural e etnográfico de Galicia, para promover o seu respecto.
- Proporcionar á xente nova a oportunidade de vivir a experiencia do turismo activo e do turismo rural de Galicia.
- Promover a educación ambiental e o ocio saudable.

Tamén se perseguía desestacionalizar o turismo rural e abril a un segmento da poboación que xeralmente rexistra unha demanda minoritaria do turismo rural.

Incluía aloxamento en casas de turismo rural, manutención, actividades na natureza de turismo activo, monitores especializados e o material preciso para o desenvolvemento das actividades.

Fixéronse un total de 18 programas con actividades tan variadas como: rutas en canoa, sendeirismo, actividades de surf e escalada e xogos de rol, entre outras; todas elas desenvolvéronse polas comarcas e concellos de Galicia.

As casas rurais que participaron no programa foron cento cincuenta (150), e ofertáronse mil cincocentas prazas (1.500).

7.1.2.7 Invernízate

Programa de actividades de lecer e tempo libre, dirixido á xuventude de 18 a 35 anos que tivo como obxectivos:

- Facilitar a participación en actividades educativas no medio natural

- Favorecer a convivencia a través das actividades ao aire libre
- Potenciar o enriquecemento cultural e o coñecemento do contorno
- Promover a educación ambiental e o ocio saudable.

Parte do programa desenvolveuse en quendas de tres días de duración, nos meses de novembro e decembro de 2010 (continuou durante xaneiro e febreiro de 2011). Ofertáronse 50 prazas por quenda.

O aloxamento dos participantes foi no albergue xuvenil de Gandarío.

7.1.2.8 Roteiros para a Xuventude

Consistiu nun programa de saídas de fin de semana que incluíu itinerarios da cultura mariñeira, rutas de sendeirismo de dificultade media, actividades náuticas e de multiaventura e de interpretación do noso patrimonio natural, arqueolóxico e etnográfico.

O seu fin foi fomentar o coidado do ambiente e gozar da paisaxe e do contacto coa natureza en distintos contornos privilexiados de Galicia.

Este programa constou de varias actividades e localizacións específicas que permitiron gozar da beleza e do contacto coa natureza en ámbitos territoriais diferenciados.

Dirixido a persoas de entre 18 e 30 anos, desenvolveuse entre os meses de abril e xuño de 2010.

O programa Roteiros para a xuventude estivo formado por estas rutas: Roteiro pola costa da morte, Roteiro n’a auga, Programa multiaventura e o Programa natureza e aventura



7.1.2.9 Mergúllate en San Simón



Este programa de actividades consistiu en cursos de iniciación ao mergullo sen bombona. Desenvolveuse durante dous días, coincidentes coa fin de semana, durante o período de outono do ano 2010, para xente moza de 18 a 35 anos.

Ademais de adquirir os coñecementos básicos de mergullo, este programa pretendía fomentar o coidado do ambiente e gozar da paisaxe e do contacto coa natureza nos distintos contornos privilexiados da Illa de San Simón.

7.1.2.10 Noites saudables

Trátase dun programa para rapaces e rapazas de idades comprendidas entre os 18 e 35 anos e cofinanciado pola Secretaría Xeral para o Turismo e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

A súa finalidade foi promover o termalismo e o ocio entre a xente máis nova con estancias de fins de semana durante o mes de abril de 2010

Incluía 2 días de estancia en réxime de media pensión con tratamentos específicos.

7.1.3 Carné xove e Emancipación xuvenil

7.1.3.1 Carné xove



O Carné Xove é unha tarxeta persoal a disposición dos mozos/as de 12 a 30 anos.

Para obtelo, precísase cubrir un impreso, presentar o DNI e pagar 6 euros . Conta cunha vixencia de 2 anos contados a partir da súa data de expedición

O Carné Xove pódese expedir como modelo clásico (só descontos) ou ben incorporar, de xeito opcional para os solicitantes, as prestacións dunha tarxeta financeira, no modelo combinado Carné Xove/ tarxeta bancaria.

Permite aos titulares un acceso privilexiado a descontos en toda Galicia, no resto das comunidades autónomas e en 40 países europeos adheridos que abranguen ámbitos tan dispares como o cultural, deportivo, actividades lúdicas, espectáculos, servizos de aloxamento, transporte, comercial e outros. Así mesmo, conta cun seguro gratuíto que cubre o maior número de continxencias nos seus desprazamentos.

No ano 2010 emitíronse máis de 26.000 novos carnés, superando actualmente os 52.000 usuarios.

Así mesmo, no ano 2010, adheríronse ao programa 41 novas entidades que se uniron ás case 3.000 entidades colaboradoras do programa.

Estre as novas incorporacións podemos resaltar o equipo de fútbol-sala Autos Lobelle de Santiago F.S. , o club de baloncesto Obradoiro C.A.B. e a Casa del Libro

Neste ano 2010, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado efectuou descontos dun 25 % aos posuidores do Carné Xove, en todos os seus programas e actividades.

7.1.3.2 Emancipación xuvenil

A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, apoia o desenvolvemento da actividade xuvenil, destacando entre as súas competencias, segundo o disposto no artigo 35 do Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar (DOG nº 123, do 25.06.2009), a xestión, en coordinación coa Secretaría Xeral de Familia e Benestar, das actuacións en materia de xuventude e a elaboración e tramitación dos convenios dirixidos a fomentar a colaboración coas administracións públicas, respecto da organización de actividades dirixidas á xuventude.

Neste contexto, con data do 27 de outubro de 2010, asinouse o convenio entre o Instituto de la Juventud do Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad (INJUVE) e a Consellería de Traballo e Benestar enmarcado no programa Emancipación Joven que ten como obxectivo facilitar aos mozos e mozas de entre 16 e 35 anos de idade o acceso a un emprego e unha vivenda dignos e de calidade.

Con base neste convenio mantense o funcionamento da Oficina de Emancipación Xuvenil, situada no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Galicia, sito na praza do Matadoiro en Santiago de Compostela.

Nesta oficina, os mozos e mozas dispoñen de información actualizada, no eido do emprego con actuacións encamiñadas á orientación profesional e sociolaboral, e tamén dispoñen de asesoramento para a posta en práctica de ideas emprendedoras e de proxectos empresariais para a xuventude.

En canto a área de vivenda as actuacións que se levan a cabo na oficina de emancipación, son as de informar e orientar en todo o referido ao acceso da vivenda: programa de vivenda en aluguer e axudas ao abeiro da normati-

va estatal e autonómica que sexa de aplicación.

O servizo complementase cunha oficina virtual de emancipación que ofrece información actualizada e asesoramento aos mozos e mozas galegos/as na páxina web: www.xuventude.net cun enlace específico á páxina web: <http://xuventude.xunta.es/emancipacion-xove.html>.



Ao abeiro do convenio, realizáronse ademais as seguintes accións no ano 2010:

- 3 Cursos de emancipación xuvenil nas casas de Xuventude de Galicia
- 10 Cursos de formación sobre técnicas en busca de emprego.
- 1 Xornada de emancipación e información xuvenil na Escola Galega de Administración Pública (EGAP).
- 50 Obradoiros de emancipación xuvenil nos concellos galegos
- Unha guía de recursos para a emancipación da xuventude galega
- Un estudo sobre a inserción laboral e a emancipación dos mozos en Galicia, elaborado pola Universidade de Santiago de Compostela.

7.1.4. Difusión cultural

7.1.4.1 Xuventude Crea



Xuventude Crea, Certame Galego de Creadores Novos creouse co obxecto de dar apoio á mocidade con inque-

danzas artísticas, incentivando a súa creatividade entre un grande abano de actividades.

Nesta edición, o certame incluíu doce especialidades: teatro, artes plásticas, moda, música, relato breve, poesía, videocreación, banda deseñada, carteis, graffiti, monólogos e deseño de xoias. Os participantes, persoas de entre 16 e 30 anos, só podían presentar unha obra por especialidade. Os finalistas en cada especialidade optaron a 3 premios de 3.000, 1.500 e 1.000 euros respectivamente.

7.1.4.2 Xuventude Galicia Net



Programa dirixido a persoas de entre os 16 e os 35 anos no que se dá a coñecer as últimas innovacións tecnolóxicas en programación e deseño gráfico ou multimedia. Os máis novos tamén son partícipes dos últimos avances tecnolóxicos no campo das telecomunicacións e da información.

Este encontro comezou a súa andadura no ano 2000 e desde entón aumenta o número de participantes en cada edición e o número de concursos, premios, patrocinios e calidade en xeral.

A edición deste ano clausurouse cun balance de máis de 40.000 visitas. A participación contemplouse desde dúas modalidades: a intranet do evento para persoas de entre 16 e 35 anos que contou con 1500 participantes e 40.000 metros de cable a unha velocidade dun xigabit e a participación libre e gratuíta de toda clase de público. Organizáronse tamén outro tipo de actividades como concursos, conferencias, a proxección de dúas películas, acceso a Linux, multimedia, videoconsolas, etc.

7.1.4.3 Parlamento Xove

O proxecto Parlamento Xove fórmalo un conxunto de actividades que teñen por obxecto fomentar entre a xuventude o diálogo como ferramenta para argumentar razoadamente as ideas propias. Potenciáronse habilidades individuais e de grupo entre as que destacaron o desenvolvemento da capacidade de selección de información, a expresión escrita, a expresión oral, a orixinalidade, a argumentación razoada, o traballo en equipo ou a convivencia. Asemade, fomentouse a lectura, escritura, emprego das novas tecnoloxías con fins informativos e culturais e o respecto polas ideas dos demais.

Estas actividades tiveron como fío común debater sobre un tema formulado pola organización, entre as que se inclúen a publicación de artigos en blog e xornais, a realización dun dossier de investigación do tema tratado e debates dialécticos.

Participou alumnado de 4º da ESO e 1º e 2º de Bacharelato dos centros de ensino de Galicia

En cada debate enfrontáronse dous equipos, un equipo defendeu a postura a favor, e o outro, a postura en contra.

7.1.4.4 Rede Galega de Locais de Ensaio

No ano 2010 inauguráronse dous novos locais: Carral e Ferrol

7.1.4.5 Campaña libre



A campaña de Conductor Alternativo, posta en marcha no verán de 2009 polas direccións xerais de Mobilidade e de Xuventude e Voluntariado achegou mensaxes a máis de

20.000 mozos e mozas. O seu éxito levou aos organizadores a continuar incidindo nos meses de xullo, agosto, setembro e outubro de 2010 na importancia que supón ser LIBRE na condución, libre de alcol, libre de preocupacións.

Os monitores da campaña a prol dunha condución responsable estiveron presentes nos meses de xullo, agosto e setembro nas noites das principais festas de Galicia.

A campaña de acción directa complementouse coa difusión, que da campaña realizaron, as principais orquestras que actuaron nas festas do verán das vilas e cidades de Galicia.

Técnicos do programa Quérote +, da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, levaron a cabo talleres de seguridade e educación viaria nos campamentos xuvenís do verán para adolescentes de 15, 16 e 17 anos .

As fins de semana de outubro e novembro organizáronse no circuíto de Forcarei cursos de condución segura, dos que se ofertaron case 600 prazas, en quendas de sábados e domingos.

A través desta acción, tentouse inculcar aos participantes actitudes seguras no uso do vehículo, a través do coñecemento dos factores de risco, dos sistemas de seguridade do automóbil e da técnica de condución. O curso durou cinco horas, das que catro foron de práctica de condución con vehículos. Os alumnos estiveron sempre acompañados por monitores especialistas.

7.1.5 Programas europeos

7.1.5.1 Xuventude en acción

O programa europeo “Xuventude en acción” ten como finalidade fomentar as oportunidades de aprendizaxe non formal da mocidade a través do financiamento de proxectos que elabore sobre algunha das cinco accións

previstas.

Acción 1. A mocidade con Europa. No seu marco apóianse:

- Intercambios, a partir dun proxecto en común, entre grupos de mozos/as de diferentes países. Poden ser bilaterais, trilaterais (intercambios entre asociacións ou grupos de mozos de dous ou tres países), ou multilaterais (intercambios entre grupos de mozos de máis de tres países).
- Iniciativas: proxectos de grupos de mozos/as deseñados co fin de incidir nun ámbito local, rexional ou nacional. Tamén se apoia a conexión en rede de proxectos similares entre distintos países.
- Proxectos de democracia participativa: con esta medida apóiase a participación da mocidade na vida democrática da súa comunidade a nivel local, rexional e internacional.

Acción 2. Servizo voluntario europeo. Busca fomentar a participación da mocidade en distintas formas de actividades de voluntariado, dentro e fóra da Unión Europea. Para acollerse a esta acción cómpren tres actores: o voluntario, unha organización de envío e unha organización de acollida.

Acción 3. A mocidade no mundo. Apoia proxectos de intercambios de grupos con países veciños da Unión Europea ou con outros países do mundo, así como a formación e proxectos de conexión en rede no ámbito da xuventude.

Acción 4. Sistemas de apoio á mocidade. Procura apoiar os organismos activos a nivel europeo no ámbito da xuventude, a súa conexión en rede e o asesoramento ás persoas que desenvolven proxectos.

Acción 5. Apoio á cooperación europea no ámbito da mocidade. No seu marco apóianse encontros e seminarios nacionais e transnacionais de mozos,

favorécese a cooperación política en materia de xuventude e contribúese ao desenvolvemento de redes co fin de coñecer mellor a mocidade.

O programa está aberto á participación de calquera persoa de entre 15 e 28 anos (algunhas accións admiten persoas de entre 13 e 30 anos), pero é unha liña prioritaria fomentar e potenciar a participación daqueles mozos/as con “menos oportunidades”, ben sexa por razóns de índole xeográfica, cultural ou socioeconómica, ben sexa por seren persoas discapacitadas.

Os proxectos preséntanse na Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, dentro de cada unha das cinco convocatorias anuais establecidas: antes do 1 de febreiro, do 1 de abril, do 1 de xuño, do 1 de setembro e do 1 de novembro.

Os proxectos, logo de seren avaliados na dirección xeral, son remitidos á Axencia Nacional, órgano encargado de elevar ao órgano concedente (Dirección Xeral do Instituto da Xuventude) a proposta definitiva de concesión.

A maioría dos proxectos presentados e aprobados este ano centráronse nos intercambios, nas iniciativas e no servizo voluntario europeo.

Polo que respecta á participación, do total de 1.047 mozos, o número de participantes galegos foi de 577, mentres que a participación estranxeira sitúase en 470 mozos pertencentes a diferentes países da Unión Europea e de países veciños.

Da capacidade orzamentaria asignada á nosa Comunidade autónoma aprobáronse 52 proxectos por unha contía de 828.115 euros.

Relación de proxectos aprobados por accións-Galicia
Convocatoria 2010/ febreiro, abril, xuño, setembro e novembro

Tipo de acción	Nº de proxectos aprobados	Nº de participantes	Participantes galegos	Participantes estranxeiros	Axuda concedida
Acción 1.1	16	427	119	308	237.895
Acción 1.2	8	45	45	-	48.100
Acción 1.3	4	205	180	25	101.372
Acción 2 - SVE	15	119	39	80	321.704
Acción 3.1	4	102	65	37	52.571
Acción 4.3	4	119	119	-	47.817
Acción 5.1	1	30	10	20	18.656
Total	52	1.047	577	470	828.115

7.1.5.2 Euroescola 2010

O concurso Euroescola é convocado por la Oficina do Parlamento Europeo en España, en colaboración coa epresentación da Comisión Europea en España.

O seu obxectivo é informar á xuventude sobre o proceso de integración europea, dándolle a oportunidade de reflexionar e debater sobre o modelo de Unión que quere para o futuro.

O concurso pretende tamén fomentar o uso da internet como ferramenta educativa, informativa e comunicativa e a aprendizaxe doutra lingua, fundamental para una Europa unida; por iso, o concurso desenvólvese en español e inglés.

Sendo este o Ano Europeo contra a Pobreza e a Exclusión Social, a edición deste ano tivo por obxectivo concienciar os mozos sobre este grave problema e fomentar o voluntariado.

O concurso desenvolveuse a través dun xogo interactivo educativo na internet desde febreiro ata abril.

O concurso está aberto a todos os centros escolares establecidos no territorio español, que para participar deben formar equipos de 10 alumnos (de entre 15 e 18 anos) liderados por un profesor responsable. Por cada comunidade autónoma hai un finalista. Os 10 equipos mellor clasificados, de entre todos os finalistas, son os gañadores.

Os gañadores do concurso teñen como premio unha viaxe a Estrasburgo para participar con outros mozos europeos no Programa Euroescola (simulación do Parlamento Europeo para mozos).

Ademais desta viaxe, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado participa con outro premio consistente en invitar a 20 alumnos dos centros dos tres equipos mellor clasificados da nosa Comunidade autónoma ao campamento Europa Activa, en Gandarío, do 25 ao 28 de setembro de 2010.

Na edición do 2010, os tres equipos mellor clasificados de Galicia, e aos que lles correspondeu participar no campamento, son os seguintes:

- 1º: Centro Santa María del Mar, da Coruña
- 2º: CPR Nuestra Señora del Carmen de Betanzos
- 3º: IES Maruja Mallo de Ordes

No campamento, os rapaces gozan de obradoiros, xogos, actividades náuticas, festas, noites temáticas... tendo todas as actividades a temática de Europa como fío condutor.

7.1.5.3 O proxecto Volangteer

Ideado e coordinado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e aprobado pola Comisión Europea dentro do Programa de aprendizaxe permanente, foi un proxecto piloto de inmersión cultural para estranxeiros,

centrado en bolseiros Erasmus da Universidade de Santiago que é socia colaboradora no proxecto, xunto con entidades de Francia e Holanda nas que se desenvolve simultaneamente esta acción piloto, e Grecia.

O proxecto comezou a finais do 2008 e desenvolveuse durante o 2009. Ao longo do 2010 puxéronse en marcha diferentes actividades levadas a cabo conxuntamente cos socios no mes de marzo en Holanda e en outubro en Santiago de Compostela.

Leváronse a cabo tamén xornadas cos participantes en Galicia, en xuño, unha xornada de exposición de experiencias e traballos realizados polos participantes do proxecto e, en outubro, a participación activa concretouse na xornada de formación do voluntariado organizada pola Universidade de Santiago na que se expuxeron e explicaron as posibilidades de uso da metodoloxía e produtos finais elaborados ao abeiro do proxecto.

Volangteer como proxecto piloto rematou o 30 de novembro de 2010 coa elaboración e presentación do informe final e a difusión a nivel internacional, nacional e local da metodoloxía elaborada e das actividades propostas para a súa execución.

Contou co apoio dunha páxina web creada para este fin www.volangteer.info na que se difunde e se pode ver, a través dun CD-ROM recompilatorio, os momentos máis salientables e os materiais precisos para a súa aplicación en diferentes ámbitos



7.1.5.4 Bolsas Leonardo da Vinci

Proxectos europeos no marco do Programa de aprendizaxe permanente levados a cabo polo Servizo de Promoción de Actividades e Mobilidade Xuvenil 2010.

No marco do Programa de aprendizaxe permanente do Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos na Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado remataron e presentouse o informe final e validación de tres proxectos Leonardo da Vinci para persoas no mercado laboral nos que participaron un total de 103 mozos e mozas que fixeron prácticas en empresas na República Checa, Portugal, Italia e Alemaña.

As bolsas consistiron en estadías de 12 semanas de duración no país de destino coa finalidade de facilitar aos participantes a inserción no mercado laboral e o coñecemento da comunidade europea proporcionando a adquisición e ampliación de habilidades lingüísticas nun idioma estranxeiro así como un perfeccionamento das habilidades profesionais e persoais de cada participante.

Os proxectos estiveron focalizados:

- No sector das novas enerxías New Energy Age (NEA), proxecto nº: ES/08/ LLP-LdV/PLM/150165 cunha subvención europea de 81.025,00 euros
- No sector turístico no proxecto Internacional Work in Europe (IWE) proxecto nº: ES/08/ LLP-LdV/PLM/150143 cunha subvención europea de 81.025,00 euros.
- No sector do medio co proxecto Evergreen nº: ES/08/ LLP-LdV/PLM/150148 que contou cunha subvención de 81.025,00 euros.

Dentro do mesmo marco europeo de Programas de aprendizaxe permanente, e no apartado das actividades transversais, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado rematou en novembro de 2010 o proxecto Volangteer destinado á creación dunha metodoloxía que facilitase a inmersión cultural e lingüística de persoas que

por diferentes motivos veíanse obrigadas a desenvolver a súa vida en países distintos aos seus de orixe.

O mencionado proxecto co nº: 143351-LLP-1-2008-1-ES-KA2-KA2MP contou cunha subvención total de 399.565,00 euros e desenvolveuse ao mesmo tempo na rexión holandesa de Frisia coa participación directa de Akademiet for Utaemmet Kreativitet (AFUK) e en Galicia que contou, ademais, coa participación da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (DXXV) e a Universidade de Santiago de Compostela (USC). Desenvolveuse coa colaboración directa dos socios de Francia (GIP) e de Grecia (IDEC).

En outubro de 2010 púxose en marcha o proxecto de mobilidade Leonardo da Vinci, “MoGal”, co número ES/10/ LLP-LdV/PLM/150127 que conta cunha subvención total de 492.496,00 euros e que se desenvolverá ao longo de 20 meses. Terá como destinatarios a 186 mozos e mozas galegos que realizarán prácticas lingüísticas e empresariais de 12 semanas de duración en Irlanda, República Checa, Italia, Francia e Holanda.

7.1.5.5 Proxecto Eurocidade

Programa de Cooperación Transfronteirizo España - Portugal, área Galicia - Norte de Portugal. Integración socioeconómica.

O obxectivo do proxecto é sentar as bases dunha cooperación transfronteiriza de segunda xeración convertendo á Eurocidade Chaves - Verín nun instrumento de desenvolvemento rexional que permita pór en marcha accións que melloren a calidade de vida dos cidadáns

Os beneficiarios directos do proxecto foron máis 4.000 mozos.

Entre as actuacións de desenvolvemento cómpre salientar a creación e apertura dunha Oficina Transfronteiriza de Información Xuvenil na Eurocidade e dun local de ensaio.

7.1.5.6 Un espazo novo na axenda de Lisboa: Proxecto Espazo Xuvenil

Programa de Cooperación Transfronteirizo España - Portugal, área Galicia - Norte de Portugal. Integración socioeconómica

O obxectivo xeral do proxecto é xerar unha nova actividade económica e emprego, desenvolver proxectos de colaboración conxunta, creación de novas empresas galaico-portuguesa, en definitiva máis postos de traballo para mozos.

Os beneficiarios totais do proxecto foron 30.000 mozos (durante os anos 2009-2010).

Entre as actuacións de desenvolvemento cómpre salientar a proliferación de actividades socioculturais conxuntas e unha maior capacidade de xestión das estruturas de xuventude existentes na zona especialmente de cara ao emprendurismo

7.1.5.7 Programa galego de mobilidade “Xuventude no mundo I e II”

Durante o ano 2010 convocáronse dúas edicións do programa galego de mobilidade “Xuventude no mundo”.

O programa galego de mobilidade “A Xuventude no mundo” pretendeu que os mozos/as de Galicia, puidesen coñecer outras rexións e medios de vida diferentes aos que habitualmente están acostumados, relacionándose durante unha semana con mozos/as doutros contornos e sendo partícipes dunhas experiencias e coñecementos que se pretendían conseguir mediante unha educación non formal a través dos seguintes obxectivos:

- Facilitar e potenciar a participación, o desenvolvemento persoal e a autonomía dos mozos/as que favorezan a toma de decisións na vida adulta.
- Aprendizaxe e cooperación entre mozos/as de

diferentes rexións mediante a convivencia e a interacción.

- Coñecemento e ampliación doutras linguas e culturas.
- Eliminar prexuízos, potenciando a solidariedade, o voluntariado e a tolerancia.
- Comprensión da diversidade sociocultural.
- Concienciación da necesidade da protección permanente do medio natural.

O programa foi destinado aos mozos/as residentes en Galicia, de entre 18 e 30 anos.

A 1ª edición tivo os seguintes lugares de realización: Hungría en Vezprem e Budapest, Portugal en Esposende e Figueira da Foz, Francia en París e Evry, Grecia en Thessaloniki, Romanía en Bucarest, Italia en Roma e Teramo, Italia en Trento e Val de Peio e en Bulgaria en Veliko Tarnovo.

A 2ª edición tivo os seguintes lugares de realización: Arxentina en Bos Aires, Hungría en Hölloko e Budapest, Italia en Cerdeña, Moldova en Chisinau, Rusia en San Petersburgo, Galicia en Gandarío e Bergondo-Sada e Ucraína en Sinferopol.

7.1.6. Información e documentación xuvenil

7.1.6.1 Servizo de información xuvenil

Na Oficina de Información Xuvenil aténdense consultas de forma presencial, telefónica e por correo electrónico. Dáse información xeneralizada sobre temas de interese para a mocidade. As máis demandadas son sobre actividades, cursos, bolsas, axudas, estudos, carnés, traballo, vivenda e programas da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Atendéronse un total de 37.242 consultas, das que 27.062 foron presenciais e 10.180 telefónicas.

	Nº de consultas
Información sobre os distintos programas que convoca a dirección xeral	10.413
Bolsas e axudas	4.109
Cursos	3.417
Actividades	3.619
Axudas e subvencións	2.620
Carnés que emite a dirección xeral	1.953
Estudos, oposicións e vivenda	4.794
Idiomas	3.190
Voluntariado	524
Outras consultas	2.603
Total	37.242

En canto á distribución por sexo e idade as porcentaxes son as seguintes: Mulleres o 53%, Homes o 47%

Outro dato a ter en conta son os horarios que teñen os mozos para facer as consultas telefónicas. Aquí observamos que prefiren de 12:00 a 14:00 h, logo de 10:00 a 12:00 h, seguido do horario de 14:00 a 18:00, tendo o resto do día un número de consultas sen diferenzas significativas.

As consultas sobre a rede de información europea “eurodesk” sumaron un total de 133, das que 9 foron no primeiro trimestre, 56 no segundo , 35 no terceiro e 33 no cuarto trimestre

Foron 84 envíos de información os que se atenderon desde a rede Eurodesk. 3 no primeiro trimestre, 36 no segundo, 24 no terceiro e 21 no cuarto trimestre do ano.

As consultas presenciais sobre Asesoría de Programas Europeos foron 260: 69 no primeiro trimestre, 72 no segundo, 65 no terceiro e 54 no cuarto.

Programas europeos coordinados dende a Asesoría de Programas Europeos: 22

Programa galego de mobilidade. A Xuventude no mundo: 15

Mozos galegos participantes nos proxectos: 332

Mozos estranxeiros participantes en proxectos en Galicia e en outros países xunto a xoves Galegos: 342.

7.1.6.2 Oficina TIVE


A oficina TIVE, presta servizos, aos mozos e estudantes, relacionados con actividades de lecer e tempo libre, turismo nacional e internacional. A actividade fundamental é a expedición de carnés que proporcionan distintos tipos de vantaxes. Destacan os seguintes:

- **Carné xove**
Carné europeo que ofrece descontos en todos os programas da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, en transportes, comercios, museos e cines.

Requisitos: ter entre 12 e 30 anos e pagar unha cota de 6 euros. O carné ten unha validez de dous anos desde a súa expedición e entrégase unha guía dos descontos que se fan en Galicia.

- **Carné de estudante internacional (ISIC).**
Ofrece descontos en transportes, aloxamentos e servizos culturais de case todos os países.

Requisitos: ser estudante, achegar unha fotografía de tamaño carné e pagar unha taxa de 6 euros. Ten unha validez dun curso académico (de outubro a 31 de decembro do ano seguinte).



7.1.6.3 Comunicate

Este programa ten por obxecto difundir a internert entre a mocidade. A prestación é gratuíta para os posuidores de calquera carné expedido na oficina Tive.

Conta con 20 postos e cun amplo horario que facilita as consultas a aqueles mozos que non contan con acceso á internet na súa casa.

Horario: de 8:30 a 20:15 h de luns a xoves e de 8:30 a 15:00 e de 16:30 a 20:30 h os venres

Utilizaron este servizo un total de 22.955 usuarios, dos que o 49% eran mozas e un 51% mozos.

7.1.6.4 Portal Xuventude

É a páxina web da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado: <http://xuventude.xunta.es/>.



Está dividida en 25 áreas que a un tempo se reclasifican en cada unha delas para facilitar a busca de información aos mozos e mozas. Actualízase todos os días por medio de fichas. Neste ano introducíronse 2.200 fichas.

Correos enviados	160
Correos recibidos e contestados	1.009
Informe semanal	52
Elaboración de estadísticas da rede galega	3
Elaboración de memorias do Centro Coordinador , trimestrais e anuais	5

7.1.6.5 Documentación

O traballo de documentación que se fai no centro, consiste en recoller aqueles documentos que poden ser de interese para as distintas seccións da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Para iso repásanse boletíns, prensa e documentos co fin de facer un baleirado para a súa posterior catalogación e clasificación.

Atende tanto as consultas da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, como as da Rede de Información Xuvenil e as relacións con outro tipo de organismos e usuarios interesados.

Durante o ano fíxose o baleirado dun total de 2.311 artigos de prensa e revistas. Levouse a cabo a clasificación e catalogación de 882 manuais, folletos, DVD e outros materiais. Escaneáronse 1.719 artigos de prensa, revistas e manuais e fixéronse labores de expurgo e 295 buscas e descargas da internet sobre lexislación, información e documentación.

7.1.6.6 Préstamos de salas e recursos para actividades e recursos multimedia.

Os medios espaciais do Centro Coordinador de Informa-

ción e Documentación Xuvenil de Galicia son os seguintes: un salón de actos, dúas salas de usos múltiples e unha sala de informática. Esta infraestrutura ponse, logo da súa solicitude, á disposición de asociacións e colectivos para a realización das súas actividades.

Este ano foron usuarios: a Dirección Xeral de Menores, o Consello da Xuventude, o Servizo Galego de Igualdade, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, o Colexio de arbitros, SIUSS, os centros Quérote, a Asociación Cultural Raiña Lupa, FESAN, etc.

As distintas salas albergaron: 73 actividades da Dirección Xeral de Menores, 12 do centro Quérote+, 32 desde a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, 5 do Consello da Xuventude, 6 desde a Secretaría Xeral da Igualdade (Dependencia), 2 Estudantes liberais, 1 AFS Intercultura, 1 ELGA, 1 Voluntariado, 1 Deporte escolar,

O Centro Coordinador prestou ordenadores e proxectores ás OMIX (oficinas municipais de información xuvenil) e asociacións que o solicitaron.

7.1.6.7 Exposicións

- No segundo trimestre tivo lugar unha exposición no mes de xuño, “Arte con Lápis”, de Belén Fernández Guisande
- No terceiro trimestre tivo lugar una exposición no mes de xullo e agosto, “Retales”, de Laura Lago Bellas

7.1.6.8 Os centros Quérote // Quérote+

De Quérote a Quérote+

Centros Quérote

Os centros Quérote nacen e establécense ao longo dos anos como un recurso informativo e de atención da di-

mención sexual das persoas dando resposta ás necesidades xurdidas de forma manifesta entre a poboación moza e que avogan pola consecución dunha vivencia plena, responsable e construtiva da sexualidade.

Entre os seus obxectivos están:

- Contribuír a que a mocidade aprenda a coñecerse, aceptarse e a expresar a súa sexualidade/erótica dun xeito satisfactorio.
- Facilitar que os mozos e as mozas dispoñan do mellor repertorio de elementos para poder construírse como seres sexuais felices e en harmonía.
- Dotar de habilidades e estratexias que contribúan a adquirir autonomía e liberdade.
- Entre os seus servizos están:
- Información e asesoramento en aspectos relacionados coa sexuación/sexualidade e a erótica.
- Formación: obradoiros para a mocidade, nais e pais, axentes sociais xuvenís, en temas relacionados coa sexualidade.
- Elaboración de publicacións e artigos.
- Participación en eventos, foros e saídas promocionais.
- Realización de probas específicas.
- Distribución de preservativos de balde.

Os centros están localizados en 7 localidades: Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Burela, Vigo, Ferrol e A Coruña

Datos de consultas do 1º semestre do 2010:

1º semestre	Nº de consultas
Vía presencial	2.940
Vía en liña	1.477
Vía telefónica	597
Total	5.014

Centros Quérote+

No segundo semestre do 2010, os centros Quérote pasan a ser centros Quérote+. Dáse un xiro á formulación do servizo e, de traballar en aspectos exclusivamente relacionados coa sexualidade e a afectividade, ábrese o abano a novas temáticas coa idea de promover un servizo de información e asesoramento máis integral. Con esta idea xorde o novo nome, Quérote+, que recolle o nome previo do servizo engadíndolle un + debido á ampliación de novas temáticas e novos centros. Recóllese así a idea dun servizo e proxecto en evolución positiva e sempre indo a máis.

As novas temáticas que abrangue o servizo recóllense en diferentes programas:

- Quérete!: Sexualidade e afectividade
- Gústate!: Imaxe corporal
- Relaciónate!: Convivencia entre iguais
- Conéctate!: Seguridade no uso das novas tecnoloxías
- Vitalízate!: Drogas
- Móvetel!: Seguridade viaria
- Entre os seus obxectivos están:
- Contribuír a que mulleres e homes aprendan a coñecerse, a aceptarse e a expresarse dun xeito satisfactorio e congruente a nivel integral.
- Facilitar que os mozos e as mozas dispoñan do mellor repertorio de elementos para poder formarse como persoas felices e en harmonía
- Dotar de habilidades e estratexias que contribúan a adquisición de autonomía e liberdade, en todos os aspectos e ámbitos da vida.
- Entre os seus servizos están
- Servizo de Información e Asesoramento nas temáticas abordadas nos centros
- Servizo formativo en todas as temáticas abordadas nos centros
- Publicacións e colaboracións con medios de comunicación

- Participación en eventos, foros e saídas promocionais
- Realización de probas específicas
- Distribución de preservativos de forma gratuíta.

Os centros están localizados nas seguintes 17 localidades:

Centros Quérote+ de Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Vigo, Ferrol e A Coruña, e en todas as Casas da Xuventude de Galicia (Chantada, Tui, Betanzos, Vilalba, Viveiro, Noia, Lalín, Pontedeume, Carballo, Vilagarcía e Curtis).

Datos do 2º semestre do 2010:

2º Semestre	Nº de usuarios/as
Vía presencial	3.261
Vía en liña	1.098
Vía telefónica	570
Total	4.929

Neste segundo semestre as estatísticas fanse en función do número de usuarios/as, non en función do número de consultas recibidas (antes un mesmo usuario podía formular varias consultas e polo tanto constar unha cifra maior).

7.1.7 Ordes de subvencións no ámbito da xuventude

7.1.7.1 Axudas a entidades xuvenís e grupos informais

A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, convocou e tramitou diversas liñas de subvencións para axudar a favorecer a promoción sociocultural no ámbito da xuventude e contribuír, como un dos seus obxectivos prioritarios, á promoción da participación da mocidade desta comunidade e á súa inserción na vida social de forma participativa.

Neste senso, foi publicada a Orde do 30 de abril de 2010, pola que se establecen as bases que rexen as axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove (DOG nº 86, do 30.04.2010).

O art. 4º establece, como un dos requisitos para poder acceder a estas axudas, a inscrición das asociacións xuvenís e as entidades prestadoras de servizos á xuventude solicitantes, no censo oficial dependente organicamente da devandita dirección xeral.

Por outra banda, tamén se contempla a posibilidade de que poidan obter estas axudas os “grupos informais” de mozos e mozas que desexen realizar unha iniciativa xuvenil.

Orzamento e nº de axudas 2010:

- O orzamento total para o financiamento destas axudas foi de 675.000 euros para a realización dos proxectos de iniciativas xuvenís e de 100.000 euros para a adquisición de equipamento e material inventariable.
- O número total de axudas concedidas a entidades de ámbito autonómico e provincial foi de 263.

7.1.7.2 Axudas a entidades locais

Para poder acadar os obxectivos de participación efectiva da xuventude nos diferentes ámbitos da sociedade actual, a súa integración social e laboral e o acceso a unha información axeitada ás súas demandas informativas en igualdade de oportunidades en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería de Traballo e Benestar entende que é fundamental promover o feito asociativo xuvenil así como aquelas actuacións dirixidas a consolidar e garantir o acceso a unha información ampla, obxectiva e actualizada e facilitar o acceso da mocidade ás novas tecnoloxías. É importante, xa que logo, o apoio ás accións que, neste sentido, emprendan os concellos

dentro da súa competencia e ámbito territorial, como entes próximos ao cidadán e coñecedores das necesidades e da problemática xuvenil propia de cada un deles.

Para este fin, publicouse a Orde do 22 de abril de 2010, pola que se convocan subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2010 (DOG nº84, do 05.05.2010).

Orzamento e nº de axudas 2010:

- O orzamento para o financiamento destas axudas foi de 1.190.000 euros.
- O número total de axudas concedidas ascendeu a 225.

7.2 VOLUNTARIADO E PARTICIPACIÓN.

Ver portal

7.2.1 Voluntariado ambiental: por un medio rural sustentable

O voluntariado ambiental foi un proxecto posto en marcha pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, e pola Dirección Xeral de Montes, dependentes da Consellería de Traballo e Benestar e da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, respectivamente. Desenvolveuse os fins de semana dende o 17 de xullo ata o 12 de setembro.

Trátase dun programa de educación ambiental que involucra a sociedade na construción dun medio rural sustentable capaz de xerar riqueza e benestar.

A función das voluntarias e voluntarios foi sempre complementar os corpos forestais, e consistiu en realizar un tipo de vixilancia denominada disuasoria e recibir unha formación ambiental sobre o terreo.

As zonas que se escolleron para realizar estas tarefas son aquelas que teñen un alto índice de risco de incendio, e foron as seguintes:

Ourense, Lalín, Tui, Laza, O Rosal, e Rois

Os obxectivos foron:

Facilitar canles de participación e crear espazos de colaboración social.

Evitar a aparición de incendios forestais mediante a vixilancia disuasoria.

Educar ambientalmente as voluntarias e os voluntarios.

Promover a interpretación do noso patrimonio natural, cultural e histórico.

Impulsar as boas prácticas centradas na prevención dos lumes e no aproveitamento multifuncional do monte.

Divulgar a normativa vixente en materia forestal.

O número de voluntarios anotados para colaborar nas distintas zonas foron 138, e o total de accións voluntarias 100.

Voluntariado ambiental	
Ourense	18
Lalín	19
Tui/O Rosal	47
Laza	4
Rois	50
Total	138

7.2.2 Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria.

No momento actual son 758 as entidades de acción voluntaria inscritas no rexistro de entidades de acción voluntaria (EAV) da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (incluídas as organizacións non lucrativas (ONL) e as entidades locais e de ámbito autonómico). Desde 2006 cabe destacar o incremento progresivo de entidades rexistradas que contan cun número estimado de 30.000 voluntarios colaboradores, de acordo cos datos facilitados polas propias entidades, posto que non existe un rexistro oficial de voluntarios.

Total entidades de acción voluntaria	
Asociacións ONL	517
Entidades locais	213
Autonómicas	28
Total	758

Datos do rexistro das entidades de acción voluntaria (EAV)

Nº de inscricións no rexistro EAV no ano 2010: 25.

Predominan as entidades que traballan na área socioasistencial e medioambiental/xuvenil.


7.2 VOLUNTARIADO E PARTICIPACIÓN

O número de voluntarios que prestan os seus servizos nas entidades rexistradas este ano é de 414 aproximadamente.

No Rexistro constan 22 entidades que desenvolven programas de cooperación e 40 de protección civil.

Realizáronse 25 resolucións de inscrición, 14 de modificación da inscrición e 4 de desestímato.

Total entidades e voluntarios por provincia		
	Entidades	Voluntarios
A Coruña	286	19.332
Lugo	91	1.947
Ourense	183	5.697
Pontevedra	198	8.857
Total	758	35.833



7.2.3. Programa de Formación do Voluntariado (PDF)

Para dar cumprimento ao Plan Galego do Voluntariado 2006-2010, no ano 2010 púxose en marcha o IV Programa de formación do voluntariado, levando a cabo actuacións en materia de formación continua, destinada principalmente:

- ao persoal que traballa na Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil

- a técnicos de tempo libre ofertando un catálogo de cursos dirixidos a persoas coa titulación de monitor/a e director/a de actividades de tempo libre
- a persoal técnico e voluntariado das entidades inscritas no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria da Xunta de Galicia, e calquera mozo/a que queira formar parte do voluntariado galego, coa finalidade de cumprir os obxectivos de mellorar, sistematizar e cualificar a formación do voluntariado, así como seguir coa liña de estrutura de información e sensibilización do voluntariado establecido no Plan de Voluntariado.

Os cursos presenciais desenvóléronse nas principais cidades e vilas de Galicia co obxecto de achegar a formación a todas as persoas interesadas nas distintas temáticas. Ao mesmo tempo leváronse a cabo cursos en liña para facilitar a formación daquelas persoas con dificultades para desprazarse e poder participar na formación presencial por incompatibilidades cos seus horarios laborais e diferentes responsabilidades.

Este ano 2010, ofertáronse un total de 37 cursos que se desenvolveron nas sete cidades galegas e en seis vilas. Estes cursos tiveron como destinatarios preferentes o persoal técnico e voluntarios das entidades inscritas no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria da Xunta de Galicia.

As solicitudes e a súa tramitación realizáronse a través do portal www.voluntariadogalego.org, así como a través do Teléfono Solidario 900 400 800.

Cursos	Inscritos
Presenciais	551
En liña	484
Mixtos	99
Total	1.134

7.2.4. Feira Galega do Voluntariado.

Santiago acolleu entre o 21 e 24 de outubro a Feira Galega do Voluntariado. A iniciativa foi pioneira na comunidade autónoma, xa que ata a data o que se viña desenvolvendo era un congreso dun día de duración, que servía como punto de encontro para o voluntariado galego.

Esta novidosa feira, organizada pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, desenvolveuse cun dobre obxectivo:

- difundir e promover o labor das asociacións de Galicia
- recoñecer e agradecer o traballo desinteresado que prestan os voluntarios e voluntarias.

O evento contou con dous espazos diferenciados:

Área central:

- stands de cada unha das entidades participantes que daban a coñecer os seus proxectos. O único requisito foi que estes colectivos contasen con sede en Galicia.
- espazo dedicado a actividades de ocio: actuacións de música e danza, realización de obradoiros de reciclaxe, globoflexia, papiroflexia, maquillaxe, esponxas, etc.

EGAP

- conferencias o venres 22 de outubro. O conxunto de relatorios que tivo lugar na EGAP rematou co ‘World Café’, unha dinámica que se implantou por primeira vez nun congreso oficial de voluntariado en Galicia, coa que se pretendía acadar conclusións no eido do voluntariado.

Centros docentes de Galicia amosaron o seu interese por visitar a feira e para iso fixéronse grupos que foron pasando escalonadamente logrando así un fluxo continuo

de visitantes. O número de escolares que visitaron a Feira foi de 867.

7.2.5 Subvencións no ámbito do voluntariado.

Tramitáronse dúas liñas de subvencións, unha destinada ás entidades de acción voluntaria, e outra, aos concellos e mancomunidades de municipios; ambas para o fomento e a realización de actividades de voluntariado, co fin de fortalecer a todas as entidades de acción voluntaria e de promover a participación social:

- Orde do 3 de marzo de 2010 pola que se regulan as bases que rexirán as subvencións dirixidas a concellos e mancomunidades de municipios para o fomento e a realización de actividades de voluntariado e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (DOG nº 52, do 17.03.2010).
- Orde do 28 de abril de 2010 pola que se regulan as bases que rexirán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria para o fomento e a realización de actividades de voluntariado e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (DOG nº83, do 4.05.2010).

A inscrición no Rexistro de entidades de acción voluntaria constituíu requisito indispensable para poder solicitar a subvención.

7.2.5.1 Subvencións a entidades de acción voluntaria

Os proxectos subvencionados foron Executados por uns 2.500 voluntarios/as aproximadamente. Hai que destacar as grandes diferenzas en cifras de voluntarios segundo a entidade pasando daquelas que contan cun número considerable de voluntarios ás máis modestas con cifras que non chegan á decena.

Dos preto de 200 proxectos presentados polas entidades de acción voluntaria o primeiro que habería que comen-

7.2 VOLUNTARIADO E PARTICIPACIÓN

tar é a dificultade para facer calquera tipo de clasificación, así como tamén para clasificar ás propias entidades, ao constituír o voluntariado un ámbito transversal, con presenza en practicamente todos os sectores, e o carácter multilateral dos proxectos en sí mesmos, que soen incluír actividades de distintos tipos. En calquera caso, e a grandes rasgos, podemos facer a seguinte clasificación:

	%
Discapacitados	46,00%
Socio-asistentes	16,12%
Culturais, xuventude, ocio e tempo libre	13,00%
Colectivos humanos/carácter territorial	11,82%
Cooperación ao desenvolvemento/inmigración	8,60%
Protección de animais	1,60%
Deporte	1,60%
Outras	0,50%

Área


	%
Sensibilización	79,0%
Coordinación	11,2%
Xacobeo	8,3%
Seguridade viaria	1,7%

As porcentaxes das táboas non dan 100 porque as devanditas áreas non son excluíntes, senón que un mesmo proxecto podía corresponder a unha, todas ou varias das devanditas áreas.

• Solicitudes e importes:

	Nº solicitudes	Concedidas	Importe da subvención
A Coruña	94	90	145.971,20
Lugo	27	27	43.198,94
Ourense	39	35	55.955,77

Pontevedra	47	34	54.874,09
Total	207	186	300.000,00



7.2.5.2 Subvencións a concellos e mancomunidades

Os proxectos subvencionados foron executados por uns 800 voluntarios/as locais aproximadamente, que abranquen todos os sectores de idade.

Dos proxectos de voluntariado presentados por concellos e mancomunidades de municipios podemos facer a clasificación que segue, destacando que a maioría comprenden proxectos de voluntariado global en todos os ámbitos (social, ambiental, cultural...) e para toda a poboación do concello (maiores, menores, discapacitados...).

	%
Voluntariado local	54,0%
Voluntariado social	18,0%
Proxectos concretos de voluntariado	18,0%
Voluntariado cultural, deportivo e ambiental	9,0%

Área	%
Sensibilización	82%
Coordinación	30%
Xacobeo	17%


Seguridade viaria	17%
-------------------	-----

As porcentaxes das táboas non dan 100 porque as devanditas áreas non son excluíntes, senón que un mesmo proxecto podía corresponder a unha, todas ou varias das devanditas áreas.

É importante subliñar que o 21% dos proxectos presentados por concellos e mancomunidades de municipio son proxectos en coordinación con outra entidade de acción voluntaria, mentres que tan só o 5% dos proxectos presentados polas entidades constitúen proxectos conxuntos.

Solicitudes e importes:

	Nnº solicitudes	Concedidas	Importe da Subvención
A Coruña	45	39	118.862,68
Lugo	15	12	31.789,37
Ourense	43	30	71.990,19
Pontevedra	21	17	51.874,10
Total	124	98	274.514,34



7.2.6 Convenios coas universidades galegas

Dentro do Plan de Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar, a través Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, e partindo da idea de que as universidades teñen que formar cidadáns activos e persoas responsables no contexto social, firmáronse 3 convenios coas 3 universidades galegas para actividades relacionadas coa formación, difusión e promoción do voluntariado.

- Universidade de Santiago de Compostela (40.700 €)
- Universidade Vigo (26.320 €)
- Universidade da Coruña (26.980 €)

7.2.7 Congresos

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado participou cun stand informativo, os días 30 de novembro, 1 e 2 de decembro do 2010, no XIII Congreso Estatal de Voluntariado organizado pola Comunidade Autónoma da Ríoxa.

Neste evento, o día 2 de decembro, a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato Otero, fixo a presentación do congreso que en 2011 corresponderá organizar a Galicia, e que ten carácter anual.

7.2.8 Visita do Papa

En novembro, preto de 160 voluntario/as desprazáronse a Santiago de Compostela con motivo da visita a Galicia do Papa Benedicto XVI. O centenar de voluntarios que acudiron ao chamamento da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado repartíronse entre os distintos espazos da visita: o aeroporto de Lavacolla, todo o recorrido entre Lavacolla e a rúa de Xoán XXII -cunha presenza importante na zona das Cancelas como zona de animación

7.2 VOLUNTARIADO E PARTICIPACIÓN

infantil-, e nas pantallas de televisión situadas no colexio de La Salle, na praza Roxa e no paseo da Alameda. Ademais, tamén houbo voluntarios encargados de dous pavillóns de peregrinos.

Os voluntarios/as colaboraron con funcións de información e acompañamento, fundamentalmente. Tamén se ocuparon de delimitar e asegurarse de que se respectasen as zonas acordoadas e de estar en permanente contacto con Protección Civil e o O61 para comunicar calquera incidencia ou emerxencia. Para rematar o día, puideron gozar do concerto que “Hombres G” ofrecía esa noite en Compostela que, se ben, se trataba dun concerto aberto a todo o público, quixo ser unha homenaxe ao labor que desempeñaron todos os voluntarios e voluntarias que se achegaron ese día ata Compostela.

7.2.9 Voluntariado Xacobeo 2010

7.2.9.1 Voluntariado local

Ámbito de actuación:

- Camiño Francés: O Cebreiro, Triacastela, Sarria, Portomarín, Pals de Rei, Melide, Arzúa e O Pino
- Camiño Portugués: Tui, Pontevedra e A guarda
- Camiño do Norte: Ribadeo e Vilalba
- Vía da Prata: Laza, Xunqueira de Ambía, Ourense e Lalín
- Ruta de Arousa: Padrón
- Camiño Inglés: Mesía
- Camiño de Fisterra: Negreira e Fisterra
- Camiño Primitivo: Lugo

Para formar parte deste proxecto todos os voluntarios

tiveron que obter a cualificación de aptos no cursos de formación realizado a través da plataforma de telefonación da páxina web de voluntariado www.voluntariado-galego.org.

As colaboracións foron dun mínimo de 3 días e un máximo de 15.

A actividade comezou en Semana Santa e rematou no mes de setembro. Os estudantes das Universidades de Santiago e da Coruña que participaron no proxecto obtiveron ata 4 créditos de libre configuración.

Os ámbitos de actuación foron:

1. Voluntariado informativo, cultural e de Servizos: informaron das actividades, visitas ou servizos que se realizaron polas zona correspondente.
2. Voluntariado de información móbil ao pé do camiño: patrullas a pé ou en bicicleta Por parellas os tramos ente as etapas dos diferentes camiños desenvolvendo tarefas de información.
3. Voluntariado de acompañamento de grupos., daqueles que o solicitaron (por exemplo a Asociación Fibromialxia de Santiago, centros socioculturais de Ourense, etc.).

O número voluntarias/os foi de **1.738**.

7.2.9.2. Voluntariado da Sabedoría.

Programa da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado cuxo obxectivo foi que os maiores de 65 anos fosen tamén voluntarios e que aportasen a súa visión da nosa terra para cos que nos visitaron; unha visión baseada na súa vivencias, na súa vida, nos feitos históricos.

A imaxe que deu Galicia a través deste programa foi totalmente innovadora: un voluntariado social implicado, querendo amosar o seu traballo fronte a todos os que

veñen de fóra. A forza da actividade veu dada por dotar ao Camiño de Santiago dunha dinamización “in situ” que facilitou as etapas do camiñante e por amosarlles aspectos culturais de Galicia. Esta foi unha viaxe polo Camiño de Santiago a través das súas historias, das súas lendas, dos seus persoeiros máis senlleiros; unha viaxe que axudou a todos os peregrinos a contemplar dun xeito diferente e didáctico a nosa Comunidade autónoma. Todos os personaxes e todas as historias estiveron baseadas en lendas escollidas dos libros máis tradicionais do Camiño de Santiago así como da tradición oral de Galicia.

Tramos de intervención no camiño.

- Tramo 1.- O Cebreiro - Triacastela.
- Tramo 2.- Triacastela - Sarria.
- Tramo 3.- Sarria - Portomarín.
- Tramo 4.- Portomarín - Palas de rei.
- Tramo 5.- Palas de rei - Melide.
- Tramo 6.- Melide - Arzúa.
- Tramo 7.- Arzúa - O Pino.
- Tramo 8.- O Pino - Lavacolla.

7.2.9.3 Voluntariado sanitario.

Máis de 100 alumnos procedentes de Medicina e Odontoloxía e Enfermaría da Universidade de Santiago de Compostela realizaron un curso de formación, de 90 horas, que os preparou para afrontar e atender as continxencias sanitarias dos peregrinos durante o seu percorrido polo Camiño de Santiago, servindo de apoio aos profesionais sanitarios.A segunda etapa de formación consistiu en facer prácticas tuteladas durante dúas semanas, no verán, en centros sanitarios situados en diferentes rutas xacobeas.

7.2.9.4 Eu camiño

O proxecto tiña como finalidade proporcionar aos mozos europeos o coñecemento e relación con outras culturas

a través do apoio prestado aos peregrinos que realizan o Camiño de Santiago, aportando unha dimensión intercultural ao Xacobeo.

Os voluntarios chegaron a Compostela o 5 de abril e contaron cun período dun mes para adaptarse e recibir toda a formación necesaria para o desenvolvemento das súas tarefas. Participaron na Formación á Chegada do SVE, tiveron 3 semanas de formación lingüística e de formación técnica na que recibiron información específica sobre: o Camiño de Santiago, o Programa juventud en acción e as actividades que ían desenvolver. Ademais realizaron o camiño de Santiago dende o Cebreiro hasta Santiago, para experimentar o que era ser peregrino.

Ao termino das actividades formativas, os voluntarios desprazáronse ás principais localidades do Camiño Francés; Pedrafita do Cebreiro, Triacastela, Sarria, Portomarín, Palas de Rei, Melide, Arzúa, O Pino e Santiago, para comezar coa súa actividade voluntaria nos albergues de peregrinos e oficinas de información ao peregrino.

Durante os 5 meses de actividade voluntaria, de maio a setembro, os voluntarios realizaron unha memoria escrita e fotográfica sobre a súa vivencia no Camiño de Santiago: recompilación de materiais, fotografías, vídeos, anécdotas, entrevistas a peregrinos..., O obxectivo foi elaborar materiais de promoción do Camiño de Santiago para a difusión nas súas localidades de orixe. O último mes do proxecto, os voluntarios estiveron traballando entre Gandarío e Santiago na elaboración dun libro, unha exposición de paneis con fotos e textos e un documental onde se conta a súa experiencia.

Os países de procedencia destes voluntarios foron: Alemaña, Austria, Bélxica, Estonia, Francia, Grecia, Holanda, Hungría, Italia, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Noruega,Malta, Polonia, Portugal, Reino Unido e Románia.

